Cada Comunidade Autónoma goza –ou pode gozar– dunha chea de posibilidades de autoorganizarse territorialmente. Por iso na concisa e quizais un tanto aleatoria relación que imos efectuar a continuación, cinguirémonos a atende-los polos que poidan ter maior interese comparativo para Galicia, como as relacións da rexión coas provincias, implantación de comarcas e parroquias, esforzos asociativos supramunicipais, ordenación do territorio, e peculiaridades diferenciais, tanto institucionais coma de desenvolvemento en relación co réxime local xeral.

2. País Vasco.

En referencia ós territorios históricos –“que coinciden coas provincias nos seus actuais límites” (art. 2.2 EPV–, adoitan enmarcarlos os tratadistas como extremo de Comunidade Autónoma claramente provincialista, pero tan só cun apoio superfluo como é o da coincidencia territorial duns e doutras. Non se cuestiona, pois, *a priori*, unha delimitación conflictiva entre a Comunidade vasca e os seus territorios históricos, senón unha potenciación das posibilidades de actuación destes no campo local, soamente limitadas por relacións de coordinación e de historia común (xa que cada territorio posúe os seus propios

dereitos históricos). Así, con respecto ás súas autoorganizácións falan os arts. 3 e 24.2 do Estatuto; cada territorio resulta fortalecido no sistema electoral (cfr. art. 26.2); e ten competencias exclusivas (art. 37) sobre “demarcacións territoriais de ámbito supramunicipal que non excedan os límites provinciais”, e sobre “réxime electoral municipal” (subliñamos). Pola súa parte, o art. 10.1 e 4, atribúelle á Comunidade Autónoma como competencias exclusivas as relativas a “demarcacións territoriais municipais, sen prexuízo das facultades correspondentes ós territorios históricos”, e ó réxime local (incluso o Estatuto dos funcionarios de Administración local).

O estatuínte vasco opta, pois, por unha futura delimitación das conexións, o que efectúa a Lei 27/83, do 25 de novembro, de relacións entre as institucións comúns da Comunidade Autónoma e os órganos forais dos seus territorios históricos, na que se establece un sistema semellante ó da CE de listados de competencias, segundo o cal (art. 7) estes últimos teñen competencia exclusiva –repetindo os termos do Estatuto de autonomía– sobre:

- “2. Réxime electoral municipal e de entidades locais menores.
- 3. Demarcacións municipais e supramunicipais que non excedan os términos do territorio histórico” (cfr. art. 37.3.c EPV).

No non previsto, a competencia perténcelles ás institucións comúns da Comunidade Autónoma (art. 6.1, un dos recorridos –e desestimados– ante o TC desta lei: STC 76/88, do 26 de abril).

En idéntico sentido, exprésase o art. 39 da LRBRL, no que ademais de conceptua-lo caso vasco como réxime especial, a lei fai un recoñecemento redundante da súa supletoriedade neste caso. Así mesmo, a súa extensa disposición adicional segunda –boa mostra do sistema de pactos de *do ut des*, habitual da política española dos últimos anos entre o Goberno central e os dalgúnhas CCAA con sistema de partidos peculiar e propio–, parece atribuírlles as competencias xerais das deputacións provinciais ós territorios históricos, se ben cunhas innecesarias complicacións dialécticas (por exemplo a contradicción que se pode enxergar entre o seu punto 4º e os apartados 1º e 2º), quizais como un puro eufemismo para evitar dicir que as deputacións provinciais non existen no País

Vasco, e que o que hai son territorios históricos (non se mencionan as provincias) gobernados polas súas propias institucións (deputacións forais); ó mesmo tempo existen unhas certas potestades da Comunidade Autónoma en materia de funcionarios locais de habilitación nacional, ademais da peculiar técnica da facenda.

Pódese comprobar polo dito ata o de agora que, ademais de evita-la expresión *provincia* (a Lei 27/83 nin a menta) salvo cando a súa cita resulta imprescindible, pouco ten que ve-lo decaemento xeral da institución como ente local e o seu reforzamento no caso dos territorios históricos do País Vasco, onde, co *plus* normativo e de competencias que posúen, ó que non lle sería posible acceder a calquera outra provincia incluídas as que forman CCAA uniprovinciais, case se podería dicir que se converten en entes autonómicos dentro dun ente autonómico de nivel superior.

No tocante á solución de atribuírlles ós territorios históricos as competencias comarcalizadoras, tan necesarias no País Vasco institucionalizánndoas e non no papel¹²⁴, malia a súa indubidable complexidade (de canalización dun réxime xurídico bifronte que aquí parece ser triple), seméllanos a decisión máis acertada, dadas as marcadas diferencias entre eles (sería o caso de Álava o más nítido). Incluso neste último territorio, os deputados acceden ó órgano foral mediante circunscripcións comarcais (*cuadrillas*), segundo dispón a Lei 1/87, de 27 de marzo, que regula as eleccións ás xuntas xerais dos territorios históricos.

Como sinala López de Juan Abad para o supuesto concreto do País Vasco, “no se trata de establecer una nueva competencia entre as distintas instancias llamadas a actuar en un mismo campo, sino de concentrar en una sola instancia todas aquellas competencias que se prestan a eso en la instancia comarcal. Es decir, que el ayuntamiento como tal tendría que renunciar totalmente a parte de las competencias para cederla a la instancia comarcal, es decir, aparecería un ente nuevo, no dependiente de los ayuntamientos o de lo que las corporaciones municipales quisieran determinar, sino con personalidad bastante para poder acometer las competencias o los servicios que les tuvieran encomendados con total autonomía”¹²⁵.

Citar, por último, a creación –a raíz da Lei 4/90, do 31

¹²⁴ Cfr. José Manuel López de Juan Abad: “Entidades supramunicipales en el País Vasco”, en *Instituciones de la Comunidad Autónoma de Euskadi*, Oñati, Instituto Vasco de Estudios de Administración Pública, 1982. Existen no País Vasco numerosos proxectos de comarcalización (por exemplo a normalización do éuscaro segue criterios comarcáns) por ser unha necesidade plenamente sentida, pero sempre se apraza por un ou outro motivo, a súa posta en marcha.

¹²⁵ *Ibid.*, p. 278.

de maio, reguladora da ordenación do territorio, ainda que suspendida nalgún precepto por Providencia do TC do 15 de outubro do mesmo ano— dun *Consello Asesor de Política Territorial* (Decreto 262/90, do 2 de outubro), e a recreación da Comisión de Ordenación do Territorio (Decreto 263/90, de 2 de outubro). Acerca do ente complexo da área do Gran Bilbao, hai tamén lexislación propia de certo interese (por exemplo, Decreto 128/82, do 14 de xuño, e unha Sentencia do TC, núm. 77/84, do 3 de xullo, en materia de competencias territoriais sobre a mesma).

Finalmente conviría non esquece-la temática dos enclaves, de grande importancia no caso do País Vasco (art. 8 do seu Estatuto), e que tamén deu lugar a unha Sentencia do TC (99/86, do 11 de xullo).

3. Navarra.

Denominada “territorio histórico” polo art. 2º do Estatuto do País Vasco, non optou pola súa incorporación a esa Comunidade Autónoma; e se ben xuridicamente as posibilidades non están absolutamente cerradas (disposición transitoria cuarta, 2 CE, e concordante art. 47.2 EPV e disposición adicional segunda LORARFNA), a súa viabilidade inmediata ou a medio prazo parece altamente improbable.

A primeira vista semella chocante a coexistencia do réxime especial tradicional de Navarra (recoñecido polo TC en Sentencia do 14 de marzo de 1983), que na nosa materia emana por exemplo do art. 4 da LORARFNA ó dicir, en rancia expresión, que “o territorio da Comunidade Foral de Navarra está integrado polo dos municipios comprendidos nas merindades históricas de Pamplona, Estella, Tudela, Sangüesa e Olite, no momento de promulgarse esta lei”, coa súa transformación nunha Comunidade Autónoma mais, implicitamente sometida ás disposicións que sobre as bases do réxime local dicten os órganos centrais do Estado (arts. 46.1.b e 46.3 da Lei-Estatuto navarra), e a configuración como especial pero non tanto (126) do artigo 40 da LRBRRL, onde se limita a encabeza-lo listado de CCAA uniprovinciais no que estas teñan de réxime especial (127); polo que a especificidade de Navarra hai que buscalo na disposición adicional terceira da mesma lei, que emprega a técnica curiosa —e incluso xuridi-

¹²⁶ Quizais meramente pola tradición lexislativa de incluír en disposicións adicionais as excepcións correspondentes ós réximes forais.

¹²⁷ E, sen embargo, xa non aparece directamente citada na comentada disposición adicional primeira, onde si están as restantes CCAA uniprovinciais. Acaso para evitar ferir susceptibilidades.

camente bastante indeterminada– de autoexcluírse no que se oponía ás previsións estatutarias sobre Administración local do artigo 46 (referido á Lei paccionada do 16 de agosto de 1841, Real decreto-lei paccionado do 4 de novembro de 1925, e disposicións complementarias). A este respecto, Loperena Rota afirma que “el concepto de unidad constitucional como límite histórico de los derechos forales ha sido recogido de forma equívoca por el art. 31 del *Amejoramiento* al identificarlo con todo desarrollo del art. 149.1. no puede ser tal el límite actual porque el *Amejoramiento* ha asumido las competencias históricas, y la legislación básica no puede desconocer las lindes competenciales del derecho foral vigente al aprobarse la Constitución y que ésta amparó y respetó en su disposición adicional primera”¹²⁸.

Unha quizais demasiado comprimida visualización ó réxime organizativo local navarro, evidencia ben ás claras o seu carácter peculiar e diferencial. Así, concisamente, pódese dicir que existen dous tipos de municipios: 1º. Os simples, que posúen un só núcleo e non inclúen na súa xurisdicción outras entidades xurídicas menores, coa particularidade de que ademais do concello exercen unha serie de competencias as denominadas *Juntas de Veintena, Quincena y Oncena*. 2º. Os compostos, os de val, distrito ou cédea, que engloban no seu término os chamados *concellos*, que funcionan en concello aberto ou mediante as devanditas xuntas segundo o seu número de habitantes, e sen que teñan unha grande relación co concello aberto regulado pola LRBRL que si operaría nos municipios simples, xa que estes *concejos* gozan dunha referencia de carácter territorial. Organización territorial propia ten, así mesmo, o municipio composto do *Noble Valle y Universidad de Baza*; ademais, habería que mencionar as agrupacións tradicionais que –con variantes– son un tipo especial de mancomunidades; e tamén dentro das –con reservas– estaría a moi particular mancomunidad das *Bardenas Reales de Navarra*¹²⁹, territorio que non pertence a ningún término municipal ou de *concello*, pese a contradicí-la lexislación vixente de extensión de términos municipais á totalidade do territorio español (tanto como contradiciu a preconstitucional no mesmo sentido).

Os citados artigos 2 e 46.1 da LORARFNA permiten,

¹²⁸ Demetrio Loperena Rota: *Derecho histórico y régimen local de Navarra*, op. cit., p. 251.

¹²⁹ Vid. Martín María Rázquin Lizarraga: *Régimen jurídico-administrativo de las Bardenas Reales*, Pamplona, Goberno de Navarra, 1990.

pois, que o territorio foral-Comunidade Autónoma-provincia de Navarra, siga gozando de competencias privativas ó abeiro dos seus dereitos históricos; e así, Madurga Gil en relación co denominado *Concejo de Navarra*, afirma que o nítido carácter territorial destas entidades locais, as sitúa ó nivel do municipio, a provincia e a illa¹³⁰; e, en similar sentido, cabe tamén observa-lo peculiar réxime electoral que rexe neles (Lei foral 12/91, do 16 de marzo, de normas reguladoras do proceso electoral nos concellos), en forma de concello aberto ou xuntas segundo a poboación –sempre reducida– dos mesmos.

En referencia ás comarcas navarras, seguirémo-lo fío preciso de Alli Aranguren: “La comarca debe ser considerada como una unidad regional en un ámbito geográfico, que responde a una realidad económica y social, constituyendo centro de vida económica y de servicios para todas las poblaciones que la integran. En Navarra existen comarcas basadas en elementos geográficos, en cierta personalidad histórica y en características demográficas y económicas. Estas comarcas naturales dieron lugar a peculiaridades institucionales en la organización local. Son ejemplo de ello los Ayuntamientos de Valle o Cendea y las Mancomunidades de Valles que corresponden a unidades geográficas de tipo comarcal en las que, además de los elementos naturales, existen circunstancias históricas y características económicas que les han dado razón de ser y coherencia, plasmada en la estructura y organización de las entidades locales citadas. En algunas de ellas, incluso, con existencia de organizaciones de ámbito supramunicipal anteriores al municipio y, en la actualidad, con ámbitos de competencias perfectamente diferenciados de los que corresponden a los Ayuntamientos”¹³¹.

Por outra parte, o urxente problema bastante xeneralizado en España dos inframunicipios, resulta especialmente intenso en Navarra: 265 municipios e 475 concejos para unha grande extensión territorial e unha escasa poboación, más dunha terceira parte dela concentrada en Pamplona. Pero se as súas fontes tradicionais xa lle ofreceron unha certa solución comarcalizante, a maiores a Lei foral 2/86, do 17 de abril, encárgase de regula-lo control polo Goberno de Navarra da legalidade e do interese xeral das actuacións das entidades locais, en busca de uni-

¹³⁰ Antonio Madurga Gil: “Elementos del Municipio: el territorio y la población”, en *La Administración Local de Navarra*, Pamplona, Aranzadi, 1987, cfr. p. 54. Morell señalou como en Navarra se mantivo a dualidade concellos-municipio, malia a xeneralización destes últimos establecida pola Constitución de 1812. Cfr. Luis Morell Ocaña: *El Régimen Local español*, Madrid, Civitas, 1988, p. 443.

¹³¹ Juan Cruz Alli Aranguren: “La organización local navarra”, en *La Administración Local en Navarra*, op. cit., p. 39.

ficar criterios; e a Lei foral 12/86, do 11 de novembro, de ordenación do territorio, fala de que os ámbitos comarcais da Comunidade navarra permitirán a mellor regulación de diversos aspectos supramunicipais (exposición de motivos), e tamén se refire ás normas urbanísticas comarcais (capítulo III). Outras normas sectoriais inciden nesta liña: por exemplo en relación coas comarcas deportivas de Navarra (Orde foral 75/87, do 31 de xaneiro), ou coa comarca de Pamplona (Decreto foral 183/85, do 2 de outubro; Decreto foral 103/88, do 29 de marzo; ou a Lei foral 6/87, do 10 de abril, do solo).

Sen embargo, a Lei foral 6/90, do 2 de xullo, do réxime da Administración local, terceiro intento cara a intentar racionalizar lexislativamente as institucións locais, tan sinaladamente importantes no caso navarro, non afonda (quizais aprazándoo pola tensión e importancia dos debates que se deron, non só a nivel do Parlamento de Navarra, senón en toda a Comunidade) no tema comarcal ó non realizar unha norma organizativa global, senón máis ben centrándose na perentoriedade de ofertarles solucións de urxencia ós problemas do minifundismo local, para o que articula unha diversidade de medios, sendo o máis novidoso o denominado (art. 33) **Distrito administrativo** (acaso ó fío do art. 30 da LRBRL), réxime especial, polo que os municipios de carácter rural que non alcancen a poboación de 5.000 habitantes de dereito, poderán delega-lo exercicio de *tódalas súas competencias*, para a realización de actividades e a prestación de servicios públicos, constituíndose precisamente en distritos administrativos.

Haberá que esperar un tempo prudencial para evidenciar se esa creación resulta compatible coas peculiaridades do tradicional réxime local navarro e o fai avanzar, ó mesmo tempo, en operatividade; pero non parece enganosa a interpretación de que o sentido fundamental da lei tende a reforza-lo municipio, aínda que sexa algo maior, pero sen perder-lo seu carácter, como sucedería probablemente aplicando solucións comarcalizadoras. Iso non quere dicir que –aínda sen carácter xeral para todo o territorio– sexa un tipo de municipio-comarca (expresamente vetado polo TC), pero seguindo as directrices da lei de bases, é dicir, configurándoo como un especial réxime municipal que, ademais, parece ter intentado su-

pera-la dialéctica entre voluntariedade e obrigatoriedade á hora de afronta-los problemas do inframunicipalismo¹³².

Por outra parte, parécenos sumamente interesante a instauración dunha Comisión Foral de Réxime Local (Decreto 227/90, do 18 de outubro), e dunha Comisión de Delimitación Territorial (Decreto foral 278/90, do 18 de outubro) prevista na Lei 2/90 como organismo racionaisador e participativo nos procesos de organización territorial local, e que ten misións máis alá das meramente consultivas.

Doutra banda, a regulación da iniciativa lexislativa para os municipios, establecida na Lei foral 4/85, do 25 de marzo, merece ser aplaudida no que poida ter de integradora entre as diversas institucións da Comunidade e de afondamento no proceso democrático de participación.

En resumo, cabe concluir que, no esencial, tanto o País Vasco como Navarra son dous claros exemplos de interiorización do réxime local, ó estilo dos modelos federais, aínda que, no caso español, cun dereito local xeral que actúa como supletorio do foral.

4. Aragón.

O artigo 2 do seu Estatuto de autonomía di:

"Un. As provincias de Huesca, Teruel e Zaragoza constitúense na Comunidade Autónoma de Aragón.

Dous. O territorio da Comunidade Autónoma de Aragón comprende o dos municipios que integran as ditas provincias".

Pola súa parte o artigo 5 especifica que "Aragón estructura a súa organización territorial en municipios e provincias. Unha lei de Cortes de Aragón poderá ordenar a constitución e regulación de comarcas".

Á vista dos preceptos transcritos, a opción municipalista e provincialista parece definida nitidamente. Sen embargo, no que se refire ó apartado 1º do artigo 2, a cuestión non é nin moi menos pacífica, xa que foi introducido case por sorpresa nos últimos minutos do traballo da ponencia aragonesa, e aínda así figuraba no texto desta como "o dos municipios que *actualmente* integran as ditas provincias", suprimindo o *actualmente* a Comi-

¹³² Cfr. Fernando M^a Puras Gil-Martín M^a Razquin Lizarra: *Una solución al "minifundismo"..., op. cit., pp. 313-329.*

sión Constitucional do Congreso, pola intervención do deputado Sr. Solé Tura, quen argumentou a posibilidade de variacións territoriais prevista no artigo 10 do propio Estatuto. En opinión de Merino y Hernández¹³³, o apartado que mencionamos introduce un elemento de distorsión no mesmo entendemento nacional da autonomía aragonesa, contradise coa esencia da unidade de Aragón proclamada no artigo 1 da norma estatutaria, e prima a conceptualización provincialista do territorio e da política rexional, cando é claramente Aragón "algo más que un simple agregado de términos municipales o territorios provinciales"¹³⁴.

En canto á posibilidade aberta á comarcalización, a evidente atomización do municipio aragonés, onde de 729 municipios, 606 teñen menos de 1.000 habitantes e só 20 superan os 5.000, concentrándose ademais máis da metade da poboación –reducida para a extensión do seu territorio (25 h/km²)– rexional na cidade de Zaragoza, implica a urgencia e necesidade dunha reforma, e de feito xa existen estudos comarcalizadores¹³⁵. Pero a circunstancia de ser un tema polémico no que sempre se enxergan –ou se enciran– escuros temores, acerca das perdas de competencias dos municipios (que quizais deberían ser los promotores iniciáticos da súa autocomarcalización), están facendo que o avance aragonés neste camiño sexa moi lento, pese ó anteproxecto de lei de medidas comarcalizadoras que parece obra en mans do actual Goberno de Aragón.

Así, intenta paliarse provisional e parcialmente o problema na Lei 6/87, do 15 de abril, de normas reguladoras de mancomunidades municipais (cun título III dedicado ó seu fomento, que pode ser unha especie de pre-comarcalización), e no Decreto 25/87, do 9 de marzo, polo que se conceden axudas para fomenta-la súa constitución, ó igual que no núm. 83/88, do 24 de maio, para as intermunicipais, e no núm. 64/89, do 30 de maio, polo que se establecen medidas de fomento das mesmas. Doutra banda, no Decreto 81/88, do 24 de maio, polo que se regulan axudas para obras e servicios de interese supramunicipal e comarcal promovidas polos concellos, especificase no preámbulo que se trata de "fomentar e favorecer la implantación de servicios de carácter comarcal ou subcomarcal que lle dean solucións ás necesidades dunha zo-

¹³³ José-Luis Merino y Hernández: *Comentarios al Estatuto de Autonomía de Aragón*, Zaragoza, Gara Editorial, 1983, p. 32.

¹³⁴ J. Bermejo Vera-G. Fatas Cabeza: *Comentarios al Estatuto de Autonomía de la Comunidad Autónoma de Aragón*, Madrid, MAP-EAL, 1985, p. 27.

¹³⁵ Cfr. *Ibid.*, pp. 562 e ss.

na ou área de territorio que se considere adecuada como base de prestación de servicios locais, aproveitando a función de cabeceira de determinados municipios"; e no artigo 1 concrétese que se apoiarán "as iniciativas dos municipios que sexan cabeceira dunha área comarcal ou subcomarcal dentro do territorio da Comunidade Autónoma". Hai tamén delimitadas comarcas ou zonas de acción especial (art. 3 do Decreto 2/90, do 23 de xaneiro), e, por outra parte, en diversas disposicións polas que se constitúen mancomunidades, estas identifícanse coas comarcas, así, por exemplo, o Decreto do 10 de decembro de 1981 de constitución da "Mancomunidad comarcal Xaca-Sabiñáñigo", Orde do 7 de febreiro de 1990 constitución da "Comarca de Mallén", ou Orde do 3 de abril de 1990 constitución da "Comarca de Tarazona".

Todo parece indicar que se vai avanzar polo sendeiro da comarcalización, malia que o artigo 45 do Estatuto de autonomía non o favorece en demasia, polo que supón de mingua na autoorganización da Comunidade Autónoma ó impoñerlle a articulación dos seus servicios periféricos a través das deputacións provinciais, sendo evidente nas tres técnicas que regula, o influxo da caída en desgracia LOHAPA. Nace así motivada, a breve (5 artigos, 3 disposicións adicionais e 1 disposición final) Lei 8/85, do 20 de decembro, de relación entre a comunidade e as deputacións provinciais, ou, polo menos, iso é de supoñer, xa que como sinala Fanlo Loras¹³⁶, nada se di no seu preámbulo acerca do título da competencia en virtude do cal se aproba esta lei, pois non se alude en ningún momento ó artigo 45 do Estatuto, e si constanteamente á LRBRL, co que a manobra de evasión da comentada rigorosidade do texto estatutario semella non disimularse en absoluto.

Finalizar xa referíndonos soamente de pasada a un caso atípico no aparentemente uniformista modelo local español, como é o da *Comunidad de Villa y Tierra de Albaracín*. Este tipo de entidades locais¹³⁷ non son mencionadas específicamente pola LRBRL (co que se entenderían incluídas na referencia xenérica do art. 3.2.b), pero si polo Texto refundido no seu artigo 37, onde se indica que continuarán rexéndose polas súas normas consuetudinarias e tradicionais, sen prexuízo da adaptación do seu réxime económico. No artigo 8 da Lei aragonesa ci-

¹³⁶ Antonio Fanlo Loras: "La Administración Local", en *Derecho Público Aragonés*, Zaragoza, El Justicia de Aragón-Ibercaja, 1990, pp. 305-306.

¹³⁷ Que, segundo A. Nieto, nacen como consecuencia da desmembración municipal medieval, que conduce a que uns mesmos bens sexan de explotación conxunta por varios pobos. Xorde así outra persoa xurídica, distinta do municipio, que ten o fin de administrar bens comúns, á marxe do fracionamento político-administrativo dos municipios. Cfr. Antonio Nieto: *Bienes comunales*, Madrid, Edersa, 1964, pp. 307 e ss.

tada númer. 6/87, do 15 de abril, sobre mancomunidades municipais, faise unha expressa cita das comunidades de vila e terra, o que lle fai pensar ó profesor Embid Irujo que ámbolos tipos de entes teñen unha certa afinidade, sen ser exactamente iguais¹³⁸.

O que si parece indubidable é que, co panorama considerado, a suposta uniformidade que pretende impónelo lexislador estatal de réxime local, pode ser facilmente exceptuada incluso por aquelas CCAA que menos competencias *usurparon* sobre a materia.

5. Andalucía.

Resulta ser este o primeiro Estatuto de autonomía que, sen lugar a titubeos, foi repercutido polo “Informe da Comisión de Expertos sobre Autonomías”, pois se ben a norma institucional básica andaluza fala no seu art. 2 de “actuais” provincias (aínda que se podería referir a Xibraltar), a reseña do art. 4.1 non deixa sitio para a especulación acerca da forte incidencia da institución provincial nesta Comunidade Autónoma. É de destacar, especialmente por contraposición ós tres Estatutos anteriores no tempo a este, o emprego da institución municipal para defini-lo seu territorio, o que demostra o gran arraizamento da mesma en Andalucía.

Así mesmo, o Estatuto andaluz de entre a dicotomía cuestionada polo art. 141.2 CE, opta claramente polas deputacións como órganos representativos das provincias (art. 4.1). Sen embargo, o apartado 4º deste mesmo precepto no que se prevé que “a Comunidade Autónoma articulará a xestión ordinaria dos seus servicios periféricos propios a través das deputacións provinciais”, a pesar de ter sido seguido polos estatutos de Castela e León, Aragón e Castela-A Mancha (todas elas comunidades de autonomía máis restrinxida), veu sendo obxecto de numerosas e contundentes críticas da doutrina, polo que supón de mutilación (e incluso de contradicción con outros principios estatutarios: 13.3, 30.6) para a libre disposición autoorganizativa da Comunidade Autónoma. Así, Escribano Collado e Rivero Ysern escriben que “sólo la cronología del proceso autonómico con sus avatares políticos, puede explicar, sino justificar una previsión semejante (...). El precepto interpretado literalmente su-

¹³⁸ Antonio Embid Irujo: “Dictamen sobre diversos problemas jurídicos relativos a la modificación de los Estatutos de la Comunidad de Albarracín”, en *Revista Jurídica de Navarra* nº 10, pp. 81-106.

pondría: desconocer el reconocimiento de la competencia del Parlamento en orden a la ordenación básica de los órganos y servicios de la Comunidad Autónoma; desconocer la competencia exclusiva sobre el Régimen Local que en el Estatuto se reconoce en favor de la Comunidad Autónoma; admitir la posibilidad de que un Estatuto transmitido por la vía del art. 151 sea más restrictivo con la autonomía organizatoria de la Constitución que gran parte de los Estatutos de autonomía diferida; admitir, en suma, que el Estatuto contiene una quiebra importante a la potestad organizatoria de la Comunidad Autónoma que del principio de autonomía se deriva y que la Constitución ampara. Una interpretación estricta llevará por tanto al absurdo y la inconstitucionalidad del precepto”¹³⁹.

Pola súa banda, López González fala por extenso das “ambigüedades e incoherencias de un pretendido modelo regional de administración indirecta a través de las diputaciones”, algo que “ni la Constitución ni la Ley del Proceso Autonómico sancionan” e que será “políticamente ineficaz de interpretarse literal y aisladamente (...). Puede afirmarse que la fórmula del art. 4.4 del Estatuto de Andalucía es más restrictiva y en consecuencia menos operativa que la del art. 118.3 de la Constitución italiana en la que se inspiró sin gran acierto”¹⁴⁰. E Clavero Arévalo aclara que se trata “de una cuestión fundamental para la organización de las instituciones autonómicas que vino impuesta por el Estatuto en aplicación de los pactos autonómicos”¹⁴¹.

Das relacións da Xunta de Andalucía coas deputacións provinciais ocúpase a Lei 11/87, do 26 de decembro, que, igual que vimos no caso aragonés, elude frontalmente a cuestión, facendo tamén numerosas referencias xustificativas á LRBRL; e é máis, no seu título II asume un listado de competencias que sectorialmente lles poderían corresponder ás deputacións, e impón unha cláusula residual segundo a cal serán competencia da Comunidade Autónoma (establecidas no seu Estatuto) as materias que “non se recoñezan ou atribúan na presente lei ou noutras posteriores ás deputacións provinciais de Andalucía” (art. 24). En similar liña colaboracionista incide o Decreto 47/89, do 14 de marzo, de coordinación dos plans provinciais; ou o núm. 422/90, do 26 de decembro, sobre as bases dos convenios de colaboración entre ambas

¹³⁹ Pedro Escribano Collado-José Luis Rivero Ysern: “La provincia en los Estatutos de Autonomía y en la LOAPA”, en *Organización Territorial del Estado (Comunidades Autónomas)* vol. II, op. cit., pp. 921-922.

¹⁴⁰ José Ignacio López González: “La provincia en el ordenamiento regional de Andalucía”, en *ibid.*, op. cit., pp. 1623-1660.

¹⁴¹ Manuel Clavero Arévalo: *Comentarios al Estatuto de Autonomía de la Comunidad Autónoma de Andalucía*, Madrid, MAP-EAL, 1987, p. 45.

para a asunción da xestión recadadora en vía executiva dos dereitos da Facenda da Comunidade Autónoma. Sen esquece-los decretos de creación do Consello Andaluz de Municipios (núm. 3/88, do 3 de maio) e do Consello Andaluz de Provincias (núm. 242/88, do 21 de xuño), previsto na antedita lei reguladora das relacións entre institucións.

A este panorama habería que engadirlle que, ademais, a autonomía provincial como tal queda sen embargo absolutamente indeterminada no contido global do Estatuto andaluz. E, doutra parte, nas previsións do artigo 5 do mesmo referentes á posibilidade de regular por lei do Parlamento andaluz a creación de comarcas, chama notablemente a atención a necesidade de que sexan intra-provinciais (algo que nin sequera esixe a LRBRL), o cal establece un *prius ilóxico* ó seu posible desenvolvemento natural, sendo a maiores evidente que “en Andalucía determinadas comarcas no se acomodan a los términos provinciales”¹⁴².

En alusión ó noso tratamento, habería que facer tamén fincapé na Lei 3/83, do 1 de xuño, de organización territorial da Comunidade Autónoma que, como aclara na súa “Xustificación e natureza” (exposición de motivos), non é de carácter global¹⁴³, xa que “non se trata da lexislación de réxime local que en desenvolvemento das bases establecidas polo Estado lle corresponde emanar á Comunidade Autónoma”, e iso malia te-la pretensión de “clasifica-la armazón dos entes territoriais que integran a mesma”, fácil resulta aprecia-la incoherencia. Ademais, esta norma que posúe un preámbulo más extenso có texto dispositivo, non resolve, nin busca resolve-lo problema cuestionado polo citado art. 4.4 estatutario e a súa incongruencia con outros preceptos do mesmo texto legal, nomeadamente o art. 13.1. Doutro lado, Pallarés Moreno opina que, en moitos casos, se limita a reproducir literalmente preceptos da CE e do Estatuto de autonomía, é confusa, pouco ágil e complicada, e induce a maiores dificultades das anteriormente existentes sobre o sistema de organización periférica da comunidade, polo que este autor conclúe dicindo que máis ca unha lei que tenda á súa efectiva aplicación, trátase dunha “frivolidade” innecesaria¹⁴⁴.

De tódolos xeitos, esta norma fai referencia á comarca nos seus artigos 10 e 11 (o 12 é unha declaración pro-

¹⁴² *Ibid.*, p. 49.

¹⁴³ Por exemplo, segundo o art. 13 a creación e tamén a supresión, de calquera outros entes territoriais (é dicir, nin municipios, nin provincias, nin comarcas) requirirá lei do Parlamento de Andalucía.

¹⁴⁴ Manuel Pallarés Moreno: “La organización territorial de la Comunidad Autónoma de Andalucía”, en *La Provincia*, op. cit., pp. 423-458.

gramática a mantenta indefinida, incluso en punto á lexislación de réxime local aplicable), á parte de na exposición de motivos, onde se exhiben os cautelosos criterios que rexerán a creación de comarcas en Andalucía: homoxeneidade real e anuencia dos municipios implicados. Doutro lado, ademais de reitera-las disposicións constitucionais (art. 152.3) e estatutarias (art. 5), difire da simple posibilidade de creación dunha lei posterior (art. 10), polo que as eventualidades de aplicación do art. 11 quedan baleiras de contido se é que non se reforman ou abrogan nesoutra futura norma lexislativa. Este aludido precepto fala da comarca como “unha agrupación de municipios limítrofes con características xeográficas, económicas, sociais ou históricas¹⁴⁵ comúns”, que gozará de personalidade xurídica plena para o cumprimento dos fins que xustifiquen a súa creación¹⁴⁶. Contrastan as concretas e técnico-xurídicas limitacións do apartado 1º (obrigatoriedade da intraprovincialidade da comarca) e do 4º (acordo dos municipios afectados), coa indeterminación case poética do punto 2º e que transcribimos: “Para a delimitación de áreas comarcais, de se-lo caso, terase en conta o criterio de que aqueles coincidan cos espacios naturais onde acontece a convivencia humana e se produce a actividade básica dos distintos axentes económicos”.

Mal regulada e concibida a comarca, a súa viabilidade en Andalucía non parece sinxela. Pese a todo, existe unha proposta de comarcalización de Andalucía da Consellería de Política Territorial¹⁴⁷, e a Lei de reforma agraria basea a súa actuación nas comarcas, como así o desenvolven diversos decretos (por exemplo, núm. 258/88, do 26 de xullo, Comarca de Almanzora, e o núm. 251/87, do 14 de outubro, Comarca de Guadix). Outras normas sectoriais fan idénticas expresas mencións: por exemplo, acordos do 7 de outubro de 1987, 5 de abril de 1988 e 19 de decembro de 1989, acerca da Comarca de Linares e a Carolina como zona de acción especial, ou a Resolución do 25 de outubro de 1989 que crea a comarca de ordenación cinexética “Sierra de Huelva”.

Só tanxencialmente, menciona-las disposicións adicionais primeira e terceira do Estatuto andaluz. A primera en relación co tema de Xibraltar, que permitiría altera-los límites da Comunidade Autónoma sen varia-lo texto estatutario (sempre que se converta en parte dunha

¹⁴⁵ Hai que preguntarse se valería unha soa delas (é o que aparenta), ou se han de conxugar todas.

¹⁴⁶ Configúrase como un ente de carácter territorial.

¹⁴⁷ Cfr. Manuel Clavero Arévalo: *Comentarios..., op. cit.*, pp. 51-52.

provincia como simple municipio, algo ben improbable). O segundo precepto, vén motivado polas relacións históricas e estratéxicas de Ceuta e Melilla coa Comunidade andaluza, e, con relación a el, unicamente apuntar que –na marxe de posibles motivacións electorais ou doutro tipo que facilitaron o seu actual *status*– son exemplos sintomáticos da diversidade organizativa, nalgúns casos con evidentes connotacións negativas, case procelosa pola que avanza o Estado español desde 1978.

Recentemente aprobáronse as bases de ordenación do territorio, así como as directrices rexionais de ordenación do litoral. Dicir tamén que existe unha lei (núm. 5/88, do 17 de outubro) que regula conxuntamente a iniciativa lexislativa popular e a dos municipios.

6. Castela-A Mancha.

O artigo 2 do Estatuto delimita, por un lado, o territorio da rexión como aquel comprendido nas provincias que menciona, e, por outro, define a necesidade dunha lei para regula-la organización territorial propia da rexión, insistindo novamente (dun xeito como mínimo inútil, polo reiterativo) en que se fará sobre a base da actual demarcación provincial, ata o punto de que non resultaría fácil estatutariamente cambia-los límites provinciais internos desta Comunidade Autónoma, nin sequera no suposto de que o desexasen os órganos pertinentes do Estado con tal potestade.

Pola súa parte, os municipios só se mencionan no artigo 29.1, e, xunto coas provincias, son o elemento territorial básico –aparentemente menos ca aquelas– na organización da rexión. O art. 30 itera unha vez máis as disposicións constitucionais sobre a provincia, e repite case textualmente o contido doutros Estatutos de autonomía, como o andaluz. Por conseguinte, este mesmo precepto opta decisivamente polas deputacións como órganos de governo e administración das provincias, e intenta clarificar por extenso as relacións entre os destas e os da Comunidade, seguindo a liña dos Estatutos LO-HAPA; se ben entendemos que non se establece nos mesmos termos de obrigatoriedade de articulación da organización periférica da Comunidade Autónoma a través das deputacións provinciais, como nos casos andaluz, aran-

gonés, estremeño ou castelán-leonés, pois o punto c) establece que lles corresponderá ás deputacións "a xestión ordinaria dos servicios da Administración da rexión. Para estes efectos, e no marco do réxime xurídico aplicable ás deputacións, estas actuarán baixo a dirección do Consello de Goberno", e engade despois medidas de control no caso de que as corporacións provinciais non obren de conformidade coas obrigacións que legalmente lles impuxese a Xunta da Comunidade. Así pois, parece que si se poden transferir e delegar facultades da Comunidade Autónoma nas deputacións, e incluso habilitalas para que xestionen os servicios periféricos da rexión, pero que, en última instancia, sempre será decisión dos órganos desta como ente superior xerarquicamente, o cal, incluso, pode retiralo e revertelo en si mesma en sucesivos actos de novación lexislativa; algo que xa vimos que tamén ocorre noutras CCAA de semellante regulación, pero que aquí resulta máis suavizada.

Na liña desta interpretación enmárcase tamén a Lei 2/91, do 14 de marzo, de coordinación das deputacións provinciais, que xa soamente fala de coordinación (título III), e da posible delegación de competencias que non sexan de interese xeral para a rexión, e do seu control (título IV), sen mencionar sequera a posibilidade de articular los servicios periféricos da comunitade a través das institucións provinciais, configurando ademais no título III un amplo elenco de competencias exclusivas da comunitade, tremendoamente semellantes ás do art. 31 do Estatuto de autonomía. Pero máis definitorio áinda nos aparece o preámbulo, no que do longo e citado artigo 30 do Estatuto, só recorda o que este establece sobre a coordinación de actuacións nas materias que se declaren precisamente de interese xeral para a rexión; alude á Sentencia do TC do 27 de febreiro de 1987 (sobre a coordinación das deputacións valencianas), e especifica que resulta preciso logra-la "integración de actos parciais na totalidade do sistema, integración que a coordinación persegue para evitar contradiccións e reducir disfuncións que , de subsistir, impedirían ou dificultarían o funcionamento do mesmo"; con base nisto, impõe a coordinación ante a identidade que se cuestiona nos campos das competencias de ambas administracións, de aí a necesidade de declaración de interese xeral para a deter-

minación de materias que lle corresponden con nitidez á Comunidade Autónoma. Non menos sintomática parece a referencia ó TC que serve para enmarca-la autonomía das provincias no seu xusto termo, é dicir, “debe ser entendida como un dereito da comunidade local a participar, a través de órganos propios (nin sequera se mencionan xa as deputacións), no goberno e administración de certos asuntos lles atinxen (neste caso ben poucos), *constituindo en todo caso un poder limitado que non se pode oponer ó principio de unidade superior*”. Esta lei, finalmente, crea un Consello Rexional de Provincias (título V) como órgano permanente de relación entre as administracións comunitaria e provinciais.

Vemos, daquela, como incluso aquelas CCAA menos caracterizadas pola súa entidade rexional histórica, más afectadas polos avatares provincializadores do proceso autonómico e con menos competencias en materia de réxime local, seguen unha lóxica que leva a controla-lo máis ferreamente posible –incluso contra os mandatos estatutarios que neste punto sofrén unha involución, acaso razonable– as institucións provinciais do seu ámbito; o cal pode deberse ou ben a aparición dunha nova instancia política con maior poder e capacidade, que por pura lóxica intenta limita-los os seus potenciais competidores no seu mesmo espazo de actuación polos medios que teña ó seu alcance, ou ben porque nin sequera nos casos de rexións pouco homoxéneas, as administracións provinciais son instrumentos válidos para as finalidades de eficacia na prestación dos servicios públicos, que se supoñen meta de calquera entidade de Goberno e Administración.

Por outra banda, no artigo 29.2 do Estatuto de autonomía espeficícase que unha lei de Cortes de Castela-A Mancha *nos termos previstos na Constitución* (como sabemos moi laxos), poderá “recoñece-la comarca dentro de cada provincia como entidade local con personalidade xurídica e demarcación propia”; tamén crear agrupacións baseadas en feitos urbanísticos (parece que facendo referencia a entes complexos metropolitanos), e “recoñece-lo feito de comunidades supramunicipais, tales como as de *Villa de Tierra*, o *Señorío de Molina* e análogas”. Así mesmo, o artigo 5.4 permítelles ás comarcas (provincias e municipios) *conservar (sic)* as súas bandeiras, escudos e emblemas tradicionais.

Pois ben, pola Lei 3/91, do 14 de marzo, díctanse as Normas reguladoras das entidades locais da Comunidade Autónoma, e, sen embargo, no preámbulo, este feito lexislativo baséase no título habilitador dos artigos 32 e 30.5 do Estatuto, sen face-la menor referencia ó artigo 29 do mesmo. Deste xeito, prodúcese un divorcio respecto da íntegra regulación estatutaria en materia de réxime local, xa que esta lei non regula máis cá demarcación territorial dos municipios, menciona de forma xenérica as entidades de ámbito territorial inferior ó municipal (título II), fala de mancomunidades e agrupacións municipais no título III (asociacionismo municipal), regula o réxime especial do concello aberto (capítulo I do título IV) e establece un Consello Rexional de Municipios (título VI). Polo que necesariamente xorde a incógnita de se outra lei regulará as previsións estatutarias do artigo 29.2, ou simplemente se ignorará a súa existencia. Desde logo asentar tal precedente non parece que vaia axudar a resolve-los problemas de inframunicipalismo (915 municipios dos cales só 13 superan os 20.000 habitantes, e 750 están por debaixo dos 2.000) desta Comunidade.

Deixando de lado o sistema –xa criticado– de reducir nunha absurda limitación de antemán as comarcas ó territorio intraprovincial, convén subliña-lo recoñecemento das entidades tradicionais supramunicipais que se mencionan *ad exemplum* o art. 29.2.c do Estatuto, o que supón a máxima consideración normativa a nivel comunitario comparado para unha entidade local de corte fundamentalmente histórico, como son as *Comunidades de Villa y Tierra* (denominación que suxire a súa vocación comarcá); ademais, a letra do articulado xa as menciona como un feito (non as crearía a Comunidade Autónoma *ex novo*), concretando incluso algunas delas, e entón, simplemente, trataríase de lle dar cobertura xurídica a unha realidade preexistente (como veremos sucede coas parroquias en Galicia). Ignora-la mesma, como parece face-la última lei citada, implicaría, sen dúbida, un desprezo da vontade que moveu ó estatuínte castelán-manchego a realizar tal e tan específica mención.

Para finalizar, sinalar que a Lei 2/85, do 8 de maio, regula conxuntamente a iniciativa popular e dos concellos de Castela-A Mancha (é curioso que en tódalas leis autonómicas que desta índole existen, non se lles conceda

tal posibilidade ás deputacións provinciais; ben é certo que a Lei galega 1/88, do 19 de xaneiro, non lla outorga a ningunha das súas entidades locais).

7. Estremadura.

Unha vez máis, o seu territorio é o dos municipios comprendidos nos *actuais* límites das provincias de Badaxoz e Cáceres (art. 2.1 Estatuto de autonomía). E o apartado 2º deste artigo especifica que “a Comunidade Autónoma poderá estructurar, mediante lei, a súa organización territorial en municipios e comarcas, de acordo coa Constitución. Tamén poderá crear demarcacións supracomarcais”. Prescindiremos no noso comentario dalgúns aspectos comúns a outros estatutos e xa explicados neles, co obxecto de evitar excesivas reiteracións. Soamente fixa-la nosa atención na novidade que supón a invocación estatutaria dunha estructura supracomarcal, quizais motivada pola grande extensión territorial das dúas circunscripcións provinciais que forman esta Comunidade Autónoma, aínda que de tó dolos xeitos pensamos que non habería ningún obstáculo legal para a súa posible creación sen necesidade de expresa mención (“comarcas ou outras entidades que agrupen varios municipios”, segundo o art. 42.1 LRBRL) no Estatuto; co cal este mero feito xa supón unha serie de implicacións.

Doutro lado, é de destacar a indefinición da obligatoriedade da comarca, o nivel potestativo de regulación do cal se iguala co dos municipios. Isto ¿como se ha de interpretar? Obviamente non facendo potestativo o municipio (o que sería anticonstitucional e antiestatutario), senón, *sensu contrario*, facendo da comarca algo tan preceptivo na organización territorial da Comunidade Autónoma como a propia entidade municipal; o que dito sexa de paso, podería resultar moi útil para unha Comunidade Autónoma con 380 municipios, dos que só 7 superan os 20.000 habitantes, estando 254 por debaixo dos 2.000. Así mesmo, no apartado que estamos a comentar, prescíndese das provincias, cando nos similares doutros estatutos (Castela-A Mancha, Andalucía, etc.) se volvía reincidir sobre as mesmas, o cal aínda fai más chocantes os termos do artigo 16 do Estatuto estremeño, e, moi especialmente, o punto 2º, no que de novo se obri-

ga a modular (“articulará”) a xestión ordinaria dos servicios periféricos propios da Comunidade a través das deputacións provinciais; o que avala a opinión de que se tratou de acordos políticos non recollidos en ningún texto, os que motivaron estes parches antiestatutarios, probablemente anticonstitucionais, e incluso tamén anti LRBRL.

De feito, na Lei 5/90, do 30 de novembro, que regula as relacións administrativas das deputacións provinciais coa Comunidade Autónoma, só se fai referencia concreta como título habilitador na súa exposición de motivos, ós apartados 4º (delegación ou transferencia de funcións nas deputacións) e 3º (coordinación das funcións propias das deputacións) do artigo 16 do Estatuto, evitando desta forma adrede, embarulladas complicacións doutra índole; pero tamén, como noutras CCAA xa examinadas, aclara a posición de predominio –que só matizadamente se pode considerar xerárquico– do ente autonómico sobre os provinciais. Tamén resulta curiosa a referencia habilitante que se efectúa nesta lei á triste Lei de proceso autonómico. En resumo, a máis dos dous temas mencionados (tendo en conta ademais que a lista de materias de interese xeral de Estremadura do seu art. 10, volve nesta ocasión ser abafantemente extensa), prevese a coordinación dos plans sectoriais e dos plans provinciais, e tamén se regula a unión presupostaria recomendada polo artigo 7 da LPA, repetindo os seus termos. Finalmente, dispone a creación dunha Comisión de Coordinación de Estremadura.

Sectorialmente, no artigo 10.1.1º do Estatuto de autonomía, fálase da aplicación de programas especiais para comarcas deprimidas, e, a outro nivel, existe un plan de comarcalización de matadoiros municipais que ordena varias comarcas (Decreto 44/86, do 1 de xullo). Doutro lado, por Decreto 39/89, do 9 de maio, inténtase fomenta-las mancomunidades de municipios, e por Orde do 12 de decembro de 1990 da Consellería de Presidencia e Traballo, subscríbese un convenio interadministrativo entre as deputacións provinciais de Cáceres e Badaxoz e a Xunta de Estremadura, sobre fomento de agrupacións para sostemento en común do posto de Secretaría-Intervención.

8. Rexión de Murcia.

Como xa vimos no caso navarro, nas CCAA uniprovinciais, non se cuestionan conflictos Comunidade Autónoma-provincia, ó quedar esta como entidade local integrada naquela.

O seu Estatuto é do grupo dos que prevé a creación de comarcas como entes territoriais (cfr. art. 23.5 e 6) non potestativamente, e fala en tempo presente de que o seu territorio se organiza en municipios e comarcas ou agrupacións de municipios limítrofes (parece que distintas das comarcas, pero non queda de todo claro) baseadas en criterios históricos, naturais, xeográficos, socioeconómicos, culturais e demográficos, e tales entidades gozarán de autonomía e personalidade xurídica (art. 3.1). O mesmo artigo (apartado 2º), dispón a posibilidade de creación de áreas metropolitanas ou de agrupacións territoriais para o cumprimento de fins específicos. O artigo 11.a, confirma as competencias da Comunidade acerca da creación de entidades de ámbito superior ó municipal nos termos previstos no Estatuto. Así mesmo, é preciso resalta-la referencia específica (de reforma estatutaria e lei orgánica) que leva a unha innecesaria redundancia en canto á alteración dos límites territoriais da rexión de Murcia (disposición adicional segunda), e, por outro lado, a división en cinco circunscripcións electorais do territorio da Comunidade Autónoma (disposición transitoria primeira).

Tamén este Estatuto forma parte dun pequeno grupo deles que pertencen a CCAA uniprovinciais, que sitúa entre os posibles promotores da iniciativa de reforma do mesmo ós municipios da rexión, en concreto a unha terceira parte deles que representen polo menos a maioría do censo electoral (art. 55.1), sendo neste aspecto –como tamén noutros puntos– o texto estatutario do conxunto citado máis xeneroso cos seus municipios.

Xa pola Lei 7/83, do 7 de outubro, se dictou unha descentralización territorial e de colaboración entre a Comunidade Autónoma e as entidades locais, incluíndo a comarca en tal descentralización. Impõse a norma o dobre obxectivo de aproxima-la Administración ó ciudadán, dun lado (exposición de motivos), e de atende-la Comunidade Autónoma certos asuntos non poidan ser resoltos polos municipios ou agrupacións deles e/ou que

esixan unha actuación coordinada (art. 2, e cfr. arts. 3, 4, 5...); estas dúas últimas misións, en certa medida propias das clásicas deputacións provinciais e rara vez alcanzadas por elas, serán máis accesibles –pensamos– para unha Administración forte e que non ten que padecer duplicidades, como é a autonómica uniprovincial. O capítulo IV da lei, prevé diversas formas de colaboración entre a Administración rexional e as entidades locais, e o V, a suscripción de convenios, podendo (capítulo II) a Comunidade Autónoma delegar parte das súas competencias nos entes locais, e, áinda máis (capítulo III), poderá facultar a estes para exerce-la xestión ordinaria dos servicios rexionais ou emprega-la súa organización e medios materiais para a prestación dos servicios propios da Comunidade, se ben parece inducirse que só para practica-la fase de execución e sen que supoña delegación do exercicio de competencias. Semella pretende-lo bosquexo imbricador Comunidade Autónoma-comarcas-municipios, cuña liña prudentemente centralizadora. Resulta, sen dúbida, unha norma tan encomiable como anticipadora (polo menos sobre o papel), como proban os actuais intentos de descentralizar funcións comunitarias nos entes locais propios que se están comenzando a enxergar noutras CCAA.

Por outra parte, a Lei 6/88, do 25 de agosto, establece as normas reguladoras do réxime local que, unha vez máis, non é tratado globalmente (a desconfianza entre administracións en España sempre foi mutua, de arriba abaixo e viceversa), xa que na súa exposición de motivos, remite a unha futura lei singular a regulación das comarcas e áreas metropolitanas, co cal a presente lei non pasa de ser unhas poucas normas reguladoras do réxime local fraccionado. E iso que no seu artigo 1 deixa ben asentado que “a Comunidade Autónoma da rexión de Murcia se organiza territorialmente en municipios e comarcas como as súas entidades básicas, que constitúen as canles inmediatas de participación ciudadá e veciñal”. O preámbulo describe tamén a variedade tipolóxica dos municipios murcianos, que ten –contrariamente a case toda España– un número non moi elevado deles (corenta e cinco), e é predominante o tipo medio e escaso o inframunicipio; ademais, destaca a singularidade murciana da “existencia de núcleos importantes de poboación separados da

respectiva capitalidade do municipio, de horta ou campo, tradicionalmente denominados pedanías ou deputacións que, polo seu elevado número de habitantes e pola súa riqueza poderían aspirar a constituirse en entidades locais menores ou dispoñer dunha organización territorial de xestión desconcentrada". Por iso, a lei nas seccións 5^a, 6^a e 7^a do capítulo I, regula e potencia as alcaldías de barrio, as pedanías ou deputacións, as xuntas de veciños e a participación cidadá (cfr. arts. 69-72 LRBRL). Pola súa parte, o capítulo III regula (ó abeiro do art. 30 LRBRL) os seguintes réximes municipais especiais: turísticos, industriais, mineiros ou de déficit medioambiental e históricos; a sección 5^a deste capítulo trata das agrupacións de municipios para os efectos de sostener en común funcionarios locais.

Seguindo con esta lei, o seu título III regula as entidades territoriais de ámbito superior ó municipal, e no capítulo I (La Comarca), por un lado repítese a disposición estatutaria referente a ela e tamén o posible veto dos municipios da LRBRL, ampliando, sen embargo, a iniciativa que para a súa creación se encontra na concisa mención do art. 42.2 da mesma, cousa lóxica se de verdade se quere cumplirlo mandato estatutario de estender á totalidade da rexión a comarcalización; e, por outro, sínalase que na "lei de creación ou, no seu caso, a de modificación da comarca, determinarán o ámbito territorial da mesma, a súa denominación, capitalidade, as concretas competencias que asuma a composición, designación e funcionamento dos seus órganos de goberno, e os recursos económicos e financeiros que se lle asignen", producindo así este precepto a impresión de que as comarcas serán creadas de forma individualizada coas súas respectivas leis e posibles diferencias de competencias e de financiamento entre elas, algo que non parece moi acorde nin coa regulación estatutaria, nin co preámbulo desta norma (salvo que cando fala de lei singular das comarcas, pretenda realizar unhas bases mínimas comúns a tódalas comarcas murcianas), e que podería producirlo efecto de deixar algunha porción do territorio murciano sen comarcalizar, se así o decidisen os correspondentes concellos, incumprindo o mandato do Estatuto (que ó noso entender entra aquí en conflicto coa LRBRL).

Pola súa parte, o capítulo II, configura as entidades metropolitanas como “integradas polos municipios de grandes aglomeracións urbanas, entre os núcleos de poboación dos cales existan vínculos económicos e sociais que fagan necesaria a planificación conxunta e a coordinación de determinados servicios e obras”.

Dedícase o capítulo III ás mancomunidades e o IV ás entidades locais menores, que son definidas tamén como entidades territoriais, que “terán, na esfera das súas competencias, idénticas potestades, prelacións e demais prerrogativas que lle corresponden ó municipio” (art. 67.3). Xa dicía o lexislador murciano na exposición de motivos que consideraba necesaria a potenciación da figura xurídica da entidade local menor, e por iso o artigo 69 da lei –que sinala os trámites da súa constitución– reduce os mínimos legais do art. 45.2.a da LRBRL, no tocante á intervención dos respectivos concellos no proceso, e incluso podería dicirse que a minimiza, posto que é suficiente a vontade manifestada por escrito da mayoría dos veciños da futura entidade local, e a aprobación por decreto do Consello de Goberno da Comunidade Autónoma a proposta da consellería competente en materia de réxime local; o que avala a nosa tese de que na definición dos contornos da garantía institucional, a conciencia social manifestada democraticamente, coadxuva a actualizala áinda que prescinda do que por tal entende o lexislador básico estatal (e este non é o único exemplo como veremos). Os órganos de goberno da entidade local menor son o alcalde pedáneo *elixido directamente polos veciños* da mesma por sistema mayoritario (art. 72.1), e unha xunta veciñal designados os seus vocais de conformidade cos resultados das eleccións para o concello na sección ou seccións constitutivas da entidade local menor, e non pode supera-lo seu número o dun tercio dos concelleiros que integren o concello (art. 72.2 e 3), sendo as súas respectivas atribucións as que a lei sinala para o alcalde e o Pleño do concello no ámbito da entidade (art. 74).

Por último, do título IV e último, que trata das relacións interadministrativas, convén resaltar moi especialmente o artigo 86, que habilita e lexítima ás entidades locais da rexión para impugna-las leis da Comunidade Autónoma ante o TC, cando estimen que poidan lesionar a autonomía local. Esta disposición supón unha ex-

cepción á práctica habitual de tratamento das entidades locais por parte de administracións superiores no espectro español, e é probable que facilite o desenvolvemento sen desconfianzas ou rancores das importantes funcións de coordinación que á Comunidade Autónoma de Murcia lle atribúe a mesma lei, onde se establece que procederá á mesma cando as actividades ou os servicios locais transcendan o interese propio das correspondentes entidades, ou se inciden ou condicionan relevantemente (criterio xurídico indeterminado) os da Administración autonómica, ou sexan concorrentes ou complementarios dos desta (art. 76.2), ou cando non poida alcanzarse a coherencia nas actuacións por outros medios, a discernimento da CA e mediante lei (art. 82.1), ou ben cando a natureza da actividade faga moi difícil unha asignación diferenciada e distinta de facultades (art. 83.1).

Tamén é importante a Lei 9/84, do 22 de novembro, que regula conexamente a iniciativa lexislativa de municipios e comarcas (ademas da popular). No caso destas últimas, encontrámronos con que, para exercela unha soa comarca, ten que contar como mínimo cun censo de 10.000 habitantes (art. 2.b), e se non sumarse varias (e igual no caso dos municipios) que reúnan tal poboación. A cifra parece razoablemente baixa como para que cada comarca xunte o número requirido, se así non fose, tal disposición non sería de recibo polo que podería supoñer de discriminación entre as distintas circunscripcións comarcais, en detrimento das menos poboadas.

Finalmente, mencionar como normas sectoriais, a declaración e distribución de matadoiros comarcais (Decreto 19/86, do 14 de febreiro), e o establecemento dunha rede de estradas con función intercomarcal, no artigo 3.b da Lei 9/90, do 27 de agosto, de estradas e camiños da rexión.

En resumo, o paquete lexislativo da Comunidade Autónoma murciana sobre esta materia, ten numerosos puntos en común, sendo polo tanto aproveitables, para o caso galego; ainda máis, sendo unha autonomía de vía lenta (claro que coa vantaxe que proporciona a uniprovincialidade) a interiorización do seu réxime local coas súas propias peculiaridades resulta sorprendente, máxime tendo en conta que Galicia xa conta con varios puntos de partida beneficiosos: así, a modo de exemplos, as co-

marcas poden ser de maior extensión e, por conseguinte, más aptas para a prestación de determinados servicios; non se necesita territorializar entidades locais menores, posto que xa se conta coas parroquias; plenas competencias sobre o réxime local. Con todo, a tradición participativa e o exquisito respecto cara á autonomía local (descentralización de competencias, iniciativa legislativa, recurso de inconstitucionalidade, etc.) que se instaurou na rexión de Murcia, merece ser imitado e, de ser posible, mellorado.

9. A Rioxa.

Atopámonos ante un suposto moi similar en certos aspectos ó anterior: Comunidade Autónoma uniprovincial e que tamén prevé impositivamente no seu Estatuto que a súa organización territorial se estructure en municipios e comarcas (art. 5). Pola súa banda, o artigo 26 do mesmo texto preceptúa que se regulará por lei:

- a) O recoñecemento e delimitación de comarcas.
- b) A creación de agrupacións de municipios con fins específicos".

Algo no que se poderían entrever certos elementos de contradicción. Non obstante, parece clara a vontade do estatuínte de que o ente comarcal sexa de carácter territorial e estendido á totalidade da Comunidade Autónoma (cfr. tamén art. 17.f, acerca da aprobación da ordenación comarcal por parte da Deputación Xeral da Rioxa).

Así mesmo, o artigo 44 establece a posibilidade de incorporación da Comunidade Autónoma da Rioxa a outra limítrofe con características semellantes, regulando o seu procedemento, no que se prevé que o acordo adoptado pola Deputación Xeral, deberá ser ratificado por dous tercios dos municipios, a poboación dos cales represente polo menos a maioría do censo electoral (art. 44.b). E, pola súa banda, a disposición adicional segunda, refírese sen eufemismos de ningunha índole (ó contrario que nos casos de Castela e León, Aragón e País Vasco) no seu título, ó problema dos enclaves territoriais, determinando que os que se atopen integralmente dentro do territorio da Comunidade, poderanse agregar a ela, pero coa cómoda e pouco orixinal fórmula de "mediante o cumprimento dos requisitos que a lei do Estado estableza".

Tamén, como no caso murciano, a iniciativa da reforma estatutaria lles corresponde ós municipios rioxanos (art. 42.1), só que aquí deberán ser máis de dous tercios deles e representando á maioría do censo, e queda ademais condicionado o trámite á vontade do municipio de Logroño (igual ca no suposto de incorporación a outra Comunidade Autónoma), posto que reúne preto da metade da poboación rexional.

Non posuimos noticia fidedigna de que ata hoxe se regulase o tema comarcal rioxano, simplemente se lexislou acerca das agrupacións de municipios para sostemento en común de persoal (Lei 2/89, do 23 de maio), e sobre a regulación e fomento de mancomunidades municipais (cfr. Orde do 5 do febreiro de 1987 da Consellería da Presidencia e Administración Territorial, e Decreto 22/88, do 27 de maio). Débese sinalar que nunha pequena rexión con 174 municipios, dos que 140 non exceden a cifra de 1000 habitantes, e só 5 superan os 5.000, as necesidades de facer unha reformulación territorial –facilitada ademais polo Estatuto– son bastante evidentes.

Sectorialmente, existe un listado de municipios cabeceiras de comarca, cos que a Comunidade Autónoma asinou convenios de colaboración (cfr. BO da Riosa do 12 de marzo de 1991, nº 31, p. 54); e na Lei 2/91, do 7 de marzo, de regulación de estradas, dispone a existencia de tres tipos de rede acordes co marco institucional existente: rexional básica, comarcal e local (art. 4).

10. Cantabria.

Menor entusiasmo pola comarca parece observarse no Estatuto cántabro, xa que o seu artigo 2 define o seu territorio como o “dos municipios comprendidos dentro dos límites administrativos da actualmente denominada provincia de Santander” (que perde tal nome na disposición final da norma estatutaria). Non obstante, o artigo 36 regula que, por lei, se poderá:

“1. Recoñece-la comarca como entidade local con personalidade xurídica e demarcación propia. A comarca non suporá, *necesariamente*, a supresión dos municipios que a integran¹⁴⁸.

2. Crear, así mesmo, agrupacións baseadas en feitos urbanísticos e outros de carácter funcional con fins específicos”.

¹⁴⁸ Precepto idéntico ó artigo 40.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, o que fai reear dunha transcripción literal do mesmo, xa que nin-gunha outra norma estatutaria emprega tal fórmula. O que tamén se pode confirmar pola dicción literalmente igual do artigo 36.2 cántabro e a do 40.2 do Estatuto galego.

Engade o artigo 37 que os órganos de governo da Comunidade Autónoma poderán delegar funcións administrativas propias nas comarcas, municipios e outras entidades locais por lei da Asemblea Rexional.

Por outra banda, o artigo 58 regula o procedemento para a posible incorporación da Comunidade Autónoma de Cantabria a outra limítrofe (xa o artigo 30 se refería ás especiais relacóns con Castela e León), que deberán ratificar dous tercios dos municipios que representen a maioria do censo. Hai que subliñar, polo sintomático, que sen embargo aquí os municipios carecen de iniciativa de reforma estatutaria.

A nivel normativo inferior, existe un Decreto núm. 68/84, do 15 de decembro, no que se incentiva a constitución de mancomunidades municipais (dos 102 municipios cántabros, 86 non superan a cifra de 5.000 habitantes), o que, non se esqueza, sempre pode ser unha especie de adianto e axuda para unha posible futura creación de comarcas.

Sectorialmente, a Lei 11/90, do 29 de decembro, define dúas comarcas de acción especial coa inclusión dos seus respectivos municipios. O Decreto 86/86, do 20 de outubro, estipula unha serie de actuacións na comarca de Liébana. E, finalmente, na Lei 7/90, do 30 de marzo, de ordenación do territorio, fálase na súa exposición de motivos de que, respectando o artigo 2 da LRBRL en relación cos municipios, é preciso supera-la idea dunha compartimentación estanca, procurando que o planeamento urbanístico estea coordinado coas actuacións territoriais supramunicipais, e, neste sentido, o título II da lei regula as directrices comarcas de ordenación territorial, definíndooas no artigo 13 como ordenadoras de "áreas xeográficas supramunicipais de características homoxéneas ou que, polo seu tamaño e veciñanza, precisen unha organización infraestructural e de equipamentos de tipo comarcal", e impón o artigo 15 que o seu ámbito sexa sempre supramunicipal, asignándolle uns contidos mínimos moi amplos nos dezaseis puntos que relaciona. Estas directrices ordenadoras (como as rexionais) serán vinculantes con algunas excepcións, e poderán adoptarse por iniciativa do Consello de Goberno da Comunidade Autónoma, ou polas entidades locais incluídas nos ámbitos definidos polas directrices rexionais de ordenación do te-

rritorio, precisándose neste caso o acordo de, como mínimo, os dous tercios dos municipios afectados e que estes representen más da metade da poboación do citado ámbito (art. 18.a).

11. Comunidade de Madrid.

O artigo 2 do seu Estatuto respecto do territorio, é idéntico ó do anterior caso exposto: os municipios comprendidos dentro dos límites administrativos da provincia de Madrid. O artigo 3 recalca no seu apartado 1º, a importancia case exclusiva da institución municipal na organización da Comunidade Autónoma madrileña, prevé no 2º a posibilidade das agrupacións voluntarias de municipios, e fai no apartado 3º referencia a que por lei "se poderán establecer, mediante a agrupación de municipios limítrofes, circunscripcións territoriais propias que gozarán de plena personalidade xurídica", onde parece obvio que se alude ás comarcas, aínda que con tal expresa denominación só se propuxeron nunha emenda presentada no debate sobre o Estatuto realizado no Pleno do Congreso, e foi rexeitada. Tamén se intentou no Congreso definir estatutariamente Madrid conurbación como área metropolitana, pero, ó final, prevaleceu o texto do actual artigo 6, segundo o cal a vila de Madrid terá un réxime especial regulado por lei votada nas Cortes Xerais¹⁴⁹.

Do mesmo xeito ca no suposto cántabro, a Comunidade de Madrid poderá delegar por lei da súa Asemblea, funcións administrativas nos municipios e demais entidades locais recoñecidas polo Estatuto (art. 39).

Novamente neste caso, os dous tercios dos municipios madrileños que representen a maioría absoluta aprobación da Comunidade (é dicir, non se mencionan soamente os censados con capacidade de voto), teñen iniciativa de reforma estatutaria (art. 64.1); está de máis dici-lo papel que xoga entón o municipio da vila de Madrid.

Salientar por último do Estatuto madrileño a súa non previsión de incorporación a outra Comunidade Autónoma limítrofe, algo en grande medida dado polos avatares do proceso estatuínte e, moi especialmente, polo rexeitamento de Castela-A Mancha.

Indubidablemente neste caso hai que facer referen-

¹⁴⁹ *Diario de Sesións do Congreso dos Deputados*, do 25 de xaneiro de 1983.

cia a unha situación ben diferenciada, xa que Madrid área metropolitana (á que parece aludi-la disposición adicional sexta, 1 da LRBRL cando fala do réxime especial dese *municipio*) e Madrid Comunidade Autónoma, son coincidentes territorialmente na concepción de Ortega Álvarez¹⁵⁰; pero a isto hai que engadirlle o excesivo número de municipios –178–, dos cales 122 teñen menos de 2.000 habitantes, así, “de mantenerse la actual estructura, el centralismo regional deviene inexorable”¹⁵¹, polo que se han de corrixi-los extremos nesta Comunidade existentes, e tender á reducción e á homoxeneización mediante estructuras de tipo medio.

Pouco se ten feito por agora a este respecto. A Lei 10/84, do 30 de maio, de ordenación territorial (modificada pola Lei 3/89, do 16 de marzo), prevé a definición de ámbitos subrexionais definidos en función das súas características naturais ou funcionais, para exerce-las diversas accións ordenadoras, e tamén a determinación de esferas supramunicipais cunha ordenación que exceda á normal capacidade dos municipios, iso si, contando coa participación destes; parece percibirse en tanto circunloquio, unha certa animadversión do lexislador madrileño cara á concreta denominación de comarca. Así mesmo, polo Decreto 9/86, do 30 de xaneiro, creouse unha Oficina de Planeamento Territorial.

Doutro lado, existen actuacións comunitarias para agrupamentos municipais cara ó sostemento de secretario común (Orde do 19 de febreiro de 1990 da Consellería de Agricultura e Cooperación); e tamén hai unha distribución de matadoiros comarcas (Orde do 28 de xuño de 1985 da Consellería de Agricultura e Gandería); así como unha lei (núm. 1/87 do 5 de marzo) de cemiterios supramunicipais. Mencionar por último, a Lei 6/86, do 25 de xuño, de iniciativa lexislativa popular e dos concellos da Comunidade.

12. Illas Baleares.

Réxime peculiar (respectado polo art. 141.4 CE) que reúne o carácter uniprovincial co feito da diversidade insular intracomunitaria, singularidade que destaca o Estatuto de autonomía no seu artigo 2, cando di que o territorio da Comunidade Autónoma “é o formado polas illas

¹⁵⁰ Cfr. L. I. Ortega Álvarez: *La Comunidad Autónoma de Madrid como Área Metropolitana*, Madrid, Instituto de Estudios Económicos, 1983, pp. 127-170.

¹⁵¹ M. Sánchez Morón: “La Comunidad Autónoma de Madrid y la Administración Local”, en *Madrid Comunidad Autónoma metropolitana*, ibid., pp. 267-370.

de Mallorca, Menorca, Ibiza, Formentera e Cabrera e outras illas menores adxacentes”, sen mención da textura provincial (a provincia non aparece citada en ningunha parte deste Estatuto, como tampouco no canario) e municipal. Se ben, o artigo 5 xa fala de tres chanzos que desenvolverá unha lei do Parlamento: “A Comunidade Autónoma articulará a súa organización territorial en illas e municipios. As institucións de goberno das illas son os consellos insulares, e as dos municipios, os concellos”. Os artigos 18 e 37 delimitan que, gozando de autonomía os tres consellos insulares que establecen, lles corresponderá ó Goberno e Administración das illas de Mallorca, Menorca e Ibiza-Formentera e illas adxacentes, e estarán integrados polos deputados elixidos para o Parlamento nas illas respectivas (art. 38), que son tamén circunscripcións ou distritos electorais (disposición adicional segunda). Ademais, polo artigo 39, outórgasellos ós concellos insulares a posibilidade de asumir un amplio elenco de competencias, incluídas as de réxime local e ordenación do territorio, amén dunha cláusula residual no seu favor¹⁵².

Non se fala de comarcas porque cada illa é unha comarca¹⁵³ ou supracomarca, polo que resulta chocante a contradicción do artigo 41.3 (que non figuraba no proxecto gubernamental) da LRBRL que conceptúa os consellos insulares como réxime especial, e, ó mesmo tempo, indica que lle son de aplicación (é de supor que supletoriamente) as normas que na dita lei de bases regulan a organización e funcionamento das deputacións provinciais (cando nin o carácter dos seus membros e forma de ser elixidos, nin as súas competencias, se parecen en nada), unhas deputacións xa inexistentes na Comunidade Autónoma das Illas Baleares; máxime cando tamén no artigo 40 *in fine* da mesma norma, se fai un recoñecemento explícito dos consellos insulares como excepción (nos termos do Estatuto balear) ó que xa é unha excepción (ou réxime especial uniprovincial, segundo quere a lei básica).

Mencionar así mesmo que, en virtude da disposición adicional cuarta, por unha lei do Parlamento, o Concello de Formentera poderá asumir no ámbito da illa, funcións que o artigo 39 do Estatuto lles atribúe ós consellos insulares.

¹⁵² “La insularidad se impone hasta el punto de que, invirtiendo ciertamente los términos en que el Estatuto diseña la representación comunitaria, se encuentra subyacente un auténtico principio federativo, a partir de las islas, en la configuración de la propia Comunidad Autónoma”. Luis Morell Ocaña: *El Régimen Local...*, *op. cit.*, p. 787.

¹⁵³ En igual sentido, Aurelio Guaita Martorell: “Competencia del Estado y de las CCAA en materia de Administración Local”, en *Organización Territorial del Estado (Administración Local)* vol. II, *op. cit.*, p. 1763.

En desenvolvemento da devandita normativización estatutaria, o Parlamento das Illas Baleares dictou as normas reguladoras dos consellos insulares na Lei 5/89, do 13 de abril. Nela regúlase (capítulo II) a incardinación dos consellos insulares como institucións da Comunidade Autónoma, ademais do papel que desempeñan como órganos de Administración local, podendo exercer competencias propias (capitidiminuídas no capítulo III desta lei en comparación co listado do art. 39 do Estatuto) e competencias delegadas. Ben é verdade que tal relación interinsular xa se afianzara –como declara a exposición de motivos– co sistema electoral que, en parte, avanza o artigo 38.1 estatutario, e incluso coa experiencia práctica desde a vixencia do mesmo, nada conflictiva entre as diversas institucións creadas, e iso pese á peculiaridade do réxime preautonómico balear e á diversidade, pluralidade e desigualdade dos pobos das illas. No seu conxunto, pódese dicir que esta lei resulta quizais excesivamente temerosa ante o outorgamento de demasiadas competencias ós entes insulares; por iso a afirmación que efectúa de que supón o afianzamento definitivo dos consellos insulares débese matizar, non só pola tardanza do lexislador balear á hora de regulalos, senón, sobre todo, pola desconfianza manifestada polo mesmo cara a eles en relación coa posición do estatuínte.

Xa por último, mencionar que as normas reguladoras de ordenación territorial (Lei 8/87, do 1 de abril), lembran “a necesidade de resolver a nivel supramunicipal determinados problemas de ordenación que só poden alcanzar resposta adecuada a través dun *enfoque comarcal*, –subliñamos nós– e aconsellan a creación da figura duns plans territoriais comarcrais que, máis alá das posibilidades que ofrece a Lei do solo, poidan coadxuvar ó desenvolvemento destas zonas do noso territorio, e fomentar ó mesmo tempo a solidariedade comunitaria” (exposición de motivos, punto 4º). Parece, pois, que a orientación tende a converte-las illas (polo menos as maiores) nunha especie de supracomarcas; neste sentido, un dos obxectivos fundamentais da lei consiste na fixación dos núcleos de poboación que, polas súas características e posibilidades, se vaian constituír en cabeceiras comarcrais impulsoras do desenvolvemento socioeconómico dunha zona (art. 1.e), así como actuacións ordenadoras de tipo

supramunicipal coa participación das corporacións locais dese ámbito (art. 1.f); por iso o artigo 1.h fala das diferentes illas e comarcas. Pola súa banda o capítulo IV, referido ós plans territoriais comarcais, establece que estes se redactarán cando o acorden e soliciten máis da metade dos concellos dunha zona, de agruparen a máis da metade da poboación da mesma (art. 16.3).

Tamén neste sentido, o feito de non quedar ningunha estrada de interese xeral do Estado no arquipélago balear (exposición de motivos da Lei 5/90, do 24 de maio, reguladora de estradas) –do mesmo xeito que en Navarra, País Vasco e Illas Canarias–, pode facilitar en grande medida as técnicas de coordinación na ordenación integral do territorio, sen eses celos de competencias tan comúns en España xa desde moito antes de que se instaurase o Estado das autonomías. É un novo dato de como nas CCAA uniprovinciais (e nalgunha outra), se pode avanzar cara á racionalidade do modelo de réxime local de dous banzos ou *two-tier system*, existente noutros países europeos.

Lembrar, por outra banda, a existencia dunha lei (núm. 5/91, do 27 de febreiro) que regula a normativa das mancomunidades municipais e as medidas de fomento das mesmas, tanto por parte do Goberno da Comunidade Autónoma, coma por parte dos consellos insulares.

13. Illas Canarias.

Xa antes de 1978 –en concreto desde 1927– dúas provincias dividían o arquipélago canario (feito orixinado en boa parte por rivalidades intestinas entre as dúas illas maiores e as súas respectivas capitais); as illas que formaban cada provincia constituían un ente territorial sen xeneralidade de fins (art. 240 ROF) chamado Mancomunidad Interinsular. Pola súa parte cada illa contaba –e conta– cun Cabido Insular (desde 1912) como órgano exercitador das funcións das deputacións provinciais.

Esta situación, respectada pola CE (art. 141.4), non estivo exenta de polémica no debate constituínte, xa que coa emenda do Sr. Cambreleng e da Sra. Pelayo Luque na Comisión Constitucional do Senado¹⁵⁴, se suprimía do aludido art. 141.4 a palabra “ademais”, que equivalía á desaparición das denominadas mancomunidades pro-

¹⁵⁴ Diario de Sesiones do Senado nº 52, pp. 2053-2512.

vinciais interinsulares; pero a mesma volveu introducirse, xa de maneira definitiva, pola Comisión Mixta Congreso-Senado¹⁵⁵. Na emenda citada, argumentábase que:

"A especialidade administrativa canaria descansa esencialmente nos cabidos insulares (...). Con isto non se trata de facer desaparece-la mancomunidade como un banzo intermedio e necesario; non estamos tampouco a facer un ataque frontal nin doutro tipo á provincia, senón que facémo-la matización de que en Canarias a provincia ten outra dimensión diferente ó que é a provincia no territorio peninsular (...). A provincia ou provincias canarias fóreron unicamente desde a perspectiva da Administración do Estado na distribución territorial dos servicios públicos estatais, mais non desde a perspectiva local, que nunca superou nin tiña por que supera-lo nivel insular. É dicir, que co noso desexo de que se suprima esta constitucionalización das mancomunidades, estamos tratando de suprimir efectivamente este banzo dentro do ámbito local insular, pero non a provincia, que seguirá subsistindo en Canarias, *ata que se supere por un desenvolvimento do espírito rexional*, como unha división periférica da Administración do Estado".

Pois ben, a situación descrita nesta emenda, é a que de feito se dá na Comunidade Autónoma de Canarias pese á constitucionalización do "ademas". Existe unanimidade na doutrina ó considerar desaparecida a provincia como entidade local na comunidade canaria, se ben en non poucos casos se resalta a inconstitucionalidade da solución, aínda que o articulado estatutario non se recorreu ante o TC. En concreto, o seu artigo 2 di que Canarias está comprendida nos territorios insulares integrados polas sete illas que detalla a continuación; illas que terán así mesmo a súa Administración propia en forma de cabidos, que seguirán a regularse pola súa lexislación específica (art. 7.2). E no artigo 22, engade:

1. Canarias articula a súa organización territorial en sete illas [que son tamén circunscripción electoral segundo a disposición transitoria primeira, 1], e estas pola súa vez en municipios, as institucións de governo local dos cales son, respectivamente, os cabidos insulares e os concellos.
2. O cabido constitúe o órgano de governo e Administración insular. Terá autonomía plena nos termos que establece a Constitución e a súa lexislación especial conforme co disposto no artigo trinta e dous do presente Estatuto".

¹⁵⁵ Boletín Oficial das Cortes núm. 170, do 28 de outubro de 1978.

Para o estatuínte canario non existe a provincia, e completa a súa sistemática liquidación na disposición transitoria séptima, segundo a cal “as competencias, medios e recursos que, de acordo co ordenamento vixente, lles corresponden ás mancomunidades provinciais interinsulares, traspasaránse ás institucións da Comunidade Autónoma. Para estes efectos, constituirase unha Comisión Mixta formada polos representantes dos poderes da Comunidade Autónoma e dos cabidos insulares, que procederá á asignación concreta daquelas competencias, medios e recursos, axustándose a un calendario aprobado a este respecto polos órganos insulares...”. Semella un reparto de despoxos –no que o despouído derrotado pouco ou nada ten que dicir–, consumado no Decreto 107/85, do 19 de abril (obsérvese que é posterior en pouco máis de dúas semanas á LRBRL), polo que se produce o traspaso de competencias, medios e recursos das mancomunidades provinciais interinsulares de Santa Cruz de Tenerife e Las Palmas ás institucións da Comunidade (Parlamento e Goberno canarios e cabidos insulares), reservándose as mancomunidades a baleira declaración do artigo 41.2 LRBRL.

En relación con ela pensamos que tal mención parece querer salvar *de iure* –con un prurito provincialista que a LRBRL aparenta conservar como un tesouro– a descrita situación contradictoria, cando en realidade o único que fai é afianzala, posto que di que “no arquipélago canario *subsisten* as mancomunidades provinciais interinsulares *exclusivamente* como órganos de representación e expresión dos intereses provinciais”. (Os subliñados son nosos). ¿Que intereses?, os que non sexan de goberno e administración, é dicir, de puro simbolismo, xa que nin sequera se pode dicir que a garantía institucional se resgarde cunha representación inexistente. E continúa: “integran os ditos órganos os presidentes dos cabidos insulares das provincias correspondentes, e presídeos o do cabido da illa na que se atope a capital da provincia”, atípica forma de enche-lo oco da esixencia constitucional de “corporación representativa” que, ademais, dado o baileirado de competencias do mesmo, non se converte máis ca nunha artificiosa entelequia suprainsular cunha presidencia de titularidade honorífica. Tamén o art. 41.4 LRBRL fai referencia á asunción das competencias das de-

putacións provinciais polos cabidos insulares e, como no caso balear, sonllas aplicables as normas que regulan a organización e funcionamento daquelas previstas nesta lei.

Posúen tamén grande interese as interrelacións que estatutariamente se establecen entre a Comunidade Autónoma canaria e os seus cabidos insulares, xa que, malia a cronoloxía deste Estatuto de autonomía (posterior ós acordos autonómicos e á LOHAPA), e de non ser nun principio dos chamados de primeiro grao, outórgalle unha considerable liberdade á Comunidade Autónoma para dispoñer sobre os seus entes locais. Segundo o artigo 22.4, “o Goberno canario coordinará a actividade dos cabidos insulares en canto afecte ó interese xeral da Comunidade Autónoma”, e no punto 3º prevese tanto a transferencia e delegación de funcións da Comunidade Autónoma nos cabidos, como a asunción e representación ordinaria por parte destes en cada illa da Administración autonómica. É de facer notar como se a reforma do Estatuto de Autonomía tivese por obxecto unha alteración dos poderes de Canarias que afectase directamente ós cabidos insulares, requiriríase previa audiencia dos mesmos (art. 64).

Respecto disto, o Parlamento de Canarias xa emitiu dúas leis de réxime xurídico das administracións públicas da comunidade: a primeira, a núm. 8/86, do 18 de novembro, e a segunda –que derroga a anterior–, a núm. 14/90, do 26 de xullo. Na *lex anterior* xa se perfilan os cabidos na súa dobre condición de institucións da Comunidade Autónoma e de entidades locais (órganos de goberno e Administración de cada illa), aínda que, neste segundo aspecto, a lei se inhibe un tanto á hora de facer unha regulación específica canaria (remisión do seu art. 3.2 á legislación básica do Estado), centrándose máis na primeira das facetas: xestión ordinaria de servicios e delegación de competencias. Confírmase a iniciativa legislativa dos cabidos (art. 39) xa prevista no Estatuto (art. 11.4), e transfírensele, a estes competencias en materia de Administración local (art. 47.2.p, e desenvolvemento no Decreto 55/88, do 12 de abril), limitadas polo preceptivo dictame do Consello Consultivo de Canarias. O segundo banzo son os municipios (art. 4), verbo dos cales non hai ningunha especialidade de interese relevante; e tamén se dispón (art. 5), o posible establecemento

doutras entidades locais: as de ámbito territorial inferior ó municipio (barrios e pagos), as áreas metropolitanas e as mancomunidades municipais, e regúlanse con referencia ás primeiras citadas, dous posibles modelos de participación cidadá: as xuntas municipais de distrito ou barrio (arts. 91-100), e os consellos de barrio e de sector (arts. 101-104). Tamén se establece en desenvolvemento das previsións desta lei, unha Comisión de Administración Territorial (Decreto 89/87, do 21 de maio), con fins de coordinación e colaboración entre administracións.

A non mención das comarcas ou das comarcas de comarcas, baséase no feito xa apuntado da identificación coas illas¹⁵⁶, amén de que “a organización político-territorial de Canarias mantivo historicamente a illa como unha unidade de Goberno local dentro do esquema organizativo do arquipélago, e iso, porque constitúe un territorio fisicamente acoutado, no que o equilibrio territorial é unha esixencia derivada da súa propia natureza” (exposición de motivos da Lei 1/87, do 13 de marzo, de normas reguladoras dos plans insulares de ordenación). As peculiaridades da conciencia diferenciadora canaria, búscaas a lei de réxime xurídico que estamos comentando, no nutriente histórico que supoñen tanto unha peculiar estructura político-administrativa, como o especial réxime económico-fiscal, “a defensa e salvaguarda do cal foron tamén motivo fundamental do devir das institucións públicas das illas” (preámbulo).

No tocante á Lei 14/90, gaba na súa exposición de motivos a chamada “Lei de cabidos” que, sen embargo, derroga, pretendendo simplemente mellorala. Sen embargo, pensamos que resulta reiterativa en exceso, e as novedades más destacables que contén non son, na nosa opinión, senón síntomas de signo centralizador autonómico ou, polo menos, mostran certa desconfianza cara ás institucións insulares. Así, dun lado, articúlase reforzándoa unha Administración territorial ou periférica da comunidade, e non se pretende aproveitar neste sentido tódalas potencialidades dos cabidos, fortalecendo máis os acordos de boa vontade ou convenios interadministrativos cás técnicas de transferencia, e se ben a experiencia socio-política canaria non parece falar mal desta clase de ensaios, a aleatoriedade do seu azar antóllasenos excesiva, sen contar con que rompe o esquema

¹⁵⁶ Así, por exemplo, no Proxecto de lei de espacios naturais protexidos de Canarias, está prevista a creación de xerencias insulares, para os efectos de coordinación interadministrativa.

de organización local dual que parecía claramente asentado nesta Comunidade Autónoma. E, por outro lado, instáurase un título III cun único artigo que prohíbe as federacións de mancomunidades de cabidos insulares, *ad usum Constitutionem* (art. 145.1 CE).

Finalmente, non convén esquece-lo réxime especial de que gozan as Illas Canarias (e tamén Ceuta e Melilla), no relativo á aplicación dos tratados das comunidades europeas.

14. Comunidade Valenciana.

Algúns autores adoitan caracterizar, de maneira un tanto simplista, tres modelos de Estatuto de autonomía segundo sexa a súa actitude cara á institución provincial; así, os extremos veríanse representados por Cataluña e País Vasco, sendo a Comunidade Valenciana a que encarnaría unha vía intermedia: a da coordinación, mecanismo que algunha doutrina intentou pór en paralelo coa de harmonización intercomunitaria constitucional.

Hai que facer notar, sen embargo, que por unha banda, no artigo 3 do Estatuto valenciano se define o seu territorio como o dos municipios integrados nas –institución polo tanto de segundo grao– provincias de Alacante, Castellón e Valencia; e, pola outra, é decidida a opción comarcal –de grande enraizamento en amplas zonas desta Comunidade Autónoma– do seu artigo 46, segundo o cal:

- “1. Unha lei das Cortes valencianas, no marco da legislación do Estado, que deberá ser aprobada pola mayoría absoluta dos seus membros, determinará a división comarcal, *oídas* [o subliñado é noso] as corporacións locais afectadas.
2. As comarcas son circunscripcións administrativas da Generalitat e entidades locais determinadas pola agrupación de municipios para a prestación de servicios e xestión de asuntos comúns.
3. As áreas metropolitanas e agrupacións de comarcas regularánse por lei das Cortes valencianas, que se deberá aprobar nas mesmas condicións ca no apartado primeiro”.

Vemos, pois, que existe un mandato en ton imperativo –“son”– do estatuínte valenciano para a creación de comarcas (aínda que coa prudencia de esixi-la maio-

ría absoluta para aproba-la lei que as rexa), e que estas se configuran como clásico ente intermedio cunha dobre funcionalidade: de prestación de servicios comunitarios (Administración periférica da Comunidade Autónoma), e de entidade local agrupadora de varios municipios. Sen esquecer a explícita referencia ás posibles supracomarcas ("agrupacións de comarcas"), ou a esa especie de comarcas urbanas que serían as áreas metropolitanas, por máis que non pareza ter demasiado sentido común efectuar a regulación das supracomarcas nunha lei distinta da que establece as comarcas que as poden logo crear. É de observar tamén que –fose ou non conveniente unha ordenación racional– non existen límites (salvo os da LRBRL) para saltar por riba das liñas demarcatorias provinciais, como nalgún dos estatutos xa examinados. Así mesmo, a esixencia da maioría absoluta dos votos das Cortes valencianas, para aproba-la comarcalización, cabe considerala moi oportuna, nunha materia que non debe quedar exposta ás fáceis mutacións dos cambios políticos, nin nacer sen fundamentarse en amplos acordos de igual carácter.

Doutra banda, hai que referirse sucinta pero necesariamente, ó artigo 47 do Estatuto, que é o que imprime carácter ó suposto modelo que sinalabamos ó principio; precepto este que, de forma non casual, non menciona dun xeito explícito a provincia, senón o seu órgano de goberno e administración, a Deputación Provincial¹⁵⁷. No apartado 1º, opta por estas como "expresión dentro da Comunidade Valenciana, da autonomía provincial". O parágrafo 2º deste artigo regula un certo control daquelas vía delegación, que se confirma no punto 3º, onde se fai a declaración de intanxibilidade de todo aquilo que sexa de interese xeral da Comunidade, e onde se dispón unha posible delegación da execución nunhas áreas que xa están asumidas normalmente na actualidade polas deputacións provinciais. Así mesmo, establecese a fórmula da coordinación por parte da Comunidade Autónoma das funcións *propias* das deputacións que sexan de interese comunitario, para estes efectos, uniran os seus presupostos ós da Generalitat. No punto 4º explicitase que, nos supostos de delegación, as deputacións actuarán como institución da Generalitat, estando sometidas a tutela e control, a máis de –por suposto– á revogación da delega-

¹⁵⁷ A maioría dos autores inciden en que o contexto temporal e a Sentencia do TC do 28 de xullo de 1981, a máis das circunstancias políticas da Comunidade, impidieron unha decantación más absoluta –que non menos sentida– en contra da provincia e a prol da comarca.

ción (parágrafo 5º *in fine*) de se atentar –unha vez máis– contra o interese xeral da Comunidade; finalmente, tamén prevé o apartado 5º, a sistemática de cumprimento forzoso das obrigas que lles impoña a Comunidade Autónoma ás deputacións provinciais.

O fondo último que se transloce na idea estatutaria de coordinación, parece se-lo de limita-las competencias das deputacións provinciais (acaso como única forma de controlalas), e este é o sistema que articula a Lei 2/83, do 4 de outubro, declaratoria do interese xeral comunitario de determinadas funcións propias das mesmas, nun listado realmente moi completo e xeneroso que, por se fose pouco, se complementa cunha cláusula residual final pola que se engaden outras funcións calquera que se determinen, cos requisitos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía e na lexislación do Estado (disposición que ó cabio resulta bastante programática). Así mesmo, tamén asumirá a Comunidade a coordinación das funcións provinciais sobre as materias enumeradas, cando a actividade dunha deputación poida ter efectos que excedan do ámbito territorial provincial, e sempre que o exercicio das competencias provinciais sobre estas materias afecte a servicios ou competencias propios da comunidade (é dicir tódolos que non se reservase o aparato central do Estado). Permítese así, fixa-las directrices de actuación anualmente mediante disposicións emanadas polo órgano competente en materia de coordinación; o Consello da Generalitat (art. 3), garante o cumprimento das funcións, por un lado a través do mecanismo de incorporación ou integración orzamentaria, ou ben, a través do cumprimento forzoso (cfr. art. 47.5 do Estatuto).

Con todo, Fontana i Puig pensa que “la Llei de Coordinació de Diputacions no sols és constitucional, sinó més restrictiva del que posteriorment ha establest la Llei 7/85 en quasi totes les seus determinacions materials i formals”¹⁵⁸; e o certo é que o TC non lle quitou a razón a esta opinión, ó afirmar na súa Sentencia 27/87, do 27 de febreiro, que resolve o recurso interposto contra a lei que estamos a tratar, que dado que “a concreta configuración institucional da autonomía provincial lle corresponde ó lexislador”, haberá de se-la lei a que especifique e gradúe as competencias provinciais, “sen máis límite

¹⁵⁸ Artur Fontana i Puig: “Les relacions interadministratives á llei reguladora de les bases del règim local”, en *Revista Valenciana d'Estudis Autònòmics* nº 9, Valencia, Generalitat, 1987, p. 81.

có do reducto indispensable ou núcleo esencial da institución que a Constitución garante", tan pouco, case como nada e que considera respectado pola lei valenciana. Aínda que numerosos autores discrepan desta interpretación xurisprudencial, parece que o alto tribunal non é descoñecedor da irracionalidade que supón a concorrencia imposta entre comunidades autónomas e deputacións provinciais, e por iso, salvo no que é un ataque frontal ós mínimos constitucionais sobre a provincia (como a Lei catalana 6/80), acepta solucións experimentais como a valenciana, por máis que obviamente constrinxan pouco menos que ata anulalo, o poder das institucións provinciais (tan sequera en letra de lei); técnica que, malia todo, non é sinxelo que funcione con efectividade sen unha certa xerarquización, que non dependa exclusivamente do variable azar de vontades interadministrativas concordantes, das que, no caso español, resultaría difícil atopar exemplos.

Ténense desenvolvido as previsións desta lei en sucesivos decretos sectoriais, que son ademais unificados e refundidos nun só, a partir do Decreto 129/85, do 23 de agosto.

Máis pausadamente se avanza no camiño da comarcalización, ó non terse redactado aínda a lei prevista no Estatuto de autonomía (e tendo en conta tamén o dato de que 411 dos 534 municipios valencianos non superan os 5.000 habitantes, e malia o tradicional enraizamento das comarcas valencianas). Por Decreto 170/85, do 28 de outubro, da Consellería de Administración Pública, establecése o procedemento para a creación de demarcacións funcionais con incidencia territorial, afírmase no preámbulo que "resulta manifesto que de forma indirecta se está prefigurando a división territorial da comunitade desde ópticas moi diversas, todas elas xustificables. Sen embargo, co fin de facilitar e avanzar homoxeneamente na tarefa común de conseguir unha división comarcal, faise necesario establecer unha coordinación de todas aquellas demarcacións funcionais con incidencia territorial".

Na Lei 6/89, do 7 de xullo, de ordenación do territorio, sinálase novamente a necesidade da coordinación, ó teren actuado as administracións públicas territoriais desligadas da política rexional (preámbulo, II), polo que se

considera preciso resolve-los problemas territoriais da Comunidade Valenciana desde unha óptica supramunicipal (preámbulo, III). Procédese así a dividi-lo territorio en zonas para equipamentos supramunicipais no que se tomarán en conta –entre outros entes– as necesidades das comarcas (cfr. arts. 89 e 90), xa que un dos seus obxectivos básicos é paliar os desequilibrios comarcais de carácter económico, social e cultural (art. 4.4). Tamén se lexislou en materia de urbanismo (Lei 8/88, do 23 de decembro), sobre o territorio dunha comarca ben delimitada como é a Ribeira Baixa.

Doutro lado, por Decreto 99/86, do 30 de xullo, da Consellería de Administración Pública, creouse e regulouse o Consello Valenciano de Administración Local; e son tamén destacables en materia local, a extinción da corporación administrativa Gran Valencia (Lei 5/86, do 19 de novembro), do mesmo xeito que nos casos de Barcelona e Bilbao, e a súa substitución (contando cun maior número de municipios cá anterior) pola entidade local Consell Metropolità de l'Horta (Lei 12/86, do 31 de decembro, e Decreto 65/88, do 9 de maio da Consellería de Administración Pública).

15. Cataluña.

O feito de ter sido a comarca un dos mitos inherentes ó nacionalismo catalán, *versus* a estructura administrativa provincial imposta desde o centralismo de Madrid, sitúa a esta Comunidade Autónoma no vértice dunha insá polémica xurídica que intenta encubrir inutilmente as formulacións de fondo, e que contribúe a gastar esforzos de balde no achado sutil de lagoas e posibilismos legais, empecendo –ou freando– avanzar polo recto camiño de procura de estructuras organizativas territoriais, non só motivadas por peculiaridades diferenciais que, obviamente, serían moi palpables nas nacionalidades históricas, senón tamén e sobre todo pola persecución dunha maior dose de eficacia e un mellor fundamento participativo.

Neste sentido, o Estatuto catalán opta pola súa propia vía, sen disimulos nin ambaxes, xa desde o seu artigo 2, no que proclama que o territorio de Cataluña como Comunidade Autónoma (non lle pecha as portas ó futuro,

pois como nación ou nacionalidade histórica ten probablemente outras pretensiones) é *o das comarcas* comprendidas nas provincias de Barcelona, Girona, Lleida e Tarragona no momento de promulgarse o presente Estatuto. Nesta liña, o artigo 5, estructura a organización territorial de Cataluña en dous niveis, municipios e comarcas, podendo tamén crearse demarcacións supracomarcais (ademas de agrupacións metropolitanas e outras con fins específicos); será unha lei catalana a reguladora desta organización, sempre garantindo a autonomía das distintas entidades territoriais (*sic*), todas elas, pois. E todo iso, sen prexuízo do mantemento da provincia como entidade local e como división territorial para o cumprimento das actividades do Estado, ó abeiro do previsto nos artigos 137 e 141 CE. Cómpre mencionar tamén a disposición transitoria cuarta sobre a unidade dos presupostos das deputacións provinciais co da Generalitat, e a disposición transitoria sexta, 7º, segundo a cal as deputacións provinciais poderán transferirlle á Generalitat os servicios que requiran, pola súa propia natureza, un planeamento coordinado; non sería fácil atopar algúns que non cumprise esta condición. Desde logo o panorama exposto non deixa lugar a dúbidas sobre as pretensiones do estatuínte catalán no tocante á súa organización territorial.

O primeiro fito lexislativo catalán nesta dirección foi a Lei 6/80, do 17 de decembro, de transferencia urgente e plena das deputacións catalanas á Generalitat, e, habería que engadir, excesivamente clarificadora e simplista, posto que afirma no seu preámbulo que “o manteemento das funcións actuais das deputacións provinciais é un obstáculo para a nova ordenación territorial catalana. Polo Parlamento de Cataluña deberá establecerse (...) a institucionalización administrativa das comarcas e o establecemento de entidades supracomarcais que se adapten mellor cás provincias ás necesidades da sociedade catalana actual. Asumir este obxectivo significará (...) a transferencia á Generalitat [que non polo de agora ás comarcas] por parte das deputacións, das competencias e dos servicios que lles son propios facéndoas desaparecer”. A evidencia constitucional de existencia da provincia, provoca que o lexislador catalán busque a vía de substituí-lo seu órgano de goberno e administración como en-

tidade local polo que denomina Consello Territorial¹⁵⁹, corporación pública de natureza local, integrada por representantes das comarcas (históricas: Decreto do 27 de agosto de 1936) catalanas, pero que non tería funcións decisorias e de prestación de servicios, e nin sequera potestade financeira. Este baleirado motiva a liña interpretativa da garantía institucional do ente local que inicia o TC, precisamente na tantas veces citada Sentencia do 28 de xullo de 1981, que declara inconstitucionais os aspectos esenciais desta lei. Basicamente –aínda a risco de pecar de iterativos–, o tribunal só esixía a conservación da provincia como ente local de estructura representativa, dotado de autonomía e con algunas competencias que puidese decidir por si mesmo, pero o feito necesario de que provincia e Comunidade Autónoma teñan que coexistir, non empece que quen ten pola súa autonomía política, capacidade de lexislar, altere, reduza ou acrecente as competencias que a corporación de carácter representativo provincial posúa. A escasa sutileza da lei catalana, produciu a súa propia desfeita.

Pódese observar unha certa desviación cara á vía da coordinación, no Decreto 352/83, do 4 de agosto, creador das comisións de coordinación das deputacións en diversas áreas; pero, evidenciando que non é o camiño máis desexado, como se albisca no disposto na Lei 23/83, do 21 de novembro, de política territorial, na que se fala de que o Plan territorial xeral, se someterá á consideración das entidades locais supramunicipais (intenso circunloquio) con finalidades xerais (art. 8.4.b), e onde se menciona na disposición transitoria o mantemento da división comarcal de 1936. Insístese na distribución por comarcas no Decreto 40/83, do 31 de xaneiro, do Departamento da Gobernación, o cal dá a fórmula para a distribución territorial do Plan de obras e servicios, e tamén pola Orde do 1 de xuño mediante a que se modifica o regulamento do Consello Intercomarcal (comprende catro comarcas) das Terras do Ebro. Sen esquecer que neste mesmo ano, se promulga a Lei 2/83, do 9 de marzo, de alta montaña, na que está vivamente presente a cuestión comarcal, sendo o seu órgano rector un consello de comarca ó que se lle atribúe (art. 15) plena personalidade xurídica, natureza territorial e carácter representativo, e a este respecto, soamente sinalar con Tornos Mas¹⁶⁰ que “no se

¹⁵⁹ Nesta liña oriéntase a defensa da Generalitat ante o TC, ó declarar que a lei non suprime ningunha das catro provincias existentes, senón que se limita a substituí-los seus órganos de goberno, deputacións provinciais, por outras corporacións chamadas consellos territoriais; claro que isto se argumenta despois de dicir que a provincia non é un banzo indispensable na organización do Estado, que se teña que manter como intanxible nas CCAA, co que non resulta demasiado crible.

¹⁶⁰ Joaquín Tornos Mas: “El Ente comarcal en la Ley Catalana de Alta Montaña”, en *Organización Territorial del Estado (Administración Local)* vol. III, op. cit., p. 2665.

personifica la comarca sino el Consejo Comarcal”, o seu órgano de goberno.

Na abundante lexislación catalana, podería multiplicarse ata o aburrimiento a casuística reguladora desta índole, polo tanto unicamente mencionar a xeito de exemplo da persistente vontade manifestada polo lexislador catalán sobre a súa obstinación comarcá, a Lei 16/85, do 11 de xullo, de ordenación das estradas, na que establece que a rede básica de Cataluña inclúe vías inter e intracomarcais, e que a rede comarcal serve de soporte para a circulación entre os centros comarcas.

Na liña resumidora que anunciabamos, resulta imprescindible a referencia ó bloque normativo de 1987: a Lei 5/87, do 4 de abril, do réxime provisional das competencias das deputacións provinciais; a Lei 6/87, do 4 de abril, de organización das comarcas; a Lei 8/87, do 15 de abril, municipal e de réxime local; e a Lei 7/87, do 4 de abril, –de menor importancia para os nosos efectos–, de actuacións públicas especiais na conurbación de Barcelona e nas comarcas comprendidas na súa zona de influencia directa.

Intentando reconducir a un mínimo esquemático a lexislación citada, malia os riscos de certa simplificación que iso pode levar consigo dada a súa extensión, hai que dicir que as dúas primeiras leis son case inseparables, xa que mentres a primeira delas procura elimina-las deputacións provinciais, seguindo os parámetros pouco menos que espectrais da súa constitucionalidade, esquecendo quizais que a agonía das mesmas como formas abstractas, baleiras de contido –que ofrecerán sen dúbida resistencia á súa total desaparición– pode prolongarse en exceso, contrariando calquera solución pretendidamente económica e eficaz¹⁶¹. Pola súa banda, a segunda, pon as bases de futuro da substitución das deputacións, probablemente cun non moi correcto criterio de continuismo histórico desde o punto de vista da racionalidade, pero que tamén recolle o lexislador estatal na disposición adicional cuarta da LRBRL. Ámbalas leis, xunto coa núm. 8/87, instauran en Cataluña un modelo de organización territorial local articulado *provisionalmente* en tres niveis, e con tendencia a un modelo dual ou de dous niveis: municipios e comarcas.

¹⁶¹ Esta lei foi desenvolvida por decretos como o núm. 197/88, do 1 de agosto (e o núm. 72/90, do 5 de marzo), polos que se crea e amplía a Comisión Mixta de traspaso de servicios e recursos das deputacións á Generalitat e ós consellos comarcas.

Así, o respecto ó núcleo esencial da autonomía provincial, redúcese ás funcións ou competencias por parte das deputacións, de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica ós municipios e comarcas englobados dentro do seu territorio (art. 4 da Lei 5/87 e art. 88 da Lei 8/87); temas como se comproba de carácter moi xeñérico que, ademais, se poden ver notablemente interfe-ridos polas funcións –case idénticas– que segundo o artigo 82 da Lei 8/87 lles corresponden ás comarcas, e moito máis nas establecidas no artigo 3 da Lei 6/87, iso si, “sen prexuízo das competencias que neste ámbito lles corresponderán tamén ás deputacións provinciais”. E todo iso atá que “non se produzan as condicións legais que fagan posible que o Goberno e a Administración das provincias se integren na Generalitat coa conseguinte desaparición da división de Cataluña en provincias” (art. 1 da Lei 5/87), configurándose o seu desmantelamento mediante “a atribución de competencias das deputacións provinciais ás comarcas e á Generalitat cando así o esixa a natureza dos servicios afectados” (art. 2 da Lei 5/87), que, é de supoñer, será case sempre.

O final ou tal vez o principio do camiño emprendido estriba basicamente na conversión de Cataluña en provincia única, o que poden realizar constitucionalmente os “órganos centrais do Estado” a través dunha lei orgánica (art. 141.1 *in fine* CE; lémbrese que este condicionante foi engadido precisamente por unha emenda do Grupo Socialista entón minoritario, hoxe o máis numeroso en ámbalas cámaras), en opinión do lexislador catalán, co cal o órgano de goberno da dita Comunidade Autónoma uniprovincial –Generalitat– absorbería as funcións das antigas deputacións provinciais. O trámite para seguir explicítase na disposición adicional primeira da Lei 5/87. Compartímos-la opinión dalgúns autores que expresan que esta forzada técnica constituiría en certa medida unha fraude constitucional (desde logo non sería caso exclusivo na historia da Constitución de 1978); agora ben, pensamos que probablemente sería a única forma axeitada para que, quizais sen necesidade de reforma-la Constitución, algunha Comunidade Autónoma superase o impedimento de nula operatividade –a máis das motivacións da historia– que supón a imposición de actuacións nun mesmo espacio territorial de dúas admi-

¹⁶² “Las notas sobre el sistema de gobierno local vigente en Cataluña ponen de relieve que, hasta hoy, han existido serias dificultades para su configuración como un sistema residual. Estas dificultades han incidido en la posición de la comarca en el seno de la organización local de Cataluña, cuyo perfil institucional no ha podido ser objeto de un nivel importante de concreción. Porque a los condicionantes mínimos para su diseño como entidad local exponencial de los intereses de la comunidad comarcal, derivados de su carácter indirectamente representativo y de la imposibilidad de delimitación de un ámbito competencial material en la propia ley comarcal, se añaden los condicionantes derivados de una interpretación restrictiva de las normas autonómicas tendentes al progresivo cumplimiento deste objetivo. Esta interpretación ha impedido en gran medida, como mínimo hasta el momento presente, la asignación a la comarca de las funciones clave que le corresponden en el modelo dual de gobierno diseñado por el legislador autonómico, e incluso de algunas de las que deberían correspon-

derle en el sistema residual provisional. Por todo ello, y a pesar de la efectiva concreción de importantes opciones autonómicas relativas a la organización territorial, como la implantación de las instituciones comarcales, la redefinición del área metropolitana de Barcelona y la modernización y adecuación a las necesidades actuales del régimen local general, están aún pendientes de cristalización aquellas opciones capitales que debían permitir, fundamentalmente a través de las instituciones comarcales, la reforma indirecta del mapa municipal, con las consiguientes limitaciones que la ausencia de esta reforma comporta de cara a la efectiva asignación al gobierno local de las funciones de instancia primaria de participación de los ciudadanos en los asuntos públicos y de instancia de representación que institucionaliza y gestiona con autonomía los intereses de las colectividades locales". Montserrat Cuchillo i Foix: "La organización territorial de Cataluña: opciones y niveles de concreción", en *Autonomies* nº 12, Barcelona, Escola d'Administració Pública de Catalunya-Institut d'Estudis Autonòmics, 1990, pp. 41-42.

nistracions en certo modo con identidade de funcións. Outra cousa será que se leve ou non a cabo, posto que leva consigo outro tipo de connotacións (sobre todo electorais). Será o tempo quen o diga.

Dado por bo o éxito da hipótese, o sendeiro da provisionalidade está ateigado de obstáculos: a falta de acordos definitivos da Comisión Mixta creada pola Lei 5/87, e os conflictos xurisdiccionais entre entidades que se están a producir, eran algo tan previsible como indesexable; o feito de que o lexislador estatal sectorial pode atribuír-lles competencias ás deputacións lexítima a LRBRL (aínda que sexa pouco crible), e non sería –probablemente– posible que estas competencias fosen pola súa vez redistribuídas polo ente autonómico, sen esquece-la participación dos entes locais nos ingresos do Estado, dispostos por diversas leis orzamentarias; pero tamén na marxe da interferencia que sobre a acción territorial íntegra autonómica, supón o intervencionismo do aparato central do Estado, a mesma posta en marcha dun réxime de comarcalización integral, choca con múltiples dificultades inherentes ó mesmo, como se pode colixir do preámbulo da Lei 22/87, do 16 de decembro, de división e organización e elección dos consellos comarcais, cando di que "a división comarcal que establece a presente lei debe entenderse sen prexuízo do resultado final do procedemento especial de modificación do mapa comarcal establecido pola disposición transitoria primeira da Lei 6/87 do 4 de abril, da organización comarcal de Cataluña"; e tamén das tensións localistas que se manifestaron nas enquistas realizadas pola Generalitat en 1987, verbo da adscrición ás comarcas dos diversos municipios (hai mesmo algúns caso de capitalidade comarcal compartida). Ademais, ó non cumplirse a condición prevista na disposición adicional primeira da Lei 5/87 á altura de principios de 1993, estase tollendo o posible desenvolvemento da Administración periférica da Comunidade Autónoma por medio das comarcas e supracomarcas, a través do programa de acción administrativa territorial da disposición adicional segunda da mencionada lei¹⁶².

O comentario polo miúdo do citado bloque lexislativo con todo o interese que merece, superaría en moito as posibilidades deste traballo, polo que soamente denotaremos algúns aspectos esenciais útiles para os fins do mes-

mo; comezando pola configuración da comarca na Lei 6/87 como ente territorial (o que non se fixera na etapa da II República), e o feito de que a competencia propia (que deberá encher de contido o lexislador catalán) que se lle outorga en primeiro lugar, é a que versa sobre ordenación do territorio e urbanismo (art. 25.a), a máis da posibilidade de iniciativa lexislativa dos consellos comarcas (órganos de goberno e administración das comarcas) do título II (arts. 40 a 42). En canto á escolha dos membros do consello comarcal, esta realizaase en función dun complicado sistema que ten en conta –en distinta medida– tanto o número de concelleiros obtido por cada partido político nos municipios da comarca, coma o número total de votos que lograse na circunscripción comarcal, regulándose a cifra de representantes segundo os habitantes da comarca (arts. 20-24). Hai que mencionar tamén a creación da figura do xerente comarcal (art. 13.2), elemento de talante profesional, que segue a liña moi de moda noutros contornos, de reforma administrativa contrapesadora da extensión tentacular sobre a Administración da clase política e as súas clientelas.

Así mesmo, interesa resaltar que a organización comarcal abarca a totalidade do territorio, e que os ámbitos territoriais das comarcas coincidirán cos espacios xeográficos nos que se estructuran as relacións básicas da actividade económica, agrupando municipios con características sociais e económicas comúns (por iso se considera que a división histórica de 1936 pode ser inapropiada para a realidade actual), e, ademais, deberán se-los máis axeitados para facer efectivos os principios de eficacia, descentralización e participación na prestación dos servicios públicos (art. 2). A este respecto, a Lei 5 de 1987 considera que a demarcación supracomarcal (cun número que vén limitado só por abaixo e con criterios moi amplos para a fácil inclusión de novas comarcas) deberá constituí-la división básica para a organización territorial dos servicios da Administración da Generalitat. Por outra banda, o establecemento da división comarcal (arts. 4-6), prevé mecanismos más esixentes cós da mesma LRBRL, coa finalidade de buscar unha participación integral, que evite problemas nun futuro con algún ou algúns dos municipios conformadores das comarcas, criterio que nos parece gabable.

Da Lei 8/87, soamente queremos salientar, dun lado, a tipoloxía dos municipios de réxime especial: os que funcionen como concello aberto, os de montaña, os turísticos, os histórico-artísticos e os industriais; e, doutro, a regulación no seu título V sobre as entidades municipais descentralizadas: concentracións de poboación que, dentro dun municipio, constitúen núcleos separados; e tamén as previsións sobre interrelacións entre as comarcas e as mancomunidades municipais (título X), moi numerosas en Cataluña. Do título XIV (Información e participación cidadá), cómpre subliña-la importancia que se lles concede ás asociacións de veciños (art. 143), e a previsión lexislativa acerca de consultas populares municipais (arts. 144-146).

En desenvolvemento desta lei, promulgouse, por unha banda, o Regulamento de demarcación territorial e de poboación (Decreto 140/88, do 24 de maio), do que queremos resalta-lo elenco de desfuncionalidades territoriais que abarca o seu artigo 11 e os preceptos para a súa corrección que se delinean nos preceptos seguintes; así como o capítulo IV sobre as agrupacións de municipios: o artigo 39 da Lei 6/87 di a este respecto dos posibles lazos comarcrais, únicamente que se articularán as súas relacións mutuas sobre a base das técnicas de cooperación e colaboración en proxectos comúns do seu interese, o que, na nosa opinión, pode levar consigo unha desordenada e excesiva acumulación de entidades, pouco apropiada nunha pretendida simplificación administrativa. Tamén desta mesma lei emana a creación da Comisión de Delimitación Territorial (Decreto 282/87, do 27 de agosto), a Comisión de Cooperación Local (Decreto 112/88, do 5 de maio), e a Comisión de Goberno Local, órgano permanente de colaboración entre a Administración da Generalitat e as administracións locais (Decreto 118/88, do 5 de maio). Hai que dicir en referencia a isto, que o asociacionismo municipalista catalán ten un notorio –e probablemente beneficioso para a comarcalización– arraigamento, o cal é moi deseñable nunha Comunidade Autónoma con 940 municipios dos cales 811 non superan os 5.000 habitantes. Destacaremos tamén por último que, segundo a disposición transitoria segunda desta norma, as entidades locais menores e os municipios nos que se sitúan, teñen que manifestar nun prazo de un ano, a súa

vontade de continuidade como tales entidades descentralizadas, o cal entendemos é unha mostra de exquisito respecto ás unidades da convivencia social xuridicamente existentes, áinda que poidan obsta-la aplicación de determinados programas organizativos.

O desenvolvemento da Lei 6/87, ademais de provocar o cambio de carácter dos consellos comarcais de montaña (disposición transitoria cuarta), para adaptalos –ainda que conservando algunas peculiaridades– á nova normativa, motiva tamén a lóxica extinción do Consello Intercomarcal das Terras do Ebro (Decreto 28/90, do 23 de xaneiro), e ademais –como era natural– modificacións no mapa comarcal incluído na mesma (recentemente Lei 3/90, do 8 de xaneiro, pero xa antes Lei 5/88, do 28 de marzo, de creación das comarcas do Pla de l'Estany, Pla d'Urxell e Alta Ribagorça), dado o anacronismo nalgúns supostos da redacción do ano 1936. En resumo, segundo a Castro Alcaide, o modelo comarcal catalán, non se atopa máis que en estado embrionario e non é sinxelo extraer conclusións definitivas, “el reto de que llegue a arraigar en el tejido social en el que está inserto es tanto de los responsables políticos como de la población en general, que es, en último extremo, hacia la que se dirigen las acciones de cariz comarcal. Reto que sólo podrá ser evaluado cuando las comarcas cuenten con mayores niveles de autonomía que les permitan actuar más allá de los corsés institucionales en los que están insertos actualmente”¹⁶³.

Verbo da lei 7/87 (e Decreto que a desenvolve núm. 5/88, do 13 de xaneiro), soamente hai que valora-la incidencia que de maior peso político dos partidos gobernantes na Generalitat se pretende buscar na área barcelonesa e que destacou Martín Mateo¹⁶⁴, no que se poden enxergar as dificultades da neutralidade a efectos de posibles incidencias electorais no establecemento de novas demarcacións territoriais.

Tamén hai que mencionar, polo interese que comparativamente poida ter para Galicia, unha Orde do 23 de xaneiro de 1984 do Departamento de Agricultura, Ganadería e Pesca, que define e delimita accións de mellora nas que denomina *zonas periurbanas* (rurais en territorio urbano)¹⁶⁵.

¹⁶³ Román Castro Alcaide: “Los Consells Comarcals. La Comarca del Baix Llobregat”, en *REALA* nº 248, Madrid, MAP-INAP, 1990, p. 824.

¹⁶⁴ Ramón Martín Mateo: *Entes locales complejos*, Madrid, Trivium, 1987, pp. 243 e ss.

¹⁶⁵ A definición que dá das mesmas é bastante precisa e, en parte, aplicable ó caso galego: “Enténdese por zona periurbana aquela área de ámbito rural situada no contorno dun hábitat densamente poboado, que foi sometida a unha forte expansión industrial, urbanística ou de servicios, e onde, en consecuencia, existe un grave deterioro das redes de camiños rurais e drenaxes, unha alteración da calidade das augas para a rega, un aumento do valor do solo, así como un aumento do índice de roubos e danos por irrupción de persoas alleas á agricultura” (art. 1).

Case para finalizar, parece oportuno facer unha breve referencia á regulación especial que merece o territorio do Val de Arán, xa querida pola disposición adicional primeira do Estatuto de autonomía, e desenvolvida pola Lei 16/90, do 13 de xullo, do réxime especial do Val de Arán, que o configura como entidade local territorial determinada pola agrupación dos territorios municipais que se mencionan (art. 1), e que, ademais, non se poderá incluír en ningunha división territorial de Cataluña que non sexa el mesmo (art. 3).

Unha última anotación resulta precisa en torno á disposición adicional cuarta da LRBRL, que exceptúa o réxime xeral de constitución de comarcas do seu artigo 42.2, a prol dunha posible imposición normativa da Assemblea Lexislativa catalana, con base nunha serie de argumentos faltos de consistencia xurídica e só explicables por razóns políticas. Así, o veto de creación de comarcas que poden exerce-las dúas quintas partes dos municipios que se debesen agrupar en cada unha delas que lle parece xusto ó lexislador básico estatal no artigo 42.2, pasa a ser parcial e minoritario –evidentemente o é pero entón por que non se flexibiliza o anterior criterio xeral– na disposición adicional cuarta. Doutra parte, o argumento de que a previsión estatutaria catalana pretende estende-la institución comarcal á totalidade do seu territorio, resulta claramente discriminatorio en relación con outras CCAA que teñen redactada a súa norma institucional básica en case idénticos termos (cfr. por exemplo Murcia, A Rioxoa ou Asturias, por non citar Galicia); iso sen contar con que o choque de normas que pode supor –que de feito supón o citado precepto da LRBRL con algúns estatutos de autonomía, claramente se ha de resolver a favor do que disponan estes. Por fin, o fundamento de ter aprobado Cataluña no pasado unha organización comarcal, xa foi deostado pola maioría da doutrina cando o empregou a CE na súa disposición transitoria segunda para xustificar as nacionalidades, ou polo artigo 43 (provincias con entidade rexional histórica) que deu paso ás CCAA uniprovinciais; sen contar que nestes casos puido estar máis xustificada ó estar elaborando unha difícil Constitución nun delicado momento, o uso con demasiada profusión desta fórmula pode levar consigo certos riscos de ser adoptada en novos casos polo lexislador, para os que sempre

poderían existir vagas ou concretas circunstancias históricas que os xustificasen.

Como epítome hai que sinalar que, indubidablemente, a Comunidade Autónoma catalana demostra na súa producción lexislativa, ser con moito a máis preocupada das existentes por crear un réxime local propio que reduza á supletoriedade as disposicións estatais. De todos os xeitos, e sen pretender buscar culpables, os niveis de xudicialización alcanzados nesta temática son cando menos indesexables, e, ademais, os camiños trazados fan gala dun certo neocentralismo autonómico (quizais por interferencias do Estado ou quizais non), que, ó noso entender, non pode ser recomendable como exemplo para seguir; e a iso non son alleos factores de índole política que impiden ou dificultan (deixando á marxe a existencia das deputacións provinciais), racionalizar definitivamente co modelo de dous niveis o réxime local de Cataluña.

16. Castela e León.

O feito de deixar esta Comunidade e a do Principado de Asturias para o final, está fundamentalmente xustificado pola súa proximidade xeográfica, cultural, social, económica, histórica e mesmo xurídica con Galicia, ata o punto de empregarse áinda hoxe o idioma galego de forma maioritaria, como lingua vehicular, nas zonas lindantes de ámbalas CCAA. A isto engadímoslle, a razón de ter lexislado ambas sobre a comarca e, a asturiana, tamén acerca da parroquia, o que manifesta unhas connotacións de contiguïdade xurídica que é de xustiza valorar.

A dispersión, e o defectuoso e asistemático encadramento ó longo do texto estatutario, da organización territorial de Castela e León (arts. 2, 19, disposición transitoria séptima, etc.), pódese entrelazar co dificultoso percorrido de acceso á autonomía desta Comunidade, improvisador e carente de raciocinio e sentido común, que deixou polo camiño Santander e Logroño, e que recuperou coa intervención de organismos superiores do Estado León e Segovia (desprovista esta última da entidade rexional histórica, que parece ser que tiñan as outras), e orixinou non poucos problemas con Burgos¹⁶⁶.

O resultado final –a todas luces criticable–, comeza na

¹⁶⁶ Incluso a denominada "Junta Pro-Burgos Cabeza y Defensa de Castilla", efectuou unha proposta para que o Tribunal de Estrasburgo rexitase a incorporación de León e Segovia á Comunidade Autónoma de Castela e León ou, subsidiariamente, solicitou que se recoñecese o carácter dual desta.

redacción do artigo 1.1 do Estatuto, no que hai necesidade de apelar a un suposto vínculo histórico e cultural das nove provincias que integran a rexión, pola que, desde logo, non optaron a maioría das provincias do antigo Reino de Castela¹⁶⁷. O artigo 2 declara que “o territorio da Comunidade de Castela e León comprende o dos municipios integrados nas provincias de...” (oito, mailo posterior engadido por Lei orgánica 5/83, do 1 de marzo, de Segovia), redacción que non deixa lugar a dúbidas, pero que non se parecía á do primeiro trámite parlamentario, o teor literal do cal dicía que “o territorio da Comunidade Autónoma de Castela e León comprende o das *actuais* provincias...”¹⁶⁸.

Pola súa parte, o artigo 19.1, configura o municipio como a entidade territorial básica da Comunidade, encomendándolle os concellos o seu goberno e administración; o punto 2º deste precepto, establece que a provincia como entidade local xestioná os seus intereses específicos a través da deputación. No artigo 20, defíñese o esquema que relaciona Comunidade Autónoma-provincia, de maneira idéntica á doutros estatutos comentados: técnicas de coordinación, de delegación [non só nas deputacións, senón tamén nas restantes corporacións locais (*sic*)], e a xa criticada de articula-la estructura dos servicios periféricos propios da Comunidade, por medio das deputacións provinciais de maneira obligatoria.

No que se refire á comarca, o artigo 19.3 establece que “polas correspondentes leis das Cortes de Castela e León, específicas para cada suposto, poderanse recoñecer comarcas, mediante a agrupación de municipios limítrofes, atendendo ó informe previo dos municipios afectados e ás súas características xeográficas, económicas, sociais e históricas, para a xestión en común dos seus servicios ou a colaboración no exercicio das súas competencias. O profesor Rivero Ysern estima, en referencia a esta disposición, que “la dimensión comarcal se contempla en el Estatuto con una óptica muy reducida, de escasa visión (...), se está pensando exclusivamente en una comarcalización de municipios, ya que se habla de una gestión en común de sus servicios (los municipales) o colaboración en el ejercicio de sus competencias. Tales planteamientos pueden hacerse efectivos a través de las agrupaciones forzadas de municipios, de las mancomunidades voluntarias o

¹⁶⁷ As sentidas e agudas achegas ó respecto de Ángel Sánchez Blanco, aparecen nos seus artigos no libro *Comentarios al Estatuto de la Comunidad Autónoma de Castilla y León*, Madrid, MAT-EAL, 1985.

¹⁶⁸ Artigo 2 dos proxectos publicados nos boletíns oficiais das Cortes do 26 de setembro de 1981 e do 3 de decembro de 1982.

de convenios, conciertos o contratos interadministrativos”¹⁶⁹. Habería que engadi-lo miope exceso de receo que se colixe da redacción do lexislador estatutario cara ó feito comarcal, que parece ignora-las utilidades dun ente local intermedio, e tamén a selección do antieconómico mecanismo de ter que elaborar unha lei –coas regulacións diferenciadoras que poidan conter– para cada suposto de establecemento dunha comarca.

Agora ben, sen dúbida hai que subliñar que a crítica más afinada, pola súa pescuda nas forzas profundas que provocou esta clase de normativa, é a que efectuou o profesor Sánchez Blanco, cando opina que a liña de tendencias que se encerra neste Estatuto de autonomía, é o bloqueo da dinámica social da Comunidade¹⁷⁰. Máxime cando a solución intermedia –que quéirase ou non leva a xenérica denominación de comarca–, resulta pouco menos que unha necesidade imperiosa no caso dunha Comunidade Autónoma con nove provincias mal cohesionadas e con centros de dependencia diversos e alleos á propia Comunidade, e con “2.300 municipios (e 6.700 núcleos de poboación) dos cales un 97% son menores de 500 habitantes e só 248 superan os 1000”¹⁷¹, e só 19 municipios teñen máis de 10.000¹⁷², e, malia iso, o art. 19.3 impón uns “condicionantes pensados más en función de propósitos paralizantes que en función de la solución de problemas y superación de obstáculos institucionales”¹⁷³. Datos estes que, aínda son más preocupantes, se atendemos á situación de penuria económica case depresiva de moitos municipios da rexión, que se atopan en franco proceso de regresión mesmo da poboación, polo que, se problemático é o inframunicipalismo catalán, en Castela e León alcanza visos de auténtico dramatismo.

Aséntase así, unha estructura institucional autonómica de cariz marcadamente neocentralista, desvertebrador e mantedor de desequilibrios, conservando focos de poder intocables ata por simple coordinación (claramente no caso das deputacións provinciais, que lembran ás veces coa súa actuación tempos pasados). Insiste o último autor citado, en que a comarca pode servir para corrixilas discordancias provocadas polo modelo económico que orientou os plans de desenvolvemento, e para introducir criterios de equilibrio territorial, evitando diferenciacións nos niveis de prestación de servicios públicos,

¹⁶⁹ Enrique Rivero Ysern en: *Comentarios al Estatuto...*, op. cit., p. 147.

¹⁷⁰ Ángel Sánchez Blanco: *La vertebración Comunidades Autónomas-Administración Local: la estabilidad del mapa autonómico en el conflictivo caso de la Comunidad Autónoma de Castilla y León*”, en *Organización Territorial del Estado (Administración Local)* vol. III, op. cit., p. 2456.

¹⁷¹ Ángel Sánchez Blanco: “*La comarca en Castilla y León: problemática jurídico-constitucional*”, en *REALA* nº 230, Madrid, MAP-INAP, 1986, pp. 209-239.

¹⁷² Iso sen entrar a analizar datos por provincias que resultan aínda más trágicos, pois, por exemplo, na de León hai máis de 1.500 entidades locais menores e de 213 municipios só 5 teñen máis de 10.000 habitantes; en Burgos, 3 de 372; en Ávila, 1 de 247; outro en Palencia de 191; 3 en Salamanca de 362; 1 en Soria de 183; 2 en Valladolid de 225; 1 en Zamora de 249; e outro en Segovia de 247.

¹⁷³ Ángel Sánchez Blanco: “*La vertebración...*”, op. cit., p. 2458.

como feito socialmente inxustificado e economicamente desaconsellable, se se quere unha estructuración que evite a desertización de amplas zonas do territorio castelán-leonés, para constituir unha malla de poboación dinámica que permita a idónea explotación dos recursos territoriais de maneira endóxena¹⁷⁴.

A pesar do panorama representado, o ente autonómico parece querer efectuar certos e tímidos progresos no camiño da comarcalización. Así, no Decreto 46/83, do 12 de agosto, estimúlase a realización dun estudio comarcalizador, e polo Decreto 12/84, do 24 de febreiro, créase a Comisión de Comarcalización, que conta cunha certa amplitud de funcións sobre a materia, á hora de realizar propostas e asesoramento para a Xunta da Comunidade. Así mesmo, co Decreto 110/84, do 27 de setembro (modificado polo Decreto 134/84, do 21 de decembro), de fomento das mancomunidades municipais, conseguiuse un certo florecemento das mesmas, ás que, curiosamente, os decretos de constitución adoitan denominar comarcas (o que amosa o seu tradicional arraigamento): por exemplo, Decreto 31/86, do 13 de febreiro, comarca de Madrigal de las Altas Torres (Ávila); Orde do 2 de xullo de 1986, comarca de Sayago (Zamora); Orde do 8 de xullo de 1986, Ribera del Duero-Comarca de Roa (Burgos); Orde do 9 de xaneiro de 1989, comarca de Peñaranda (Salamanca); Orde do 19 de novembro de 1990, comarca de Saldaña (Palencia), etc.; incluso algunas son interprovinciais: Orde do 21 de outubro de 1986, Mancomunidad Municipal Alvisán, integrada por diversos municipios de Valladolid e Segovia; Orde do 6 de febreiro de 1989, Mancomunidad Interprovincial castelá, con municipios de Ávila e Segovia. Así mesmo, por Orde de maio de 1989, creáronse as seccións agrarias comarcals (denominadas en disposicións posteriores, como a Orde do 26 de febreiro de 1990, seccións comarcals agrarias).

Pero o fito lexislativo sen dúbida más destacado en materia de comarcalización en Castela e León, é a Lei 1/91, do 14 de marzo, de creación e regulación da comarca do Bierzo. Xa anteriormente, se constituíran as mancomunidades municipais do Bierzo Alto (Orde do 16 de outubro de 1989) e do Bierzo Oeste (Orde do 7 de marzo de 1990), compostas por diversos municipios todos eles abarcados agora pola nova comarca, áinda cando non se re-

¹⁷⁴ Cfr. Ángel Sánchez Blanco: "La Comarca como factor de coherencia regional", en RAP nº 90, p. 315.

gule a desaparición das citadas mancomunidades nin se establezan mecanismos de coordinación ou relacións das mesmas coa comarca, o que nos parece censurable desde o momento en que os fins daquelas quedan diluídos entre os do novo ente comarcal, polo que o expediente acumulativo é disfuncional e tamén absurdo, posto que aínda da que desapareza na práctica, se mantén *de iure*.

No tocante á lei en si, non favorece en absoluto o posible pleno desenvolvemento dunha entidade comarcal de tal carácter, e incluso presenta non poucos signos de desconfianza cara á mesma. Así, na exposición de motivos mestura, igualándoos, os artigos 141.3 e 152.3 CE, dos que di que se refiren ás comarcas sen nomealas. Idéntico prurito de falaz historicismo xustificativo do que está imbuído –como mencionabamos– o estatuínte castelán-leonés, resulta detectable neste texto, cunha inauténticidade científica alarmante.

O carácter municipalista, case anticomarcal (da lei, que non dos municipios que conforman a comarca, que tiñeron que exercer fortes presións políticas, e mesmo veladas ameazas de proximidade a Galicia ou de independencia provincial do Bierzo, para consegui-la promulgación desta norma) está agudamente resaltado: así, á marxe do sistema representativo, totalmente indirecto e mediatizado (os membros do Pleno do Consello Comarcal son concelleiros dos respectivos municipios, designados en función dos resultados obtidos nas eleccións locais), configúrase a Comarca do Bierzo como entidade local a secas, sen usar nin como fórmula de estilo a cláusula de que goza de personalidade xurídica propia para a xestión dos seus intereses, sendo o seu ámbito territorial o dos municipios que a integran (art. 1). No artigo 7, lémbrese, nos dous breves parágrafos que o compoñen, que o Bierzo está constituído pola agrupación de municipios, cos que a comarca pode incluso establecer convenios de cooperación (apartado 2º), por desatinado que pareza; e, segundo o artigo 25, existirá obrigatoriamente un posto de traballo denominado Secretaría con habilitación de carácter nacional, pero é sen embargo potestativo o nomeamento dun xerente comarcal. A organización comarcal (Pleno, presidente e Comisión de Goberno), reproduce o esquema ordinario de concellos e deputacións provinciais. O réxime de funcionamento é o establecido

na lexislación de réxime local xeral (art. 24), e, referíndose ó réxime económico, hai que dicir que pensamos que a comarca subsistirá a duras penas, se os municipios que a compoñen –sempre con facendas en constante penuria, unha das causas de forma-la comarca–, ou o Fondo de Cooperación Local –intervido por organismos alleos á comarca–, non o impiden. Obsérvase ademais o cuño mancomunador de municipios da norma, na posibilidade expresada polo seu artigo 1 de futura incorporación dalgún outro municipio limítrofe, o que non parece moi acorde coa substancia singularizadora (no só histórica) que posúe o Bierzo, e da que se facía gala na exposición de motivos.

Engadámoslle, doutro lado, a falta de lexislación autonómica propia, o que fai precisa a remisión (art. 3) á regulación prevista con carácter xeral no arigo 4.1 da LRBRL (precepto por certo referido a administracións públicas *de calidad territorial*). Pola súa parte, o artigo 9 sitúa a comarca do Bierzo como un ente xerarquicamente inferior á Deputación de León, ó articula-lo sistema de delegación de certas competencias, supeditándoa á boa vontade desta última, ou da dos municipios que integran a comarca (art. 7.1). E verbo das competencias propias (art. 4), dependerán das que lle atribúan as leis sectoriais (obsérvese o insensato que sería crear unha comarca exenta de competencias; no art. 25 da Lei catalana 6/87, dicíase que se lle outorgarían competencias á comarca en calquera caso), menciónanse, en primeiro lugar, as relativas á ordenación do territorio e urbanismo, e cópianse na mesma orde e en tódolos seus puntos excepto no ensino¹⁷⁵ que non se cita, as competencias do artigo 25 da Lei 6/87 de Cataluña, engadíndoselle algunas outras características da identidade berciana, como a agricultura, gandería e montes, minería, enerxía e promoción industrial, feiras e mercados comarcais, etc., nun listado sen dúbida abondo completo.

O problema é que, resumindo, a norma achega ben pouco, posto que o carácter de comarca do Bierzo resulta ser meramente nominalista, xa que simplemente mancomuna pequenos municipios que, agrupados, estarán subordinados ó férreo centralismo do lexislador autonómico e ós recursos da Deputación Provincial de León. Non resulta, polo tanto, estranxo, que non satisfaga a

¹⁷⁵ O que se xustifica talvez por ser –nunha expresión que vén de vello-territorio do MEC.

case ningúén, malia os esforzos que custou a súa aprobación.

Hai que comentar, por outra banda, a Lei 6/86, do 6 de xuño, que regula as relacións entre a Comunidade Autónoma e as entidades locais (xa no Decreto 118/84, do 25 de outubro, se estableceron normas de cooperación entre elas, para intenta-la participación das mesmas nas actuacións sectoriais programadas polas diversas consellerías da Administración autonómica), e da que se pode dicir que, en realidade, non é tal, ou que posúe un falso título. Xa no seu preámbulo especifica que a clave, tanto do desenvolvemento e benestar comunitarios, coma do proceso de afondamento democrático, é o artigo 20 do Estatuto (lémbrese, relacións Comunidade Autónoma-deputacións provinciais), e non o artigo 19 (municipios, provincias, comarcas), malia que se menciona de pasada; e, de feito, o artigo 5 desta lei, concreta que as transferencias e delegacións ás que se refiren os preceptos anteriores, poderán realizarse soamente a prol das deputacións provinciais e/ou dos municipios de máis de 20.000 habitantes (12 en total). Estas son as únicas entidades locais que existen para esta norma (as comarcas e outras entidades locais tamén se mencionan pero sen atribucións), pois xa o título II da mesma regula a transferencia, o III a delegación, o V a coordinación, e o IV os órganos de colaboración.

Os decretos que desenvolven esta lei, destilan igual vocación provincialista; así, o referido á creación e regulamentación do Consello de Cooperación da Administración da Comunidade Autónoma coas provincias de Castela e León (núm. 112/86, do 24 de xullo), ou o do Fondo de Cooperación Local da Comunidade (núm. 108/89, do 31 de maio), no que a parte territorializada do mesmo nos presupostos da Comunidade é atribuída ás respectivas deputacións provinciais (art. 2), e as axudas con cargo á parte non territorializada, se dirixen ós municipios de máis de 20.000 habitantes (arts. 11 e 12). E no tocante ó Fondo de Compensación Rexional (Lei 8/89, do 9 de novembro), manexa tamén como ente intermediador decisivo as deputacións provinciais (cfr. arts. 3.1, 6, 7, etc.).

Finalmente, hai que facer notar, tanto a disposición adicional segunda do Estatuto, na que se incide no tañante prioritario da cooperación coas CCAA de Cantabria

e A Rioxa, dados os especiais vínculos históricos, políticos e culturais que con elas ten Castela e León; como as disposicións transitorias séptima e oitava, que xa comentamos der vagar noutros traballos¹⁷⁶; na primeira delas (mal titulada de "Incorporación de provincias limítrofes", posto que fala de CCAA que se disolván), estase pensando en variacións territoriais que impliquen (parágrafos 1º e 2º) a incorporación dunha Comunidade Autónoma que decida desfacerse (serían os supostos de Cantabria e A Rioxa), ou ben (parágrafo 3º) na segregación de enclaves. Sen embargo, a oitava –intitulada– si fala literalmente de incorporación de provincias limítrofes, algo que si podería autorizar unha lei orgánica, mais só no caso –que é o que aquí racionalmente se pode cuestionar, por improbable que hoxe pareza– de disolución dunha Comunidade Autónoma uniprovincial, e por iso o Estatuto prevé un mecanismo de reforma inmediata do seu artigo 2 (enumeración das provincias da Comunidade de Castela e León), pero que non exclúe os da disposición transitoria séptima, 1º e 2º que son os mesmos cós do artigo 43 do Estatuto (da súa reforma), polo que semella unha reiteración inútil ademais de sumamente escura, dado que a lei orgánica se sobreentende que é requisito imprescindible.

17. Principado de Asturias.

O seu Estatuto de autonomía emprende unha decidida traxectoria comarcalizadora, nun intento de resolvelos problemas que afectan a moitos pequenos municipios e núcleos de poboación desta rexión, tanto como buscando a orientación de valida-las bisbarras como circunscripcións territoriais periféricas da Comunidade Autónoma, o que, dado o seu carácter uniprovincial, resulta relativamente sinxelo. Así, o artigo 6 sinala:

1. O Principado de Asturias organízase territorialmente en municipios, que recibirán a denominación tradicional de concellos, e en comarcas.
2. Recoñeceráselle personalidade xurídica á parroquia rural como forma tradicional de convivencia e asentamento da poboación asturiana.
3. Poderán crearse áreas metropolitanas".

Parece albiscarse unha gradación de maior a menor

¹⁷⁶ Álvaro X. López Mira: *Unha aproximación ás variacións...*, op. cit., pp. 19-20. tamén *Ibid.*: "Posibilismo xurídico de reintegración administrativa non marco legal vixente", en *Comunicacións I Congreso da Lingua e a Cultura galegas en Asturias, León e Zamora*, Vigo, Clube Cultural Adiante, 1992, pp. 55-56.

nos tres puntos deste precepto, no tocante á obrigatoriedade dispositiva do lexislador asturiano postestatutario.

Así mesmo, como noutros estatutos de CCAA uniprovinciais vistos, tamén os municipios asturianos posúen iniciativa de reforma estatutaria (art. 56.1), só que aquí únicamente se fala de dous tercios dos municipios, sen especificar a canta poboación da rexión deben representar. Malia esta lagoa, cremos que non cabe outra solución que non sexa a de que se trate polo menos dunha maioria de asturianos con capacidade de voto os que poidan decidir sobre un tema de tanta importancia.

Pola súa banda, o artigo 24.6 dispón que lle compete á Xunta Xeral do Principado, "regula-la delegación de competencias administrativas do Principado en un ou varios municipios ou nas organizacións territoriais ás que se fai referencia no artigo sexto", como acabamos de ver, parroquias, comarcas e áreas metropolitanas.

En coherencia con esta liña, aparece xa un paquete lexislativo apreciable, sobre todo a partir de 1986. Así, xa por Resolución do 20 de xuño de 1984 da Xunta Xeral do Principado, ínstase ó Consello de Goberno a elaborar unha serie de normas sobre organización territorial de Asturias, o que este concreta nun documento no mes de maio de 1985, incidindo na peculiaridade estructural asturiana do artigo 6 do Estatuto, e previndo os campos de actuación seguintes: fusión de municipios, creación de comarcas e tamén de mancomunidades e, así mesmo, de parroquias rurais e ordenación das entidades locais menores. E, por fin, en 1986, pola Lei 3/86, do 15 de maio, regúlase o procedemento de creación de comarcas, e pola Lei 11/86, do 20 de novembro, faise operativo o reconocemento da personalidade xurídica da parroquia rural.

A primeira delas, moi breve (nove artigos e tres disposicións finais), posúe unha índole basicamente procedemental e déixalle a normativización substantiva a cada unha das comarcas a medida que se vaian dictando as leis que as creen (art. 9); é dicir, que o cumprimento do artigo 6.1 do Estatuto de autonomía queda ó acaso da iniciativa vecinal ou dos concellos (art. 4.a e b), xa que a Xunta Xeral do Principado soamente creará comarcas con carácter excepcional (art. 4.c). A textura deste procede-

mento acusa un velado signo antiestatutario, posto que non lle outorga á comarca natureza de organización territorial necesaria, baseado nun aparentemente impoluto e exquisitamente democrático principio de iniciativa popular (ou municipal); con todo, semella misión praticamente imposible, que polo menos o cincuenta por cento dos veciños legalmente empadroados dos municipios que queiran converterse en comarca, subscriban esta petición ante a Comunidade Autónoma; e, doutro lado, hai que preguntarse que concello ou concellos tomarán esta iniciativa –alimentando possibles desconfianzas noutros polas ansias de ocupa-la cabeceira comarcal–, e tendo que poñerlle o axóouxere ó gato do documentado estudio xustificativo que se esixe (art. 7) que acompañe a petición de creación dunha comarca, máxime coa penuria de medios cos que contan os pequenos municipios, que son os que poden estar máis interesados, e sendo eles mesmos os que han de designa-la cabeceira de comarca¹⁷⁷.

Iso sen contar con que ademais do veto da LRBRL (art. 42.2), esta lei engade a posibilidade (art. 5.1) de que tan só un ou dous municipios moi poboados (se representan a metade do censo electoral do posible territorio comarcal), se opoñan ó establecemento da comarca que deba englobalos, pese a que o mesmo preámbulo da norma menciona que o veto poderá exercelo unha maioria cualificada, habería que engadir de concelleiros que non de veciños (coas distorsións que para estes efectos causa o noso sistema electoral local: barreira de mínimos, mellora da lista ou listas más votadas, etc.); e áinda a remata o artigo 5.2, dicindo que de non prospera-la iniciativa, só se poderá reiterar unha vez que se produza a renovación por elección (*?como senón?*) dos concellos dos municipios afectados.

A todas luces, o procedemento resulta mendicantemente peticionario e de moi difícil aplicación, como de feito demostra a práctica, posto que despois de preto de sete anos de promulgada esta lei, non temos noticia fidedigna de que se fundase ningunha comarca no Principado de Asturias. Finalmente, a última mostra dos demoledores atrancos que nos fan cualificar de antiestatutaria esta norma, témola no sistema para poder reformala, xa que nela se preceptúa o sometemento ó informe de tó-

¹⁷⁷ Non obstante, a Administración rexional, suplirá a realización deste estudio bastando con que Ilo solicite un concello interesado (art. 7 *in fine*).

dolos concellos asturianos do proxecto de reforma (disposición final segunda). Tanto isto, como a iniciativa e apoios veciñais, coma o trámite de información pública para presentar alegacións (art. 8.1), serían medidas acaso correctas situadas noutro contexto lexislativo que, polo menos, as contrapesase un pouco co intervencionismo técnico de Goberno e Parlamento autonómicos, se non os supostos sistemas participativos para a creación de comarcas non serán más que formas sen fondo.

Por último, convén facer referencia á configuración da comarca asturiana nesta lei como entidade local supramunicipal, dotada de personalidade xurídica e integrada por municipios limítrofes (arts. 1 e 2), onde –malia o disposto nos arts. 6.1 e 24.6 do Estatuto de autonomía–, se prescinde (quizais por non consideralo indispensable, ou acaso por temor á LRBRL, ó se-la primeira lei comarcalizadora que seguía no tempo as súas imposicións, as cales como vimos reborda xenerosamente) de caracterizalas como categorías xurídicas territoriais; agora ben, tampoco se recalca (como na Lei de creación da comarca do Bierzo), que o que esencialmente e case nada máis son as comarcas, e a quen deben a súa posible e sempre precaria existencia, é á agrupación dos municipios que a conforman, tendo polo tanto un estilo menos aceiradamente municipalista.

En relación coas parroquias, hai que sinalar que sempre gozaron dun grande enraizamento, especialmente na zona occidental do Principado, ata o punto de que posuían as súas propias ordenanzas, nas que se regulaba non só o referente a bens e aproveitamentos comunais, senón a propia organización parroquial, incluída a asemblea veciñal ou concello aberto, sobrevivindo as institucións parroquiais más ou menos na marxe da lei, desde a instauración do réxime municipal (178).

En canto á Lei de parroquias rurais, estas, do mesmo xeito que dispón o Estatuto de autonomía, defínense como:

- rurais.
- formas tradicionais de convivencia e asentamento da poboación asturiana.
- recoñéceselles personalidade xurídica.
- entidades locais inframunicipais (este é un engadido

¹⁷⁸ Cfr. Xosé Fariña Jamardo: *A personalidade da parroquia rural*, Vigo, Setembro, 1976, pp. 99-104.

do art. 1 da lei, non mención estatutaria). Polo tanto, tampouco se explicita o seu carácter territorial (por máis que se sobreentenda, aínda que nada máis fose por esta última mención), se ben a propia lei parece non telo moi claro noutrous preceptos seus (cfr. art. 8.b).

Segundo o artigo 2, poderán posuír personalidade xurídica de parroquia rural, cada grupo social asentado nun ámbito territorial determinado que esixirá a existencia dun núcleo veciñal (non de poboación como dicta a LRBRL no seu art. 45) definido, separado dos que se integran no concello, no que concorran intereses propios distintos dos xerais da entidade municipal (co cal esta sempre podería alega-la coincidencia dos mesmos), ou ben o goce comunitario de bens patrimoniais non municipais, aínda que non estean sometidos ó réxime de montes veciñais en man común regulado pola Lei 55/80, do 11 de novembro, aspecto este último que, interpretado *sensu contrario*, parece implicar que alí onde coincidan dalgunha maneira intereses veciñais de xuntas de montes¹⁷⁹ con núcleos veciñais definidos, resultará facilmente propicia a creación do ente parroquial. Hai que sinalar que, ó noso entender, se complicou excesivamente o intento de defini-lo suposto de feito parroquial, e ademais, innecesariamente, xa que a propia tradición histórica sinala con claridade cales son as parroquias e ata os seus propios límites; e se o que se pretendía era acouta-la indiscriminada creación daquelas que non tivesen probabilidades de subsistir financeiramente, tampouco parece o mellor método de garantilo a posesión de bens comunais, que por avatares da historia xurídica española adoitan estar en mans das entidades municipais ou de particulares.

Pola súa banda, o artigo 3 especifica que, ademais da capitalidade (do municipio, supонse, malia que esta pode ter un carácter más rural ca outros núcleos do mesmo, pero quizais sexa lóxico se se pensa nas situacions de interferencias interadministrativas –por non mencionala posible oposición veciñal– que se poderían provocar, máxime ó regularse as entidades locais porcionalmente, e non nunha norma conxunta que clarificase as lateralidades), tampouco gozarán da condición de rurais aqueles grupos de poboación (aquí non son veciñais, polo que hai que dar por suposta a sinonimia das expresións do le-

¹⁷⁹ A pesar de que como sínalou Bocanegra Serra, estes montes son en realidade propiedades privadas, respecto das cales as administracións públicas non desempeñan ningún tipo de funcións (afirmación que nos parece contestable, polo menos no caso galego), derivadas da súa titularidade, e, nesta interrelación, a lei afina pouco, segundo este autor. Cfr. Raúl Bocanegra Serra: *Los montes vecinales en mano común. Naturaleza y régimen jurídico*, Madrid, EAL, 1986.

xislador) delimitados ou non para os efectos urbanísticos, que formen núcleo compacto de edificacións, consolidadas, de características, volumetría e altura tipicamente urbanas, e con predominio distinto dos sectores produc-to da agricultura, gandería e demais que configuren e ti-pifiquen, sobre a base do cultivo da terra, o hábitat rural. Hanse dar, por tanto, dúas condicións caracterolóxicas que, en ocasións, poden ser contradictorias, pois a nor-mativización urbanística de índole xeral á que se alude, non está pensada precisamente para a súa aplicación en territorios co peculiar asentamento territorial disperso do noroeste español, polo que resulta –contra tódalas razóns da paisaxe– bastante habitual atopar volumes edificato-rios urbanos en zonas claramente non urbanas (e mesmo non urbanizables); ademais, o intento da lei de defini-lo hábitat rural é impreciso, vago, arrevesado na gramática e no sentido, e ata posiblemente incorrecto: pódese pen-sar nun pequeno núcleo nitidamente rural, os sectores productivos más importantes do cal sexan o turismo ou as remesas de capitais de emigrantes, sen ter maior im-portancia económica o cultivo e explotación da terra. En definitiva, aínda cando se saiba do que se fala, pois moi-tas parroquias asturianas –recoñézelas ou non a per-sonalidade xurídica da lei– están ben establecidas e deli-mitadas, os intentos expresivos dos artigos 2 e 3 son, como pouco, xuridicamente balbucientes.

No relativo ó procedemento de recoñecemento, a ini-ciativa pode corresponderlle os veciños (por maioría) re-sidentes no núcleo territorial da parroquia rural, ou ó con-cello ó que pertenzan (arts. 4 e 5). Decidirá, en última instancia, o Consello do Goberno do Principado (art. 8), quen pode acorda-la súa creación incluso en contra do voto expreso do concello no que se enclave a parro-quia, aínda que tal posibilidade nos parece algo irreal, má-xime tendo en conta o artigo 2.1.c da lei, segundo o cal o concello do municipio no que estea sita, por maioría absoluta, pode resolve-la posible modificación e/ou a di-solución da parroquia rural. A este último respecto, o Con-sello de Goberno do Principado, poderá facilmente di-solve-las parroquias se teñen insuficientes recursos ou, unha vez máis, se por accións urbanísticas se transfor-mase o hábitat rural (concepto xurídico máis indefinido que indeterminado, e dunha aleatoriedade excesivamente

permisiva; por poñer un exemplo, podería pensarse en que unha importante empresa inmobiliaria decide construír unha gran urbanización no territorio dunha parroquia con tódalas licencias e permisos municipais, co que o carácter rural podería alterarse, sen que os veciños da mesma teñan arte nin parte –salvo para as alegacións– nesa decisión).

En referencia ás competencias das parroquias, as propias case non existen ou son anecdóticas, excepto no suposto de que a solidariedade entre os veciños e os recursos económicos intraparroquiais sexan considerables; si poden ser de interese as delegadas polos concellos ou pola Comunidade Autónoma (art. 12), sistema que, se o relacionamos coas disposicións do capítulo V (Recursos da parroquia), leva a inducir que soamente serán efectivas as competencias naquelhas parroquias que posúan bens de certa contía (por exemplo uns montes veciñais ben organizados que lle proporcionen a supervivencia financeira ó ente parroquial), malia que lle poden pedir axudas directamente á Administración autonómica (art. 20).

Verbo do sistema de elección dos órganos de goberno parroquiais, a lei configura un sistema mixto, xa que o órgano unipersonal executivo (presidente) é elixido directamente *por sistema maioritario* de entre os residentes veciños da parroquia (art. 15). Sen embargo, o órgano colexiado de control (Xunta de Parroquia), designa os seus membros de conformidade cos resultados das eleccións para o concello na sección ou seccións constitutivas da circunscripción para a elección do órgano unipersonal (art. 13.2); o número dos seus membros non poderá ser inferior a dous nin superior ó tercio de concelleiros que integren o respectivo concello (art. 13.1). Así mesmo, poderá establecerse o réxime de concello aberto para aquelas entidades de menos de 100 habitantes que o soliciten expresamente no escrito de petición do recoñecemento da súa personalidade (art. 14.2).

Cómpre mencionar, finalmente, as disposicións transitorias primeira e segunda, segundo as cales, no prazo de dous anos, as entidades locais menores legalmente constituídas en Asturias, poderán adaptarse ó réxime propio das parroquias rurais, cos beneficios derivados das axudas especiais previstas para estes novos entes, e, transcorrido o mesmo, será o Consello de Goberno do Prin-

cipado, quen decidirá ben sobre a disolución das entidades menores, ou ben a súa substitución preceptiva por parroquias rurais e con exclusión do sistema de axudas aludido, conservando neste caso o territorio da entidade local menor orixinaria (no de conversión voluntaria non se regula este extremo específicamente, pero é de supoñer que será igual, agás que existisen problemas previos de lindes e se cuestionasen no expediente de constitución). En resumo, estas entidades locais menores como tales desaparecerán do territorio asturiano, e hai que sinalar que –incluso sobre o límite do prazo– se produciron estas substitucións de condición xurídica, acelerada e voluntariamente (cfr. por exemplo decretos núms. 103 e 104 do 24 de novembro de 1988).

Tamén se avanzou no proceso de creación de parroquias rurais *ex novo*, sen que se achegaran novedades interesantes en relación coa lei (cfr. *ad exemplum* Decreto 55/88, do 25 de novembro, no que a denominación da parroquia é a dos tres pobos ou núcleos que a componen; ou o Decreto 95/88, do 15 de setembro); xa que o funcionamento das competencias e a súa operatividade virán dados pola práctica (o polas boas relacóns de clientelismo político cos entes superiores) actuante de cada parroquia; se cadra, destaca-las referencias de competencias que se adoitan facer acerca da conservación e promoción do dereito tradicional e o costume do lugar, que non han de infrinxi-lo ordenamento xurídico (de orde superior debe querer dicir, xa que estas normas tamén serían fonte do dereito e, polo tanto, ordenamento xurídico).

En esencia, case se pode considerar esta normativa sobre as parroquias, como a dunhas entidades locais menores peculiares da Comunidade Autónoma de Asturias, tal e como desexa a LRBRL.

Doutro lado, hai que sinalar que a Lei 1/87, do 30 de marzo, de ordenación do territorio, e as súas extensas directrices rexionais de desenvolvemento (Decreto 11/91, do 24 de xaneiro), establecen (Directriz 3.3) unhas áreas de planificación territorial e xerarquización funcional de núcleos de poboación estructurados en tres sub-rexións (occidental, central e oriental); estas, pola súa vez, en comarcas funcionais (coas súas respectivas cabeceiras), e, sucesivamente, subdivisións en subcomarcas e áreas terri-

toriais básicas (todas elas coas súas respectivas cabeceiras, algunas entón con triple coincidencia). Tamén se pode citar como respecto da súa elaboración, se tiveron en conta observacións e suxestións parciais de diferentes entidades locais que aparecen no anexo que contén a Memoria de participación pública. Por outra banda, a Lei 13/86, do 28 de novembro, de ordenación e defensa das estradas do Principado, e o Acordo do 9 de outubro de 1989 do Consello de Goberno de denominación e catalogación da rede, establecen unha delas –a intermedia– como comarcal.

Hai que citar tamén a Lei 10/86, do 7 de novembro, que regula a demarcación territorial dos concellos do Principado, e intenta potenciar las fusións entre pequenos municipios, sempre pola tradicional vía do asociacionismo voluntario, e frear, así mesmo, as posibles segregacións, repetindo case os mesmos termos da lexislación estatal na materia, áinda que establecendo unha serie de axudas e incentivos para fomentar la fusión e incorporación de concellos, e tamén establecendo unha serie de casos nos que o Consello de Goberno do Principado pode prescindir do requisito da voluntariedade das corporacións afectadas, entre outros se o instasen directamente a maioria dos residentes veciños dunha zona territorialmente delimitada, ante a Consellería de Interior e Administración Territorial, áinda cando estivesen precedidos de acordos municipais desfavorables (art. 3.2.c).

Máis brevemente, en materia local convén salientala Lei 4/84, do 5 de xuño, que regula a iniciativa lexislativa dos concellos (xuntamente coa popular); a existencia dunha Oficina de Estudios e Asesoramento das Corporacións Locais (Decreto 25/85, do 7 de marzo); e tamén a Lei 25/82, do 30 de xuño, de agricultura de montaña, que establece programas de actuación por zonas, cun Comité de Coordinación e unha Xerencia en colaboración coas asociacións de montaña legalmente constituídas. E, por último, temos que sinala-la existencia dos denominados consellos rurais (Decreto 10/90, do 8 de febreiro, que desenvolve a Lei 4/89, do 21 de xullo, de ordenación agraria e desenvolvemento rural), como órganos de carácter local (poderán erixirse en cada entidade local do Principado de Asturias), de participación, estudio e deliberación, asesoramento e proposta en materia agraria e

de desenvolvemento rural, nos que as entidades locais achegan un 50% dos representantes.

Unha última mención para a disposición transitoria primeira do Estatuto de autonomía, que divide o territorio asturiano en tres circunscripcións territoriais para as eleccións á súa Xunta Xeral, motivada basicamente polo "deseo de dar relevancia electoral a las desigualdades y disparidades intrarregionales, agrupando en cuerpos electorales a la población de extensas zonas asturianas con unas características singulares"¹⁸⁰, algo que –como vimos de pasada– segue tendo en conta o lexislador asturiano en diversas normas posteriores ó Estatuto.

18. Resumo.

Resumir entraña o risco de sermos reiterativos ou de simplificarmos en exceso unha cuestión complexa. Pero neste momento, quizais conveña facelo, como un adianto de conclusións xenéricas que se lle poderían aplicar ó caso galego.

1º. En primeiro termo, a opción da práctica totalidade dos estatutos de autonomía cara a procurar dotarse dun ente intermedio de organización territorial como a comarca, non cremos que responda a un afán mimético (dados que ademais as diversas disposicións son bastante variadas), senón a un compromiso de aguda mellora das estructuras locais intracomunitarias, que solapan ou desmonten os negativos resultados xerados por máis de século e medio de uniformismo centralista, deseñado, así mesmo, na súa historia como competidor –desproporcionalizado– das distintas formas de asentamento da convivencia local española. Se os resultados obtidos coa experiencia do Estado das autonomías, ata a hoxe non son más que esperanzadores, débese a que na práctica, non se cambiou excesivamente a mentalidade da maioría dos lexisladores autonómicos cara ás institucións locais, que crearon as súas propias administracións periféricas a imaxe e semellanza das xa existentes, e tamén ás interferencias que supón o mantemento dun forte aparato burocrático estatal que, así mesmo, coa conservación sen reparos de provincias e municipios, se afasta neste punto máis ca en ningún outro dos supostos modelos federativos ós que pretendera asemellarse.

¹⁸⁰ Bernardo Fernández Pérez: *Comentarios al Estatuto de Autonomía del Principado de Asturias*, Madrid, MAP-EAL, 1987, p. 604.

¹⁸¹ A nivel intracomunitario non é fácil distinguir ata hoxe un avance homoxéneo e unidireccional. Á marxe da variada regulación do ente intermedio comarcal, pódese observar que desde que as CCAA exercen competencias sobre o réxime local, se crearon múltiples entidades locais menores en Castela e León, Andalucía, Cataluña ou Castela-A Mancha, así como algo similar respecto das mancomunidades en Castela e León, Cataluña, Comunidade Valenciana, Castela-A Mancha, Murcia, Aragón, Asturias, Baleares, Andalucía, País Vasco, e más recente e lentamente tamén en Galicia; entre 1980 e 1992 pasouse en España de 171 a 707 mancomunidades que agrupan 4.447 municipios (o 55% do total), dos que 3.804 son menores de 5.000 habitantes. Do que, con todo tipo de reservas, se podería inducir un certo síntoma de mentalidade agrupadora e, ó mesmo tempo, descentralizadora, do réxime local, pero así mesmo indicativo da inadecuación e curtidade dos instrumentos previstos na lexislación española.

2º. Os restos de tan atávico arcaísmo, perpetúanse indefectiblemente en certa lexislación que de mala maneira se pode refuxiar nas amplas fronteiras do texto constitucional, e desde logo non na evidenciada e rica peculiaridade diferencial dos distintos territorios do Estado español en materia local. Abondaría como un novo exemplo, considerar con brevidade a disposición adicional primeira da LRBRL, que inclúe un paquete de dez CCAA (Asturias, Cantabria, A Rioxa, Murcia, Aragón, Castela-A Mancha, Castela e León, Illas Baleares, Estremadura e Madrid), intentando establecer un principio unificador en torno ás bases estatais, que adoece polo menos de dous graves defectos, na nosa opinión:

a. A uniformidade en materia de réxime local non é tal nin moito menos como acabamos de comprobar, nin sequera entre esas comunidades, o que non permite o seu perfecto e pretendidamente racionalizador encadramento unívoco¹⁸¹; quizais por iso especifique "segundo os casos", pero, entón... ¿para que tal disposición?

b. Buscando unha suposta harmonización, parece que tamén se pretende obter un recoñecemento explícito do diferente rango entre CCAA, sen saber exactamente en función de que criterios de distinción (en especial se non se redactase unha lei básica, ignorando o establecido nos precedentes estatutos de autonomía): dun lado as dez citadas; doutro, as mencionadas –con distintos gradiéntes de operatividade– nas disposicións adicionais segunda, terceira e cuarta (País Vasco, Navarra e Cataluña); e, finalmente, as innominadas (Galicia, Comunidade Valenciana, Andalucía e Illas Canarias), o límite de influencia das cales con respecto ás bases estatais semella que só virá marcado polos seus propios estatutos, ¿acaso os artigos da LRBRL citados nesta disposición non lle son de aplicación? Sería un contrasentido.

Sinceramente cremos que no que fose perfectible do réxime local español –que o hai e moi, pois non en van exsite unanimidade doutrinal en considera-la súa obsolescencia–, se precisa adaptalo ó espírito duns tempos superadores de móndadas constitucionais. O confín delimitador debe enmarcarse na readaptación das estructuras administrativas clásicas do Estado español (que posúen como característica esencial a acumulación no seu carrexo histórico, do peso morto de estratos e superestratos

administrativo-territoriais, creando uns, sen eliminar conseguintemente outros), atendendo ós novos factores de asentamento e dinamización da poboación, ás súas necesidades no abastecemento de servicios públicos, á simplificación administrativa, e ás demandas de participación cidadá no deseño das súas propias organizacións territoriais, propias do espírito democrático da Constitución. Que as CCAA se contaxiasen ó adoptaren uns moldes gastados e preguiceiros que as envellecen aceleradamente, e incluso poden chegar a cuestiona-la súa existencia puramente administrativa, non obsta para que se deba supera-lo tempo da súa menoridade, sobre a que os órganos centrais do Estado se vexan na obriga de estender un manto protector.

3º. As tendencias reformistas (comarcalizadoras), sendo decididas, precisan dun consenso político e social do máximo grao. Por iso non se deberían fundamentar en razóns de índole político-electoral mesturadas con irredentismos municipalistas ou provincialistas (defectos que algúns autores lle achacan á lexislación comarcalizada catalana), e si na inevitabilidade dunha modernización que transforme en administracións eficaces unhas estructuras caducas, aproveitando o modelo de dobre nivel, no cal os entes intermedios non son só locais, senón empregados para estructura-las administracións territoriais rexionais. Disparidade de normas sectoriais que non falan de comarcas, establecen, sen embargo, armazóns comarcais, como as referidas a zonas de montaña (art. 130.2 CE), zonas deprimidas, de saúde, a ordenación do territorio, os plans de estradas, e ata as materias reservadas á actuación dos órganos centrais do Estado [servicios periféricos de Facenda, Xustiza, Interior (policía) e incluso Forzas Armadas], e, sen embargo, os intentos comarcalizadores autonómicos son, en ocasións, contemplados con furibundo xacobinismo.

4º. Aínda cando poida parecer algo aventurado, quizais xa sexa posible agora afirmar que, da lectura do texto constitucional e do estatutario galego, os atrancos ou freos que en materia local poidan existir na nosa Comunidade Autónoma, virán dados en función da meta que coa regulación territorial do réxime local propia, persiga o legislador galego, ó que deberían guia-los propósitos de vertebrar un país secularmente desprovisto

dunha armadura territorial ben aparellada e propia, situación que áinda hoxe provoca desatinos e aberrantes dispendios (como por exemplo o de te-lo municipio –pequeno e economicamente deprimido– que maior gasto por habitante efectúa en infraestructuras deportivas –pavillón subvencionado– en toda España); e tamén a animosidade de garantir exquisitamente unha participación cidadá, imbricada no seu propio tecido de convivencia humana e social, que non se sinta manipulada por un conglomerado inescrutabte de conflictos ou reservas de competencias.

Eficacia, solidariedade e democracia, actuando de común acordo, non obstan nin á CE, nin ó Estatuto de autonomía, nin á doutrina do TC, nin ás supostas bases de réxime local; pero si tal vez poidan xurdir obstáculos, tanto polos fundamentos políticos existentes, xa ben asentados –acaso estean no fondo da conciencia colectiva da clase política– malia os poucos anos de xogo democrático, como pola teimosía en modelar supostas verdades históricas na procura inercial e romántica de estruturas non actuais.

D. Sumarias anotacións de dereito comparado.

Sumarias en exceso, sobre todo, porque dado o interese que presentan numerosas experiencias alleas, merecerían bastante más espacio; pero consideramos que foi más necesario estendermos nas CCAA españolas, por encadrarse os seus casos no mesmo marco xurídico estatal que lle corresponde a Galicia. Razón básica pola que tamén incluímos este apartado é a orientación para un modelo territorial galego, más que por respecta-la tradición, e que por tales motivos non será más ca unha sinopse selectiva.

No caso de **ITALIA**, a uniformidade herdada do sistema napoleónico, conduce a problemas de inframunicipalismos pouco menos que inviables, tan urxentes como en España. A mecánica habitual de establecemento desordenado de fórmulas asociativas –os consorcios– de índole parella á das nosas mancomunidades, levou a unha heteroxeneidade dos mesmos e a unha anárquica distribución polo territorio italiano, sen que se buscase

unha posible alternativa ou modelo global –coa necesaria flexibilidade que implicaría a existencia das rexións–, no que fose a idoneidade da área territorial a que entrañase, polas súas condicións, a eficacia das distintas prestacións. As contradiccións agrándanse, se se contrastan as tendencias centralistas e uniformizadoras coa grande vitalidade e diversidades de toda índole das cidades italianas, sempre obstaculizadas financeiramente por un réxime local que, no básico, provén do período fascista, e que só conseguiu acumular niveis institucionais cos seus correspondentes aparatos político-administrativos, complicando os procedementos.

De aí o posible fracaso da solución dos entes intermedios denominados *comprensori* (vocabulo de orixe urbanística), porque tiveron carácter diferente segundo as zonas en que se implantaron, ou por non pretender ser máis que provincias –ou novas provincias– intrarrexionais, sendo a súa orientación por tanto, incapaz de supera-las obsolescencias que arrastran achacosamente aquelas, e incrementando os niveis administrativos; o que, unido á continuidade necesaria das propias institucións provinciais, non agoira un futuro demasiado optimista para esta creación, malia os seus éxitos iniciais nalgúnsas rexións, operando como órganos descentralizados das mesmas, e, noutras, como asociacións de municipios. Hai que destacar para os nosos efectos, que as principais funcións que exercen os *comprensorios* (que intentan imita-las provincias, o que proba a utilidade cando menos parcial do modelo, coa tacha de non estar constitucionalizados como elas), son as de programación ou ordenación do territorio, basicamente nas facetas executivas, e tamén de obras públicas na súa circunscripción, así como o urbanismo, e, así mesmo, funcións de tipo social.

Da falta de imaxinación para adoptar unha decidida e innovadora cobertura asociativa e participativa entre os entes locais, tampouco están exentas as rexións; por iso quizais –amén das consabidas motivacións de *touch de force* políticas ou burocráticas entre administracións– os máis recentes proxectos de lexislatura, parecen desprender unha perda de posibilidades de actuación e influencia destas en favor daqueles, pero sen que se formulen con claridade as “interdefinicións” e interdependencias mutuas entre os diversos niveis.

Coa Lei númeru 142, do 8 de xuño de 1990, de *Ordinamento delle autonome locali*, parece obvio que, como mínimo, non se vai empeorar la caótica situación existente en Italia nesta materia, aínda que “probablemente non pon en execución un sistema satisfactorio desde o punto de vista da racionalización”¹⁸². As solucións adoptadas [non aplicables ás rexións de estatuto especial, nin ás provincias autónomas de Trento e Bolzano, no que sexan incompatibles coas súas competencias e normas que as desenvolvesen (art. 1.2)], oriéntanse, dunha parte, cara á potenciación da entidade municipal, á que se lle concede a exclusividade do estímulo asociativo, ignorando unha vez máis a experiencia histórica, que demostra a inviabilidade desta opción, polo menos como máis destacada, aínda que se limite a posible creación de novos pequenos municipios, e tamén se estimule financeiramente a fusión entre eles; e, doutra, o outorgamento de peso específico á provincia como ente intermedio, solución algo máis lóxica ca no caso español, ó ser tamén máis fácil, racional e flexible a alteración dos límites provinciais italianos¹⁸³.

Hai que salientar, así mesmo, desta lei, as potestades que os grandes municipios (capitais de provincia que superen os 100.000 habitantes, pero tamén o tramo entre 30.000 e 100.000) posúen acerca do deseño da súa propia organización territorial, creando circunscripcións descentralizadas, con funcións que poden chegar a ser intensas se o municipio lles delegase. Tamén, o desenvolvemento (art. 16) de directivas e criterios de cara a que os municipios exerzan a iniciativa constitucional (art. 133 da Constitución italiana) de alteración de límites provinciais; neste mesmo precepto (parágrafo 1º), atribúeselle ás provincias capacidade para dividi-lo seu territorio en *circondari* (comarcas), aínda que haxa que matizar que as funcións que lles corresponden exercer ás institucións provinciais italianas, son moi superiores –case se podería dicir que non de segundo grao– ás das súas homónimas españolas.

E, en relación co ente rexional, este é o encargado de organiza-los labores administrativos a nivel local, posto que o referente do lexislador italiano, non é o de competencias exclusivas estancas, senón de participación integradora dos diversos entes para programar las actuacións comúns. Finalmente, Fanlo Loras, destacou

¹⁸² Massimo Vari: “A nova regulamentación italiana das colectividades territoriais”, en *Revista Galega de Administración Pública* nº 0, Santiago, EGAP, 1992, p. 37.

¹⁸³ Así, nesta mesma lei (art. 17), prevese o proceso de nova delimitación ou de creación de circunscripcións provinciais, para readaptalas ó territorio das entidades metropolitanas.

a capacidade rexional, frecuentemente usada, de control sobre os órganos das entidades locais, "frente a la ingenuidad y el complejo que ha demostrado el legislador español"¹⁸⁴.

En definitiva, a esencia da resposta italiana, tende a supera-la "esistenza grama"¹⁸⁵ que sempre tivo a provincia, aproveitándoa –pola súa inevitable existencia histórica e constitucional– como ente intermedio, superador, en certa medida, dos vellos moldes uniformizadores que a caracterizaban "riproponendo la regione come principale soggetto programmatorio locale e le province ed i comuni come soggetti partecipi di propria competenza"¹⁸⁶. De tódolos xeitos, a autonomía local propugnada, que permita unha natural evolución das distintas comunidades, que tradicionalmente foron consideradas como "le opportunitá di governo a prevalere, a volte avisando e alte-rando realtá autenchi e valori sociali di alto grado"¹⁸⁷, ha de seguir contando con importantes doses de boa vontade das instancias superiores (rexional e/ou estatal); así, Anna Marzonatti, sinala que esta Lei núm. 142, "qualche perplessità suscita –circa la sua compatibilità con l'art. 118.1 co., cost– il compito, attribuito alla regione, di identificare nelle materie di propria competenza gli interessi comunali e provinciale, in rapporto alle caratteristiche della popolazione e del territorio. Tale operazione potrebbe infatti andare aldi là di una mera ricognizione degli interessi coinvolti e prestarsi ad operazioni interpretative che mal si adattano ad essere effettuate tra enti autonomi posti dalla costituzione su un piano di pari ordinazione"¹⁸⁸.

Preciso é ter en conta ademais, que as implicacíons das rexións do Estatuto especial na materia, son de moita maior relevancia, como mostra o caso siciliano, o artigo 15 do cal suprime a provincia (sen excluí-la súa permanencia e a súa "competenza territoriale degli uffici periferici dello Stato", segundo a Sentencia 146/74 da Corte Constitucional), ainda que na práctica, conserva os liberi conzorzi di comuni que coinciden exactamente coas antigas provincias, e tamén lle outorga á rexión competencia lexislativa exclusiva (non no sentido español, senón diluíndo o poder normativo estatal, é dicir, interiorizando o réxime local) e a execución directa sobre circunscripcións, ordenamento e controles sobre os entes locais. Pero, de igual modo ca noutras rexións (Sardea, Trentino

¹⁸⁴ Antonio Fanlo Loras: "Lei Italiana relativa al ordenamiento de las autonomías locales", en *REALA* nº 250, Madrid, MAP-INAP, 1991, p. 264.

¹⁸⁵ Giulio Correale: "La Provincia fra Rexione e Comune", en *La Provincia, op. cit.*, p. 301.

¹⁸⁶ Area Pubusa: "Ente intermedio", en *Annuario 1991 delle autonome locali* vol. I, Roma, Edizioni delle Autonome, 1991, p. 239.

¹⁸⁷ Enrico Espósito: "La Provincia en Italia, na Provincia", *op. cit.*, p. 171.

¹⁸⁸ Anna Marzonati: *L'Organizzazione di governo do Comune*, Milano, Dott. A. Xiuffreè Editore, 1990, pp. 12-13.

-Alto Adigio e Friuli-, Venecia-Xulia...) ás que se lles reconece a potestade lexislativa neste tema concorrente coa do Estado, as diferencias, non no plano teórico, "tenden, in concreto a sfumarsi"¹⁸⁹.

Así pois, a formulación italiana de consideración cara á diversidade rexional (as diferencias xurídicas entre rexións son bastante más claras ca no noso caso), de coordinación integradora, e de alenta-la participación, semella máis certeiro có español, malia a falta de maiorías políticas estables, e a gravitación permanente do perigo que anunciara Ferraresi hai xa bastantes anos, cando demonstraba o éxito da Administración estatal na evitación da descentralización pretendida polas instances políticas, exercendo a burocracia unha influencia contraria sobre a lexislación rexionalizadora e a súa realización¹⁹⁰. O mimetismo e a similitude das administracións autonómicas españolas coa súa antecesora estatal, constitúen tamén un importante obstáculo que salvar, e non só mediante unha alteración de organigramas, senón a través dun necesario desapego cara a vellas actitudes.

No caso de FRANCIA, a perda do centralismo exacerbado que se pode manifestar especialmente a partir de 1982 (coa *loi symbole* do 2 de marzo, que erixe a rexión en Corporación Local), mantén non obstante o esquema bipolar e desigual entes locais-Estado, no que soamente se desprazan en favor dos primeiros diversidade de competencias e tamén se suavizan un tanto os controles; pero as instances intermedias únicamente se incardinan nun dos eixes, é dicir, non existen (nin sequera nos casos algo especiais de Córsega ou das rexións de alén mar). De tódolos xeitos, estanse acentuando as tendencias que intentan evita-lo *éparpillement communal*, coas simples fórmulas de reagrupamento de municipios e de cooperación entre eles; a fusión de municipios non tivo excesivo éxito, sendo algo maior o dos sindicatos ou mancomunidades de municipios (especialmente os de finalidade única) e o dos distritos urbanos. Tamén cabería destaca-lo detalle de que en Francia –contrariamente ó caso galego– se municipalizaron numerosas parroquias a partir de 1789, co cal se converteron en entidades territoriais plenas cunha denominación distinta.

Así mesmo, por outra parte, pódese percibir unha certa entidade emerxente das institucións intermedias, que

¹⁸⁹ Luciano Vandelli: *Ordinamento delle autonome locali*, Rímini, Maggioli Editori, 1991, 4^a reimpr., p. 3.

¹⁹⁰ Ferraresi: *Intervento politico della burocrazia*, 1968, especialmente pp. 259, 265 e ss.

enfronta ós partidarios da reafirmación do departamento, cos dunha certa reflotación rexional (non como unha devolución de poderes autonómica, senón máis limitada e dando un rodeo); polémica que anubra e agacha unha complexa coexistencia ateigada de disfuncións ideolóxicas, na que "l'Etat se garantit contra les risques d'une émergence trop forte de l'un ou de l'autre", aproveitando así a duplicitade de entes intermedios para encorendarlle unhas ou outras misións, pero sempre coas pautas uniformistas herdadas da Revolución. Nos recentes proxectos de reforma do Estatuto da colectividade territorial de Córsega (se o Consello Constitucional non o censura), e de reforma da Administración territorial da República, pode polo menos albiscarse un certo cambio de perspectiva¹⁹¹.

En referencia a ALEMAÑA, destacamos xa anteriormente que a opción federal, se decide con claridade pola internalización da estructura e da organización local no ámbito lexislativo de cada *Land* ou Estado, aínda que a Constitución federal garante a autonomía administrativa dos entes locais que os conforman (municipios e *kreise*, basicamente). Destes últimos interesa sinalar primeiramente con Esteve Pardo¹⁹², a enorme vitalidade e capacidade de adaptación ós cambios históricos, do ente comarcal de dobre nivel (local agrupador de municipios, e circunscripción territorial do *Land*) alemán por antonomasia (cobre aproximadamente o 90% do territorio da antiga RFA), o *kreis*, superador dos embates centralizadores e/ou municipalizadores, e incluso da dicotomía rural-urbano que parece representa-lo crecemento das cidades, e todo iso con base nuns ben definidos signos de identidade:

1º. Radio territorial supramunicipal.

2º. Pola institucionalización dos intereses propios do seu territorio (non son unha pura e simple circunscripción territorial dos *länder*).

3º. Está presente e actúa no marco do *kreis* unha representación do *Land*, engastando así *Genossenschaft* (associación humana igualitaria e cooperativa fundada en principios democráticos), e *Herrschaft* (idea de estructuras xerárquicas, burocráticas e institucionais), nun modelo no que o Estado social e democrático de dereito, atopa un marco territorial apto para o seu equilibrio¹⁹³.

¹⁹¹ Vid. Richard Rhevontian: "A reforma administrativa en Francia", en REGAP nº 0, op. cit., pp. 29-36.

¹⁹² José Esteve Pardo: "La reforma de Rudolf von Gneist y su definitiva impronta en la actual demarcación del *kreis* o ente comarcal alemán", en *Autonomies* nº 11, Barcelona, Escola d'Administració Pública-Institut d'Estudis Autònoms, 1989, pp. 15-27. Con más detalle en *Ibid.: Organización supramunicipal y sistema de articulación entre Administración Autonómica y orden local. La experiencia de la RFA. Bases y perspectivas en España*, Madrid, Civitas-Diputació de Barcelona, 1991, pp. 21-171.

¹⁹³ Cfr. von Unruh: *Der Kreis. Ursprung und Ornung einer Kommunalen Körperschaft*, Köln-Berlín, 1964, p. 12.

De aí a importancia clave do sobre carácter destes entes comarcas; de aí que lles corresponda a eles a legislación no relativo á ordenación territorial; de aí que os seus órganos de goberno xurdan directamente das urnas, e non mediatisados polos municipios componentes. Municipios que, ademais, no caso alemán, non teñen preceptivamente máis ca un núcleo esencial de tarefas que non descansan nun ríxido listado de competencias, senón preferentemente dependen da dinámica práctica de capacidades e interrelacións cos *kreise*; existe unha grande flexibilidade en canto ó poder municipal, posto que nos seus poderes de autoadministración se atende sobre todo a cuestións de operatividade.

O cadro xeral de heteroxeneidade e variedade do réxime local alemán, foi reconducido por unha serie de reformas que lograron diminuír desde mediados dos anos sesenta ata hoxe, case á metade o número de comarcas, e nunha terceira parte os máis de 24.000 municipios existentes entón (particularmente os menores de 1.000 e 500 habitantes)¹⁹⁴, xa non só por razóns de eficacia, senón incluso para evita-la distorsión entre funcións e competencias dos infraentes locais e a falta de capacidade para cumplirlas, o que –inevitablemente– redundaría en beneficio das administracións superiores (estatal e federal), a todas luces más e mellor habilitadas, o que, consecuentemente, violentaría o principio de autonomía –de capacidade de decisión democrática, en definitiva– dos mencionados entes locais, suposto que semella estar moi preto da realidade española, e da galega en particular. Neste sentido, Meilán Gil e Rodríguez-Arana, destacaron a institución denominada *Land kreis* ou circunscripción rural, que non son tanto agrupacións ou mancomunidades de municipios como municipios compostos, e que non suponen a desaparición dos pequenos municipios, senón a cobertura daquelas tarefas que non están capacitados para cumplir, ó tempo que complementan a falta de distribución equitativa nos servicios ou funcións entre os distintos municipios da circunscripción¹⁹⁵.

¹⁹⁴ Os procesos de reforma en cada un dos *Land*, poden verse en Francisco de Sosa Wagner-Pedro de Migol García: *Creación, supresión y alteración de términos municipales*, Madrid, EAL, 1987, pp. 103-104.

¹⁹⁵ Cfr. José Luis Meilán Gil-Xaime Rodríguez-Arana Muñoz: *O derecho estatutario galego*, Santiago, Parlamento, 1988, pp. 216-217.

Con respecto a **GRAN BRETAÑA**, Reino Unido ou Illas Británicas, pretender enxugar nuns breves parágrafos a complexidade dun sistema local que, ainda hoxe, é debedor da conformación histórica dun Estado composto de varios reinos e países con réximes peculiares (entre

os que se contan a Illa de Mann e as Illas do Canal, que forman parte da *Commonwealth* pero non do Reino Unido, e tampouco ingresaron nas Comunidades Europeas¹⁹⁶, e no que, ademais, a importancia e solidez da participación democrática se asentaron sempre en dous firmes esteos: o Parlamento e o *Local self-government*¹⁹⁷, non resulta tarefa sinxela.

Si se pode adiantar que, malia a antigüidade e tradición do sistema, a súa obsolescencia precisaba dunha perfectibilidade e actualización que se pretendeu impulsar coa *Local Government Act* de 1972 (sen esquece-lo Informe Whitley e a Lei de 1975 sobre réxime local para Escocia) para Inglaterra e Gales, e que –malia as críticas suscitadas– conseguiu aplicarse con certo éxito, ou, polo menos, puxo as bases dunha racionalización simplificadora, dividindo o territorio en condados metropolitanos e non metropolitanos, subdivididos en distritos, baseados os primeiros nunha poboación de aproximadamente 250.000 habitantes, e os segundos nuns 90.000, conservándose arredor de 10.000 parroquias, e atribuíndose a prestación de servicios segundo a poboación de cada nivel; en xeral, increméntase a superficie e a poboación das estructuras territoriais de antes da reforma. Cos seus defectos (dos que non pouca culpa tiveron os cambiantes representantes políticos), atesoura a imprescindible virtude de conxuga-la idea de crear estructuras territoriais que permitan unha actuación eficiente do conxunto das responsabilidades públicas, cun exquisito con respecto á participación política democrática no proceso ordenador dos entes locais en función dos intereses veciñais; a iso habría que engadirlle obxectivos como o de busca-lo equilibrio entre as diferentes calidades de vida nas zonas rurais ou urbanas, estimula-la fortaleza das institucións locais nas súas relacións con outras de ámbito superior, a fin de facer efectiva a coordinación das actuacións e adaptarse así ó evidente proceso de cambio e desenvolvemento, que afecta excesivamente ás condicións de vida do conxunto da poboación. En fin, viabilidade democrático-participativa e funcional, nun proceso de reforma drástico e innovador, rapidamente asimilado, e sen precedentes nouros países europeos, que obtivo resultados espectaculares por exemplo na diminución do número de entidades.

De tal xeito, coexisten os entes intermedios de tipo co-

¹⁹⁶ Con máis detalle *vid.* Antonio Carlos Pereira Menaut: *El ejemplo constitucional de Inglaterra*, Madrid, Servicio de Publicacións da facultade de Dereito da Universidade Complutense, 1992, pp. 89-114. Tamén D.C.M. Yardley: *Introduction to British Constitutional Laws*, London, Butterworths, 1978, fifth ed., pp. 73-82.

¹⁹⁷ Incluso un autor a quien cita Posada –Mr. Towns-Smith–, sinala que o propio Parlamento é o resultado da acción preexistente das institucións locais (parroquias). Cfr. Adolfo Posada: *El régimen municipal de la ciudad moderna*, Madrid, 1936, p. 225.

marcal (condados, distritos; ou, en Escocia, rexións e distritos trala súa reforma), coas parroquias (incluso aumentando o seu número, áinda que limitándoo nos núcleos urbanos). Hai que ter en conta, ademais, que as principais tachas que se lle poden achacar a esta reforma: mantemento dunha excesiva diversidade, compromisos políticos de respecto ós antigos condados (focos de poder dos conservadores¹⁹⁸), perpetua-la división campo-cidade en bastantes zonas do país (cando era considerado o más fatal defecto do sistema preexistente, segundo a Comisión Redcliffe-Maud), ou o escaso achegamento participativo-democrático nuns entes con poboacións moi elevadas, factores todos eles que poden xerar disfuncionalidades, teríamos que sinalar que –en relación con Galicia–, ou ben non son aplicables a un territorio de moito más reducidas dimensións e poboación, ou ben son superables empregando a necesaria flexibilidade que, na procura da eficiencia, o lexislador galego deberá imprimir nunhas demarcacións verdadeiramente operativas, e sempre deferentes cara ós intereses que afecten ás pequenas entidades, instauradas con base no xogo de instancias participativas, como serían os *Local Councils* na reforma anglo-galesa.

¹⁹⁸ A este respecto, Adrian Lee sinala que “the 1972 reform of local government in England and Wales created in the new counties a mechanism for the subsuming of areas of Labour strength in the provincial county boroughs into Conservative-dominated counties”. Adrian Lee: “English Regions: Political and electoral Possibilities”, en *Annual Conference 1991 Newcastle upon Tyne*. Idénticas manifestacións da politicización do réxime local inglés, pódensele achacar á *Local Government Act* de 1985, que suprime os “metropolitan county council” e o “Greater London Council”.

¹⁹⁹ Xosé Fariña Jamardo: “O réxime legal da parroquia en Inglaterra, perante o porvir da parroquia rural galega”, en *Revista Galega de Estudios Agrarios* nºs 7-8, Santiago, Xunta de Galicia, 1982, p. 12. tamén *vid.* D.C.M. Yardley: *Introduction to..., op. cit.*, pp. 137-143.

Neste sentido, **FARIÑA JAMARDO** subliñou que na simplificación e uniformización que do réxime local británico efectuou a *Local Government Act*, “a pervivencia da parroquia como entidade local supón un milagre de continuidade somente posibel –nuns territorios de noto predominio urbano e industrial–, polo arraigo acadado da chamada *Parish* non decurso dos séculos, e os servicios que rende como entidade devanceira e fundamental do goberno local, que se amosa áinda en moitas delas non emprego da democracia máis xebre e directa: a dos concellos abertos, cos que se corresponden as xuntas de parroquia”¹⁹⁹. Así, hai aspectos da regulación xurídica das *parish*, perfectamente traspasables ó caso galego que conta con esas mesmas institucións, como os de elección, constitución e funcionamiento de órganos parroquiais; ou a división en barrios da parroquia inglesa, que pueden elixir separadamente os seus representantes no Consello parroquial, o que en certa medida sería asimilable ás aldeas e lugares que componen grande parte das parroquias galegas; a agrupación voluntaria de parroquias;

a operatividade da asemblea veciñal ou concello aberto (se teñen menos de 200 electores),... en fin, o mantemento dun núcleo primario democrático local, a través do cal o individuo pode desempeñar un rol na xestión da súa propia comunidade²⁰⁰.

Por outro lado, un eixo fundamental que xa mencionamos, pero que se está perdendo de vista na realidade española, é o de que os entes intermedios ingleses, galeses ou escoceses, son auténticos gobernos locais, e non meras administracións locais con maior ou menor forza; e, ademais, tampouco son substratos de segundo nivel con rexedores cooptados e sustentadores das carencias dos entes inferiores que se encadran no seu territorio, senón que, pola contra, se trata de entidades que acollen plenamente a idea dunha fonda descentralización territorial²⁰¹; o cal, así mesmo, non parece incompatible co impulso de procesos de rexionalización, como os proxectos de devolución de poderes a Escocia e País de Gales, que tamén ten a súa manifestación na desagregación, con base en criterios estrictamente funcionais (variables segundo ministerios, non sistemáticos) dos servicios centrais. Tal como certeiramente sinala Prats i Catalá:

"No deja de ser curioso que, entre nosotros, como en los países de tradición napoleónica en general, la exaltación casi *iustaturalista* y conservadora del hecho municipal fue la coartada del Estado Central primero y de la Generalitat de Cataluña después para arrinconar las competencias locales en el ámbito de los servicios obligatorios y configurar el segundo nivel de Administración Local fundamentalmente en función de la prestación subsidiaria de dichos servicios. La culminación de esta concepción será la configuración de la comarca en lógica de Ente local provincial (...). Está claro que, desde estas ideas, el camino del centralismo estatal y del neocentralismo autonómico está expedito: la gran mayoría de las competencias locales inglesas van a ser ejercidas en España por los servicios periféricos del Estado y los nuevos servicios periféricos de las CCAA. Esta es la tendencia, escrita ya en las leyes de Cataluña, pero no inscrita afortunadamente e los astros. Revertirla exigirá, desde luego, partir de concepciones no bonapartistas –y consiguientemente extrañas a la tradición jurídica y política españolas– y profunda y radicalmente renovadoras tanto de la idea comarcal como de la propia concepción de las administraciones locales provinciales"²⁰².

²⁰⁰ Cfr. W.E. Jackson: *La estructura del régimen local inglés*, Madrid, EAL, 1962, p. 64.

²⁰¹ É certo que ainda que nos condados (e tamén, en menor medida, nas parroquias) impera a noción de *local self-government*, cun contido de representatividade, responsabilidade ante o seu electorado, autonomía, e subordinación á lei do Parlamento pero con exención dos controles administrativos da organización estatal (agásalguns supostos); a realidade amosa que esta concepción, ten hoxe bastante de mito, en opinión do profesor Michel Keaton ó que debemos agradecel-a deferencia de transmitírnola para este traballo, e é polo tanto matizable. Con todo, resulta aproveitável en grande medida para o noso caso, por exemplo no tocante á distribución de competencias (atribución xeral de competencias executivas e concorrencia nas exclusivas), e, por suposto, na faceta da participación.

²⁰² Joan Prats i Català: "La Comarca", en *Tratado de Derecho Municipal* vol. I, op. cit., pp. 809-810.

A este respecto, adiantaremos que se terá que falar das vantaxes de partida coas que conta Galicia, históricas, sociais, xeográficas e incluso de crenzas nada mediterráneas, cun pragmatismo se se quere moi británico, que pode de axudar a rompe-los clixés negativos da nova estructura autonómica, cara a instaurar un sistema desta índole tendente –máis social– a unha estructura sen centro.

E, neste camiño, habería que prestarles especial atención ás utilidades dun conxunto de regras que, no *Widcombe Report*²⁰³, reafirman a validez empírica de tal modelo: “It wold... be wrong to assume that... constitutional convention amounts to or derives from any natural right for local government to exist. It is a convention based on, and subject to, the contribution that local government can bring to good government” (parágrafo 3.6, páxina 46), nunha motivada, reflexiva e contrapesada “relation d’interdependance asymétrique”²⁰⁴.

Unha referencia tan sintética como necesaria, débese facer en relación con PORTUGAL. Necesaria pola semeillanza con Galicia nos seus asentamentos poboacionais, coa diferencia de que nese país –tras acceder ó sistema democrático– as súas tradicionais institucións básicas locais, as *freguesías* (equivalentes ás parroquias galegas), van ocupando progresivamente un espazo cada vez maior e más importante entre os clásicos entes locais portugueses de raíz francesa, os municipios, pasando as máis de 4.000 *freguesías* existentes de seren pouco más que submunicipios (e áinda así cada unha delas ten o seu concelleiro ou representante na Corporación Municipal), a asumir un crecente papel de competencias (especialmente trala reforma da Lei 25/85, do 12 de agosto, sobre autarquías locais, e co Real decreto-lei 100/84, do 29 de marzo), case equiparable ó das entidades municipais, podendo atoparse unha das causas fundamentais en que a vivificación das *freguesías*, “e, com isso, a democraticidade da administración pública; trata-se de dar sentido e conteúdo concreto ás actividades de dezenas de milhar de eleitos autárquicos e, dessa forma, estimular a participación dos cidadãos”²⁰⁵.

E iso malia que a uniformidade municipal non é tan notoria en Portugal coma en España, posto que existen diversas categorías: urbanos e rurais; de varios núcleos ou dun só; de primeira, segunda ou terceira orde²⁰⁶. Neste mesmo sentido hai que sinalar que o grande ta-

²⁰³ Sobre *The Inquiry into The Conduct of Local Authority Business*, London, HM-SO, 1986.

²⁰⁴ Roderick Rhodes: “La Grande-Bretagne, pays du ‘gouvernement local?’”, en *Pouvoirs* nº 37, París, Presses Universitaires de France, 1986, p. 69.

²⁰⁵ Luís Sa: *Razões do Poder Local*, Lisboa, Caminho, 1991, p. 52.

²⁰⁶ Cfr. Decreto-lei 78/84, do 8 de marzo. En *Leis sobre o poder local* vol. I, Lisboa, Caminho, 1988, pp. 145-158.

maño dos pouco más de 300 municipios portugueses (case 300 km² de media, fronte ós pouco más de 50 en España –case o dobre en Galicia– e algo más de 14 en Francia), en contraposición ós demais países de sistema local francés, que en boa medida se basea no feito de térense institucionalizado as *freguesías*.

Tamén habemos de agregar que acaso o problema es tribe máis no feito de que, pese ós avances recentemente rexistrados, "Portugal continua a ser o país de administración pública mais centralizadora na parte do mundo em que se insere. A inexistencia de rexións terá aí un papel; mas é obvio que o actual nivel de financiamento dos municipios e freguesias también tem. E não é pequeno"²⁰⁷. A clave de tal centralismo –malia a existencia das denominadas rexións autónomas de Azores e Madeira–, segue a estar na extensa e intensa tutela administrativa que exerce o Estado mediante o instrumento dos gobernadores civís no ámbito territorial da súa xurisdicción, denominado distrito, e iso que xa desde a Lei 79/77, do 25 de outubro, se prometía (art. 82) que a división en distritos tería carácter provisional ata que se constituisen as rexións, ainda hoxe non creadas.

En definitiva, os aspectos de auténtico interese que existen no réxime local portugués, atópanse no que de aproveitable para Galicia se poida dar no tratamento das *freguesías*, que non é pouco, en especial no referente á participación cidadá. De tal xeito, a Asemblea de Freguesia elíxese por sufraxio universal, directo e secreto, e funcionan en réxime de concello aberto se o número de electores é inferior a 200. Por outra banda, a participación cidadá e das organizacións populares de base territorial na vida administrativa local, vén regulada por uns mínimos imprescindibles que, en moitos casos, se estenderon e ampliaron, ata o punto de ser habitual a realización de plenarios de toda a poboación, e a atención individualizada da mesma en días concretos por parte das "juntas de freguesia", así como a creación de grupos de estudio e traballo para tratar de determinados problemas que afectan á ciudadanía²⁰⁸. Todo iso, como dicimos, nun país fortemente centralizado, que aquí atopa un escape democrático intenso, na atención e respecto ós feitos cotiáns da convivencia local parroquial.

Moitos outros casos do derecho comparado, merecerí-

²⁰⁷ Luís Sa: *Razões do..., op. cit.*, p. 68.

²⁰⁸ Cfr. *Guía Prática das Juntas e Assembleias de Freguesia*, Lisboa, Caminho, 1987, pp. 65-68.

an ser aquí obxecto de consideración, como, por exemplo, o interese que suscita o *county* estadounidense, onde cada día se afianza máis como ente intermedio de dobre nivel (*two-tier system*), ó tempo que superador e/ou fusionador das caducas estruturas administrativas metropolitanas; do mesmo xeito que os entes territoriais irlandeses desta índole, parangonables en extensión ás comarcas galegas, e tendo unha poboación semellante á de Galicia (co *hándicap* de que case a metade da mesma se concentra en Dublín); ou as reformas do réxime municipal ocorridas na antiga Iugoslavia... Pero unicamente efectuaremos un repaso que amose que estes modelos reformistas non son ningunha excepción nos países do noso contorno, comezando polos países escandinavos, punteiros en iniciativas de desenvolvemento local e participación cidadá, onde o organismo central comarcal ten atribuídas tódalas funcións que afectan á súa área territorial, e as entidades menores, de segundo grao ou históricas, son focos de participación pero contan cun restrinxido alcance de competencias nas súas atribucións.

En Suecia, a reforma iníciase xa nos anos corenta, cando se reduce a case unha décima parte o número dos seus municipios, catalogados en tres clases (cidade, burgo ou vila, e municipio rural), ou en agrupacións deles, por máis que deban respecta-los límites parroquiais²⁰⁹, que recibe o seu maior impulso pola intensificación reformista que se produciu entre as décadas dos sesenta e setenta, nas que se buscaba articula-las competencias locais coas centrais, aumentando tamén as competencias e autonomía organizativa das entidades locais (ademas os cargos políticos locais reduciríronse en máis de tres cuartas partes); así mesmo, xeráronse procesos descentralizadores, e creáronse novos mecanismos de participación política nos grandes municipios. “La década de los setenta también pone en primer plano, en Suecia como en el resto de Europa, la cuestión regional o provincial, en un doble sentido: democratización del condado (dar prioridad a la representación política directa en vez de a la Administración periférica del Estado) y revisión de su funcionalidad (reducción del número y aumento del tamaño de los condados, redistribución de funciones y articulación con los municipios). La lógica democrática de la descentralización del Estado y el criterio de la eficacia social de la Ad-

²⁰⁹ Cfr. Xosé Fariña Jarmardo: *A personalidade..., op. cit.*, p. 71.

ministración aparecen como los principales factores de los cambios institucionales y territoriales”²¹⁰.

No mesmo sentido, realizáronse en Dinamarca reducções drásticas: de 1.388 municipios (89 cidades e 1.299 municipios rurais ou parroquias –*sognekommuner*–, que xa desde antigo empregan un sistema similar ó da *xanela única* na súa Administración²¹¹) e 25 condados nos anos sesenta, a 275 e 14 (incluída Copenhague) respectivamente en 1974, co que se salienta a profundidade do proceso que foi global e coordinado (non fragmentado ou improvisado), con preeminencia do consenso político no método e con valores políticos con igual índole de común acordo, tales como a descentralización estatal e a localización do poder nos ámbitos locais²¹².

En Islandia, a parroquia –*hreppur*–, conserva gran importancia como entidade civil e de participación democrática (Consello parroquial composto de 3 a 7 membros, sendo a media de poboación parroquial duns 300 habitantes), imbricadas no nivel superior ou distrito. No caso de Andorra, as parroquias ou comúns son as únicas entidades de Goberno local, e atópanse subdivididas (catro das seis que componen o Principado) en *guardas*, administradores dos seus bens comúns, de certa semellanza coas aldeas galegas que tamén posúen este tipo de titularidade patrimonial; por suposto as parroquias son tamén circunscripcións para a elección do Parlamento, e adóitase rexistrar nelas unha alta participación.

Suíza, Bélgica e ata os Países Baixos, emprenderon reformas de similar sentido, variando en función das súas circunstancias e da súa historia político-administrativa; así, en Suíza poténciase a acción racionalizadora do Cantón colaborando cos seus entes locais (nalgúns cantóns, parroquias), que tenden a mancomunarse voluntariamente; e en Bélgica dáselle unha dimensión maior á rexionalización (forzada polos aires rupturistas), e perden carácter político as provincias, o que non impide que entre 1960 e 1975, se reducisen a case unha quinta parte o número de municipios; tendencias ambas tamén visibles en Holanda, pero cun carácter menos federalizante na súa rexionalización, e máis acoutadas e fragmentarias, sen ter logrado reducir notoriamente o número dos seus entes locais. Finalmente, en Austria, cabería destaca-lo carácter eminentemente pragmático –non declarativo ou progra-

²¹⁰ Jordi Borja: *Descentralización y participación ciudadana*, Madrid, EAL, 1987, pp. 42-43.

²¹¹ Cfr. Xosé Fariña Jamardo: *A personalidade...*, op. cit., p. 88.

²¹² Cfr. Jordi Borja: *Descentralización...*, op. cit., pp. 41-42.

mático— das súas reformas, segundo necesidades políticas ou de administración cotiás, que avanzan na liña de profundar no federalismo (recentemente concedéuselles ós *länder* a posibilidade de asinar documentos internacionais e entre eles mesmos no ámbito das súas competencias, e a cambio a Federación adquiriu competencias sobre medio ambiente que antes lles pertencían ós estados), e tamén no reforzo da autonomía dos entes locais, ó tempo que se redistribúen agrupándooos (entre 1964 e 1974, reducíronse case á metade os cerca de 4.000 municipios existentes).

En conxunto e en resumo, o que en definitiva se pretende, é “acabar coa tensión producida polos cambios socioeconómicos sobre as obsoletas estructuras administrativas. Así o denuncia un informe alemán ó Consello de Europa; del entresacamos un parágrafo significativo: “o desenvolvemento económico, técnico e social leva consigo unha ampliación e unha diferenciación de tarefas públicas. Os modernos medios técnicos poden en por si tratar racionalmente os asuntos administrativos *repetitivos* que se multiplicaron, estando mellor garantida a utilización deses medios en unidades administrativas máis grandes. Hoxe en día, as fronteiras administrativas cortan frecuentemente espacios coherentes vitais e económicos”²¹³. O que non deixa de resultar paradoxal, cando a integración europea, se intenta realizar mediante a superación dunhas barreiras fronteirizas que se encuentran na base de todo o dereito constitucional e internacional moderno.

Conviría finalizar coa xenérica observación de como se está a producir unha certa igualación das estructuras locais, incrementando a participación das pequenas unidades territoriais e reforzando as misións administrativas e de prestación dos servicios públicos en entidades intermedias comarcas (democraticamente elixidas), nos países más avanzados da Europa occidental, acordes coas súas peculiares estructuras rexionais ou nacionais, coa excepción daqueles de tradición napoleónica (incluída a filosofía dogmática), moito más reticentes ás transformacións, acaso, parafraseando a Hobsbawm porque estes sistemas tenden a repeti-los fallos dos seus antecesores convencidos de que son éxitos²¹⁴; “ni Holanda, ni España, ni Francia consiguieron redefinir la dimensión y la es-

²¹³ Luis Caramés Viéitez: “Fiscalidad de las Areas Metropolitanas”, en 1^{as} Xornadas Galegas sobre Economía das Corporacións Locais, Santiago, Xunta, 1992, p. 259.

²¹⁴ Cfr. E.X. Hobsbawm: *La revolución*, en Roy Porter e Mikulás Techt, eds.: *La revolución en la historia*, Barcelona, Crítica, 1990, p. 52.

tructura de sus colectividades de base. Pero, por una curiosa paradoja, los estados-naciones centralizados de la Europa del sur se encuentran todos comprometidos en reformas regionales que la Revolución francesa y el Imperio prohibieran tanto en Francia como en los estados bajo su control²¹⁵. Quizais, en consecuencia, chegase o momento de que sexan as CCAA as que asuman esta responsabilidade, algo que, no caso de Galicia, se nos antolla imprescindible. **C**

215 Y. Meni: *La Reforme des Collectivités Locales en Europe. Stratégies et Resultats*, París, 1984, p. 8. Citado por Joan Prats i Català: *La Comarca*, op. cit., p. 804.

Abreviaturas

- CA _____ Comunidade Autónoma.
- CCAA _____ Comunidades autónomas.
- CE _____ Constitución española.
- EAC _____ Estatuto de autonomía de Cataluña.
- EAG _____ Estatuto de autonomía de Galicia.
- EPV _____ Estatuto de autonomía do País Vasco.
- LOHAPA _____ Lei orgánica de harmonización do proceso autonómico.
- LOTC _____ Lei orgánica do Tribunal Constitucional.
- LORARFNA _____ Lei orgánica de reintegración e mellora do réxime foral de Navarra.
- LPA _____ Lei do proceso autonómico.
- LRBRL _____ Lei reguladora das bases do réxime local.
- ROF _____ Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- STC _____ Sentencia Tribunal Constitucional.
- SSTC _____ Sentencias Tribunal Constitucional.
- TC _____ Tribunal Constitucional.

COMENTARIOS

NOTAS E

CRÓNICA
PARLAMENTARIA

José Antonio
Sarmiento
Méndez

A Administración portuaria e a súa lexislación específica: notas acerca do Proxecto de lei de creación do ente público Portos de Galicia

Letrado do Parlamento de
Galicia.

Dentro do estudio da denominada parte especial do derecho administrativo, e más concretamente ó aborda-la temática da actividade administrativa de fomento, era tradicional tratar da legislación reguladora dos portos, que integraba unha parte importante desta pón de derecho. Non pretenden estas liñas realizar unha análise profunda da problemática da Administración portuaria que, como é ben sabido, alcanza grande complejidade nas súas relacións co derecho urbanístico e o dominio público¹.

¹ Acerca da problemática xeral dos portos no derecho administrativo, (*vid.*) Luis Cosculluela Montaner. *Administración portuaria*, Madrid, 1973.

Tentaremos pois, neste momento, facer algunas reflexións verbo da influencia do Estado autonómico neste sector administrativo e, más concretamente, na súa regulación no proxecto de lei en cuestión no caso da Comunidade Autónoma galega.

1. Distribución de competencias en materia de portos.

De acudirmos ós antecedentes constitucionais atopamos que a nosa carta magna de 1978 segue literalmente os criterios de repartición de competencias que nesta materia fixou a Constitución republicana de 1931. Ámbalas dúas partiron do criterio de atribuírlle ó Estado competencia nos portos cualificados de interese xeral, mentres que ás comunidades autónomas ou rexións atínxenllas os de interese rexional.

Os dous textos constitucionais más influentes na redacción da Constitución española non trasladaron o seu enfoque desta materia ó noso ordenamento xurídico. A Lei fundamental de Bonn nos seus artigos 63 e 64 non menciona esta materia como obxecto de lexislación exclusiva da Federación nin como concorrente coa dos estados. Esta ausencia de concreción é interpretada como unha atribución de potestade lexislativa plena ós estados; de tódolos xeitos deben puntualizarse unha serie de materias intimamente relacionadas cos portos, correspón-denlle exclusiva ou parcialmente á Federación (navegación, tráfico, alfândegas, defensa nacional...).

Doutra banda, a Constitución italiana limita enormemente a competencia das rexións en materia de portos ó restrinxila ós portos situados en augas continentais. Esta declaración tan limitadora atopa unha vía de escape, como é a da posibilidade de que o Estado delegue nas rexións funcións administrativas de acordo co artigo 118.2 da Constitución italiana².

Como é ben sabido o artigo 148.1 apartado 6 da nosa Constitución de 1978 atribúelles ás comunidades autónomas a posibilidade de asumiren competencias nas materias de “portos de refuxio, portos e aeroportos deportivos e, en xeral, os que non desenvolven actividade comercial”; declaración que vén a ser completada polo apartado 20 do artigo 149.1 da Constitución que prescribe a competencia exclusiva nas seguintes materias: “maniña mercante e matriculación de buques; alumeados de costas e sinais marítimos; portos de interese xeral; aeroportos de interese xeral; control do espacio aéreo; tránsito e transporte aéreo; servicio meteorolóxico e matriculación de aeronaves”. Este marco constitucional é herdeiro

² Esta delegación produciuse por decretos do 14 de xaneiro de 1972 e 24 de xuño de 1977 de transferencias ás rexións de estatuto ordinario de funcións administrativas.

do xa sinalado no artigo 15 da Constitución da II República, no que se estableceu como competencia exclusiva do Estado "os portos de interese xeral", quedando en todo caso para a lexislación estatal a posibilidade de reservar para si a execución directa dos mesmos.

Segundo Escribano Collado³ este precepto implica tres consecuencias:

En primeiro lugar, a atribución exclusiva ó Estado da potestade lexislativa sobre portos de interese xeral que quedaba totalmente vedada para as rexións.

En segundo lugar, a posibilidade de asumir, en relación con cada porto de interese xeral, a administración ou xestión directa.

E por último, con base no artigo 16, quedaba no poder das rexións a lexislación exclusiva e execución sobre os portos non declarados de interese xeral de acordo cos seus estatutos de autonomía.

O marco constitucional vixente, influído pola norma histórica que vimos de referir, foi perfilado polo Tribunal Constitucional que na súa importante Sentencia 77/1984, do 3 de xullo dese ano (BOE núm. 181, do 30 de xullo de 1984) delimitou a competencia do Estado en materia de portos de interese xeral no seu conflicto coa competencia urbanística da que gozan as comunidades autónomas. Froito deste conflicto de competencias, o tribunal estableceu a súa xurisprudencia ó considerar este tipo de materia como competencia concorrente, ó entender que a atribución dunha competencia sobre un ámbito físico determinado non impide necesariamente que se exerzan outras competencias nese espacio, sempre e cando as competencias concorrentes teñan un distinto obxecto xurídico.

Por outro banda, o maxistrado ponente Latorre Segura explica tamén como o concepto de dominio público non serve para illar unha porción de territorio do seu contorno, ó consideralo como unha consecuencia das competencias dos diversos entes públicos que as sustentan; neste caso a Comunidade Autónoma do País Vasco, como o propio texto da sentencia recolle. A concorrenza de competencias sobre o mesmo espacio físico pode suscitar dificultades en casos concretos pero isto no empece o principio de que a concorrenza sexa posible, sen

³ Pedro Escribano Collado "Competencias en materia de puertos", *Revista de Administración Pública*, núms. 100-102, 1983.

que exista espacio exento dentro do territorio dunha comunidade autónoma.

Conclúe o Tribunal Constitucional aconsellando a busca de soluciones de cooperación dentro do respecto ás respectivas competencias, aínda que recoñece que a decisión final lle debe corresponder á Administración titular da competencia prevalecente.

Como se aprecia nunha análise desta e doutras sentencias do Tribunal Constitucional⁴ a delimitación de competencias na actualidade necesita dun estudio singular do conflicto en cuestión, aínda que estes principios de xurisprudencia citados e as prescripciones da Lei 27/1992 de portos do Estado e da Mariña Mercante serán de enorme utilidade para a distribución das competencias de que se trate.

O concepto de interese xeral ó que alude a Constitución foi analizado por unha parte importante da doutrina que ten acadado as seguintes conclusións:

a) A Constitución atribúelle ó Estado competencias para determinar e precisar en cada ámbito material dos que lle están atribuídos no artigo 149.1 o que se debe entender por interese xeral, como propio atributo da soberanía estatal, e como tal ten a virtualidade de se impor a tódolos poderes autónomos.

b) No ejercicio dessa función de defini-lo interese xeral o Estado ten que actuar respectando os principios de todo Estado de dereito, garantindo o imperio da lei con exclusión de calquera outro interese de ámbito territorial inferior.

c) Na materia que nos ocupa a Constitución define unha serie de supostos nos que os portos son de interese xeral, o que vén imposibilita-lo Estado para o exercicio da competencia directa sobre os mesmos.

d) Á marxe destes supostos o Estado terá que definir por vía lexislativa os criterios xerais conforme ós que un porto pode ser cualificado de interese xeral⁵.

2. A legislación estatal.

Como ten sinalado Sebastián Martín-Retortillo⁶, a Administración pública para o logro dos diferentes intere-

⁴ Sentencia 149/1991, do 4 de xullo, nos recursos de inconstitucionalidade acumulados 1698, 1708, 1709, 1715, 1723, 1728, 1729 e 1740. E o de 1988 interposto contra a Lei 22/1988, do 28 de xullo de costas.

⁵ Estas e outras conclusións aparecen recollidas por Pedro Escribano Collado no seu artigo: "Las competencias de las comunidades Autónomas en materia de puertos", *Revista de Administración Pública*, nº 100-102 de 1983.

⁶ "Las Empresas Públicas: reflexión del momento presente", cuarto relatorio do congreso sobre "Entes instrumentales de las administraciones públicas", Sevilla, setembro de 1991.

ses públicos económicos e a prestación dos correspondentes servicios acode a variadas fórmulas organizativas; pero a elección dunha ou outra forma organizativa de principio lévanos a pondera-la transcendencia que a regulación xurídica estatal nesta materia ten, e os seus distintos enfoques na lexislación vixente.

No ámbito das leis formais do Estado, débense destacar tres textos normativos. En primeiro lugar, a Lei 27/1963, do 2 de marzo, de creación e funcións da Xunta Central de Portos que no seu artigo primeiro configura un organismo autónomo do Estado con personalidade xurídica e patrimonio propio, adscrito ó Ministerio de Obras Públicas, ó que lle atribúe importantes funcións de xestión, informe e coordinación na materia de instalacións portuarias: doutra banda a Lei 22/1988 do 28 de xuño, de costas, contén inevitables referencias á materia do dominio público portuario, e establece así mesmo unha primeira aproximación á repartición de competencias Estado-comunidades autónomas no tocante a este domanio.

A terceira e más importante das leis dictadas nesta materia é sen dúbida a 27/1992, do 24 de novembro de portos do Estado e da Mariña Mercante que lle dedica boa parte do seu contido á regulación xurídica dos portos e instalacións marítimas competencia do Estado, ó tempo que pretende unha regulación acabada das materias que atinxeñ á planificación, construción, organización, xestión económico-financeira e policías dos mesmos. É salientable, pola íntima relación co proxecto de lei autonómico, o tratamento que realiza da prestación de servicios nos portos así como da súa utilización.

Ademais das tres leis citadas existen unha multiplicidade de normas regulamentarias entre as que podemos subliña-lo Decreto 1996/1960 do 20 de outubro, sobre o estado das tarefas de carga e descarga, despacho de buques e mercancías, o Decreto 1730/1961 do 6 de setembro sobre clasificación xeral de portos, o Decreto 1348/1962 do 14 de xuño polo que se aproba a clasificación, presuposto e persoal das entidades estatais autónomas; o Real decreto 1958/1978 do 26 de xuño de reorganización da Comisión Administrativa de Grupos de Portos, a Orde do 8 de novembro de 1978, sobre composición e funcionamento do comité executivo e das co-

misións periféricas da comisión citada; o Real decreto 2486/1980 do 26 de setembro polo que se aproba o regulamento da lei de portos deportivos; a Orde do 30 de decembro de 1980 pola que se aproba a estructura orgánica da comisión administrativa de grupos de portos; o importante Decreto 2546/1985 do 27 de decembro sobre a política económica financeira do sistema portuario dependente da Administración do Estado (no que se fixa no 6% o rendemento do investimento neto en activos fixos para o conxunto do sistema portuario); o Real decreto 337/1987, do 6 de marzo, polo que se aproba o cambio de denominación de varias xuntas de portos; o Real decreto 1471/1989, do 1 de decembro, polo que se aproba o regulamento xeral para o desenvolvemento e execución da Lei do 28 de xullo de 1978; de custo; e o recente Real decreto 685/1993, de asistencia xurídica ó ente público do Estado e autoridades portuarias.

3. A competencia na Comunidade Autónoma de Galicia.

A) A transferencia de competencias.

A Comunidade Autónoma galega ten atribuídas as competencias nesta materia polas disposicións contidas no artigo 27, apartado 9, do Estatuto de autonomía de Galicia que lle atribúe a competencia exclusiva das seguintes materias: “Os portos, aeroportos e heliportos non cualificados de interese xeral polo Estado, e os portos de refuxio e portos e aeroportos deportivos”; igualmente o artigo 28 do Estatuto de autonomía lle atribúe a competencia á Comunidade Autónoma no tocante ó “Desenvolvemento e a execución da lexislación do Estado nos termos que a mesma establece das materias seguintes: portos pesqueiros”. En execución deste mandato estatutario aprobaríanse os correspondentes reais decretos de traspaso á Comunidade Autónoma. En concreto, o Real decreto 3241/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de portos, en virtude do cal quedarán transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia os servicios, bens, derecho e obrigas así como o persoal, créditos presupostarios, documentos e

expedientes que se recollen no anexo II dese real decreto.

Polo Real decreto 1662/1984, do 1 de agosto, apróbase a valoración definitiva e ampliación dos medios adscritos ós servicios traspasados á Comunidade Autónoma en materia de portos, posto que o Real decreto 3214/1982 só contiña unha valoración provisional e facíase necesaria a súa substitución por unha definitiva.

Por último, en virtude do Real decreto 145/1993 do 29 de xaneiro prodúcese o traspaso de funcións e medios do servicio público de estiba e desestiba en portos non clasificados como de interese xeral para a Comunidade Autónoma de Galicia.

B) A normativa de Galicia.

A Comunidade Autónoma de Galicia lexislou unha abondosa normativa na materia que nos ocupa. Aínda que como se poderá apreciar cun carácter fundamentalmente orgánico e regulamentario.

O estudio do réxime administrativo dos organismos autónomos na Comunidade Autónoma de Galicia non ten neste momento incorporado o dos portos⁷, na medida en que non se creou ata o momento actual ningunha estructura administrativa, independente da Dirección Xeral de Obras Públicas, para esta atención sectorial.

Foi a Lei 6/1987, do 12 de xuño, do Plan especial de portos da Comunidade Autónoma de Galicia a que abordou por primeira e única vez ata a actualidade, con rango normativo de lei, a problemática dos portos da nosa Comunidade Autónoma. Tenta a citada lei de fixar un réxime financeiro e de regulación das tarifas e concesións administrativas así como de clasifica-los distintos portos existentes na Comunidade Autónoma.

Existe sen embargo unha multiplicidade de normas regulamentarias dictadas en boa parte pola consellería competente en materia de obras públicas, que determinan o réxime xurídico dos portos en Galicia; deste xeito cabe citar dende o inicial Decreto 167/1982, do 1 de decembro, sobre asunción de transferencias en materia de portos e a súa asignación á Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, ó Decreto 19/1983 do 7 de

⁷ Verbo do réxime dos organismos autónomos na Comunidade Autónoma de Galicia, o seu tratamento económico financeiro, contractual e de persoal *vid. Jaime Rodríguez-Arana e Manuel Aguilar López* (libro homenaxe ó profesor Manuel Clavero Arévalo.)

xaneiro polo que se crea e regula a estructura e funcionamento da Comisión de Portos de Galicia, a Orde do 31 de xullo de 1984, sobre tramitación administrativa de concesións de portos; o Decreto 177/1986 do 4 de xuño sobre explotación de naves para depósito e clasificación de productos pesqueiros (lonxas) en zonas de servicio de portos da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Decreto 290/1986 do 18 de setembro, sobre tarifas aplicables nos portos da Comunidade Autónoma de Galicia, o Decreto 351/1986, do 2 de outubro polo que se modifica e se regula a estructura e funcionamento da Comisión de Portos da Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 105/1991, do 27 de marzo que afecta tamén á estructura e funcionamento da Comisión de Portos de Galicia. Especial importancia ten o recente Decreto 69/1993, do 10 de marzo, de asunción e asignación das funcións e servicios transferidos en materia de formación profesional ocupacional e estiba e desestiba en portos non clasificados como de interese xeral.

4. O desenvolvemento normativo no dereito estatutario comparado.

No momento de escribir estas liñas soamente tres comunidades autónomas teñen aprobados textos normativos con rango de lei sobre a materia que nos ocupa: Andalucía, Cataluña e a Comunidade Valencia. Iso non impide que exista unha abondosa normativa regulamentaria nas restantes comunidades autónomas que pola súa configuración física disponen de domino público portuario.

A Lei do 5 de maio de 1986, nº 6/86 regula a materia que nos ocupa na Comunidade Autónoma de Andalucía no tocante á determinación e revisión de tarifas e cánones en portos e instalacións portuarias. Como se pode deducir do enunciado da lei, trátase dun obxecto moi concreto intimamente relacionado coa regulación que nesta materia contén a Lei xeral de Facenda pública da Comunidade Autónoma de Andalucía. Xustificase este texto normativo polas profundas modificacións operadas na estructura do tráfico portuario e o grande desfase na cuantificación das tarifas habidas desde a lexislación do ano

1966. O outro texto con rango de lei existente nesta comunidade autónoma é o que se ocupa da ordenación dos portos deportivos, Lei 8/1988, do 2 de novembro, á cal non faremos máis referencias por excede-lo obxecto do presente comentario.

Maior importancia para a materia que nos ocupa ten o Decreto do 14 de xullo de 1992, nº 126/1992 da Consellería de Obras Públicas e Transporte que regula a constitución e estatutos da Empresa Pública de Portos de Andalucía. Trátase dunha entidade de carácter público creada en virtude da disposición adicional 10 da Lei 3/1991, do 28 de decembro de presupostos da Comunidade Autónoma de Andalucía para 1992 co obxecto de levar a cabo a xestión dos servicios portuarios, cando a competencia lle corresponda á comunidade andaluza, os presupostos obxectivos desta empresa pública son os de organización e xestión do conxunto de portos e instalacións de titularidade da Xunta de Andalucía, así como o desenvolvemento e execución da política e da planificación xeral portuaria da Comunidade Autónoma. Como se poderá apreciar, esta regulación terá enormes similitudes coa prevista no proxecto de lei galego.

A Comunidade Autónoma catalana regulou pola Lei do 5 de abril de 1982, nº 4/1982 a creación da Comisión de Portos como un organismo autónomo de carácter comercial, industrial e financeiro adscrito ó departamento de Política Territorial e Obras Públicas co obxecto de levar a cabo a xestión do servicio público portuario e dos fondos adscritos ó mesmo. As funcións atribuídas á Comisión de Portos de Cataluña, que serán exercidas en réxime de descentralización son, entre outras, a organización, xestión e administración dos portos titularidade da Generalitat e, como sinala o seu artigo 3º "todo o que sexa necesario para facilita-lo tráfico marítimo portuario e consigo a rendibilidade ou productividade da explotación dos portos".

Débese citar igualmente unha serie de decretos que desenvolven algunas prescripcións desta lei como o do 11 de febreiro de 1983, que fixa a estructura orgánica do cadre de persoal da Comisión de Portos, o do 31 de outubro de 1985, que regula o réxime financeiro da Comisión de Portos, ou o do 22 de abril de 1991, que reestructura a Comisión de Portos de Cataluña; importancia máis pun-

tual ten o Decreto do 28 de decembro de 1992 polo que se aproba o regulamento de xestión dos postos dependentes da Comisión de Portos de Cataluña.

A Comunidade Valenciana ten regulada esta materia pola Lei autonómica do 23 de abril de 1987, nº 3/87 de creación da Xerencia de Portos da Generalitat. Concíbe-se este ente como un organismo autónomo de carácter administrativo adscrito á Consellería de Obras Públicas, Urbanismo e Transporte. O obxecto desta entidade de dereito público é a explotación e xestión do servicio público portuario, dos fondos e o patrimonio adscrito ó mesmo nos portos que son titularidade da Generalitat valenciana. Con anterioridade á aprobación desta lei, a Comunidade Valenciana dictara o Decreto do 21 de marzo de 1983, regulador do exercicio das competencias transferidas en materia de portos, posteriormente derrogado polo Decreto do 25 de xuño de 1985 da Consellería de Obras Públicas e Urbanismo. Tamén con anterioridade á aprobación do texto legal se procedeu á regulación do Plan de portos e das instalacións náutico-deportivas polo Decreto do 22 de decembro de 1986.

Por último e como disposicións regulamentarias complementarias da lei autonómica cabe cita-lo Regulamento orgánico funcional da Xerencia de Portos da Generalitat aprobado polo Decreto do 9 de maio de 1988 e o Decreto do 30 de maio de 1989 que lle dá aprobación definitiva ó Plan de portos e instalacións náutico-deportivas da Comunidade.

Faremos seguidamente unha sucinta referencia a aquelas comunidades autónomas que, como a nosa, non disponen de textos legais nesta materia.

A Comunidade Autónoma de Asturias ten elaborados senllos decretos cun contido principalmente organizativo posto que se ocupan da creación dun Comité de Coordinación en materia político-administrativa en relación cos postos de interese xeral (Decreto do 29 de setembro e do 15 de decembro de 1983).

A Comunidade Autónoma de Baleares creou a través dun Decreto do 19 de marzo de 1987, unha norma de ordenación do litoral que contiña a previsión de funcionamento da Comisión Balear do Litoral con funcións más amplas cás estreitamente portuarias. A Comunidade Autónoma de Canarias dictou unha resolución de delega-

ción de facultades no servicio de portos para os efectos dunha maior axilidade no seu funcionamento.

A Comunidade Autónoma de Cantabria dictou o Decreto 48/1992, do 21 de maio polo que se fixou o prezo público pola ocupación de terras e dominio público nas zonas de servicio dos portos que como se pode apreciar ten un obxecto moi concreto. Por último a regulación da Comunidade Autónoma de Murcia limitase a unha Orde do 29 de decembro de 1982 que lle atribúe á Dirección Rexional de Infraestructura a Comisión da Administración periférica de portos e así mesmo a normativa do País Vasco limitase a unha serie de decretos organizativos de aplicación das taxas por servicios xerais e específicos en portos da Comunidade citada.

5. *O Proxecto de lei de creación do ente público de portos de Galicia (BOPG do 28 de xaneiro de 1994)*

A) Antecedentes parlamentarios.

Son abondosos os antecedentes que ó longo das distintas legislaturas se sucederon nesta materia por procedementos parlamentarios. No ámbito do impulso político do Goberno citaremos dentro da II legislatura unha pregunta con resposta oral en Pleno formulada polo deputado do Grupo Parlamentario Popular D. José Luís Torres Colomer, sobre a política do Goberno galego en materia de portos, que foi contestada polo daquela conselleiro de Pesca, Marisqueo e Cultivos Mariños Sr. Rodríguez Peña no sentido de que sería levada a cabo pola consellería unha política integrada en materia de portos tendo en conta tanto os aspectos pesqueiros coma os do tráfico mercantil⁸. Resulta saliente aprobación no seo da Comisión 2ª, "Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios", o día 7 de abril de 1989, da proposición non de lei presentada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Páramo Neira, sobre a modificación da legislación de portos e representación da Comunidade Autónoma nas xuntas de portos de interese nacional. Nesa resolución, aprobada por unanimidade, o Parlamento instou á Xunta de Galicia a requerir do Goberno central a adop-

⁸ (Vid. Diario de Sesiones, nº 71, pp.4.526-4.527)

ción das medidas necesarias para modifica-la lexislación de portos, así como para a realización dos demais trámites necesarios co fin de que nas xuntas dos portos de interese nacional sitas en Galicia, exista unha suficiente representación da Comunidade Autónoma galega.

Distinta entidade teñen as iniciativas de tipo lexislativo que antecederon á que hoxe é obxecto da nosa análise. O BOPG nº 95, do 19 de decembro de 1986 contén unha proposición de lei formulada polo Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa de D. Camilo Nogueira Román sobre a transferencia a Galicia da competencia estatal en materia de portos de interese xeral. A dita proposición resultou caduca no seu momento. O propio autor da iniciativa presentou novamente a citada proposición de lei, foi publicada o 6 de abril de 1990 e culminou a súa tramitación na sede do Parlamento galego coa designación de deputados para a súa defensa no Congreso dos Deputados no Pleno do día 22 de decembro de 1993. O obxecto fundamental desta proposición de lei é o de solicita-la transferencia á Comunidade Autónoma galega das competencias de desenvolvemento lexislativo e execución en materia de portos de interese xeral así como a de privar ós portos de Vilagarcía de Arousa e Marín da cualificación de portos de interese xeral do Estado. Por outra banda tamén se exclúen da citada cualificación de interese xeral os portos pesqueiros das cidades da Coruña, Ferrol e Vigo. Esta iniciativa atópase na actualidade pendente da súa inclusión na oportuna orde do día do Pleno do Congreso dos Deputados para a súa eventual toma en consideración.

Sen dúbida o antecedente lexislativo máis inmediato do proxecto de lei que nos ocupa é o aprobado polo Goberno galego na última lexislatura (BOPG nº 112, do 16 de febreiro de 1991), que pretendía a creación do ente público de portos de Galicia como entidade pública que asumise en réxime de empresa mercantil sometida ó dereito privado, a organización, xestión, explotación e administración dos portos ós que se estenden as competencias da Comunidade Autónoma galega. Este proxecto de lei non chegou a ser debatido na súa totalidade ó longo da III lexislatura aínda que os distintos grupos parlamentarios chegaron a formula-las correspondentes emendas que apareceron publicadas no BOPG nº 148, do 27 de maio de 1991.

B) O Proxecto de lei de creación do ente público de Portos de Galicia (BOPG nº 17, do 28 de xaneiro de 1994).

Os 21 artigos que componen este proxecto de lei teñen como xa se comentou o precedente claro do proxecto da anterior lexislatura, áínda que o artigo 8 que regula as xuntas territoriais non figuraba no proxecto caducado. Nas seguintes liñas, faremos un breve repaso sobre o contenido esencial do proxecto e a orientación das principais emendas que os grupos lle presentaron ó mesmo⁹.

O proxecto cita como base constitucional os artigos 148.1.6 e 148.1.20 da Constitución, así como o 27.9 do Estatuto de autonomía de Galicia. Despois de facer un repaso histórico á situación da administración portuaria na Comunidade Autónoma tenta xustifica-la necesidade da creación duns órganos encargados da administración portuaria que garantan a máxima eficacia no cumprimento das súas funcións de planificación, construción e explotación dos portos.

O artigo primeiro da lei prevé a creación no ámbito da Comunidade Autónoma da entidade de dereito público Portos de Galicia, ó tempo que o adscribe á consellería competente en materia de portos. Esta opción lexislativa conta cunha oposición frontal do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego que pretende a súa supresión, presentando en todo caso a alternativa de configura-la administración portuaria por crear, como un organismo autónomo de carácter comercial, industrial e financeiro. Delimita tamén o proxecto o que considera deben ser funcións do ente público creado. A xestión e explotación das instalacións portuarias e dos demais bens adscritos ó seu patrimonio configúranse como as funcións esenciais do citado ente.

O proxecto é moi detallado no tocante á regulación dos órganos que componen o ente público, deste xeito no seu artigo 5 prevé a existencia dun consello de administración co seu presidente e mais un director. Atopámonos aquí tamén cunha profunda diverxencia de enfoque por parte dos distintos grupos parlamentarios e cómpre salienta-la emenda nº 28 do grupo parlamentario socialista que prevé a distinción entre órganos de goberno (consello de administración, presidente do con-

⁹ (BOPG 37, do 7 de marzo de 1994), no que se contén as emendas citadas.

O capítulo III do proxecto dedícase a regula-las relacións coa Administración autonómica facendo un listado detallado das distintas competencias atribuídas nessa materia ó Consello da Xunta, á consellería competente en materia de portos e á Consellería de Economía e Facenda. Neste punto, as achegas do grupo parlamentario socialista son de matiz, namentres as emendas presentadas polo Bloque Nacionalista Galego pretenden a supresión do enfoque dado ás citadas relacións coa Administración autonómica. As disposicións contidas no capítulo IV que atinxen ás normas de xestión e explotación empresarial non introducen grandes novedades na regulación deste tipo de entidades públicas. Verbo da regulación da facenda, patrimonio, réxime financeiro e persoal, o proxecto segue os principios xerais que disciplinan os entes públicos citados como antecedentes no dereito comparado. Son tamén moi abondosas as emendas que os grupos parlamentarios da oposición presentan a estes artigos, principalmente dirixidos a delimitar estritamente o ámbito económico e patrimonial de actuación do ente público.

Especial relevancia ten o contido da disposición adicional posto que prevé a posibilidade de que o Consello da Xunta autorice a creación de sociedades mercantís dependentes do ente público para a xestión empresarial singular de actividades portuarias determinadas, facendo a estricta prescripción de que o ente público terá participación maioritaria no capital das citadas sociedades.

As disposicións transitorias fan referencia ás distintas situacións en que pode queda-lo persoal que se incorpoire a este organismo, e por último a disposición derradeira prevé a expresa perda de vixencia dos decretos 19/1983 e 351/1986 que regulan a estructura e o funcionamento da Comisión de Portos, así como dos títulos III e IV da Lei 6/1987 do Plan especial de portos da Comunidade Autónoma de Galicia. **G**



CRÓNICA
ADMINISTRATIVA

Ana María
Blanco
Nespereira

Xornada sobre a incidencia da LRXAP e do procedemento administrativo común no ordenamento urbanístico

Bolseira da
EGAP

(EGAP, Santiago de Compostela,
4 de outubro de 1993)

O pasado día 4 de outubro de 1993 tivo lugar na Escola Galega de Administración Pública a "Xornada sobre a incidencia da LRXAP e do procedemento administrativo común no ordenamento urbanístico". Os conferenciantes, nas súas respectivas intervencións, analizaron os aspectos más influentes da Lei de réxime xurídico das administracións públicas no ordenamento urbanístico.

O primeiro conferenciante, foi José Luis Meilán Gil, catedrático de derecho administrativo e rector da Universidade da Coruña, que falou sobre "Introducción y formulación general". Comezou a súa exposición cunha breve referencia ós antecedentes históricos:

- Lei de bases do procedemento administrativo do 19 de outubro de 1989 (Lei Azcárate).
- Lei do 17 de xullo de 1958.
- Lei do 2 de decembro de 1963.
- Lei de 1973, que non chegou a converterse en proxecto de lei.
- Dictame da Comisión Permanente do Consello de Estado, 13 de decembro de 1979.

A seguir, o relator afirmou que a nova Lei do réxime xurídico das administracións públicas, non fixo máis ca suscitar críticas negativas, críticas estas unánimes na doutrina. Así, os profesores González Pérez e González Navarro, Muñoz Machado para quen é “unha lei orfa, sen pai, nin nai, sen ideoloxía”, o profesor López Rodó quen a denomina “refrito xurídico” ou o profesor García de Enterría, que propuxo por escrito, unha modificación parcial da Lei 30/92. O relator, pola súa banda, subliña o impacto negativo que a Lei 30/92 ten nun principio constitucional como é o da seguridade xurídica.

A incerteza ou inseguridade xurídica xerada pola tantas veces citada Lei 30/92, aumenta, dixo o relator, co apartado terceiro da disposición derogatoria, ó declarar expresamente vixentes as normas, calquera que for o seu rango, que regulen procedementos das administracións públicas nos que non contradigan ou se opoñan ó disposto na presente lei. Perdeuse aquí, afirma, a oportunidade de simplifica-la materia. Así mesmo, a lei perdeu a grande oportunidade de enfrentarse coa renovada e crecente realidade da Administración instrumental.

Por outra banda, o conferenciante referiu ó prazo previsto pola lei para a adecuación das normas reguladoras dos distintos procedementos administrativos. O prazo inicial de seis meses, o incumprimento do cal era, na súa opinión, claramente previsible, tivo que ser ampliado, en virtude do Real decreto 14/1993, do 4 de agosto, a dezaoito meses.

Agora ben, o problema que se formula e que constitúe un motivo máis de incerteza, non é o prazo de adaptación, senón o que ha de entenderse por procedemento común.

Para o relator, o procedemento forma parte do réxime xurídico e o adxectivo común equivale a bases de réxime.

Así, o procedemento administrativo común, refirese a un mínimo de garantías inescusables para tódolos cidadáns e para tódalas administracións públicas, garantías que han de ser de inmediata aplicación.

A continuación o relator pasou a referirse á Lei 8/90 sobre a reforma do réxime urbanístico e valoracións do solo, e así, ó seu xuízo, o atraso na súa aplicación atenta contra o principio constitucional de seguridade xurídica, situación que non foi de ningún xeito resolta polo Texto refundido de 1992, senón todo o contrario.

O profesor concedeulle especial mención á concepción do dereito contido no artigo 33 do mencionado Texto refundido –*ius edificandi* ou “dereito a edificar”–, afirmando ó respecto, que este dereito forma parte, é inherente, ó dereito de propiedade, se ben o criterio do lexislador é o contrario, posto que considera que a súa adquisición vén determinada polo outorgamento da licencia.

Outro dos temas que ocupou a atención do relator, foi o do silencio administrativo, respecto do cal dixo, que se ha de seguir a aplicala lexislación actualmente vixente, ata que se produza a adaptación prevista e esixida na disposición adicional terceira da Lei 30/1992, o prazo da cal, como quedou exposto, se ampliou.

Tamén se referiu ó recurso de reposición, afirmando que na actualidade non é admisible o dito recurso, porque foi suprimido pola nova lexislación; se ben nada impide que as comunidades autónomas, na súa regulamentación, o prevexan con carácter potestativo. Non obstante, actualmente non é posible falar desta posibilidade, posto que non existe no dereito positivo.

Finalmente, aludió á posibilidade de que as ordes municipais determinen, con carácter xeral, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras. É suficiente a remisión da licencia, neste aspecto, á ordenanza en cuestión.

Para concluír, o relator manifestou que sería bo desanda-lo camiño percorrido e volver empezar menos doutrinalmente e con máis calma. En todo caso, dixo, a insecuridade xurídica está servida.

O seguinte conferenciante, Antonio Ulloa Allones, avogado-letrado asesor da Coruña, disertou sobre “Pro-

blemas que presenta a aplicación da Lei de réxime xurídico das administracións públicas na normativa de protección da legalidade urbanística".

Ulloa Allones, dividiu o seu relatorio en dúas partes puntuais, que intentaremos resumir a continuación:

1. Antecedentes.

2. Cuestións que se suscitan ó abeiro da nova lei.

En canto ó primeiro enunciado, o relator comezou a súa intervención dicindo que a concreción do tema existe precisa-lo alcance da Lei 30/92 do 26 de novembro, pola que se aproba a Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así, a análise que efectúa, parte do contido da dita lei e os problemas que a mesma pode presentar na normativa de protección da legalidade urbanística.

Segundo a exposición de motivos, coa nova lei pretendeuse "o sometemento da Administración ó principio de legalidade tanto respecto das normas que rexen a súa propia organización coma do réxime xurídico, o procedemento administrativo e o sistema de responsabilidade", baseándose no establecido no artigo 149.1.18 da Constitución, que distingue entre as BASES DE RÉXIME XURÍDICO das administracións públicas e o PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN. A lei articúlase baixo o sistema de "bases máis desenvolvemento" o que lles permite ás comunidades autónomas, dicta-las súas normas, axustándose ás bases estatais.

As comunidades autónomas disponen de competencias propias o que permite que dicten as normas necesarias "rationi materiae", pero, ó mesmo tempo, as normas de procedemento necesarias para a aplicación do seu de-reito substantivo con respecto ás regras de procedemento que por ser da competencia do Estado integran o procedemento común.

Pola súa banda, respecto dos problemas urbanísticos, dixo o relator, que debe terse en conta o establecido no artigo 9 sobre as relacións entre as comunidades autónomas e a Administración local, pois, os temas de protección da legalidade que son tipicamente municipais, atópanse sometidos a un grao de intervención importantísimo das comunidades autónomas. Pois ben, o dito precepto sinala que estas relacións "rexeranse polo dis-

posto na lexislación básica en materia de réxime local, aplicándose supletoriamente o disposto no presente título".

Por outra parte, tamén se referiu ós dereitos dos cidadáns, dereitos estes relativos ó coñecemento do estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados, obtención de copias de documentos contidos niso, identificación de autoridades e persoal ó servicio da Administración, copia selada dos documentos que presenten, etc.

E tampouco se poden esquecer as obrigas da Administración no relativo á súa responsabilidade na tramitación, a obriga de resolver e o sistema de actos presuntos.

A seguir, o relator efectuou unha breve análise dos preceptos do Texto refundido da Lei do solo relativos á protección da legalidade urbanística, concretamente os artigos do 248 ó 256, para pasar a referirse á Lei de adaptación da Lei do solo de Galicia (LASGA) e ás Normas subsidiarias provinciais aprobadas por resolución do 14 de maio de 1991 e publicadas no DOG do 19 de xullo.

No que respecta ó segundo enunciado, o relator comenzou preguntándose se a Lei 30/92 derrogou os procedementos establecidos na Lei do solo en materia de protección da legalidade urbanística, ó que a resposta foi negativa, pero con limitacións, en tanto que se incide en certos aspectos, como é a tramitación "do oportuno expediente", previa á adopción dos acordos que se prevén en materia de suspensión dos actos que atentan contra a legalidade urbanística.

Así, foron dous os supostos examinados polo conferenciante:

- Obras sen licencia ou sen axustarse ás súas determinacións en curso de execución.
- Obras rematadas sen licencia ou sen axustarse ás súas determinacións.

Por outra banda, referiuse ó silencio, e afirmou que non poderá entenderse aplicado ós actos de protección de tal figura.

Por último, referiuse ós recursos, entendendo que no período transitorio no que nos atopamos subsiste o recurso de reposición, ata que non se adecúe o procede-

mento ou se publique a norma axeitada, de conformidade á Instrucción do 24 de febreiro de 1993.

O terceiro conferenciante, Francisco González Navarro catedrático de dereito administrativo da Universidade privada de Navarra, tratou o tema da "Potestade sancionadora e procedemento no ámbito urbanístico".

É sabido, comezou dicindo, que o artigo 149.1.18 da Constitución utiliza unha expresión "procedemento administrativo común", cun sentido escuro, dado que non pode falarse dun procedemento administrativo común senón de moitos procedementos administrativos comúns, un en cada sector da actuación administrativa, supoñendo que para o sector de que se trate esa actuación se ache formalizada.

Pois ben, o título sexto, capítulo segundo, da LPA, continúa un verdadeiro procedemento administrativo común para o exercicio da potestade sancionadora. Procedemento que foi suprimido coa nova regulamentación.

Co obxecto de dar cumprimento ó previsto na disposición adicional terceira da LRXPA, o Ministerio para as Administracións Públicas vén levando a cabo unha serie de traballos de recollida de datos dos que se ten noticia oficiosa a través dos informes que fixeron chegar ós distintos departamentos ministeriais.

Así, o segundo dos informes permítenos coñecer que os procedementos sancionadores na Administración do Estado suman en total cento oitenta.

Pola súa banda, a nova lei di que "o exercicio da potestade sancionadora requirirá procedemento legal ou regulamentariamente establecido. E simultaneamente, como quedou exposto, procedeu a derroga-lo procedemento administrativo sancionador de carácter común ou xeral previsto na normativa anterior.

É dicir, que o que se propoñen os autores da LRXPA é substituír un procedemento administrativo común por unha multiplicidade indeterminada de procedementos. Isto, dixo, é ó meu xuízo un erro de tal calibre que custa traballo crelo, pero temos que rendernos ante a evidencia.

Hai que facer notar tamén, continuou afirmando o relator, que do informe referido se deduce que se cambiou o criterio para realiza-la adecuación de procedementos

prevista na disposición adicional terceira. Así, o que se vai facer é un modelo de procedemento para que se teña á vista á hora de redacta-los distintos procedementos.

En definitiva e para concluir, o resultado desta revolución, “big-bang” do procedemento administrativo sancionador común, é facilmente previsible e copiaranse uns textos ós outros, como ocorreu, noutro plano, cos estatutos de autonomía ou cos das universidades.

O derradeiro relator, Jesús González Pérez, catedrático de dereito administrativo da Universidade Complutense de Madrid, dedicou a súa intervención a “A LRXAP e os procedementos administrativos formalizados en materia de urbanismo”.

Ó enfrontarnos coa nova regulamentación, dixo o profesor, a primeira impresión que se ten é a de que as garantías dos administrados, máis que reforzadas e ampliadas resultan debilitadas e reducidas. Polo menos esa foi a impresión que me produciu a lectura do primitivo anteproxecto. Que se repetiu nunha segunda lectura. E que resultou confirmada plenamente nun estudio ulterior más detido do texto que obtivo a sanción lexislativa.

Hai que recoñecer, continuou a dicir, que nalgúns aspectos, coa mellor intención, se introduciron modificacións que conduciron a resultados contrarios ós pretendidos. A regulamentación do silencio administrativo é un claro exemplo. Pero o certo é que lonxe de terse aproveitado a reforma para introducir algunha modificación de detalle que viña demandando a doutrina, o que se fixo foi un texto legal inferior ó anterior parcialmente derrogado.

A continuación, dividiu a súa exposición en tres partes:

1. Introducción.

2. Procedementos administrativos formalizados en materia de urbanismo e ver en que medida influíu neles a nova lei.

3. Recursos.

En canto ó primeiro enunciado, o relator dixo, que hai que diferenciar tres grupos de normas:

Primeiro. As normas que por non ser de procedemento se aplican en tódolos sectores, incluído polo tanto o urbanístico.

Segundo. As normas que regulamentan os procedementos formalizados.

Terceiro. As normas comúns, porque nestes procedementos o obxecto sobre o que versan non esixe unha tramitación específica.

No que atinxo ó segundo enunciado, comezou dicindo, que é evidente que existen procedementos formalizados nesta materia, así, aprobación de plans, reparcelamentos, proxectos de compensación... O que hai que ver é en que medida lle influíu a Lei 30/92.

O problema que se cuestiona é o da adecuación. A Lei 30/92 establecía un prazo de 6 meses para dar cumprimento a este labor, prazo que tivo que ampliarse a 18 meses polo Real decreto 14/1993, do 4 de agosto. Así pois, no dereito urbanístico, ata que se efectúe esta adecuación, temos que seguir aplicando, en materia procedamental, a normativa anterior.

Agora ben, nesta materia, temos que dicir que non cambiou nada máis que o silencio administrativo. A nova lei foi "desgraciadamente" revolucionaria neste punto, sendo por iso este o tema que cuestione tódolos problemas no momento da adecuación.

A continuación, o profesor González Pérez, referiu-se ó silencio nalgúns dos procedementos existentes en materia urbanística:

1. Procedementos iniciados de oficio, por exemplo: procedemento sancionador, procedemento para decidir se incumpriron os deberes urbanísticos...

O normal neste tipo de procedementos será que non se prevexa silencio administrativo de tipo ningún.

2. Procedementos incoados polo administrado nos que a lei prevé o silencio. Por exemplo, procedementos para outorgar licencias de urbanismo.

Xorden dúas direccións, unha a dos que consideran que é incompatible mante-lo réxime xurídico existente ata o momento coa nova regulamentación, dado que, no suposto de que o concello non resolva a solicitude de licencia no prazo establecido para tal efecto, resulta ilóxico esixir, ademais de denuncia-la mora ante a Comisión provincial de urbanismo, certificación de actos presuntos, dado que a dita certificación non é máis ca unha de-

nuncia de mora. E outra, a dos que, coma el, consideran que ámbolos requisitos –certificación de actos presuntos e denuncia de mora–, son compatibles.

Por outra banda, o relator, referiuse ó réxime xurídico do silencio, afirmando que o máis destacable é ter acabado co invento segundo o cal non se pode adquirir nada que vaia en contra do ordenamento, de xeito que unha vez que o acto existe só poderá privarse dos seus efectos polas vías correspondentes.

Ó terceiro enunciado, dedicou o relator unha brevíssima referencia. A regra xeral, segundo el, é que sempre que o acto administrativo provén dun órgano sen superior xerárquico, non caberá recurso pola vía administrativa. Se ben hai excepcións, así por exemplo, contra os acordos da Xunta de Compensación si se debe admiti-lo recurso ordinario, posibilidade que debe preverse nos propios estatutos.

Así, ante o proceso administrativo existen dous tipos de actos. Uns, respecto dos que non é posible incoa-lo proceso ó interpoñe-lo recurso administrativo previo que poña fin á vía administrativa; outros, respecto dos que non é posible recurso administrativo ningún, e non existe outra vía de impugnación ordinaria cá contencioso-administrativa. **C**

Ana María
Blanco
Nespereira

Xornadas de estudio sobre: “Empresa pública e privatizaciós: unha polémica aberta”

Bolseira da
EGAP

A Coruña, 23 e 24 de novembro de 1993

Os pasados días 23 e 24 novembro de 1993 e cunha nutrita asistencia realizáronse, organizadas pola Escola Galega de Administración Pública, unhas “Xornadas de estudio sobre empresa pública e privatizaciós: unha polémica aberta”, nas que se presentaron oito relatorios. Os conferenciantes nas súas respectivas intervencións, analizaron unha cuestión que na actualidade se presenta con polémica no noso país: ¿privatización ou reforma da empresa pública?

A primeira intervención correspondeulle ó profesor e coordinador das xornadas Gaspar Ariño Ortiz, catedrático de derecho administrativo da Universidade Autónoma de Madrid, que abordou o tema “O sector público nos 90: crise e reforma”. Comezou a súa exposición manifes-

tando que, fronte ó entusiasmo con que se iniciaba hai cincuenta anos a grande expansión das actividades do Estado, asistimos hoxe a un movemento crítico amplio e diversificado que reformula o seu papel en relación coa sociedade. Pero non estamos unicamente, continúa dicindo, ante unha crise como as que ciclicamente atravesan as economías, senón ante unha creba, tanto en sentido literal –de ruptura– coma xurídico –de incapacidade de pagamento ante as obrigas contraídas– do propio modelo de Estado que coñecemos co nome de Estado do benestar ou “Estado social”.

Agora ben, fronte a esta crise, na súa opinión, non abonda con dicir: volvamos ó Estado liberal, desregulémo-la economía, privaticemos empresas e servicios, cortémo-lo gasto público, regresemos ó Estado mínimo, posto que, isto, á parte de ser irrealizable, sería un simplismo.

A continuación, o relator pasou a referirse á concepción da política liberal, que debe ser entendida como “liberar” o home daquelas necesidades e esixencias más primarias: a fame, a enfermidade, a ignorancia, a escravitude económica, a pobreza, que lle empecen calquera decisión autenticamente humana ó que as padece.

Resulta claro, na súa opinión, que unha sociedade libre non pode ser unha sociedade con profundas diferencias determinadas polo nacemento. O Estado deberá promover unha real e efectiva igualdade de oportunidades no libre desenvolvemento das posibilidades de cada individuo mediante unha ampla e esixente política de axudas ós que o merezan. É obvio dicir, sen embargo, que esta “igualdade de saída” no desenvolvemento da personalidade de toda a xente nova que accede ós distintos niveis de educación non ten por que desembocar nunha igualdade de resultados ou uniformidade social, calquera que sexa o mérito e o esforzo posto por cada un deles. Así, a experiencia dalgúns países que se puñan como modelos para seguir, demostrou que esa igualación de resultados é letal e mortífera para o progreso da sociedade. A axuda xeral, indiscriminada, para todos, é innecesaria; aínda máis, é prexudicial. A experiencia sueca demostrou que a igualdade, máis aló do razonable, é unha ameaza para a excelencia e o progreso. Pola contra, a liberdade de elección, a responsabilidade persoal e a asunción de riscos para facer fronte ó futuro ou ás necesida-

des do presente, son un estímulo e unha forza creadora capaz de xerar riqueza.

En correspondencia cos dous grandes valores dunha sociedade libre –liberdade e igualdade– hai dous principios esenciais, aparentemente contradictorios, que xogaron sempre como dous polos de tensión na configuración da orde social: un deles é a subsidiariedade do Estado, que inspira e protexe a liberdade individual; e o outro, é o principio de solidariedade que apunta cara a ese obxectivo de igualdade de tódolos homes.

Sentado o anterior é o momento de aborda-lo tema central da exposición. Referímonos á privatización, que constitúe a esencia da polémica en torno ó sector público.

Así, para o profesor Ariño, privatizar é, ante todo, reformula-los os fins e as tarefas do Estado, reservando para este aquilo que constitúe o seu obxecto esencial e devolvéndolle á libre iniciativa privada –os ciudadáns e as organizacións sociais, como un derecho inherente ás súas liberdades económicas– a realización de moitas tarefas e empresas que foron absorbidas por aquel, pero que nada teñen que ver coa soberanía. Polo tanto, privatizar, ó seu xuízo é ante todo e esencialmente, liberalizar, isto é, devolverlle ó ámbito da liberdade o que se lle subtraera. Esta devolución pode ter diferentes graos ou manifestacións: pódese referir á titularidade da actividade ou simplemente a súa xestión; pode ir acompañada ou non da venda ou alleamento das empresas públicas que operaban no sector privatizado; e, pola súa vez, esta venda pode ser total ou parcial, conservando ou non o Estado paquetes de accións de control.

Por último, o relator, afirmou que, certamente, hai que axudar sempre o necesitado, pero antes hai que identificar coidadosamente a este. Así, pois, hai que someter a unha estricta peneira, sector por sector, caso por caso, as axudas e gastos que o Estado lles proporciona ás empresas, ós individuos, ás institucións ou a calquera proxecto nacional ou internacional.

O que ha de interpretarse no sentido de que as reformas estructurais que iso esixe son numerosas. E así, a primeira é comezar a separar coidadosamente financiamento público de xestión pública.

Para concluir, dixo que nalgúns eidos como a educación, o deporte ou a cultura, a reforma é máis sinxela; noutros como a sanidade ou a asistencia ós anciáns, o cambio estructural é máis complicado.

O segundo relator foi Juan José Fernández Cainzos, catedrático de Facenda pública da Universidade da Coruña, que se referiu a: "Empresa pública e control do gasto público".

Para Fernández Cainzos, o novo control do gasto forma parte dunha nova política pública impulsada polos gobernos conservadores e socialdemócratas que desexan pór-lles fin ás tendencias antes observadas e que conduñeron á sobreexpansión orzamentaria, á ausencia de toda noción de límites fiscais e a todo tipo de implicacións negativas para o crecemento económico dos seus respectivos países, entre elas, as derivadas da persistente crise fiscal que manifesta un déficit público tenaz e duradeiro.

Búscase, en esencia, unha nova definición das actividades adecuadas do sector público, frea-la súa expansión incontrolable, decidir sobre os seus métodos de financiamento más ortodoxos e mellora-la xestión dos programas públicos de acordo coa lóxica da eficacia antes citada, a través fundamentalmente da xeneralización de métodos empresariais de xestión e dun vasto programa de privatizacións no sector público, tanto empresarial coma administrativo.

A continuación, o relator, propuxo os tres obxectivos que os novos métodos de control do gasto público tratan de alcanzar:

1. Traspasar parte da carga do financiamento do gasto público ó sector privado.
2. Conte-lo gasto nos programas públicos que se manteñen.
3. Aumenta-la eficiencia destes programas, diminuíndo os custos correntes e aumentando ó mesmo tempo as súas prestacións.

Así, as políticas de empresas e servicios públicos teñen unha estreita relación con esta clase de obxectivos de control do gasto. Os gobernos británicos da última década foron pioneiros neste tipo de actuacións. E así, nos últimos anos sumáronse a elas os sectores públicos de nu-

merosos países, afectándolos ós sectores más diversos: bancos, liñas aéreas, transporte, telecomunicacións, seguros, empresas industriais e comerciais, e mesmo a imprenta nacional ou unha ponte.

Por outra parte, pasou a referirse ás liñas seguidas nas principais accións privatizadoras:

1. Unha política de traspasos, tanto directamente de empresas ou servicios coma de cargas financeiras, ó sector privado. Isto, naturalmente, non sempre supón contención do gasto público, senón ás veces precisamente o contrario. As empresas ou servicios non lucrativos difficilmente se poderán traspasar ó sector privado de non ser co apoio público, o cal no beneficia, en principio, unha política de control de gasto.

2. O fomento de todo tipo de esforzos voluntarios altruístas (membros gratuitos de xurados, pagamentos tipo *PAYE* por parte das empresas, forzas armadas non profesionais, etc).

3. A prol da eficacia no control do gasto público demandase unha política de contención do gasto ou de moderación do seu crecemento futuro; por exemplo, evitando as desviacións de certos tipos de gasto sobre o previsto, fixando límites de caixa, etc. Trátase ademais, de favorecer os servicios de benestar complementarios que garantan un nivel adecuado de oferta privada utilizando para iso tanto a vía das desgravacións fiscais coma a das subvencións monetarias. Os métodos de control do gasto deberán centrarse nos grandes servicios, educación e sanidade e seguridade social, ademais da defensa en certos casos, que son os que empregan os maiores fondos públicos de todo o sistema.

4. Para mellora-la eficiencia do sector público puxeranse en funcionamento, entre outras, medidas tales como: cambia-la cultura, desenvolvendo a cultura da xerencia neste sector; crear incentivos para que esa mellora de eficiencia se produza; introduci-la competencia para diminuir custos e reforma-la estructura administrativa, principalmente a través de sistemas de licitación exterior; medi-los resultados, establecendo indicadores ou medidas do rendemento dos servicios públicos alí onde sexa posible; reduci-los custos de adquisición das subministracións do sector público, etc.

Para concluir, o profesor dixo que, o esforzo global por reduci-lo recurso ó presuposto público é notorio e, polo tanto, non se lle pode apoñer á empresa pública, no seu conxunto, a responsabilidade do crecemento do gasto público e o seu pretendido descontrol. Outra cousa é que se impoña a idea de reduci-lo tamaño do sector público, e en particular do subsector empresarial, de desprenderse de responsabilidades difíciles de manter ou de que prevaleza a opinión, ó seu entender totalmente falta de fundamento, de que a empresa privada é máis eficaz/eficiente cá pública e, polo tanto, conveña privatizar por simple economía.

Alberto Alonso Ureba, catedrático de dereito mercantil da Universidade Complutense de Madrid, que falou sobre “Empresa pública e mercado: nova filosofía e novo estatuto xurídico para a xestión empresarial”, centrou a maior parte da súa exposición na mutación sufrida, nos nosos días, polo concepto de dereito privado-económico.

Así, afirma que, se está a producir unha mutación substancial no que se coñece como dereito privado, mutación esta que vén determinada polo cambio de concepción das liberdades fundamentais e dos dereitos fundamentais económicos. O dereito privado, continúa dicindo, non se pode concibir como un dereito ligado exclusivamente a intereses privados.

A continuación di que, nos nosos días aparece unha concepción nova de contrato, que non é de ningún xeito a que está latente nos códigos decimonónicos. Así, por exemplo, os contratos que os particulares subsciben con Telefónica, contratos de adhesión, o contido dos cales é obra dunha única parte e a outra non toma parte na súa formación e limítase á aceptación do esquema redactado unilateralmente.

Doutra banda, o profesor referiuuse á función que ocupa ou debe ocupar o Estatuto do empresario na empresa pública. E así, ó seu xuízo, non é admisible excluír do concepto de empresa as empresas públicas utilizando como argumento o non sometemento destas ó Estatuto xurídico propio do empresario, posto que, o feito de que teña unha forma xurídica pública non empece que teña elementos comúns co *holding* privado.

Por exemplo, afírmase que Correos non ten personalidade xurídica individualizada e que por iso non é empresa. O cal, dixo, non é certo de ningún xeito.

Por último, pasou a referirse á normativa comunitaria, dicindo a este respecto que os modelos constitucionais europeos na actualidade son abertos e son porque hai un debate ideolóxico sobre o modelo social de sociedade que debe rexer. E así, o dereito comunitario supuxo unha concreción do modelo económico constitucional.

En definitiva, dixo, non é posible considera-la problemática do sector público económico, senón que se ten en conta a transformación de que está a ser obxecto o de-reito privado-económico.

O cuarto relator foi Javier Rojo Sánchez, profesor titular de economía aplicada da Universidade de Santiago de Compostela, que falou sobre "O financiamento da empresa pública española". Comezou a súa intervención ofrecendo unha definición de empresa pública, afirmando que, doulos son os elementos determinantes na súa concepción: a dimensión empresarial, isto é o desenvolvemento dunha actividade económica para o mercado e co obxectivo de alcanzar un excedente. E a segunda dimensión é a pública, é dicir, o seu vínculo cos poderes públicos, coas administracións públicas. Dado que a intervención na economía española por medio de empresas non é unha actividade restrinxida únicamente á Administración do Estado, senón que as administracións territoriais, no ámbito das súas propias competencias, actúan tamén neste campo, faise imprescindible en calquera estudio, tratar de delimitar este colectivo.

Agora ben, o concepto de empresa pública recollido no relatorio que nos ocupa, limitáse ás empresas estatais non financeiras, isto é, aquelas unidades con participación directa e maioritaria da Administración do Estado, que ten unha función principal que consiste en producir bens e servicios non financeiros destinados á venda.

A continuación, o relator referiuse ó tema central da súa exposición, o financiamento das empresas públicas, afirmando que as citadas empresas se financian con cargo a fondos propios ou acudindo ó financiamento externo. E así, o grao en que unha empresa acuda a ca-

da unha destas fontes depende de múltiples factores, tanto de carácter estructural, coma de natureza transitoria.

Pois ben, os fondos propios das empresas públicas, continúa dicindo o profesor, proceden de dúas fontes: das achegas dos accionistas (Estado, sector público territorial) e do autofinanciamento.

A seguir, o conferenciante expuxo unha visión global da contía dos medios financeiros que, partindo dos orzamentos xerais do Estado, se destinan ó financiamento das empresas públicas españolas.

Nuns casos, as administracións públicas están destinadas a cubri-lo déficit de explotación derivado das prestacións de determinados servicios públicos, cando, pola súa propia natureza, as tarifas ou prezos ós que as empresas facturan os seus servicios non cobren o custo de prestación dos mesmos. Desde esta perspectiva, a subvención non supón, necesariamente, un dispendio de recursos, senón unha forma adicional de gasto do sector público.

O concepto contable que recolle este fenómeno denominase subvencións de explotación. A contabilidade nacional de España defineo como "as transferencias correntes que as administracións públicas lles entregan ás unidades residentes que producen bens e servicios destinados á venda, co fin de influír nos prezos e/ou permitir unha remuneración suficiente dos factores de producción".

Para finalizar e a modo de conclusión, o conferenciante afirmou que as empresas públicas españolas, recorren ó endebedamento externo, xa que o seu accionista maioritario non achega capital abondo.

É urxente, continúa dicindo, pór orde neste campo. Sería preferible encontrar unha solución global, no tanto de buscar respuestas individuais. Parece aconsellable que o Estado asuma dunha vez a totalidade da débeda financeira viva que se está a reciclar permanentemente, e que non poderá ser devolta polas empresas públicas acreedoras.

Por último, dixo, non debemos esquecer que como consecuencia da adhesión de España á Comunidade Europea, as axudas do Estado ás empresas públicas deben ir desaparecendo de forma paulatina e, en consecuencia, debe producirse a adaptación do ordenamento xurídico

español ó marco comunitario nun determinado prazo de tempo.

O seguinte conferenciante foi Xaime Rodríguez-Araña, catedrático de dereito administrativo na Universidade da Coruña e director da EGAP, estudiou “O sector público económico galego, novas perspectivas”.

O sector público económico, como ámbito de operatividade da actividade da Administración pública galega no mundo económico, debe ter en conta, como é lóxico, os principios e obxectivos estatutarios.

En fin, o Estatuto, como elemento integrante do bloque de constitucionalidade e como norma institucional básica dunha Comunidade Autónoma, dispón dunha serie de obxectivos, chamémoslle estatutarios, que se explican no marco do Estado social e do principio de promoción dos poderes públicos en relación, como é lóxico, cos intereses propios que xustifican a existencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os denominados obxectivos estatutarios son esas orientacións xerais que marcan, por unha parte o contido típico do que deben se-los parámetros do Estado social, e por outra, expresan categoricamente as liñas xerais que deben anima-los poderes públicos para alcanza-la finalidade estatutaria. Esta dobre funcionalidade aparece, en opinión do profesor, claramente reflectida nos estatutos.

A continuación, o relator pasou a se referir ó sector público galego e ó sector público estatal en Galicia. Afirmando a este respecto que o artigo 128.2 da Constitución é predictable tanto do Estado coma das comunidades autónomas, pois cando a Constitución se refire á lei, entende que tanto ten presente a lei das Cortes Xerais, coma a lei emanada dos parlamentos ou asembleas lexislativas das comunidades autónomas. Do mesmo xeito, cando a propia perspectiva finalista de servizo ós intereses xerais, auténtico obxectivo constitucional da Administración pública, esixirá nuns casos que a Administración actúe baixo o sistema de dereito privado e noutras ocasións baixo a forma pública. O importante, insisto, é a caracterización teleolóxica ou finalista da propia actividade administrativa.

Por tanto, Galicia ten iniciativa pública e económica e, por iso, dispón dun sector público propio. Sector que analizou a continuación.

En primeiro lugar, podemos falar do IGAPE (Instituto Galego de Promoción Económica). Este instituto, tal e como sinala o lexislador galego no preámbulo da lei, concíbese como "instrumento que permite o máximo desenvolvimento da actividade económica" e como un ente de dereito público que "concentra a iniciativa e os programas de promoción e fomento do desenvolvemento rexional, e en cooperación coas administracións comunitaria, central, autonómica e local e con outros entes públicos de Galicia, e impulsa a capacidade de innovación, a explotación das vantaxes propias dos factores endóxenos, a atracción de investimento, a competitividade da economía e o conxunto das actuacións de asesoramento, promoción, información e apoio que esixa o cumprimento dos seus obxectivos".

Así, pois, o IGAPE é un ente de dereito público que, pola propia natureza das súas funcións, actúa segundo o ordenamento xurídico privado. Deste xeito combinará as garantías públicas coa eficacia e optimización produtiva dos recursos económicos e humanos de que vai dispor.

Así mesmo, existen outros organismos que integran o sector público empresarial de Galicia tales como son: a Sociedade Galega de Medio Ambiente, ou os diversos XESTUR, AFILAL SGR, Parque Tecnolóxico de Galicia-Ourense S.A., no que a Xunta ten unha participación do 49%, etc.

Por outra parte, e para concluír, afirmou que o estudio, caso por caso, do chamado sector público económico galego demostra que non se distinguiu entre sector público industrial ou comercial e sector público de xestión de servicios públicos.

En fin, o estudio especial do IGAPE, entidade que acaba de nacer, supón, en por si, unha determinada concepción do sector público e, polo tanto, da intervención dos poderes públicos na vida económica. A súa funcionalidade, a súa operatividade e a súa compatibilidade con SODIGA, constitúe un botón de mostra máis dunha determinada política económica que, hoxe en día, parece non ter xa moitos seguidores.

José Manuel Sala Arquer, catedrático de dereito administrativo da Universidade de Burgos, referiuse a: "A privatización do Estado: formas privadas para a xestión pública, pros e contras".

O relator comezou a súa exposición precisando que é recomendable partir da distinción entre dous grandes procesos de privatización en relación co Estado como tal.

O primeiro deles ten moito que ver coa crise do Estado do benestar. Ese impresionante conglomerado de servicios de asistencia, sociais, culturais, etc., que se viña configurando desde a segunda posguerra, estase revelando, dixo, como un inviable xigante de pés de barro. Xa non se trata de que as administracións públicas se achen mergulladas nunha situación de profundo déficit estrutural. E así, esa situación xerouse en grande medida por un desmesurado gasto, necesario para sostener ese conxunto de servicios e, en especial, os gastos burocráticos daqueles que se prestan en réxime de xestión directa.

Así, a asunción polo Estado dunha infinidade de prestacións e servicios ós cidadáns levou á expansión incontrolada do sector público. Frente a iso, hoxe postúlase a actuación a través de empresas privadas e organizacións non gobernamentais, capaces de asumiren con maior flexibilidade, con maior eficacia e con maior calidade, a satisfacción das necesidades sociais.

Mais xunto a este proceso privatizador, que na súa opinión debe ser estimulado e alentado, nestes últimos anos asistimos a outro de signo moi distinto. A doutrina describiuno como a "fuxida da Administración cara ó dereito privado". Esta é, por tanto, a outra forma posible de entende-la privatización do Estado.

A continuación, o profesor Sala Arquer expuxo as causas que ó seu xuízo levaron a esta situación de fuxida:

a) Razóns presupostarias: os entes públicos suxeitos ó dereito privado, de acordo coa Lei xeral presupostaria, limitánse a elaborar un programa de actuación, investimentos e financiamento que en última instancia, é aprobado polo Goberno. Deste xeito, subtráese ás cámaras o control xurídico e político sobre a aprobación dos presupostos destes entes públicos. Pero, na práctica, na tramitación parlamentaria, limitánse a presentar un resumo do presuposto de explotación e gastos, o contido do cal non admite un auténtico control.

b) A ruptura da unidade patrimonial do Estado, provocou un proceso de alleamentos en masa que se podería cualificar de "nova desamortización". Así, o caso RENFE ou o da Xerencia de Infraestructura da Defensa.

c) En estreita conexión co anterior encóntrase a fuxida da lexislación de contratos do Estado. Toda unha serie de entidades de dereito público, de recente creación, quedaron excluídas da Lei de contratos do Estado. Outras veces recórrese á creación de sociedades mercantís interpostas ás que se lles atribúe a xestión de obras, servicios e infraestructuras. Este é o caso de HOLSA ou EXPO '92. E noutras ocasións recórrese á creación de sociedades de obxecto indeterminado. É o caso de "Iniciatives" de Cataluña.

d) A crise financeira na que se achán hoxe inmersas as administracións públicas.

e) Finalmente, unha razón de política de primeira magnitude: a posibilidade de eludi-lo control parlamentario e, en concreto, as facultades de información que os regulamentos parlamentarios lles atribúen ós membros das cámaras.

Chegados a este punto, o profesor formula dúas cuestións: ¿ata que punto é lexítima a liberdade de elección de formas xurídicas por parte do lexislador, ou da Administración? e ¿non existe ningún límite a esas facultades de configurar libremente o estatuto dos organismos dependentes do executivo?

Na súa opinión, desde o punto de vista doutrinal e de *lege ferenda*, débese rexeita-la posibilidade de que a Administración, ou o lexislador, configuren arbitrariamente o estatuto xurídico de tal ou cal ente ou organismo, prescindindo do contido e características da súa actividade e dos fins que persegue.

Para concluír, o relator afirmou que, se se desexa somete-la actuación administrativa a formas privadas, no campo dos servicios públicos ou en calquera outro ámbito, existe unha vía clara: a liberalización do sector, competindo o Estado –a través das súas empresas– cos particulares. De non ser así, fronte ó monopolio estatal destas actividades, a única garantía reside na súa consideración como Administración pública e o conseguinte mantenemento no ámbito do dereito administrativo.

O séptimo relator foi José Manuel González Páramo, catedrático de facenda pública na Universidade Complutense de Madrid, tratou o tema “A eficacia na empresa pública e na empresa privada: análise comparativa”.

En primeiro termo, o profesor González Páramo refiriuse ás razóns aducidas a prol da actuación da empresa pública, razóns que pasamos a expor:

1) Monopolio natural. De acordo coa definición tradicional, existe monopolio natural en industrias que presentan custos medios decrecientes para calquera nivel de producción, debido á existencia de fortes custos fixos, boa parte deles irrecuperables. Así, as empresas productoras de enerxía eléctrica, os servicios de telecomunicacións, o abastecemento de auga, etc.

Sen lugar a dúbidas, estes son casos nos que a xustificación da empresa pública parece ser más clara. De feito, é frecuente que as empresas que presten estes servicios sexan públicas. Sen embargo, cómpre insistir en que a existencia dun monopolio natural non necesariamente esixe o carácter público da producción.

2) Promoción da competencia. A defensa da competencia é un obxectivo deseñable, dado que o mercado só garante bons resultados no tocante ó prezo e á asignación, se os distintos axentes que nel participan o fan sometidos a regras competitivas. A existencia de monopolios e oligopolios pode conducir a situacións que se afasten do óptimo. Desde esta óptica, os poderes públicos poden amosar interese en preserva-las condicións competitivas. Sen embargo, di o relator, esta liña argumental presenta serias deficiencias no que se refire á súa solidez e operatividade, xa que non se toman en consideración os esquemas de incentivos que xustificarían a bondade relativa deste xeito de intervención pública. Por outra banda, os custos de intervención poden resultar moi superiores ós da simple lexislación directa.

3) Información imperfecta e asimétrica. A información espallada no mercado é imperfecta, e en moitos casos, asimétrica. O fundamento da actividade aseguradora é diversificar riscos comúns, non relacionados entre si, que afectan a un conxunto de individuos. Neste sentido, poderíase pensar na empresa pública como un instrumento de diversificación e compensación de riscos. Non obstante, en moitos casos o propio sector privado ten incentivos para crea-las súas propias institucións aseguradoras, e noutros o sector público pode ofrecer seguro sen necesidade de crear empresas, repartindo o risco por medio do sistema impositivo.

4) Industria incipiente. A protección da industria incipiente é un dos argumentos más antigos e utilizouse con profusión. Pero non é preciso dicir que a defensa da industria incipiente está ligada necesariamente á empresa pública.

5) Producción estratégica. O abastecemento de produtos estratégicos foi outro argumento utilizado para defender a existencia de empresas públicas non competitivas. Pero non é necesario, dixo, que a empresa pública acometa directamente a producción en sectores estratégicos, posto que o mesmo obxectivo se pode acadar ofrecéndolle incentivos á iniciativa privada.

6) Redistribución. Unha última xustificación é a redistribución da riqueza.

A continuación o conferenciante, e en contrapartida, pasou a expo-las razóns que xustifican a non eficiencia relativa da empresa pública:

1) Obxectivos e criterios de comportamento. A empresa pública ten a súa razón de ser no interese público da súa actividade. En moitos casos, este é un concepto multidimensional, de xeito que á empresa pública se lle asignan obxectivos variados e cambiantes. E así os obxectivos asignados a unha organización só poden adquirir operatividade de se traduciren en metas ben definidas e especificadas de antemán. Isto é especialmente difícil no caso de empresas públicas, sometidas a presións contradictorias e cambiantes, ó mesmo tempo que tratan de acadar metas vagamente definidas a través do proceso político.

2) Grupos de interese e contorno sociopolítico. A heteroxeneidade de intereses socioeconómicos presentes na toma de decisións inflúe de xeito determinante na eficiencia do resultado. O control efectivo da empresa pública exérceno forzas sociopolíticas en continuo conflicto de intereses sobre a consecución dos obxectivos últimos da empresa. E cando o conflicto se pecha con acordos cunha destas forzas, as vantaxes obtidas por estas teñen a súa contrapartida en perdas de eficiencia.

3) Incentivos da dirección. En xeral, os directivos das empresas públicas non participan directamente do excedente como xeito de retribución da súa productividade. Así, a ausencia dunha relación directa productividade-re-

muneración, que se pode dar tamén na empresa privada, facilita a promoción das metas propias da dirección e explica a aparición de fenómenos de laxismo organizativo ou ineficiencia.

Así mesmo, é evidente que o mercado de talento directivo non actúa ou o fai dun xeito moi atenuado no sector público.

4) Control dos mercados capitais. Os custos nos que os propietarios das empresas privadas incorren para controlalo comportamento da dirección tenden a verse limitados pola existencia de mercados competitivos de accións.

5) Restriccóns orzamentarias "brandas". A restriccción orzamentaria das empresas públicas é "branda", xa que as decisións da dirección non se ven restrinxidas polo imperativo de equilibrar ingresos e gastos ante a ameaza de dificultades financeiras e creba.

Así, tódalas consecuencias da "brandura" dos orzamentos das empresas públicas son negativas para a eficiencia.

En definitiva, e á vista do exposto, o relator chega a unha primeira conclusión: a propiedade pública trae consigo inevitablemente perda de eficiencia. A defensa da privatización é neste caso difficilmente controvertible.

Pero as cousas son algo distintas cando se trata de empresas ou sectores non competitivos. A razón, dixo, é simple. Cando nunha empresa ou un sector existen trazos de monopolio, de economías externas ou doutros fallos do mercado, unha empresa puramente privada é ineficiente. Neste caso, o regulamento pode facer compatible a propiedade privada coa maximización do benestar social. Pero unha vez que unha empresa privada está sometida a un regulamento singular, os factores de perda de eficiencia que acabamos de mencionar tenden a se facer patentes en maior ou menor medida. Por conseguinte, cando se trata de empresas non competitivas, a xuízo do profesor, a privatización podería aumenta-la eficiencia, pero non hai garantía absoluta a este respecto.

Para finalizar, pasamos a expoñelas conclusóns ás que chegou o conferenciante:

a) Cando a avaliación de eficiencia relativa se con-

centra naquelhas empresas puramente públicas ou privadas que operen dentro dun réxime competitivo, o veredicto é favorable ó sector privado case sen excepción.

b) As empresas de propiedade mixta non son necesariamente más eficientes cás públicas, e nalgúns casos funcionan peor.

c) Se o sector de actuación está suxeito a monopolio ou a imperfeccións na competencia dentro dun determinado ámbito xeográfico, os resultados indican que as empresas privadas reguladas non demostran, en xeral, maior eficiencia cás públicas.

d) A evidencia suxire, de acordo coa teoría, que a competencia tende a mellora-los resultados das empresas, calquera que sexa a súa titularidade.

e) Unha regulación axeitada e estable é a base para o éxito da privatización en sectores afectados por fallos de mercado.

O último relator foi **Miguel Cuenca Valdivia**, vice-presidente do INI/TENEO, que abordou o tema “*Privatización ou mellora na xestión do sector público? Un dilema para o futuro*”.

O relator comezou dicindo que desde os parámetros europeos, tomando como referencia o valor engadido, os investimentos e o emprego, o sector público empresarial español sitúase por baixo da media comunitaria. Así, as porcentaxes son, respectivamente, o 12'5% para a media comunitaria e o 9% para España. E en valores absolutos, Francia, Alemaña e Italia significan os dous tercios do total. España tamén é superada por Gran Bretaña, sempre de acordo cos datos dispoñibles polo Centro Europeo de Empresas de Participación Pública relativos a principios de 1992.

No que atinxo á heteroxeneidade, continuou dicindo, do sector público empresarial español, lembremos que as dúas maiores concentracións de capital industrial son o INI e o IMH, que tamén o son da economía española. E a terceira agrupación do capital público empresarial é a do grupo Patrimonio, que recolle un conxunto de entidades entre as que sobresaen Telefónica, Corporación Bancaria de España e Tabacalera.

Así, os tres grupos referidos, INI, INH e Patrimonio, ex-

plican o 77% das vendas e o 68% do cadro de persoal do sector público empresarial español. E así, dos tres, o único diversificado cunha xestión corporativa é o INI.

A continuación o vicepresidente do INI, pasou a referirse ó tema central das presentes xornadas, a privatización.

Producíuse, comezou dicindo, un proceso privatizador no noso país que, por circunscribirmonos ó grupo de empresas INI, levou a unha diminución en termos de emprego de 84.470 traballadores entre 1981 e 1992, se ben este proceso tivo como obxectivo, fundamentalmente, conseguir un grupo empresarial con capacidade de competir no mercado internacional.

E a miña posición é que este é o ámbito relevante hoxe en España con respecto á discusión da empresa pública: ¿que achega máis valor ó noso tecido empresarial, o seu mantemento e desenvolvemento ou a súa privatización?

Os últimos datos disponíveis das comunidades europeas, referidos a 1988 e publicados a finais de 1992, amósannos que máis do 94% das nosas empresas teñen menos de 10 traballadores fronte ó 92% que corresponde á media comunitaria, e só o 0,4% son empresas de 100 ou máis traballadores, fronte ó 0,6% da media comunitaria.

Con estas referencias, vemos que temos un condicionante negativo moi acentuado para acceder á tecnoloxía e para expandirnos nos mercados, porque se necesita unha mínima escala para poder tomar decisións estratéxicas cruciais para mellorar posicións no mercado e gañar competitividade. Esa mínima escala –100 traballadores-, de fixarse en 200 traballadores, como fai unha parte da literatura económica, dependendo do sector analizado, acentúa aínda máis a debilidade da nosa estructura empresarial.

Por iso, non podemos permitírno-lo luxo de desaproveita-lo que temos, senón, pola contra, aplica-la nosa imaxinación e ben facer en capitaliza-las oportunidades empresariais de que dispoñemos.

Así, se ben a grande empresa industrial do INI ten máis de 500 traballadores, ten un emprego medio equivalente ó 61% da media que ofrece a grande empresa industrial europea, para o total de empresas o emprego me-

dio por empresa no sector industrial español é do 33,4% do comunitario.

E sumando o total de empresas industriais, de construccíons e servicios, o emprego medio da empresa española só representa o 51,4% da media comunitaria. Estamos, polo tanto, en termos de emprego por empresa, máis afastados da media europea.

Igualmente, o relator chamou a atención sobre o dato de que en España hai escasos exemplos de empresas grandes que non sexan de capital público ou filiais de multinacionais.

En segundo lugar, e en resposta ó segundo inciso do título do seu relatorio, o relator pasou a referirse ó futuro.

A oportunidade de futuro pola que está apostando oINI está representada por TENEZO, sociedade anónima constituída por aquel, achegando a carteira de tódalas súas sociedades caracterizadas por concorrer en condicións normais de mercado. E así, a súa finalidade é maximizar o valor do propio INI e do seu grupo de empresas, que ten dúas vertentes:

- Aproveita-la capacidade de xestionar procesos de reestructuración empresarial en sectores como a minería do carbón, defensa, siderurxia e construcción naval.

- Facer realidade a oportunidade de consolidar un grupo de empresas español con dimensión internacional, que ten tamén un valor estratégico para reforza-lo tecido empresarial tendo en conta o xa sinalado.

Así, aplicando un criterio de racionalidade á xestión do grupo de empresas, diferenciámo-lo grupo homoxéneo de empresas caracterizadas por concorrer en condicións normais de mercado, que deu lugar á constitución de TENEZO.

Pola súa banda, como grupo público, o desenvolvemento da tarefa de TENEZO implica:

- Clarifica-la xestión naquelas empresas que actúan en sectores con insuficiencia estructural, ós que a comunidade lles dá resposta a través de réximes especiais que posibilitan procesos prolongados de adaptación a condicións de competencia ou conceden un marco específico de funcionamento continuado.

■ Conseguir unha ganancia de eficiencia desde a perspectiva orzamentaria.

■ Seguir un enfoque que permite xuntar esforzos públicos e privados, tanto para dar saída a determinados activos, como para fortalecer as posiciones industriais tecnolóxicas, comerciais, así como financeiras, ou facilitar proxectos de alcance nacional ou europeo que lles dean resposta ós requisitos do mercado, en termos de competitividade. **C**

Roberto I.
Fernández
López

Bolseiro
do MEC

Seminario iberoamericano de dereito tributario

(EGAP, Santiago de Compostela,
27 e 28 de setembro de 1993)

O sempre oportuno proceso de troco de ideas e opinións con outras comunidades científicas propiciou a celebración do "Seminario iberoamericano de dereito tributario" que, baixo a coordinación técnica da Prof. Dra. Ana María Pita Grandal en colaboración cos profesores César García Novoa e Antonio López Díaz¹, reuniu a estudiosos españois e latinoamericanos da dita disciplina no marco da cidade compostelá durante os días 27 e 28 de setembro de 1993.

Presidiu o acto da cerimonia inaugural o rector da Universidade de Santiago, D. Ramón Villares Paz quen, na súa intervención, felicitou á profesora Pita Grandal, por ter concibido a brillante idea de materializar nun seminario coma este as excelentes relacións culturais e científicas entre España e Latinoámerica.

¹ Todos eles profesores titulares de dereito financeiro e tributario da Universidade de Santiago.

O desenvolvemento do seminario tivo lugar na sede da Escola Galega de Administración Pública, baixo o patrocinio da Consellería de Economía e Facenda (Xunta de Galicia), e fixou a organización como plan de traballo para ámbalas xornadas, a exposición dun relatorio cun tema de estudio que servise como obxecto de debate nunha posterior mesa redonda coa participación de tódolos asistentes.

O primeiro relatorio correu a cargo do prof. Dr. D. Ramón Valdés Costa, catedrático da Universidade de Montevideo, quen disertou sobre "O cobro coactivo da débeda tributaria", co fin de analiza-las grandes diferencias que sobre esta cuestión presentan as lexislacións de España e América Latina e as posibilidades de harmonización entre ambas. O tema proposto espertou un inusitado interese nos asistentes, xa que supuxo entrar en consideracións valorativas sobre cal debería se-lo poder competente para executa-lo acto definitivo de liquidación tributaria: se a Administración, como ocorre en España, ou o poder xudicial tal e como acontece na maioría dos países latinoamericanos.

As conclusións más notables que puidemos extraer da intervención de Valdés Costa son as seguintes:

1^{a)}) A opción entre a autotutela administrativa e a tutela xurisdiccional débese facer por vía constitucional, prescindindo da lexislación ordinaria, e a resultas sempre das ideas predominantes en cada país. Se a Constitución garda silencio sobre este tema, a primacía do principio de separación dos poderes conduce a pensar que a función xurisdiccional pertence, en exclusiva, ó poder xudicial.

A xuízo do relator, na Constitución española, con base nos arts. 24.1 e 117.3, existen indicios suficientes para sostener que a execución das débedas tributarias é competencia exclusiva dos xulgados e tribunais; co cal, na práctica, se estarían vulnerando estes preceptos desde o momento no que o art. 93 RGR dispón que o procedemento de prema "será exclusivamente administrativo, sendo privativa da Administración a competencia para entender do mesmo e resolver tódalas súas incidencias".

2^{a)}) Na concepción contemporánea do Estado de dereito, con base na igualdade e na garantía de defensa dos cidadáns fronte ós poderes públicos, o control da legalidade da actividade administrativa débese colocar fóra do

poder executivo, ben sexa no poder xudicial ou en órganos especializados se se quere, neste último caso, deixar á marxe do control dos actos administrativos os tribunais.

3^{a)}) O cobro coactivo só procede no caso de créditos tributarios firmes, de tal xeito que se a pretensión administrativa foi impugnada ante o Tribunal do contencioso o procedemento de execución da débeda tributaria débese suspender automaticamente, ata que o órgano xurisdiccional competente se pronuncie de forma definitiva. Sen lugar a dúbidas, esta é unha solución que marca unha diferenza importante entre o dereito español e o latinoamericano.

4^{a)}) O principio do *solve et repete* constitúe un inxustificado privilexio da Administración posto que é contrario ó dereito de libre acceso á xustiza e ó principio de igualdade ante a lei. Neste sentido, o relator mencionou a García de Enterría para considerar derogado este privilexio polo art. 24 CE, porque dixo "implica unha clara denegación de xustiza".

Concluído o relatorio do profesor Valdés Costa abriu-se un debate no que actuou como moderador D. José Luis Shaw, catedrático de derecho tributario na facultade de Dereito e Ciencias Sociais de Montevideo.

Comezou o coloquio cunha intervención do profesor Ferreiro Lapatza, catedrático da Universidade Central de Barcelona, quen criticou o sistema xurídico español, polo poder que este lle outorga á autoridade administrativa de privar de patrimonio a un particular sen intervención do xuíz. Ó seu xuízo, resulta reprochable que esta realidade choque frontalmente co art. 117.3 da CE, a teor do cal a potestade xurisdiccional de executar e facer execute-lo xulgado é exclusiva dos xulgados e tribunais.

O profesor Tejerizo López, catedrático da Universidade Nacional de Educación a Distancia, manifestou o seu desacordo co profesor Ferreiro ó sinalar que, no noso ordenamento, a autotutela administrativa hai que entendela como a posibilidade de execución sempre que non exista discusión sobre ela; agora ben, se existe algún tipo de controversia sobre a lexitimidade da pretensión administrativa, desde ese momento, no noso país, os órganos xurisdiccionais xa poden entrar a coñece-lo asunto.

Ante a alegación anterior, Ferreiro Lapatza replicou que o miolo da cuestión non estaba na posibilidade de que un xuíz controlase *a posteriori* a corrección do acto administrativo de execución, senón que o problema estribaba en determinar quen era o órgano competente para dictar o acto de execución: se o xuíz ou a Administración.

Seguidamente Antonio López Díaz, profesor titular da Universidade de Santiago de Compostela, expuxo que o TC na súa Sentencia 22/1984 admitira que, en nome do principio de eficacia da actuación administrativa, a lei podía atribuírlle certas facultades á Administración entre as cales cabería incluí-la de executa-la débeda tributaria, sempre e cando, obviamente, non se vulnerasen outros dereitos fundamentais.

A continuación tomou a palabra o profesor Lasarte Álvarez, catedrático da Universidade de Sevilla, quen sinalou que a vía máis eficaz para rompe-lo aparato da Administración estatal sería cambia-lo noso sistema actual e permitir que a execución dos actos administrativos dependese dun tribunal, o cal conduciría, indefectiblemente, a colapsar aínda máis a Administración de Xustiza. Ademais, na súa opinión, a práctica obriga a diferenciar dous supostos: a) se non hai oposición por parte dos particulares, entón, non cabe discuti-la capacidade de execución do acto administrativo e, b) se pola contra existe oposición, considerando que o contido do dereito á tutela xudicial efectiva engloba a posibilidade de obte-la suspensión do acto administrativo, sería conveniente que as resolucións dos tribunais sobre a procedencia ou non da suspensión se anticipasen no tempo ás providencias de prema dictadas pola Administración. Neste sentido, o profesor Lasarte apuntou que ante a chegada da providencia de prema, solicitada pero aínda non concedida pola vía xurisdiccional a suspensión do acto administrativo, unha saída xuridicamente válida era a de acudir ó procedemento especial de protección xurisdiccional dos dereitos fundamentais, con base nunha violación do dereito á tutela xudicial efectiva. Sen embargo, a devandita solución posúe o inconveniente de que as salas non acostumaban admitir este recurso.

Finalmente, Lasarte Álvarez tamén quixo deixar constancia de que resultaba sumamente criticable que a concesión da suspensión dependese do criterio de cada xuíz,

en lugar de existir unha liña uniforme de pronunciamientos xurisprudenciais.

Pola súa banda, a profesora Addy Mazz, catedrática da Universidade de Montevideo, insistiu en que desde un punto de vista xurídico-constitucional, no caso de Uruguai, a execución administrativa é incompatible cos principios de separación de poderes e tutela xurisdiccional.

A seguir, retomou de novo a palabra Tejerizo López para aseverar que no noso sistema xurídico-social resulta impensable que a Administración deba pedir permiso para executa-los seus créditos a unha instancia xudicial cando o ciudadán, que teoricamente está afectado pola decisión da Administración, non se opón a ela. Así mesmo, este autor asegurou que respecto dos actos administrativos sancionadores² o criterio do TC é que non se poden executar mentres non sexan firmes; ademais algúns pronunciamentos do TC deixan entrever que a suspensión dos actos administrativos tributarios se pode solicitar en calquera momento, débese pronunciar un tribunal de xustiza e mentres non se pronuncie hai que entender preventivamente suspendido o acto.

Por último, Tejerizo sinalou como prácticas deseables, en prol de outorgarlle maior protección xurídica ó contribuínte, estas dúas:

1^{a)}) Que as garantías que lle ofrecer ó ciudadán, solicitada a suspensión, non sexan exclusivamente as que están taxadas pola normativa administrativa tributaria.

2^{a)}) Que os tribunais de xustiza poidan, en casos concretos de extrema gravidade, concede-la suspensión sen a existencia de garantías, cousa que, por certo, ocorre nos actos de xestión tributaria en materia de aprazamento e fraccionamento de pago.

O profesor Palao Taboada, catedrático da Universidade Autónoma de Madrid, adheriuse no esencial ás opiniós vertidas con anterioridade polos seus colegas Lasaute e Tejerizo, se ben matizou que cando a doutrina administrativa española defende os privilexios da Administración (entre eles o da autotutela) faino porque eses privilexios se conceden para a satisfacción dos intereses públicos. Doutra banda, subliñou que en España a suspensión dos actos administrativos en materia tributaria non só afectaba ós actos de contenido material, como as li-

² Entre os cales hai que incluír aqueles actos de liquidación tributaria nos que, dunha banda, a Administración liquida o tributo e, doutra, xulga a conducta do administrado sancionándoo.

quidacións tributarias ou actos relativos a prestacións pecuniarias, senón tamén a certos actos de contido formal como o deber de comunicarlle datos á Administración sobre a situación tributaria dun terceiro.

En representación de Arxentina interveu Héctor Belisario Villegas, catedrático da Universidade Nacional de Córdoba, quen resaltou o saldo positivo que, en termos xerais, dá o sistema de execución xudicial no seu país, debido fundamentalmente ós destacados avances da xurisprudencia nos últimos anos.

Rebatendo algúns dos argumentos esbozados polos colegas latinoamericanos, o profesor Lozano Serrano, catedrático da Universidade de Valencia, indicou que o principio de separación de poderes non impón a preferencia pola vía xudicial en detrimento da administrativa como modo de execución das débedas tributarias. Ó seu xuízo, a Constitución española non predetermina que a execución teña que ser competencia xudicial ou administrativa. Ademais, o criterio defendido polos tributaristas latinoamericanos, de preconiza-la suspensión automática do acto administrativo pola mera interposición do recurso ante o Tribunal do contencioso, pode xerar, na súa opinión, un abuso na súa utilización á parte dunha certa obstrucción da actuación administrativa.

O catedrático da Universidade de Córdoba, Ramón Falcón y Tella, introduciu unha vía de consenso entre as distintas posicións expostas ó afirmar que só era admisible a execución administrativa de existir un fundamento constitucional expreso ou tácito. Ó seu entender parece que, no caso concreto español, os constituyentes non quixeron romper radicalmente coa tradición anterior e de aí que a CE pode que recolla "implicitamente" unha cláusula favorable á execución administrativa.

Outra das achegas de Falcón foi a de sinalar que, desde o punto de vista doutrinal, fronte ás prerrogativas ou privilexios da Administración o realmente importante era a procura de garantías³ para o administrado, entre as cales cobra especial relevo a regra da prohibición absoluta do *solve et repete*, así como a suspensión automática do acto de execución pola mera solicitude da intervención xudicial.

Seguidamente interveu Alberto Faget Prati, profesor na facultade de Dereito e Ciencias Sociais de Montevideo,

³ En concreto, o profesor FALCÓN empregou a expresión "contrapesos xurídicos".

quen confirmou que a posición latinoamericana e a española eran extremas no referente á execución das débedas tributarias. Para iso, apuntou o caso de dúas experiencias lexislativas que o confirman: 1^{a)} No Modelo de Código Tributario que no seu día se elaborou para a América Latina, a conformación do título executivo requiría da firmeza do acto; pero é que, ademais, tratándose de sancións non só era necesario ese carácter firme senón tamén a ratificación en sede xurisdiccional sen a cal o crédito non tería o carácter de título executivo. 2^{a)} Traballando para Nacións Unidas na reforma da lexislación tributaria para a República do Paraguai, á hora de regular o título executivo estableceuse expresamente que este estaba constituído co consentimento do particular ou, no caso de que houbese controversia, coa sentencia definitiva do contencioso anulatorio.

Por outra banda, Faget sinalou que na concepción latinoamericana existen dous niveis de controversia:

- 1) O que se dirime na vía contencioso-anulatoria, e que ten por obxecto discutir se se xerou ou non a obriga tributaria a través do acto de determinación⁴.
- 2) O que se resolve no denominado "xuízo executivo fiscal", que ten por obxecto dirimir se a obriga tributaria xa nacida se extinguiu ou non, a través do pago ou doutros medios de extinción.

Insistindo na análise do sistema latinoamericano a profesora da Universidade de Montevideo Nelly Valdés, aseverou que a finalidade do mesmo era a de conseguir un axeitado equilibrio entre os intereses do fisco e dos contribuíntes; todo iso con base en dous principios fundamentais: a) Que o administrado ten dereito a acudir a un terceiro imparcial para dirimi-las súas controversias coa Administración. b) Que ninguén pode ser xuíz na súa propia causa.

A profesora uruguaia demostrou que ese equilibrio de intereses se materializaba, dunha banda, permitíndolle ó contribuínte obte-la suspensión automática se se xustificaba que estaba en trámite o correspondente expediente ante o Tribunal do contencioso-administrativo, e doutra, permitíndolle, así mesmo á Administración que, antes de celebrarse o xuízo executivo fiscal, adoptase medidas preventivas que asegurasen suficientemente o seu crédito.

⁴ Na terminoloxía xurídica española empregámo-lo termo "liquidación", equivalente ó que os latinoamericanos denominan "determinación".

Novamente tomou a palabra o profesor Ferreiro Lapatza, esta vez para manifestar que o sistema español vixente, de execución administrativa, quizais sexa o froito non só da mestura da tradición francesa e alemana senón tamén da propia tradición española, expresiva dun fortalecemento do poder executivo fronte a un progresivo acantoamento do poder xudicial. Doutro lado expresou o seu desacordo con certos colegas españoles que consideran impensable a implantación no noso país dun sistema de execución xudicial, e fundamentouno sinalando que do total de liquidacións practicadas, arredor dun 97% son autoliquidacións e o 3% restante supoñen liquidacións administrativas reclamadas, é dicir, "xudicializadas".

Por outra parte, a xuízo de Ferreiro o argumento do TC, que se apoia no principio de eficacia (art. 103.1º CE) para xustifica-la execución administrativa, non só lle parece "xuridicamente fútil senón tamén tremadamente cínico", posto que o art. 103 está redactado ó servicio dos administrados e non en contra dos seus dereitos. Así mesmo, reprobou sen paliativos o papel do TC como "terceira cámara lexislativa"⁵.

O representante brasileiro Paulo Barros Carvalho, profesor de derecho tributario da Universidade Católica de São Paulo, lembrou que a figura do tributo afectaba a dous dereitos fundamentais dos ciudadáns, a propiedade e a liberdade. E, desde este punto de vista, sería, un tanto temerario entrega-la execución do crédito tributario a un interesado no procedemento, como é o caso da Fazenda pública.

Doutro lado, asegurou que non vía no silencio constitucional un argumento suficiente para xustifica-la autotutela administrativa. Para iso invocou dous principios básicos do Estado de derecho: a) "Todo o que non está expresamente prohibido, está permitido", válido para as relacións de derecho privado. b) "Todo o que non está expresamente permitido, está prohibido", criterio válido para as relacións de derecho público. Por iso, con base nestes dous argumentos non é posible extraer unha competencia "implícita" da Administración para executa-los créditos tributarios.

Por último, o profesor brasileiro tamén dixo que o de-

⁵ Neste sentido, FERREIRO LAPATZA lembrou que non existe ningún precepto constitucional onde se dispoña que o TC é o máximo intérprete da carta magna. Na súa opinión, iso foi dito polo legislador pola vía da LOPX.

senvolvemento do coloquio deixaba entrever unha disputa entre dous grupos de valores: os que defenden a funcionalidade e a eficacia da recadación tributaria como valores supremos, e os que preconizaban a supremacía da seguridade xurídica en detrimento dos anteriores. Sen embargo, Paulo Barros apostou pola necesaria harmonización de ámbolos grupos valorativos.

A seguir, o catedrático da Universidade de Montevideo, Carlos Peirano Facio, confirmou a liña argumental dos seus colegas latinoamericanos situando o principio de xudicialidade como o mellor conciliador dos intereses do contribuínte e da Administración recalculo, ademais, como algo contrario ós principios más esenciais do Estado de dereito a acción de executar un crédito tributario sen ter existido a posibilidade de que a xurisdicción ordinaria se pronunciase sobre o asunto.

A profesora titular da Universidade de Santiago de Compostela, Ana María Pita Grandal, aconsellou prescindir das distintas interpretacións existentes sobre o dereito positivo español, para chegar a un consenso no coloquio sobre as vantaxes que un sistema de execución xudicial podería ter para a defensa dos intereses dos particulares⁶.

Ante o razoamento exposto por algúns tributaristas españois, especialmente Lasarte Álvarez, de que a adopción no noso país do sistema de execución xudicial podería colapsar áinda máis a Administración de Xustiza, o profesor da Universidade de Montevideo James Whitelaw subliñou que se ben en Uruguai a Administración de Xustiza non era un modelo de funcionamento áxil, sen embargo servía para atenua-las carencias e tardanzas da Administración tributaria.

As atenuacións que o principio de separación de poderes sofre no noso país constituíron o grosso da intervención de Yebra Martull, catedrático da Universidade de Santiago de Compostela, quen remarcou que na práctica tan só existen dous poderes, o executivo e o xudicial, pois o lexislativo tende a ser unha continuación do primeiro.

Saíndo por uns momentos do papel de moderador do coloquio, o Prof. Shaw interveu para dicir que era inadmisible un sistema onde o Estado monopolizase o poder,

⁶ Neste sentido, a prof. PITA GRANDAL mencionou como exemplo a propia creación da Axencia Estatal de Administración Tributaria que, sen estar prevista na Constitución, podería inducir a pensar que no dereito español é posible adoptar outras solucións sen, por iso, vulnera-lo propio texto constitucional.

primeiro lexislado, máis tarde converténdose en acreedor tributario e, finalmente executando os seus propios créditos. Ó seu entender, a lentitude da xustiza tampouco se pode considerar como un argumento favorable á execución da Administración, pois se a xustiza é lenta débese mellorar dotando de máis medios os órganos xurisdiccionais.

Pechou o debate da primeira xornada o prof. Valdés Costa sinalando que, independentemente do sistema elixido polo lexislador de cada país (xudicialista ou administrativo), o coloquio servira para amosa-lo consenso existente sobre a necesidade de que ámbolos sistemas respecten escrupulosamente os dereitos e garantías de que debe gozar todo contribuínte nun Estado de derecho.

Na segunda xornada, o "Seminario iberoamericano de derecho tributario" retomou de novo o seu pulso cun relatorio a cargo do profesor Lozano Serrano titulado "O sistema de xustiza administrativa en materia tributaria". Na súa exposición o relator abordou tres ordes de cuestións: 1º) Ofrecer unha sinóptica visión do sistema vixente. 2º) Sinalar algunas liñas que fixeron entrar en crise este sistema. 3º) Acabar cunha proposta para o coloquio esclarecendo algúns problemas áinda pendentes do dito sistema e as súas posibles solucións.

Polo que ó primeiro punto respecta, o sistema de xustiza administrativa vixente en España en materia tributaria, aséntase, segundo Lozano Serrano, en tres grandes polos:

1º) A esixencia dunha vía administrativa previa que é preciso esgotar para chegar ó contencioso, e que está confiada ós tribunais económico-administrativos. O acceso a esa vía instruméntase a través dun recurso administrativo e especial, tanto pola materia coma polos órganos que coñecen da mesma.

2º) Unha xurisdicción de carácter revisor e anulatorio do acto, áinda que integrada na xurisdicción ordinaria.

3º) Un sistema de revisión de carácter subxectivo que esixe a lesión dun interese particular (lexitimación subxectiva), e que por iso non permite acudir á xurisdicción con carácter preventivo senón só cando o acto administrativo ocasionase un certo dano.

Polo que atinxe ó segundo bloque de cuestións, o re-

lator asegurou que desde a segunda metade dos anos oínta se observaba a crise dalgúns aspectos relativos á lexitimación, ó propio carácter revisor da xurisdicción contenciosa, á suspensión e a certas garantías procesuais.

No tocante á lexitimación, cando o art. 24 CE formula o principio de tutela xudicial efectiva faino respecto dos dereitos e intereses lexítimos e, neste sentido, resulta significativo o parecer do TC para quen o interese lexítimo é un concepto máis amplo có de interese directo (esixido na lexislación de 1956); e de aí que se vaia flexibilizando o requisito da lexitimación.

O carácter revisor da xurisdicción contenciosa tamén entra en crise, en palabras do profesor Lozano, porque, entre outras razóns, o presuposto típico do dito carácter revisor, como é a existencia dun acto administrativo previo, non vai esixirse desde o momento en que a partir de 1980 se consideran reclamables as autoliquidacións e os actos de retención e repercusión practicados polos particulares.

No referente á suspensión, o relator, ademais de comenta-la nova normativa recollida no art. 111 da Lei 30/1992, engadiu que a lexislación económico-administrativa contemplaba unha suspensión automática sempre que se solicitase a través dunha reclamación e se garantise suficientemente o crédito tributario.

Doutro lado, o marco de reforzamento das garantías procesuais provoca que, fronte á esixencia de que as notificacións administrativas conteñan os recursos, órganos competentes, etc, se veña admitindo na vía administrativa e económico-administrativa un principio xeral de emenda, aínda que a lei non o contemple, que permite emenda-la vía previa cando se debe a erros da Administración. Dentro deste punto, o catedrático de Valencia tamén aludiou á conveniencia de potencia-la condena en custas á Administración, do mesmo xeito que ocorre co particular que acode temerariamente á vía contenciosa.

Finalmente, Lozano Serrano abordou un terceiro bloque de asuntos moi sometidos a discusión a nivel doutrinal, e que veñen ser praticamente os mesmos que segundo sinalou están en crise.

En canto á vía administrativa previa, amosou a súa impresión de que non estaba prevista constitucionalmen-

te e que, por conseguinte, cabería abrirlle unha opción ó lexislador. Sinalou, ademais, como argumento –a prol de que a Constitución nin contemplaba nin prohibía a autotutela administrativa– o teor literal do art. 117.3 CE cuando emprega a expresión “en todo tipo de procesos” en conexión co número 4 dese mesmo precepto, pois, á vista dos mesmos, cabería cuestionarse se por “proceso” hai que entende-la execución en vía administrativa ou se, pola contra, o dito termo esixe indefectiblemente a presencia dun terceiro imparcial quedando excluída, daquela, a vía administrativa.

En materia de recurso de reposición a nivel de fachadas locais, á vista da regulación ofrecida pola Lei 30/1992 e por algúns preceptos da LBRL e LRHL, o profesor Lozano matizou que, a pesar de que un decreto de maio de 1993 o consideraba previo e preceptivo, non vía inconveniente en catalogalo como potestativo. Outro tanto cabería dicir da vía económico-administrativa, posto que o relator manifestou non ter atopado ningún precepto onde claramente se diga que é unha vía “previa e necesaria”; e iso por que o precepto onde se configura ba así era no art. 53 da LJCA, derogado pola Lei 30/1992.

Por último, Lozano Serrano indicou que con base nos arts. 106.1 e 117 CE podería abrirse paso á decadencia da lexitimación subxectiva como requisito para acudir á xurisdicción contencioso-administrativa, presentando esta un carácter obxectivo a xeito de acción en defensa da legalidade sen a necesidade dunha lesión subxectiva.

Concluído o relatorio do prof. Lozano iniciouse un debate no que actuou como moderador José Manuel Tejerizo López, catedrático da UNED, quen invitou os profesores Valdés Costa, Villegas e Barros Carvalho a expoñelas liñas mestras do sistema de xustiza administrativa tributaria nos seus respectivos países.

O primeiro deles, a máis de pronunciarse prolixamente sobre o sistema existente noutros países latinoamericanos, sinalou que en Uruguai, o mesmo que en Colombia, os tribunais administrativos en materia tributaria son totalmente independentes dos tres poderes do Estado.

Pola súa banda, o profesor Villegas referiu-se ó Tribunal Fiscal Arxentino en canto tribunal administrativo con función xurisdiccional cunha función dependente da Ad-

ministración, xa que os seus membros son designados polo poder executivo tralo concurso de méritos revelador da especialización dos aspirantes en materia tributaria, e cunhas competencias que se estenden a fixar definitivamente os feitos revisando as determinacións (liquidacións) de oficio.

Finalmente, Paulo Barros sinalou que o sistema brasileiro era tipicamente xudicial, dada a existencia de salas especializadas en materia tributaria dentro do propio poder xudicial, co aliciente adicional de que as súas decisións non son un presuposto previo e necesario para acudir á vía contenciosa.

A continuación, a profesora Fernández Junquera, catedrática da Universidade de Oviedo, salientou a importancia que para os administrados representa o feito de que os tribunais económico-administrativos españois sexan órganos de carácter gratuíto ós que se pode acudir sen necesidade de letrado.

Nesta mesma liña de pensamento a profesora Vega Herrero, catedrática da Universidade de León, cuestionou se a hipotética supresión da vía administrativa, apuntada polo relator na súa intervención, non produciría un efecto disuasorio na materialización da tutela xudicial efectiva, na medida en que a vía administrativa é gratuita e a xurisdiccional non o é.

Complementando en parte a intervención de Valdés Costa, o profesor da Universidade de Montevideo Gustavo Rodríguez Villalba destacou como unha das notas más características do sistema uruguai o constitucionalización dos aspectos substantivos e procedimentais do contencioso-administrativo.

Seguidamente, Lasarte Álvarez defendeu con absoluta firmeza o mantemento da vía económico-administrativa esgrimindo para iso varios argumentos:

1º) Ó seu entender, non existe ningún precepto nin teoría que, baseándose na Constitución, poida impedi-la existencia dos tribunais económico-administrativos.

2º) Á parte do carácter gratuíto, xa mencionado pola profesora Fernández Junquera, estes tribunais ordenan o expediente administrativo e centran o problema xurídico para que poida ser entendido por un xurista.

3º) Os devanditos tribunais outorgan prestixio e consistencia á actuación dos funcionarios, dada a existencia dunha instancia que vai revisar esa actividade por medios administrativos.

Non obstante, o profesor Lasarte indicou que era preciso corrixir algunas deficiencias da vía económico-administrativa. Así:

1º) Frente ó efecto negativo do factor tempo propugnou ordenar estes tribunais evitando, en certos temas, as dúas instancias.

2º) Modificación da súa composición, evitando a presencia exclusiva de funcionarios do Ministerio de Economía e Facenda.

3º) Por último, ante a opción do seu carácter potestativo ou obligatorio, á vista da experiencia habida en materia de recurso de reposición, parece más convincente inclinarse pola súa natureza potestativa.

Pola súa banda, Palao Taboada lembrou que actualmente en España a situación da vía económico-administrativa era insostible, dada a existencia de catro instancias necesarias; de aí que se amosara partidario da creación de órganos xudiciais especializados, ainda que faltaría por determinar con que composición e con base en que procedementos.

Doutro lado, o profesor Palao aludió ó problema dogmático que a arbitraxe presenta en materia tributaria, pola preeminencia dos principios de legalidade e indisponibilidade da obriga tributaria. E neste sentido amosou o seu interese por pescudar se nos países latinoamericanos existía algúnsha instancia de tipo arbitral.

A cuestión formulada por Palao, respondeuna Valdés Costa afirmando que en América Latina non existía ningún tipo de disposición que admitise a arbitraxe como solución, ainda que en lexislacións como a de Venezuela e Brasil si se consideraba a posibilidade dun acordo transaccional coa Administración. Para maior ilustración do tema, a profesora Nelly Valdés asegurou que en Uruguai non existía nin arbitraxe nin posibilidade de transacción sobre cuestións de dereito; tan só eran admisibles e estaban previstos pola lei acordos entre o contribuínte e a Administración sobre cuestións de feito.

Sobre o carácter potestativo da vía económico-administrativa, como posibilidade contemplada na Constitución española, incidiu de novo Lozano Serrano quen, na súa formulación, diferenciou dous planos:

1º) En de principio, ó seu xuízo, ningúén se pode opoñer a que a resolución final sexa dictada por un órgano xudicial ou, incluso, por medios xudiciais ántas que o órgano non sexa estrictamente integrante do poder xudicial.

2º) Desde o punto de vista práctico, o importante é que o procedemento administrativo funcione correctamente, e que a vía xudicial se axilice coa posta en práctica dos xulgados do contencioso-administrativo⁷.

Seguidamente a profesora Addy Mazz, delimitou como aspectos más característicos que, na súa opinión, debería presentala vía económico-administrativa estes dous: a) A súa tramitación por órganos especializados, e b) o carácter breve e perentorio dos prazos dentro dos cales se deba pronuncia-la Administración, cunha regulación minuciosa, no seu caso, dos efectos do silencio administrativo.

Por outra banda, Yebra Martull sostivo que os tribunais económico-administrativos deberían resolve-los conflictos formulados conforme ó dereito, é dicir, nin a favor da Administración nin dos particulares. E, igual que Lozano Serrano, o catedrático compostelán amosouse partidario dun sistema que permitise acudir ós tribunais económico-administrativos de forma potestativa.

O catedrático da Universidade de Valladolid, Alejandro Menéndez Moreno, sinalou a importancia de reestructura-las competencias actuais dos tribunais económico-administrativos en dous sentidos. Primeiro, establecendo unha delimitación de carácter restrictivo, no sentido de evitar que a estes tribunais se lles dirixan recursos que, *a priori*, non poidan admitir. Segundo, ampliando a competencia dos mesmos no ámbito local, competencia que non debería cuestiona-la capacidade normativa das corporacións locais⁸ pero si, en troques, a forma de aplicación das normas polos ditos entes.

Para rematar, dado o apuro de tempo e tendo en conta que Lozano Serrano considerou suficientemente debatidas as cuestións formuladas no seu relatorio, o moderador, profesor Tejerizo López, deu por cerrado o debate.

⁷ Como é ben sabido, os ditos xulgados foron creados pola Lei 6/1985, do 1 de xuño (LOPX), pero ata o momento non foron postos en práctica.

⁸ Así, a xuízo de MENÉNDEZ MORENO non parece razonable que unha ordenanza local poida ser anulada por un tribunal económico-administrativo.

Por último, a clausura do "Seminario iberoamericano de dereito tributario" correu a cargo do director xeral de Xustiza da Xunta de Galicia D. Juan José Bertolo Cadenas, quen manifestou o seu desexo de que este tipo de congresos se desenvolvan periodicamente como fórmula moderna de aproximación e intercambio científico entre ámbalas beiras do Atlántico. ☐

Francisco Javier
Cancela
Rodríguez

Xornadas de estudio sobre procedemento administrativo.

IV Encontro hispano-arxentino

Bolseiro |

(EGAP, Santiago de Compostela,
15 e 16 de febreiro de 1994)

Na cidade compostelá a Escola Galega de Administración Pública realizou no seu salón de actos unhas xornadas sobre procedemento administrativo os días 15 e 16 de febreiro de 1994, que tiñan como obxectivo primordial analiza-los problemas básicos e fundamentais que suscita a regulación española na materia e comparar esta normativa coa doutros países para así obter unhas conclusións prácticas cara a un mellor coñecemento e aplicación da mesma.

O director das xornadas e catedrático de derecho administrativo en Madrid, D. Jesús González Pérez, presentou os relatores arxentinos e españois que exporían os seus puntos de vista sobre a materia obxecto de estudio,

e ó mesmo tempo lembrou os anteriores encontros nos que se estudiou o procedemento administrativo arxentino. Destacou, doutra banda, as profundas relacóns académicas que abren estes encontros entre os administrativistas arxentinos e españois e que ofrecen a posibilidade de trataren temas comúns de grande transcendencia e interese para ámbolos dous países.

No acto de inauguración estiveron presentes, ademais do director das xornadas, o conselleiro da Presidencia e Administración Pública, D. Dositeo Rodríguez Rodríguez, o director da Escola e o catedrático de dereito administrativo da Universidade da Coruña, D. Xaime Rodríguez-Arana Muñoz, o director xeral da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, D. Fco. José Serna Gómez e o catedrático de dereito administrativo de Bos Aires, D. Juan Carlos Cassagne.

No mesmo tomou a palabra en representación do presidente da Comunidade Autónoma de Galicia, D. Manuel Fraga Iribarne, o conselleiro da Presidencia, D. Dositeo Rodríguez Rodríguez, que expresou o agradecemento da Xunta por escolle-la EGAP como escenario para o IV Encontro hispano-arxentino de procedemento administrativo. Das súas palabras extraémo-los dous puntos de referencia que guían nestes momentos as diversas actuacóns da Administración autonómica galega:

1º. A intención por parte da Xunta de mellora-lo funcionamento da Administración pública mediante a súa reforma material a través da informática e doutros instrumentos avanzados de xestión para así ataca-los vicios ou defectos de que adoece. Citou como exemplo o establecemento de mecanismos de reacción fronte ó chamado silencio administrativo –grande mal da Administración– de xeito que sexa algo anormal naquela.

2º. Sinalou a continuación a política de refundición normativa que está a levar a cabo o executivo galego sobre as súas propias normas; puntualizou neste aspecto que o Goberno galego non actúa sobre as grandes normas de dereito administrativo, xa que estas son normas do Estado. Como resultado deste proceso de ordenación normativa indicou que xa se publicaron no Diario Oficial as normas da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, e que se ten intención de remata-lo proceso du-

rante o transcurso do ano 1994. Afirmou en definitiva a utilidade que ía te-la plasmación das normas de cada consellería nun derecho coherente, sistematizado e posto ó día tanto para a súa aplicación polos propios funcionarios coma para o seu coñecemento polos cidadáns.

Clasificamos en tres apartados as intervencións realizadas polos relatores atendendo ó tema principal que analizaron cada un deles no seu relatorio. Unha primeira parte sobre os actos administrativos, unha segunda sobre o propio procedemento administrativo e outra sobre o procedemento en vía de recurso e a revisión. Rematamos coas consideracións más salientables que resultaron da mesa-coloquio que tivo lugar ó final das xornadas.

Na primeira parte sobre “os actos administrativos” incluímo-los dous relatorios seguintes:

1. O do ministro da Corte Suprema de Xustiza de Arxentina e catedrático de derecho administrativo da Universidade Santa María de Bos Aires D. Rodolfo Carlos Barría, que falou da problemática e control que suscitan os actos regulamentados e os discretionais como un dos temas más debatidos do derecho administrativo ó mesturarse o xurídico e o político, e este último na súa acepción más ortodoxa, como exercicio de prudencia, a cal esixe decidir entre opcións, é dicir, require unha marxe de discrecionalidade sen un sometemento a regras estritas.

O Estado de derecho significa –indicou o relator– que o seu comportamento se somete a unhas regras xurídicas de distintas especies e xerarquías. Considerou este principio como unha garantía contra a arbitrariedade e o despotismo, xerando previsibilidade e, por isto, fundamentador da seguridade xurídica. Mais dixo que existen áreas do Estado onde tanto para creación coma para a aplicación desas regras hai unha certa marxe de discrecionalidade, entendendo por tal a posibilidade de elixir entre opcións igualmente válidas. Sen embargo, cada órgano do Estado sofre o imperio destas regras de diferente xeito coma nos apartados seguintes exporá, ánda que as opcións discretionais que neles se recollen, foron consideradas polo relator regulamentadas, porque non deixan de se someter a regras. Así, sen deixar de admiti-la clasificación de regulamentado-discrecional, considerou más con-

a) Polo que se refire ó constituínte, o orixinario goza de más ampla marxe de discrecionalidade có derivado –o que reforma a Constitución conforme ó procedemento previsto nela– xa que se atopa máis constrinxido ó someterse ó disposto na Lei do Congreso que declarou a necesidade da reforma, áinda que tamén goza de discrecionalidade porque pode aceptar ou rexeita-la reforma.

b) O lexislador igualmente benefíciase dunha ampla marxe de discrecionalidade porque, dentro do seu sometemento á letra e ó espírito da Constitución, ten a posibilidade dun xogo de opcións entre as distintas interpretacións de que poden ser susceptibles algunas disposicións constitucionais, xa que estas desenvolven principios ou expresan valores de límites abertos.

c) En canto ó poder xudicial afirmou que non realiza unha execución mecánica da norma aplicable ó caso concreto, senón que existe un xogo de opcións na interpretación xudicial daquela, guiada pola aplicación da prudencia ás circunstancias do caso concreto.

d) E nas decisións da Administración a discrecionalidade ten un papel importantísimo e así distinguiu catro ámbitos de exercicio da mesma:

Primeiro. Discrecionalidade por opción técnica: considerouna moi limitada, xa que a técnica -expresión que empregou nun sentido xenérico- ten en si mesma as súas propias regras.

Segundo. Discrecionalidade por concreción dos conceptos xurídicos indeterminados: manifestou que a Administración carece aquí dela, se aceptamos que estes na solución do caso concreto só reciben como resposta a esixida por virtude da xustiza. Sen embargo, matizou que ás veces esta unicidade de resposta era imposible cubrindo así a discrecionalidade o concepto xurídico indeterminado.

Terceiro. Discrecionalidade nas decisións políticas tanto “arquitectónicas” (grandes decisións sobre a conducción dos asuntos públicos) coma “administrativas” (decisións sobre a xestión administrativa propiamente dita): considerou estas decisións discretionais, e no seu núcleo, alleas ó control xudicial.

Cuarto. Discrecionalidade na actividade regulamentaria: diferenciou as distintas clases de regulamentos que a Administración pode adoptar:

- a) Na emisión dos regulamentos "autónomos" e nos de "necesidade e urxencia" goza do mesmo ámbito de discrecionalidade có lexislador¹.
- b) E nos casos dos regulamentos de execución adxectivos e de execución substantiva ou de delegación impropia conta o executivo cunha ampla maxe de apreciación prudencial².

Doutra banda, o profesor afirmou que tódalas actividades do Estado (lexislativa, xudicial e administrativa) son controlables e, en particular, na Administración pública resúmense tódolos controles posibles: na actividade regulamentada o procedemento de control é automático, xa que ó feito previsto na norma séguelle unha determinada consecuencia xurídica; e na discrecional contrólase más que o decidido a forma en que se tomou a decisión administrativa.

Enumerou logo os presupostos necesarios para que a emisión de calquera acto, regulamentado ou discrecional, fose válida: competencia, procedemento, causa, obxecto, finalidade, proporcionalidade e motivación. Deses elementos salientou que: a finalidade é más importante na valoración do acto discrecional ca na do regulamentado, onde aquela se inclúa de maneira "pechada" na norma; a proporcionalidade é diferenciadora da situación do acto regulamentado, posto que a medida deste elemento xa a decidiu o lexislador; e, por último, a motivación no acto regulamentado, a diferencia do discrecional, redúcese á mínima expresión.

¹ Os primeiros pertencen á zona de reserva competencia da Administración e nos segundos existe unha excepcional "toma" da competencia propia do lexislador.

² A norma da cobertura para as que considerou mal chamadas delegacións, atópase no art. 86, inciso 2, da Constitución arxentina. O artigo considera como competencia do executivo a de expedir las instruccións e regulamentos que sexan necesarios para a execución das leis da nación, coidando de non altera-lo seu espírito con excepcións regulamentarias.

Xa para rematar, R. Barra analizou o papel dos xuíces cando revisan a actividade da Administración tanto na súa vertente discrecional coma regulamentada. Nesta última dixo que só se comproba a existencia dos feitos que, como hipótese, a norma establece para a xeración da consecuencia xurídica, tendo como guía segura a mesma lei. Mentre que na actividade discrecional o papel xudicial é más complicado, xa que o xuíz deberá confirmar que o impugnante está lexitimado porque o proceso da toma de decisión se efectuou consonte o sistema establecido polo lexislador ou que, malia ser formalmente correcto,

o seu contido conduce a resultados absurdos para calquera home con sentido común.

Por todo isto, destacou que a distinción entre a actividade regulamentada e a discrecional, desde a perspectiva do control xudicial, é un problema primeiro de esixibilidade, e polo tanto de lexitimación, e logo, xa aberta a vía contenciosa, de intensidade do control xudicial.

No coloquio o relator falou, entre outras cuestiós, dos denominados intereses difusos ou colectivos que se dan cando a lei crea ficticiamente o prexuízo, outorgándolle así a lexitimación para recorrer ou impugnar un acto a calquera ciudadán. Comentou tamén os distintos problemas que lles poden ocasiona-los actos discrecionais ós operadores xurídicos, xa sexa o funcionario que elabora o acto, ou ben o profesional liberal que se relaciona coa Administración.

2. E o relatorio que correu a cargo de D. Julio Rodolfo Comadira, catedrático de dereito administrativo da Universidade da Prata (Arxentina), que desenvolveu o sistema de nulidades do acto administrativo.

Comezou dicindo que o acto administrativo se regula pola Lei nacional de procedementos administrativos de 1972-modificada pola Lei 21686- e polo regulamento respectivo, que revisten esta materia dunha natureza substantiva de xeito que esa norma significa para a Administración o que o Código Civil para os particulares. Ó réxime dos actos administrativos -indicou o relator- pódesele asignar, polo tanto, a condición de normas comúns, aplicables a todo o ámbito estatal -e, de se-lo caso, público non estatal- no que se exerza a función administrativa³.

Abordou o concepto de acto administrativo como unha declaración emitida por un órgano estatal, ou un ente público non estatal, no exercicio da función administrativa, baixo un réxime xurídico exorbitante, productora de efectos xurídicos directos e individuais respecto de terceiros. Analizou o contido desta definición en catro puntos:

a) Considerou que emprega-lo termo declaración permite incluir no alcance do acto tanto o que se traduce nunha manifestación de vontade, coma o que se exterioriza nunha declaración de xuízo ou opinión ou de simple coñecemento.

³ Igual consideración merecen as normas que consagran os principios básicos do procedemento e as que regulan a impugnación xudicial dos actos administrativos, conforme a súa significación substancial no exercicio da función administrativa.

b) Estimou administrativos os actos dictados por calquera órgano estatal, mesmo os dos poderes lexislativo e xudicial, e entes non estatais que exerzan a función administrativa.

c) Encadrou o acto administrativo no marco dun sistema xurídico integrado por prerrogativas estatais, relacionadas con correlativas garantías dos administrados, distinguindo en calquera caso, prerrogativas e garantías substanciais e procesuais.

d) A calidade do acto administrativo en sentido técnico reservouna para as decisións que por si mesmas xeren efectos xurídicos para os terceiros⁴.

Por outra banda, trazou a teoría dos elementos do acto, tras ter en conta a relación inescindible que existe entre estes e o réxime da invalidez, distinguindo os esenciais e os accidentais.

1) Dos esenciais indicou que condicionan a existencia e validez do acto e son os seguintes:

a) Competencia: concibiuna como o conxunto de poderes, facultades e atribucións que o ordenamento xurídico lle atribúe a un órgano ou ente estatal, derivada da Constitución, das leis ou dos regulamentos dictados na súa consecuencia.

b) Causa: vinculouna ós feitos e antecedentes do acto e ó dereito aplicable.

c) Obxecto: sinalou que tiña que ser certo, física e xuridicamente posible e decidir tódalas cuestións propostas e non propostas.

d) Procedementos: aquí precisou que antes da emisión do acto, debíanse cumpri-los procedementos esenciais e substanciais previstos e os que xurdan implícitos do ordenamento xurídico.⁵

e) Motivación: presentouna como a exteriorización no acto da existencia da causa e da finalidade.

f) Finalidade: dixo que o acto deberá cumplir coa finalidade que xurda das normas que lle outorgan as facultades pertinentes ó órgano emisor, sen que poida perseguir encubertamente outros fins, públicos ou privados, distintos dos que xustifican o acto, a súa causa e obxecto. Dentro deste requisito, engadiu que a lei esixe que as medidas que o acto involucre deberán ser proporcionalmente adecuadas á súa finalidade.

⁴ Entendeu por terceiros destinatarios dos actos as persoas físicas, xurídicas privadas e públicas non estatais e os axentes públicos cando lles afecte a Administración no ámbito da súa relación de servizo.

⁵ Unha manifestación especial deste elemento é o chamado "debido proceso adxectivo" que se regula no art. 1 da LPA como regulamentación procesual administrativa da garantía de defensa consagrada polo art. 18 da Constitución nacional.

g) E con respecto á forma o relator apartouse do alcance restrinxido co que se emprega na LPA⁶, para inclinarse por un sentido máis amplo e así este elemento abrangearía, a máis dos requisitos que se observan para a declaración, as formalidades que resulten necesarias cumplir antes de dicta-lo acto e, mesmo despois, para que sexa eficaz.

2) Dos accidentais dixo que poden ou non ser incluídos pola Administración se conta coas atribucións discrecionais necesarias e amplían ou restrinxen os efectos xurídicos que o acto produciría normalmente de se non inseriren aqueles. Estas cláusulas accesorias son o termo ou prazo, a condición e o modo.

A seguir expuxo o réxime da invalidez establecido na LPA sobre o que manifestou o seguinte:

A) Afirmou que un acto administrativo é nulo (ou de nulidade absoluta) cando carece dalgún dos seus elementos esenciais, ou padece neles un vicio grave. En troques, é anulable (ou de nulidade relativa) cando tódolos seus elementos esenciais concorren, mais algún deles adoece dun vicio leve ou non fundamental.

En fin compartiu a opinión da doutrina de que o réxime da invalidez dos actos administrativos xorde das consecuencias xurídicas que o ordenamento lles atribúe ós distintos vicios que poden afectar ós elementos esenciais do acto e sinalou que só se pode formula-la cuestión de se a nulidade ou a anulabilidade é a regra xeral en caso de dúbida, inclinándose nese suposto en favor da anulabilidade.

Destas dúas categorías de invalidez –nulidade e anulabilidade– marcou as súas características comúns e diferenciadoras:

a) Teñen en común que a invalidez que lles afecta non a pode declarar de oficio o xuíz, a impugnación xudicial para os particulares suxéitase ós mesmos prazos e a declaración de invalidez ten efectos retroactivos (é dicir, *ex tunc*).

b) Difiren, sen embargo, no réxime de revogación por ilexitimidade, admisible con limitacións nos actos nulos e improcedente, como regra, nos anulables; no carácter prescriptivo da acción estatal ou dos entes autárquicos para demanda-la invalidez dos actos anulables e a índole

⁶ A diferencia dos anteriores requisitos que se prevén no art. 7 da LPA, este elemento recóllese no art. 8, que establece que o acto se debe manifestar expresamente e por escrito, indicando o lugar e a data en que se dicta e coa sinatura da autoridade emisora. Só excepcionalmente, e se as circunstancias o permiten, se pode emplegar unha forma distinta.

non prescritiva de igual acción nos nulos; e na posibilidade de saneamento, vedada para os nulos e viable para os anulables.

A este respecto tratou brevemente o saneamento e a conversión, dicindo que:

■ O primeiro, tamén chamado validación, dáse cando a Administración, por medio dun acto expreso ou tácito, lle outorga plena validez a un acto administrativo afectado por un vicio anulable e os seus efectos prodúcense retroactivamente.

■ E a conversión consiste na utilización dos elementos válidos dun acto nulo, para emitir, co consentimento do administrado un novo acto e os seus efectos prodúcense *ex nunc* (é dicir, a partir da emisión do novo acto).

Dentro deste apartado A) o relator indicou tamén que as irregularidades ou omisións intranscendentes non se atopan na LPA, como tampouco a categoría de inexistencia. Para este último caso, regúlanse, como alternativa, as vías de feito administrativas.⁷

B) Nesta materia sobre a invalidez, subliñou que a xurisprudencia arxentina fala de nulidade manifesta e non manifesta, que non se recolle na LPA, mais admítese nesta disciplina administrativa, xa que se funda no carácter notorio do vicio que afecta á validez do acto. O profesor recordou que a Corte Suprema xa decidiu que a presunción de lexitimidade non se poderá constituir fronte a supostos de actos que adoecen dunha invalidez manifesta.

Rematou J. Comadira salientando o dobre significado que ten o principio de legalidade sobre o tema. En efecto:

■ Distinguiu unha significación técnica, porque o principio se resolve, para cada acto administrativo, nunha cuestión de técnica xurídica, xa que serve para medir a validez daquel.

■ E unha axiolóxica, porque nel se sustenta a esistencia incondicional de que a acción administrativa se suxeita á orde xurídica.

Pola súa parte manifestou a súa preferencia por identifica-lo fenómeno que se quere aprehender nese principio coa locución “xuridicidade”, porque esta representa

⁷ A lei arxentina prevé como vía de feito típica, o comportamento material da Administración lesivo de derechos ou garantías constitucionais; e establece como supostos equiparables cando aquela executa un acto estando pendente algún recurso administrativo dos que en virtude dunha norma expresa impliquen a suspensión dos efectos executorios daquel, ou que unha vez resoltos non se notifiquen.

mellor a idea de que a actuación da Administración na procura do ben común supón, necesariamente o respecto do dereito.

Na charla, suscitou curiosidade o feito de que se considerasen como actos administrativos os dictados no eido lexislativo e xudicial e diferenciou as diversas clases de invalidez existentes en Arxentina e en España.

Na seguinte parte sobre “o procedemento administrativo” tratáronse algunas das cuestiós que suscita a nova regulación española da materia establecida pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común:

1. Do procedemento administrativo como garantía dos ciudadáns falou D. Laureano López Rodó, catedrálico de derecho administrativo da Universidade Complutense de Madrid.

Presentou o procedemento non só como unha pauta que seguir polas administracións públicas para ordena-la sucesión de actuacións e prazos que conducen á adopción dunha resolución administrativa, senón tamén e principalmente, como unha garantía dos administrados para que poidan facer vale-los seus dereitos e intereses fronte á Administración.

Deste xeito, afirmou que as garantías dos administrados ó longo da tramitación dun expediente administrativo non se esgotan coas que ofrece a LRX-PAC de 1992 –que considerou unha nova versión empeorada da Lei de procedemento administrativo de 1958– senón que aquelas se atopan tamén noutras leis do ordenamento xurídico, tales como a de expropiación forzosa de 1954, a da xurisdicción contencioso-administrativa de 1956 e a de réxime xurídico da Administración do Estado de 1957, entre outras.

Respecto da Lei 30/1992 realizou sobre todo tres observacións:

a) A recepción que a lei opera do anterior ordenamento e recoñécese así a importancia que aquel tivo no seu día e que hoxe, en boa parte conserva. Xa na súa exposición de motivos dise que no seu articulado se respectaron, mesmo literalmente, os preceptos máis consolidados na técnica da xestión administrativa.

b) Quedan fóra da nova lei, trinta e un artigos –que chamou extravagantes– xa que esta deixa vixentes dez artigos da Lei do réxime xurídico da Administración do Estado e vinteún da de procedemento administrativo de 1958.

c) Tamén manifestou que a LRX-PAC vulnera o principio constitucional da seguridade xurídica pola confusión creada sobre que artigos entraron en vigor o 27 de febreiro de 1993, ó expira-los 3 meses de *vacatio legis*, despois da súa publicación no BOE o 27 de novembro de 1992. Sobre isto indicou o seguinte:

■ En primeiro lugar, falou das disposicións adicional 3^a, transitoria 2^a e final da nova lei, e concretou que a disposición adicional 3^a establece un prazo de seis meses a partir da entrada en vigor da lei para que se proceda a adecuar á mesma os distintos procedementos administrativos.

■ Sen embargo, dixo que a Instrucción da Subsecretaría para as Administracións Públicas do 24 de febreiro de 1993 –que non se publicou no BOE e así considerou que vulneraba o principio constitucional de publicidade das normas– vén declarar que seguirá vixente a normativa anterior e, en particular, a relativa ó silencio administrativo e ós recursos administrativos mentres non entren en vigor as correspondentes normas de adecuación á nova lei.

■ E, en terceiro lugar, sinalou que cando se aproximaba o prazo de seis meses que tiña o Goberno para a adaptación, se dictou o Real decreto 14/1993, do 4 de agosto, que prorrogou durante 12 meses máis o indicado prazo, co que afirmou que ata o 27 de agosto de 1994 non entraría en vigor o máis substancial da LRX-PAC.

Ó remate da súa intervención criticou a nova lei dicindo que más que garanti-los dereitos dos cidadáns, o que fai é deixalos nunha situación de suspensión efectiva, recorrendo inicialmente a unha instrucción reservada e, posteriormente, dictando un real decreto-lei.

No debate criticouse o procedemento sancionador regulado polo regulamento aprobado polo Real decreto do 4 de agosto de 1993 e tamén se sinalou a falta de coherencia existente na aplicación da devandita instrucción da Subsecretaría para as Administracións Públicas.

2. Sobre o chamado procedemento administrativo común disertou D. Francisco González Navarro, catedrático de dereito administrativo da Universidade de Navarra e maxistrado (excedente) do Tribunal Supremo de España.

Comezou a súa intervención dicindo que non existe o procedemento administrativo común do que falan a CE, a nova lexislación local, e agora a LRXPA, xa que non hai “un” procedemento administrativo común, senón varios. E para explicalo fixo dúas distincións:

■ Primeiro, distinguiu os que chamou procedementos formalizados (ou ríxidos) dos non formalizados (ou flexibles): nos primeiros, séguese a vía deseñada polo lexislador e nos segundos o camiño marcado atendendo ás ideas de simplicidade, eficacia e garantía. Con todo, sostivo como regra xeral a non formalización do procedemento, xa que considerou que só se debía regula-la completa andaina procesual con vistas á consecución dun fin naqueles casos en que sexa indispensable, mais nos demás o principio de preclusión procesual débese reducir ó mínimo.

■ E segundo, os procedementos xerais (ou comúns) dos especiais: indicou que non era posible falar dun procedemento administrativo xeral único, senón de varios, dunha pluralidade de procedementos formalizados nos que se poden admitir específicas desviacións ou diferenciacións na realización de un ou varios trámites, as cales poden ser tan importantes que alteren a íntima estrutura do procedemento formalizado utilizable normalmente para o cumprimento dunha determinada finalidade administrativa e neste caso, poderase falar de procedemento especial, pois do contrario estariamos ante unha simple especialidade procesual.

Doutra banda, o relator manifestou que na Constitución española de 1978 hai diversos preceptos que inciden sobre a vixente regulación do procedemento administrativo, áinda que considerou como más importante o art. 149.1 apartado 18, que lle atribúe ó Estado a competencia para dicta-la lei cabeceira do grupo normativo regulador da actuación das administracións, lei que –segundo G. Navarro– orienta, preserva e economiza o devandito grupo normativo e que é de directa e inmediata

aplicación para tódalas administracións públicas, e garante dun tratamento común para os administrados segundo quere a Constitución. Entendeu, polo tanto, que desde a entrada en vigor desta, a LPA de 1958 se converteu en norma de aplicación directa para tódalas administracións.

Pasou logo a analiza-la posición dos estatutos de autonomía respecto do procedemento administrativo, que sintetizou en dous apartados:

1) Referiuse ós primeiros estatutos (vasco, catalán e galego⁸, que consideran o procedemento administrativo como unha competencia exclusiva das comunidades autónomas.

Nesta cuestión sostivo a posibilidade de que en principio se podería dubidar da constitucionalidade dos mesmos. Sen embargo, aclarou que se podería salva-la posible tacha de inconstitucionalidade deses preceptos estatutarios que desenvolveron o art. 149.1.18 CE no que se refire ó chamado –moi mal chamado, puntualizou– procedemento administrativo común, con base na flexibilidade da LPA, que contén unha implícita habilitación de potestade lexislativa rexional.

En definitiva, chegou á conclusión de que parecía evidente que as comunidades autónomas tivesen potestade normativa para regular, no ámbito do seu territorio e conforme cos principios e regras da LPA, calquera procedemento administrativo relativo a materias asumidas con carácter exclusivo se o consideran necesario; e nos restantes casos, afirmou que nada se opoñía a que dictaran as respectivas normas de procedemento en tanto que o Estado non as establecera ou estableza no futuro. Agora ben, tamén sinalou que a lei estatal cabeceira de grupo –a LPA– cedía, en cambio, ante a lexislación rexional cando se trataba de precisa-los órganos da Comunidade Autónoma que en substitución dos do Estado deben intervir nun procedemento que lle corresponde tramitar a aquela por razón da materia ou do territorio.

2) Dixo que as fórmulas estatutarias posteriores se remiten expresamente á lexislación básica estatal, de xeito que en materia de procedemento administrativo o Estado retén a competencia básica, mentres que a Comunidade Autónoma ten a competencia de desenvolvemento lexislativo e de execución.

⁸ O Estatuto galego di no seu art. 27.5 que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva sobre as normas procesuais e procedementos administrativos que se deriven do específico dereito galego ou da organización propia dos poderes públicos galegos.

Na última parte do seu relatorio referiu-se á nova LRXPA como unha lei básica, de xeito que o Estado dicta o necesario para que as administracións públicas na súa actuación se axusten a unha vía formal, garantíndose así o principio de igualdade de trato dos cidadáns nas condicións básicas ante aquelas. Engadiu que as comunidades autónomas poden lexislar en materia de procedemento administrativo respecto de sectores concretos da súa actividade, sempre que o fagan dentro do marco xeral que supón a lei básica estatal: que era ata o de agora a LPA e que o será en adiante, a LRXPA. Ademais dixo que a cuestión de se son básicas todas ou únicamente unha parte das normas contidas na lei de 1992, xa que esta non o especifica, non só é difícil senón praticamente imposible.

Por todo o dito, G. Navarro concluíu recoñecendo que as comunidades autónomas teñen competencia exclusiva en materia de procedemento administrativo, o que implica que hai unha concorrencia de competencias, posto que, previamente, a Constitución atribúelle esa mesma competencia tamén con carácter exclusivo ó Estado. O mesmo tempo recoñeceu que parecía evidente que nin o Estado nin as comunidades autónomas tivesen competencia excluyente na materia, agás no relativo á organización. Desta maneira admitiu que as comunidades autónomas poden dicta-la súa propia lei de procedemento administrativo no marco da lei básica estatal, como así o fixo a Comunidade Autónoma de Cataluña coa Lei 13/1989, do 14 de decembro, sobre organización, procedemento e réxime xurídico. Sublinhou ademais que esa concorrencia de competencias do Estado e das comunidades autónomas sobre o procedemento administrativo, constitúe xa un feito colectivo ou crenza xeneralizada defendida pola presunción de constitucionalidade de que gozan as normas estatutarias.

No coloquio afirmou que a LRXPA fixa unhas garantías mínimas dos cidadáns respecto da actividade administrativa, as cales pode aumenta-lo lexislador autonómico, entendendo así que esta lei básica non esgote a regulación na materia.

3. E sobre “A obriga de resolver: actos presuntos e silencio administrativo” interveu D. Fernando Garrido Filla, catedrático de dereito administrativo da Universida-

de Complutense de Madrid e vocal do Consello Rector da EGAP.

Na procura de vías xurídicas para fazer fronte ó silencio administrativo adoptaranse –comezou o relator– uns mecanismos de reacción en defensa do administrado como son: o establecemento da obriga de resolver e o feito de lle dar efectos xurídicos ó propio silencio. Examinou ámbalas cuestións separadamente.

Polo que se refire ó deber de resolver, dixo que a nova lei o considera –como xa facía no art. 94 a LPA– no seu art. 42, reducindo mesmo o prazo máximo para a resolución de 6 a 3 meses (cando outra cousa non se diga en disposicións especiais). Tamén indicou que se prevé que o incumprimento desta obriga dará lugar á esixencia de responsabilidade disciplinaria ou, de se-lo caso, será causa de remoción do posto de traballo. O profesor cualificou esta regulación de inoperante na práctica como o foi a da LPA.

Verbo do silencio administrativo analizou a Lei 30/1992, a cal xa non fala da expresión “silencio administrativo”, senón de “actos presuntos”. Estes prodúcense unha vez que transcorreu o prazo para resolver e non se dictou resolución expresa. Deses actos explicou que poderían ter tanto un valor estimatorio coma desestimatorio. Atópanse, no primeiro suposto, as solicitudes de concesión de licencia ou autorización para traslado, establecemento ou ampliación de empresas ou centros de traballo; as solicitudes para o exercicio de dereitos preexistentes, sempre que non supoñan transferencia de facultades sobre o dominio ou servicio público; e aqueles casos en que expresamente non se estableza a desestimación por silencio. E no segundo suposto, os casos de exercicio do derecho de petición (art. 29 CE) e de resolución de recursos administrativos, agás a non resolución dos recursos administrativos interpostos contra desestimacións presuntas.

De todo o réxime xurídico dos actos presuntos observou o seguinte:

a) Esquecemento do amplo espacio existente entre as peticións de gracia e as que implican transferencia de facultades públicas.

b) A aplicación do silencio negativo para a maioría dos

procedementos, agás no caso específico do exercicio de dereitos preexistentes.

c) E, a súa obxección principal contra a nova lei foi o feito de que se intente impor un tratamento xurídico uniforme a dúas institucións con fundamento xurídico diferente. En efecto:

■ Do silencio negativo dixo que é unha simple *fictio iuris* (como se existise acto administrativo) para que o particular teña contra que recorrer.

■ E do positivo, que arrinca dunha base distinta, xa que a dispoñibilidade sobre a actividade de que se trata perténcelle ó suxeito que se dirixe en petición á Administración e que o que a esta lle compete é unha facultade de veto, que poderá exercer durante un determinado lapso de tempo porque, de non facelo, a actuación do peticionario terá plena eficacia xurídica.

Doutra banda, referiuse á chamada certificación de actos presuntos que regula o art. 44 da Lei 30/92. Este artigo refírese a que o particular poderá pedir, e a Administración deberá expedir inescusablemente no prazo de 20 días, certificación na que conste –á parte doutros puntos– os efectos xerados pola ausencia de resolución expresa. Continúa o devandito artigo que se a certificación non se emitise (ou sexa, se se producise silencio administrativo), os actos presuntos serán eficaces e poderanse acreditar mediante a exhibición da petición de certificación.

Esta regulación –manifestou G. Falla– é común tanto para o silencio positivo coma para o negativo, o que considerou un dos graves desacertos da lei. Así:

a) Estimou que combater agora o silencio negativo convértese nunha batalla máis difícil, porque hai que solicitar esa certificación, que se lle pode dar ou non; e neste último caso, haberá que atender ó transcurso do veloz prazo de 20 días, pasados os cales comeza o cómputo do prazo para recorrer.

b) E do silencio positivo suscitou a problemática que desa nova regulación resulta. A saber:

■ A Administración poderá alterar mediante certificación os efectos estimatorios (nos casos que proceda) que se producen –segundo o art. 43.1– polo simple

transcurso do prazo establecido para resolver. Por exemplo, citou a posibilidade de falsear a data de resolución.

■ Tamén recordou que agora contra un acto administrativo presunto contrario ó ordenamento xurídico cabe a posibilidade de que se declare nulo de pleno dereito.

■ E por último, criticou que a lei non prevexa solucións para aqueles casos en que o silencio (positivo ou negativo) prexudique a un terceiro.

Ó final do seu relatorio dubidou acerca de cales eran os dereitos preexistentes que considera o art. 43.2.b), consideránndoos en principio como aqueles que derivan da propiedade e das liberdades individuais.

Na charla aclarou, entre outras cuestións, que a certificación dos actos presuntos é un requisito de eficacia (e non validez) e que a súa non emisión dentro do prazo se considera falta moi grave. Tamén entendeu que a petición da certificación opera como a antiga denuncia de mora.

E na terceira e última parte sobre “o procedemento en vía de recurso e a revisión”, témo-las intervencións de:

1. D. Juan Carlos Cassagne, catedrático de derecho administrativo da Universidade de Buenos Aires, que falou da suspensión dos efectos dos actos por medios administrativos e xudiciais.

Enfocou primeiramente a problemática da suspensión dos efectos dos actos administrativos, advertindo sobre a necesidade de articular un sistema administrativo que compense as prerrogativas estatais coas garantías instituídas para a protección dos administrados e que do seu funcionamiento eficaz resulte o necesario equilibrio entre autoridade e liberdade.

Respecto da cuestión inherente para os efectos da interposición dos recursos administrativos expuxo os dous principais caracteres do acto administrativo: a presunción de lexitimidade e a executoriedade.

a) A presunción de lexitimidade ou validez prescribe como regra a non suspensión dos efectos da interposición dos recursos administrativos⁹. Sen embargo, a dita presunción ten un carácter relativo, xa que cesa cando se demonstra que o acto administrativo que se pretende cumplir ou executar adoece dun vicio manifesto¹⁰.

⁹ Así ocorre en Francia, Italia, Arxentina, Colombia, Venezuela e nos Estados Unidos.

¹⁰ A presunción é, por tanto, *iuris tantum*.

b) Polo que se refire á executoriedade –tamén denominada executividade ou autotutela– diferenciou nos ordenamentos xurídicos dous modelos:

Primeiro. Nalgúns países, os seus sistemas consagran como regra a competencia dos órganos do poder xudicial para dispoñela execución forzosa dun acto administrativo, aínda que nalgúns ordenamentos se lle recoñeza excepcionalmente esa competencia á Administración¹¹.

Segundo. Noutros países, os sistemas atribúenlle como principio a potestade de execución inmediata dos actos administrativos á Administración, sen requiri-lo auxilio do poder xudicial, o cal retardaría excesivamente a acción administrativa¹².

Chegados a este punto, o relator sinalou que a maioria dos ordenamentos se inclinan, en xeral, por establecer-la regra do efecto non suspensivo ou simplemente devolutivo dos recursos promovidos tanto ante a Administración coma ante os tribunais. Así, nas lexislacións –engadiu– obsérvase a preocupación por non dilata-lo proceso inherente ó cumprimento dos actos administrativos, agás cando por excepción a lei lle atribúa efecto suspensivo á promoción dos recursos administrativos ou xurisdiccionais, efecto que se produce mediante unha decisión preventiva decretada polo órgano administrativo ou xudicial, que impide a execución do pertinente acto.

En relación con isto analizou as causas de suspensión que se establecen nos ordenamentos, tanto na vía administrativa coma na xudicial:

A) Na vía administrativa, os ordenamentos –segundo o profesor– adoitan basea-la procedencia da suspensión en tres criterios fundamentais:

a) Ilegalidade ou nulidade do acto: existe certa afinidade entre o sistema arxentino e o español nesta cuestión, xa que en ámbolos dous se autoriza a suspensión cando se alega a nulidade más grave do ordenamento.

b) Dano producido no patrimonio dos particulares: existe unha certa similitude entre Arxentina e España, porque no primeiro se requiren uns prexuízos graves a este particular e no segundo se considera o suposto de prexuízos de imposible ou difícil reparación ulterior, coa única diferencia de que a Administración española ten o deber

¹¹ Este modelo configúrase nos ordenamentos xurídicos dos Estados Unidos, Francia, Arxentina e Chile.

¹² Entre eses países nomeou Italia, España, Venezuela, Costa Rica, Colombia e Alemaña.

de realizar unha ponderación, suficientemente razonada, entre o prexuízo que lle causaría ó interese público ou a terceiros a suspensión e o prexuízo que se lle causa ó recorrente como consecuencia do acto recorrido.

c) Por último por razóns de interese público, concepto xurídico indeterminado que se prevé tanto na lexislación arxentina como na española.

B) A suspensión da execución e efectos dos actos administrativos polo poder xudicial, establecida nos ordenamentos procesuais cando a lei non lles atribúe efecto suspensivo ós recursos que interpoñen os administrados, amosa na opinión de C. Cassagne unha grande diversidade.

En xeral, indicou que o sistema que se deseñe debe tender a protexer tanto os dereitos privados coma a legalidade e o interese público na realización efectiva da función administrativa.

Nesa liña, situou o sistema arxentino vixente na orde nacional, que presenta tres vías básicas para pedir la suspensión dos efectos dun acto administrativo. A saber:

1) Como medida precautoria autónoma ou accesoria dentro dun proceso contencioso-administrativo, con fundamento no art. 12 da LPA de 1972. A este respecto señalou que abonda con que se lle dea só unha das causas que prescribe esta norma para obte-la medida preventiva suspensiva, e débese pedir primeiro ante a Administración e logo, se esta a rexeita ou non a expide no termo de dez días, acudir á xustiza.

2) Como medida preventiva autónoma ou accesoria dentro dun proceso contencioso-administrativo, con fundamento nos arts. 230 e 232 do Código procesual civil e comercial da nación, aplicable por analogía. Nestes casos, indicou que a medida se decreta sempre *inaudita parte*, requiriéndose a concorrencia de dous requisitos simultáneos, que son a verosimilitude do derecho e o perigo na mora, ós que a xurisprudencia engadiu –nalgúnhas circunstancias– a existencia de graves prexúizos e a condición de que a medida non afecte ó interese público.

3) Como medida dentro da acción de amparo, prevista na Lei 16986, contra actos que adoezan de arbitrariedade ou ilegalidade manifesta e sempre que se lesionen os dereitos e as garantías constitucionais.

Polo dito, o profesor considerou que habería que consagrar solucións que lles permitisen ós particulares articular eficazmente as pretensións de suspensión de efectos dos actos no procedemento administrativo, establecendo causas de suspensión que resultasen imperativas para a Administración. En concreto, entre as causas que habilitan á Administración e ós xuíces para suspende-los efectos dos actos administrativos, estimou que a figura da nulidade máis grave debería substituírse ou polo menos combinarse coa técnica da nulidade ou ilegalidade manifesta.

Tamén dixo que a supervivencia da execución forzosa do acto administrativo como regra xeral, difficilmente podía convivir máis tempo co principio da "tutela xudicial efectiva", o cal exclúe a posibilidade de executar coactivamente o acto impugnado antes do seu xulgamento polo poder xudicial, agás as excepcións previstas nos distintos ordenamentos.

Finalmente manifestou o seu desexo de que a doutrina e a xurisprudencia dos respectivos países reconstrúan o instituto da suspensión, o que considerou de vital importancia para a lexitimidade da actuación administrativa e para a protección efectiva dos dereitos constitucionais, especialmente das liberdades públicas.

No debate tratouse a suspensión en materia económico-administrativa na que se precisou que non se exige un afianzamento, do mesmo xeito que sucede na vía administrativa, xa que non está previsto na legislación. Recalcouse a idea de que a adopción da suspensión deberá pasar polo necesario proceso de motivación ponderando en todo caso o interese público.

2. E de D. Jesús González Pérez, catedrático de derecho administrativo en Madrid, que se referiu á revisión dos actos administrativos.

O profesor entrou na cuestión sinalando que as prerrogativas que teñen as administracións públicas ó actuar en derecho administrativo non se esgotan na potestade de dictar decisións investidas de presunción de lexitimidade obrigatorias e executivas, sen a previa homologación xudicial, senón que tamén poden volver sobre os seus propios actos para, por razóns de legalidade (revisión) ou de oportunidade (revogación), rexeitalos do mundo do

dereito, por instancia tanto do afectado coma de oficio. Esta potestade –seguiu dicindo– pode exercela a Administración libremente respecto dos actos non declarativos de dereitos ou de gravame, sempre que o ordenamento xurídico non estableza o contrario nin se lesionen os dereitos dun terceiro; mais no resto dos supostos só poderá exercela a través das vías formais e nos casos que a lei prevexa.

Agora ben, indicou que esa potestade de revisión está suxeita ós principios xerais do dereito e ós informantes do ordenamento xurídico-administrativo, ó mesmo tempo que ós límites que establezan as leis. En particular, dixo que neste tema a xurisprudencia comunitaria fala dos principios de seguridade xurídica e de intanxibilidade; respecto deste último apuntou que aquela admite a revisión do acto inválido do que dimanen situacións xurídicas, se ten lugar nun prazo razonable e respectando a lexítima confianza que a intanxibilidade do acto xerou nos interesados¹³.

Pasou, a seguir, a desenvolve-los procedementos de revisión en vía administrativa que regula a LRXPA de 1992 no seu título VII. En efecto:

A) En primeiro lugar falou dos procedementos de revisión ordinarios, que comprenden o recurso ordinario e os recursos especiais, como as reclamacións económico-administrativas. Caracterízanse porque neles se pode facer valer calquera infracción do ordenamento xurídico (incluída a desviación de poder) e porque só se poden incoar por instancia de persoa lexitimada e nuns prazos breves.

En concreto, das críticas efectuadas polo profesor á nova regulación do recurso ordinario, destacou que:

- Segue constituíndo un presuposto preceptivo para poder incoa-lo proceso administrativo.
- Só se admite o recurso contra resolucións e non contra disposicións.
- E que o prazo de tres meses para que se produza o silencio administrativo negativo é excesivo con respecto ó recorrente.

B) E en segundo lugar, expuxo os procedementos de revisión extraordinaria, que abarcan o recurso de revisión,

¹³ A doutrina e a xurisprudencia española consideran estes dous requisitos manifestacións do principio xeral da boa fe, porque a manifestación do principio é o “atraso desleal”.

a declaración de nulidade do art. 102 e a anulación dos actos que infrinxan gravemente o ordenamento xurídico do art. 103. Caracterízanse principalmente porque só se poden facer vale-las infraccións do ordenamento tipificadas.

a) Do recurso de revisión, que só se pode incoar por persoa lexitimada, comentou as pequenas e desafortunadas modificacións introducidas pola nova lei, xa que reflecten a tendencia de amplia-las posibilidades de revisión en detrimento do principio de seguridade xurídica.

b) Dos procedementos especiais de revisión dos actos nulos e anulables, indicou que se poden incoar de oficio ou por instancia do interesado¹⁴.

■ Do procedemento de revisión do art. 102 sinalou que se pode incoar en calquera momento contra os actos administrativos nulos previo dictame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo da Comunidade Autónoma. Tamén salientou que unha especialidade que ten a resolución que declara a nulidade é que poderá conte-las indemnizacións que proceda recoñecer ós interesados e que só se admitirá contra a resolución recurso contencioso-administrativo.

■ E da revisión do art. 103 afirmou que procede contra os actos que infrinxan gravemente normas de rango legal ou regulamentario¹⁵ e nun prazo de 4 anos. Aquí precisou que era necesario que o dictame fose favorable e que só se poderá impugna-la resolución por vía contenciosa.

Por último manifestou que no dereito arxentino a regra xeral é a inmutabilidade, irrevogabilidade ou estabilidade dos actos, sen que se prevexa a posibilidade de revisión alén dos límites temporais normais. Sen embargo, puntualizou que era posible insta-la revisión dun acto administrativo fóra dos límites normais de impugnación mediante a denuncia de ilexitimidade e que se admitía que un recurso administrativo interposto extemporaneamente se puidese tramitar como denuncia de ilexitimidade.

No coloquio sinalou que no momento de inicia-lo procedemento de revisión dun acto nulo, o órgano competente para resolver poderá suspender a súa execución cando aquel puidese causar prexuízos de imposible ou difícil

¹⁴ Na Lei de procedemento administrativo de 1958 só tiña lexitimación para revisa-los actos anulables a Administración autora do acto.

¹⁵ Se o acto infrinxe, mais non gravemente, o ordenamento, a Administración que o dictou poderá acudir á vía xudicial, en demanda de anulación, previa declaración de lesividade.

reparación; mentres que nos procedementos de recurso a suspensión non require a existencia deses prexuízos cualificados, senón que só é necesario aducir como fundamento do recurso un motivo de nulidade. Tamén estimou que se debía forza-la interpretación da nova regulación do art. 102 no sentido de que se puidesen declarar nulas as disposicións xerais.

Remataron estas xornadas coa realización dunha mesa coloquio constituída por tódolos relatores participantes tanto arxentinos coma españois e dirixida polo director da Escola e catedrático de dereito administrativo da Universidade da Coruña, D. Xaime Rodríguez-Arana Muñoz.

Nela tratáronse de novo nos seus aspectos más conflictivos as cuestións expostas ó longo dos días en que se desenvolveron as xornadas, e analizáronse principalmente a regulación sobre os termos e prazos contida na Lei 30/1992, a posibilidade que abre o art. 107.2 —que prevé a substitución do recurso ordinario por outro procedemento de impugnación ou reclamación sectorial— e o tema da suspensión da propia lei.

En particular, admitiuse que como a lei o que fai é fixar unha serie de garantías mínimas para tódolos cidadáns, as comunidades autónomas poderán establecer maiores garantías ou novas, sempre que respecten o marco establecido pola propia lei. Polo demais, espertaron moito interese as tres resolucións do 22 de marzo de 1993 da Consellería da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia sobre a aplicación de determinados aspectos da Lei 30/1992: a obriga de resolver e o silencio administrativo, o dereito transitorio respecto dos procedementos administrativos e os recursos e o acceso dos cidadáns ós rexistros e arquivos públicos.

Finalmente, o director da EGAP puxo o punto final ó coloquio agradecendo a súa participación a tódolos profesores e clausurou o IV Encontro hispano-arxentino sobre procedemento administrativo en representación do presidente da Comunidade Autónoma galega. 

**BIBLIOGRAFÍA E
RECENSIÓNS**

*La contratación laboral en las
Administraciones Públicas*

Landa Zapirain

Collado Luis

Santiago Redondo

Tenes Iturri

Ed. Civitas, Madrid, 1993

Dentro da súa colección *Estudios de Derecho Laboral*, a editorial Civitas acaba de editar unha pequena monografía que condensa o resultado dun proxecto de investigación financiado polo Goberno vasco e desenvolvido por un equipo que coordinou o prof. **Landa Zapirain**, da facultade de dereito da Universidade do País Vasco. O obxecto do estudio, como se descobre da simple lectura do seu título, refírese ás irregularidades que se producen no ámbito da Administración pública cando esta, como empregadora, contrata temporalmente e en réxime de dereito laboral; e ás sancións que lles corresponden a estas infraccións legais, en consideración á dita orde xurídica e á especificidade do suxeito público contratante.

O libro divídese en catro capítulos e unhas consideracións finais, áinda que a todo iso lle segue un dilatado anexo xurisprudencial. Sucesivamente, os catro capítulos aludidos titúlanse "La contratación laboral en las Administraciones Públicas", "La proyección de los principios constitucionales y delimitadores del concepto de función pública sobre la contratación temporal", "La sanción de las prácticas administrativas irregulares en materia de contratación laboral" e "Tipología de las prácticas administrativas irregulares en materia de contratación temporal". O enfoque de todos eles, sen concesións ás consideracións doutrinais apriorísticas, baséase nunha pormenorizada descripción da xurisprudencia vertida polos tribunais laborais, tanto os de suplicación coma o TS, e apúntanse só finalmente consideracións sobre a fortuna e adecuación ó dereito das mesmas.

Afírmase como punto de partida a utilización abusiva da contratación temporal por parte da Administración pública, dato que foi reiteradamente denunciado pola doutrina. Iso non é estranxo con base nas evidentes vantaxes de acudir a estas modalidades contractuais e á constante aproximación do ente público ós sistemas privados de producción capitalista; pero a súa excesiva profusión denuncia unha práctica sen dúbida viciosa que debe ser controlada xurisdiccionalmente.

Os principios de acceso á función pública plasmados nos arts. 23.2 e 103.3, Const. poden ser tamén de aplicación para a contratación laboral efectuada pola Administración. Fronte a argumentos que defenden a aplicación exclusiva destes principios ós funcionarios *strictu sensu*, propúgnase un concepto más amplio que lle aplique os artigos aludidos tamén ó persoal laboral, postura esta que é maioritariamente defendida pola xurisprudencia, sen prexuízo da aplicación *in toto* do ordenamento laboral. A este respecto, débense considerar nulas as ofertas de posto de traballo *ad personam*, ou que terxiversen os principios constitucionais de acceso ó emprego público. Débese advertir, doutra banda, que o constituínte optou por un sistema no que primen as relacións funcionariais sobre as sometidas ó ordenamento laboral –endencia, por outra parte, plasmada tamén na Lei 23/1988, de modificación da Lei 30/1984–.

Doutra banda, non sempre son facilmente compatibles a legalidade administrativa e laboral. Entre os criterios deli-

mitadores de cada unha delas, propugnouse aplica-la primeira nos procesos de selección ou recrutamento, e a segunda para o restante réxime xurídico da contratación. A xurisprudencia, inicialmente, inclinouse por un criterio funcional, entendendo que os servicios que impliquen a realización de funcións públicas haberían de ser regulados polo dereito administrativo, e os que non as implicasen, polo dereito do traballo. Sen embargo, esta corrente foi obxecto de revisión, e concluíuse que o factor determinante é a existencia dunha normativa con rango de lei que autorice a contratación administrativa. Pola súa vez, a Lei 23/1988 só autoriza a contratación laboral para o desempeño de postos de traballo de natureza non permanente ou de carácter descontinuo.

Aínda dentro deste marco, son abondosas as irregularidades practicadas pola Administración na contratación temporal dos seus traballadores, especialmente postas en contraste co art. 15, ET. Sobre este particular, a actitude da xurisprudencia foi dunha maior laxitude e tolerancia ca nos casos en que o empregador era un suxeito privado. É ampla a casuística referida a infraccións formais –como a non utilización do modelo previsto para o contrato de fomento de emprego– ou materias non esenciais –como a serodiodación de alta dos traballadores contratados no réxime xeral da Seguridade Social–, e tamén a que alude a infraccións esenciais, como a contratación temporal para o desempeño de tarefas de carácter permanente e por tempo continuado. Polo que respecta ás sancións impostas nestes supostos, hai certa reticencia a declara-la indefinición das relacións laborais, especialmente se no acceso ó posto de traballo non se respectasen os principios constitucionais e legais que presiden a selección do persoal nas administracións públicas. Sen embargo, se a infracción da orde laboral é singularmente cualificada, os tribunais optan por aplicar estrictamente os preceptos laborais e declara-la indefinición do contrato agás proba en contra. Tamén é digna de destacar certa tendencia da xurisprudencia a penalizar coa declaración de despedimento improcedente as extincións claramente ilegais dos contratos temporais. En definitiva, os órganos xurisdiccionais estableceron o carácter ineludible dos principios constitucionais de acceso ó emprego público. Para este efecto realizaron axustes na aplicación da legalidade laboral, todo iso cun neso máis práctico ca xurídico. Sen prexuízo disto, en ocasións as leis presupostarias establecen dereitos de permanencia pa-

ra o persoal irregularmente contratado, fronte a unha práctica administrativa que só recoñece unha actuación fraudulenta cando a fraude de lei é fidedignamente constatada.

Considérase tamén unha determinada liña doutrinal que empeza a ser recollida nos *dicta* do TS que avoga por considerar en situación de interinidad o traballador cun contrato temporal irregular con base nalgúnha infracción da Administración. A este respecto, propúxose que a fixeza do vínculo, no canto de recaer sobre o contrato que liga o empregado coa Administración, repercuta sobre o posto de traballo, de maneira que o ente público infractor non poida contratar un novo traballador temporal e quede obrigado a cubri-la praza cun funcionario ou un contratado laboral indefinido, estimándose mentres tanto a existencia dun contrato de interinidad que vincula ó traballador afectado pola irregularidade. A esta solución, que é matizadamente asumida por varios autores, chegaríase con base na doutrina da simulación, aplicando a norma que se tratase de eludir.

Finalmente, conclúe que, sen prexuízo do dito, hase de aplicala normativa laboral –como referendou a xurisprudencia– ante actos extintivos tinxidos de irregularidades de tal calibre que non caiba desviación das consecuencias establecidas no ordenamento do traballo. Se por esta vía, a Administración soportase un exceso de persoal, só cabería, para corrixir eses excesos, acudir ós expedientes de regulación de emprego ou á amortización individual de postos de traballo.



Ha de concluírse este comentario valorando en termos laudatorios o opúsculo que é obxecto do mesmo. Primeiramente, pola súa claridade expositiva e liña argumental, que facilita enormemente a tarefa do lector. Ademais, pola exhaustividade da fonte xurisprudencial, que se configura como armazón básica das afirmacións que se postulan e lle confire ó libro un carácter aparentemente imparcial e afastado de afirmacións de corte ideolóxico. E, finalmente, pola súa brevidade –non simpleza–, pois os autores souberon habilmente reducir un complexo discurso xurídico a unhas poucas páxinas. **G**

Jaime Cabeza Pereiro

*El régimen jurídico de los ilícitos urbanísticos
(Legislación estatal y autonómica)*

Antonio T.
Verdú
Mira

Ed. Montecorvo, Madrid, 1993

O autor proponse nesta obra, segundo as súas propias palabras, examina-lo réxime xurídico dos ilícitos urbanísticos contidos tanto no ordenamento estatal coma nos autonómicos.

O estudio lévase a cabo en dúas partes. Na primeira, dedicada á análise estructural do ordenamento, o autor adoptou dúas perspectivas, a que denomina finalista, onde analiza as competencias e potestades administrativas na represión dos ilícitos urbanísticos, e a perspectiva denominada xenética, na que expón as competencias administrativas co fin de previr estes ilícitos.

Na segunda parte, o autor, adopta un enfoque funcional do ordenamento, analizando e pondo de manifesto, as múlti-

tiples insuficiencias que presenta o réxime xurídico estatal vixente, formulando, ó mesmo tempo, determinadas propostas que teñen a súa base, fundamentalmente, na regulación contida na lexislación autonómica.

Así, na **primeira parte** –“El análisis estructural de los ilícitos urbanísticos”– Verdú Mira, chega ás seguintes conclusiones:

A) Tomando como punto de partida o Texto refundido da lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (TRLS) de 1975 e o Regulamento de disciplina urbanística (RDU) de 1978:

■ O sistema xurídico estatal considera un forte componente represivo, establecendo como medida típica a demolición, o rigor deste foi atenuado pola xurisprudencia, mediante a aplicación de dous principios: proporcionalidade e congruencia.

■ O réxime sancionador contido no TRLS e no RDU, pode satisfacer as esixencias constitucionais na materia.

■ Pola súa parte, o prazo de catro anos considerado para as infraccións urbanísticas, non se lles debería aplicar ás infraccións graves.

■ Ó mesmo tempo, sería necesaria unha maior concreción do suposto de imprescritibilidade relativo ós “espacios libres”.

■ Así mesmo, considera necesaria, a reversión das sancións pecuniarias nas arcas municipais dos concellos instructores dos expedientes sancionadores.

■ E por último, estima necesaria a promulgación dunha lei estatal básica que determine o marco xeral dos ilícitos administrativos.

B) Polo que respecta ós actos de edificación e uso do solo amparados por licencia ou orde de execución viciados:

■ Considera abrogado no seu parágrafo segundo, o artigo 186 do TRLS. Sen embargo, entende vixente o parágrafo primeiro do citado precepto.

■ Así mesmo, estima abrogado o artigo 187 do mesmo corpo legal, no seu parágrafo segundo, por considerar que lesioná o principio constitucional da autonomía local. Polo que respecta ó parágrafo primeiro, entende que se trata dunha aplicación especial do artigo 110.2 da Lei de procedemento administrativo de 1958.

C) Finalmente, considera vixente o réxime xurídico sobre licencias, contido no artigo 16 do Regulamento de servicios das corporacións locais de 1955, excepto o disposto no seu parágrafo segundo que se deberá reconducir á lexislación sectorial.

Polo que respecta á **segunda parte** –“el análisis funcional de los ilícitos urbanísticos”–, o autor chega ás conclusíons que se expoñen a continuación:

A) É necesaria a incorporación das seguintes medidas preventivas:

- Efectiva coordinación entre o tráfico xurídico inmobiliario e a ordenación urbanística. Así mesmo, fluidez entre o Rexistro da Propiedade e as administracións urbanísticas.

- Coordinación orgánica e substantiva entre a administración urbanística e enerxética.

Todo iso require unha axeitada cultura urbanística.

B) Por outra banda, propón como medidas preventivas adicionais:

- No solo non urbanizable, preceptiva autorización notarial e inscrición no rexistro da obtención da licencia municipal. Así mesmo, reducción da discrecionalidade dos órganos supramunicipais, no outorgamento de autorización para edificacións e instalación de utilidade pública ou interese social. E tamén, a configuración dun adecuado réxime sancionador.

- No tocante ás urbanizacións de iniciativa particular, maior control por parte da Administración respecto da xestión e adquisición do solo público e dotacional. Así como, a obriga de rexistra-los compromisos asumidos pola promoción, e as condicións da licencia concedida.

- Por último, respecto dos municipios de menos de cinco mil habitantes, é necesario vertebrar uns adecuados mecanismos de cooperación e asistencia estatal e autonómica.

Para concluír, o autor dedícalle un apéndice ó Real decreto lexislativo 1/1992 do 26 de xuño. E así, este real decreto ten escasa incidencia na análise que o autor denominou funcional. Ó seu xuízo, o réxime estatal, continúa a ser insuficiente para a operatividade na prevención dos ilícitos urbanísticos. C

Ana Mº Blanco Nespereira

*Estado, privatización y
bienestar*

G.
Rodríguez
Cabrero

Compilador

Ed. Fuhem-Icaria, Barcelona, 1991

Baixo a consigna da reducción do Estado, asistimos nos últimos anos, nos países da Europa occidental, a unha serie de procesos orientados nos seus fins a unha diminución do papel que xoga o sector público na vida social. Estes procesos ocasionados polo cuestionamento da eficacia do Estado na xestión económica, cuestionamento favorecido en boa medida pola crise económica, provocaron a reapertura, en novos termos, dun debate, xa antigo, que enfrenta por unha banda os defensores da intervención do Estado na vida económica e por conseguinte na vida social e os partidarios de limita-lo papel do Estado ao mínimo.

Nun principio, nos anos vinte e trinta atopamos por unha banda os partidarios da “economía do control”, Abba T. Lerner, Oskar Lange e Enrico Barone principalmente, pola outra

banda os liberais temerosos do "totalitarismo socializante do Estado" representados principalmente por F. Von Hayek e Ludwig Von Mises. Nun termo intermedio, que foi o que ó cabo triunfou, estaban os partidarios dunha intervención limitada do Estado, o principal expoñente do cal é John M. Keynes.

Durante 40 anos, en especial na posguerra, foise construíndo o que denominamos Estado do benestar en toda Europa, aínda que con caracteres distintos segundo os distintos países.

A crise dos anos 70-80 provoca un serio cuestionamento da economía keynesiana na que se fundamentaba o Estado do benestar, e provoca por conseguinte a posta en dúbida dos límites deste último. Este cuestionamento reabre a vella polémica, que enfrenta por unha banda os defensores da tese da crise fiscal do Estado O'Connor e Offe, principalmente, que consideran ó Estado do benestar como un instrumento de clase para privar de lexitimación e de contido as demandas da clase obrera, cos defensores ben do Estado mínimo, rozando co anarquismo, Nozick, ben da liberdade de escoller, da volta ó mercado, conducidos por Milton Friedman. Os defensores do Estado do benestar actual quedarán no medio, sufrindo ataques de ámbolos bandos, se ben certos integrantes do primeiro bando ante o temor, posteriormente confirmado, de perder certas conquistas conseguidas polo Estado do benestar para os sectores más desfavorecidos da poboación amainaron nas súas críticas ó Estado do benestar.

A chegada ó poder de Margaret Thatcher en Gran Bretaña e de R. Reagan en EEUU, contribuíu a darles pulo ás teorías favorables a recorta-lo Estado do benestar.

No resto de Europa imitaranse en maior ou menor grao estas políticas de recorte, incluso en países de governo socialista como España ou Francia, xa de volta do impulso nacionalizador da primeira etapa de Mitterrand.

Esta tendencia ós recortes no sector público como indica U. Ascoli no seu traballo recollido neste libro (pp. 211-250) materialízase en catro fenómenos:

A) *Forte tendencia á privatización*, en especial de empresas públicas na crenza dunha mellor xestión destas por parte do sector privado.

Así, de moitas formas, ata 24 suxire M. Pirie ["Privatiza-

tion in theory and practice", Adam Smith Institute, Londres, 1985. Hai traducción cast. en: *Revista de Estudios Económicos*, nº1, 1985] asistimos ó cambio de titularidade de moitas empresas, incluso operando en réximes de monopolio. Esta privatización discorre con distinta intensidade segundo os países e con distinto éxito económico segundo a empresa. J.J. Rodríguez-Arana, *La privatización de la empresa pública*, Montecorvo, Madrid, 1991; G. Yarrow, "La Privatización en la teoría y en la práctica", *Papeles de Economía Española*, 27, 1986, pp. 341-364.]

B) *Inténtase reduci-lo sector público* mediante o fomento das pensións privadas, recorte dos servicios sociais, non xestión polo Estado de transportes e de vías de comunicación; inténtase diminuí-lo peso do Estado como axente económico.

C) *Reducción dos financiamientos públicos*; exprésase en fórmulas como tickets na sanidade, bonos no ensino e outras fórmulas similares [M. Friedman e R. Friedman, *Libertad de elegir*, Grijalbo, Barcelona, 1983] e aumentando a participación dos usuarios nos custos destes bens, como sería por exemplo o caso dos transportes públicos.

D) *Reclámase a forza e a importancia da acción voluntaria dos sectores informais*. Así se chama a asunción por parte de organizacións voluntarias coma poden ser Cáritas ou a Cruz Vermella, pola familia, pola veciñanza, polos amigos, de funcións que estaban desempeñando ata ese momento as administracións públicas [N. Johnson, *El Estado de Bienestar en transición*, Ministerio de Traballo e Seguridade Social, Madrid, 1990]. Téndese cara a un recorte das atribucións das administracións públicas, por consideralas pouco eficientes na súa xestión.

Sobre o estudio e valoración destes catro fenómenos, prestándoselle atención especial ós dous primeiros, tratan os traballo presentados neste volume, formulados, en xeral, cunha perspectiva crítica pero defensora dos logros acadados polo Estado do benestar.

Comézase o libro cun traballo do compilador G. Rodríguez Cabrero ["Estado de Bienestar y Sociedad de Bienestar. Realidad e ideología", pp. 9-46] no que se expoñen en primeiro lugar os cambios acontecidos nos anos 80. Estes cambios serán de tres tipos; económicos, que consisten na tendencia a procurar maior liberdade para a empresa privada,

eliminando pexas administrativas; *políticos*, entre os que destaca o deterioro dos procesos de lexitimación política; e *ideológicos* que enfatizan as contradiccións entre as definicións das necesidades por parte das administracións públicas e as definicións privadas, entre outras contradiccións. Dálles despois, ó longo do traballo, un repaso ás distintas teorías sobre o Estado do benestar e o seu futuro.

Analiza seguidamente as visións liberal e comunitaria, cos seus respectivos matices de sociedade civil e remata o traballo de J. J. Fernández Cainzos [“Los componentes público y privado del Estado de Bienestar: Una perspectiva constitucional”, pp.47-94], que analiza desde unha perspectiva constitucional, isto é, aquela na que os distintos procesos que conforman este Estado teñen lugar nunha orde superior determinada pola estructura económica, que é a que dicta, en última instancia, os criterios de racionalidade propios da dita orde. Así explica a grande importancia para o desenvolvemento do Estado do benestar, sempre desde esta perspectiva, de tres avances no estudio dos fenómenos económicos:

1) A distinción musgraviana entre bens sociais, sometidos á soberanía do consumidor e bens meritorios, preferentes ou tutelares, impostos por un criterio superior de selección, o Estado.

2) A aparición das diversas teorías sobre os fallos do sector público, monopolios naturais, as exterioridades, e a distribución da renda.

Algúns economistas, segundo o autor, falarían tamén de recorta-lo Estado do benestar para supera-los límites sociais do crecemento, principalmente o excesivo gasto público que forzaría a economía ó estancamento. O autor continúa formulando e respondendo algunas preguntas claves para el. Aquí, entre outras cousas, pregúntase polas preferencias políticas e de votantes en relación co Estado do benestar e a súa conformación co proceso de acumulación capitalista. Finaliza o ensaio cunha reflexión sobre os límites do desenvolvemento e sobre quen son os beneficiarios do Estado do benestar e chega a unha conclusión á que curiosamente tamén chegan Milton e Rose Friedman, nunha postura ideolóxica contraria, é dicir, a famosa Lei do xerente, que afirma que os beneficiados polos gastos sociais non son os más humildes, senón as clases medias que se benefician de pobres e ri-

cos á vez. A esta conclusión chegan tamén, noutros termos, U. Ascoli e P. Taylor-Gooby.

O terceiro capítulo de Kirk Mann, comeza distinguindo tres tipos de privatización: 1) prestación de servicios sen participación directa dos poderes públicos, 2) o financiamento indispensable dos poderes públicos, e 3) a subtracción das regulacións do servicio ó control do Goberno.

O autor continúa explicando a xa clásica distinción de R. Titmuss entre benestar profesional, fiscal e público.

Continúa cun repaso ás teorías sobre o Estado do benestar e fai referencia ó pluralismo de benestar ó que antes nos referimos e á economía mixta de benestar, laiándose do pouco apoio estatal ás iniciativas informais de benestar.

Remata con algúns apuntamentos sobre as perspectivas anovadoras de privatización.

O libro segue con catro traballos máis [P. Taylor-Gooby, "La privatización y el futuro del Estado de Bienestar británico"; J. Ruiz-Huerta Carbonell, "La crisis del Estado de Bienestar: algunas consideraciones sobre el caso español"; U. Ascoli, "Lo público y lo privado en el Sistema de Bienestar: el caso italiano"; N. Murard, "El Estado de Bienestar en Francia: permanencia y cambio"].

Estes catro traballos combinan a exposición de aspectos teóricos sobre o Estado do benestar, en xeral, concéntranse despois cada un deles no estudio do caso do seu país e exponenase así as particularidades de cada modelo; é de especial interese para o estudio das privatizacións o modelo británico onde estas reformas acadaron un maior calado.

O libro en xeral é de grande calidade, os traballos están ben escollidos, son homoxéneos ideoloxicamente e conforman unha exposición coherente pois comezan por unha exposición de reflexións teóricas en xeral e despois sen abandonar esa perspectiva xeral, pasan a estudiar casos concretos. Hai pois que felicitar ó compilador pola excelente selección e posterior disposición dos textos.

A meu entender peca só nunha cousa, iso si, peca veinalmente, en certa reiteración na exposición das principais correntes teóricas do benestar pero sen chegar a ser excesivas, (pecado este que por outra banda tamén comete o que recensiona).

Bótanse en falta tamén referencias ós cambios aconteci-

dos nas administracións públicas como consecuencia inevitable dos cambios ideolóxicos en relación a esta cuestión; non se abordan temas de mellora da racionalidade administrativa como as reformas levadas a cabo na Administración inglesa por Rayner [L. Metcalfe e S. Richards, *Improving Public Management*, Sage, Londres, 1987, (hai trad. cast. INAP)] ou as novas técnicas de xestión para aumenta-la eficiencia do Estado.

O libro expresa en xeral un feito na miña opinión desaouiente e é que a loita dos partidarios do Estado do benestar se reduce a mante-los logros acadados ata o momento e á defensa destes, defensa resignada a non poder avanzar máis nesta forma de Estado, que na miña opinión aínda non acadou tódalas súas potencialidades. Disto son en boa medida culpables os propios defensores do Estado do benestar pola súa falta de imaxinación para articular alternativas ante esta crise.

Parece que a longa marcha cara ó socialismo prevista por Schumpeter se ve detida ó final, aínda que as resistencias a esta detención van ser formidables. **C**

Miguel Anxo Bastos Boubeta

*The public sector.
Concepts, models and
approaches*

Jan-Erik
Lane

SAGE publications, London, 1993

O obxecto de estudio da ciencia da Administración pública, é dicir todo o conglomerado de institucións e procesos vinculados ás actividades públicas, sufriu moi importantes alteracións desde os tempos en que Wilson, Weber, Taylor, Gulick e Urwick entre outros formularon os principios que a conformaron como ciencia.

Estes cambios tradúcense no incremento da complexidade das administracións modernas, a asunción de novas funcións polas mesmas, (pois pasouse dunha Administración xendarme a unha Administración interventora e que presta servicios), o esvaemento dos límites entre o sector público e o privado e a falta dunha distinción clara no Estado actual entre política e Administración. Así a vella ciencia da Admi-

nistración, baseada na existencia de regras e procedementos de administración ríxidos, organizados cunha estricta xerarquía, cunha distinción tallante entre a elaboración das políticas e a súa execución, atópase con que xa non pode responder ás características dos macrosistemas organizativos que conforman a estructura administrativa dos estados modernos e vese na tesitura de ter que reformula-los os seus fundamentos teóricos.

Pero esta reformulación, esta adaptación ás novas realidades administrativas ocasionou a fragmentación da disciplina, facéndolle perde-lo carácter unitario que ata mediados dos 50 posuía.

Así asistimos á proliferación de proximacións teóricas ó corpo da Administración, proximacións holistas e fragmentarias que conforman un grande número de escalas teóricas, entre as que nos últimos anos poderíamos destacar la teoría de sistemas aplicada ás administracións públicas, a Administración comparada, a nova "Public Administration", a análise de políticas públicas e as ciencias de *management*, cada unha delas con correntes internas propias. Esta pluralidade de enfoques combinada coa fecundidade bibliográfica de cada unha delas, dá vida a unha xungla de confusións semánticas e conceptos variables no campo da Administración, en palabras de H. Koontz, e a unha selva de autores e enfoques, na opinión de B. Kliksberg.

Para tratar de rozar esta selva, para tratar de darlle os interesados no estudio das administracións que se sintan desbordados por tal maraña de teorías, unha guía que os axude a diferencialas e comprendelas, aparece este libro do profesor Jan Erik Lane.

Este volume de recente aparición é un ambicioso traballo que trata de esquematizar, facendo un repaso sistemático, as distintas achegas teóricas que estudian o sector público.

O autor, cómpre subliñalo, estuda a Administración pública dentro da ciencia política, considera a Administración como un obxecto de estudio diferenciado pero como fenómeno en boa medida político, aínda que pola súa peculiaridade seguisse unha proximación interdisciplinar.

O libro comeza delimitando o concepto de sector público, que é a denominación que o autor lles dá ós sistemas administrativos, facendo unha enumeración das definicións existentes.

Continúa cun repaso dos conceptos de burocracia, comezando coa explicación do paradigma weberiano e a súa crise e proseguindo coa explicación sumaria das teorías que intentan ocupá-lo seu lugar. Despois virá o que constitúe o núcleo central da obra que son as teorías relativas á análise de políticas públicas.

A análise de políticas públicas é unha aproximación de novo á Administración pública, e é a corrente máis de actualidade nos estudos de ciencia política e administrativa nos EEUU. Unha das características principais deste enfoque é centrarse no *output* administrativo en vez de estudiar a armazón institucional das administracións, e fai do estudio do proceso xenético da elaboración de políticas públicas o seu obxecto de investigación principal. Así os autores enmarcados nesta corrente acostuman distinguir, aínda que variando segundo cada autor, catro fases principais estudiadas dun xeito independente. Así distinguen entre a percepción do problema e a súa inclusión na axenda pública, a formulación de políticas polos axentes de decisión públicos, a posita en práctica e a “implementación”, barbarismo introducido cada vez máis no noso idioma, e por último a evaluación dos resultados obtidos por esa política. O autor procederá a explicar as distintas teorías relativas ás fases enumeradas anteriormente.

Así por exemplo distingue as diversas teorías sobre a toma de decisiones políticas e refírese ás teorías de elección racional e moi especialmente a unha variante destas que é a teoría da elección pública tan de actualidade ultimamente (lembremos que o Premio Nobel de economía do pasado ano, Gary Becker, é un membro distinguido desta escola que xa conta con “nóbeles” como Buchanan nas súas filas). Nas teorías sobre a “implementación” repousan os dous enfoques principais *Top Down* e *Bottom Up* e así fai sucesivamente co resto das etapas, e toma más ou menos interese en determinados aspectos.

Deste xeito concédelle pouca importancia á evaluación das políticas e dedícalle, pola contra, un capítulo ó novo institucionalismo, unha corrente dentro da análise das políticas que quere superá-lo abandono a que segundo os autores identificados con este enfoque, March e Olsen principalmente, están sometidas as institucións nestes enfoques.

O libro péchase cunhas interesantes conclusións. Nelas o autor fai referencia a un modelo óptimo de elaboración de

políticas públicas realizado por Yehezkel Dror no que trata de identifica-los compoñentes principais dun modelo ideal de elaboración de políticas que sirva como marco de referencia, como modelo que seguir, aínda que nunca se logra pór en práctica de todo.

Outro punto importante e de moito interese, é o da parte de arte, de intuición que ten a análise destas políticas. Este aspecto apuntouno por primeira vez Aaron Wildavsky, quen afirmou que esta ciencia ten caracteres peculiares con respecto ás demais ciencias sociais.

Estes estudos precisan de creatividade, de intuición nas análises. Inténtase proxectar cara ó futuro, predicir acontecementos proxectando feitos pasados, para lograr unha mellor e más racional elaboración de políticas.

O libro, a meu ver ten unha carencia grave, e é que sendo un manual, como o autor o define no prefacio, dedicado a estudiantes e principiantes no estudio de Administración pública non considera máis ca unha, se ben a principal e más interesante, das correntes dedicadas ó estudio da Admón. Non se explica por exemplo a teoría de sistemas aplicada á Administración, que conseguiu fértiles resultados; obvia toda referencia cun mínimo de profundidade ás técnicas "xerencialistas" e "neoxerencialistas" usadas no estudio da dirección das empresas privadas e que se empeza a implantar tamén nas administracións públicas. Tócanse moi por riba e lateralmente a cibernetica aplicada á Administración pública, así como as técnicas científicas de apoio ós axentes de decisión públicos.

Nun libro desta índole, ó meu ver deberíáselle dedicar cando menos un capítulo a estas correntes menores, pero que fan importantes contribucións ó estudio das administracións públicas. En cambio o autor préstalles bastante atención a certos debates sobre temas económicos, especialmente o que tivo lugar entre Hayek e Von Mises nun lado, e Barone e Lange no outro, sobre a planificación económica, cando é un tema que se ben é de notable interese, toca moi de esguello a problemática á que se refire o libro.

Se unha conclusión podemos tirar do libro é a de que a ciencia da Admón. moderna non conta cun modelo teórico dominante, a diferencia da ciencia da administración clásica, pois hoxe asistimos a unha multiplicidade de achegas teóricas sen que ningunha delas consiga dominar claramente sobre o resto.

É importante subliñar tamén o carácter parcial destas teorías que enfrentan o estudio da Administración desde perspectivas particularistas.

Por último, salienta-la importancia, agora que comeza en España a estudiarse en profundidade os fenómenos administrativos, da existencia de libros como este aquí comentado que introduza nestes temas os neófitos.

Desexo animar tamén desde estas liñas a elaboración en España de libros sobre estes temas que recollan as aproximacións á Administración pública, non só desde o dereito administrativo senón tamén desde a economía, a socioloxía, a ciencia política, a psicoloxía.

En España, desde esta perspectiva das políticas públicas, contamos xa co interesante traballo de J. Subirats [*Análisis de Políticas Públicas y eficacia de la Administración*, INAP, Madrid, (1992)], pero centrado en exclusiva nas políticas públicas, e os traballos de Canales [*Panorama actual de la ciencia de la Administración*, INAP, Madrid, (1987)], que se ben lles dá un repaso a tódalas teorías existentes, é de moita menos ambición pois explica moi superficialmente as distintas teorías; e o moi interesante artigo de A. Nieto ["Los estudios sobre Administración Pública: La necesidad de constituir una disciplina que sea la base formativa de una clase directiva profesionalizada" en *Documentación Administrativa* nº 200, xaneiro-marzo (1984), pp. 7-42], o cal pola súa breve, relativamente, extensión peca de pouca profundidade na descripción, pero que malia todo é de obrigada consulta. ☐

Miguel Anxo Bastos Boubeta

Eva
Sanín
Mariño

As unidades para a coordinación e o control de xestión

Funcionaria da
Universidade de Santiago

Convocadas pola EGAP bolsas para estadías na Comunidade Europea, co obxectivo de proporcionar-lles ó funcionarios a oportunidade de se achegaren á cultura administrativa do contorno europeo, obteren información sobre o terreo de aspectos estratéxicos do desenvolvemento do sector público, e facilitarlles ó mesmo tempo a súa formación para a comunicación cos centros administrativos doutros países, combináronse no caso desta estadía os aspectos de formación nunha área deficitaria nas nosas administracións, como son as técnicas de organizacións e métodos, cos contactos coa práctica nunha Administración pública británica, que permitirían valorar as diferencias culturais e o xeito en que as ditas diferencias alteran os resultados do traballo administrativo.

O interese nos temas de cultura administrativa vén dado precisamente pola súa relación coas técnicas de organización e métodos, na medida en que estas buscan o

cambio nos valores culturais da organización para facilita-la introducción de melloras nos procesos e acadar un maior grao de eficacia e eficiencia nos seus productos finais.

O curso "*Management Services*", impartido polo RIPA (Royal Institute of Public Administration), dirixíase á formación en técnicas de organización e métodos, e ofrecía ó mesmo tempo a posibilidade de pór en práctica estas técnicas a través da realización dun proxecto práctico nunha Administración pública.

Os obxectivos do curso concretábanse en proporcionarlles ós asistentes o coñecemento das técnicas de control, planificación e execución dos proxectos, recursos humanos e tecnoloxías da información e así dárllle-la oportunidade de pór en práctica e aplicar estes métodos nun traballo de campo.

O Royal Institute of Public Administration é un centro fundado no ano 1992, especializado en cursos deseñados para mellora-las capacidades dos participantes en distintas áreas relacionadas co sector público. Os cursos son impartidos por profesionais con experiencia directa no sector público, xestores no Reino Unido e en organizacións internacionais e consultores de recoñecido prestixio en administracións públicas de distintos países.

Management Services

As seccións/unidades de *Management Services* teñen unha grande tradición nas organizacións do Reino Unido, e no *Civil Service* británico. Os obxectivos que perseguen estas unidades refírense á eficacia e á eficiencia dos procedementos. Trátase de eliminar traballo innecesario, simplifica-lo traballo restante e, finalmente, ocuparse da xestión estratéxica dos recursos humanos, como o máis importante efectivo das organizacións. Estes obxectivos son similares ós formulados nos distintos proxectos de reforma administrativa no noso país, e no momento actual de crise, son comúns a tódalas administracións. As técnicas propias do *Management Services* pódense aplicar nas nosas administracións en distintas unidades, sobre todo inspeccións de servicios, unidades de coordinación administrativa, seccións de planificación, etc.

O principio fundamental nos *Management Services* é que a mellora na xestión produce solucións efectivas, na

medida en que, simplemente xestionando mellor a organización, os resultados serán mellores. No ámbito público non se trata de cuestionarse se é posible que unha mellor xestión sexa capaz ou non de arranxar problemas que, en principio, requiren novas políticas ou recursos adicionais. As técnicas de organización e métodos céntranse na organización dos recursos dispoñibles para a consecución dos obxectivos, e o seu obxectivo no servizo público é incrementa-la productividade e a calidade dos servicios mediante a aplicación das novas tecnoloxías da información e da organización. A actividade da Administración superou xa o simple control de legalidade e inclúe a toma de decisións en distintos ámbitos da vida pública. Trátase, coa aplicación dos principios/técnicas do *Management*, de busca-la mellor utilización dos recursos para acada-los obxectivos.

As ideas básicas son que sempre hai un método mellor para facer un traballo e que calquera mellora que se introduza na xestión é unha solución correcta para o problema.

As funcións destes servicios son moi amplas e varían de acordo cos fins da organización, pero pódense citar algúnhas:

- Propoñer solucións, a petición das unidades operativas da organización, para os problemas de xestión.
- Propoñer áreas de investigación onde se estime que o rendemento se pode mellorar.
- Asisti-los departamentos, prestándolle apoio a través de técnicas específicas para consegui-los os seus obxectivos.
- Minimizar custos de operacións.
- Recomendar melloras na estructura da organización ou de determinadas unidades.
- Analiza-los contidos e as cargas de traballo das unidades.
- Revisar sistemas e procedementos.
- Desenvolver sistemas efectivos de información.
- Revisa-las implicacións das modificacións dos cadros de persoal nos resultados da organización.
- Asesorar en materia de distribución de espacios e adquisición de equipamento para o desenvolvemento do traballo.

■ Actuar como planificador e como coordinador na posta en marcha de proxectos.

As técnicas utilizadas nestes servicios abranguen as árees seguintes:

- Estudio do traballo, que abrangue o estudio de métodos e a medición de traballo.
- Organización e métodos.
- Análise de sistemas.
- Técnicas de planificación de proxectos.
- Valoración e inspección de postos de traballo.

Aínda que resulta difícil simplificar, posto que a realidade é moi complexa. Algún destes servicios inclúen unicamente parte destas especializacións e outros esténdense a outras funcións e técnicas. De calquera xeito trátase dunha aproximación ilustrativa do funcionamento das unidades de *Management Services*.

Aplicación no noso contexto

Os obxectivos das unidades de *Management Services* refírense á eficacia e eficiencia na prestación dos servicios e á xestión dos recursos. Estes obxectivos son comúns a tódalas administracións públicas na actualidade. As técnicas dos *Management Services* aplicáanse xeralmente no noso contorno a través de unidades internas especializadas da propia Administración, con denominacións diversas, a máis común delas é a de Inspección de Servicios.

Dedicadas historicamente á revisión de procedementos e métodos e á organización do traballo administrativo, as inspeccións de servicios ampliaron máis tarde o seu enfoque para ter unha visión máis estructural, de melloras na organización coma un todo. O seu papel está integrado nos procesos de reforma administrativa dirixidos a provocar un cambio organizativo, estructural e cultural que promova a integración da Administración na nova realidade social xurdida das transformacións políticas, económicas e tecnolóxicas dos últimos tempos. O enfoque teórico integrrou estratexias en distintos ámbitos da organización e fixo especial fincapé na xestión dos recursos humanos e os cambios de valores.

Concretamente, o plan de reforma posto en marcha na nosa Comunidade Autónoma ten como obxectivos

o achegamento ó administrado, a simplificación de trámites administrativos inxustificados, a normalización de documentos, a axilidade na transmisión de documentos, desagregación, accesibilidade e control da información.

De toma-la Administración como unha macroorganización dedicada á prestación de servicios, a eficacia da súa actuación preséntase como a primeira meta na xestión. Por outra banda, dada a escaseza de recursos, débese formula-la busca da eficiencia. Finalmente, a nova cultura cidadá esixe da Administración un maior achegamento. Cómpre, en definitiva, deseñar un sistema de xestión cunha aproximación más lóxica, racional e ordenada para mellora-la a actividade administrativa. Mediante a aplicación de principios de organización que xa probaron a súa eficacia, trátase de crear estruturas de organización con tarefas e responsabilidades definidas. A xestión define os obxectivos, perfecciona os procesos e establece un control firme.

O control de todo este proceso non aparece como unha fase final, senón como un elemento indispensable e de carácter constructivo. Cómpre controlar posibles disfuncións e desviacións das medidas simplificadoras e de racionalización adoptadas. Comprobar e promove-lo correcto funcionamento do sistema e propoñe-las oportunas medidas correctoras é a misión principal dos órganos de control interno de novo deseño. Dese xeito non só se avalían os resultados das medidas implantadas, sempre referidas ós obxectivos iniciais de mellora da eficacia, a eficiencia e o achegamento ós cidadáns, senón que se enriquecen progresivamente as propostas iniciais e convértese o proceso de reforma nun proceso continuo. O control figura entre as actuacións para levar a cabo a racionalización e simplificación de procedementos, como unha fase importante da xestión da reforma.

É imprescindible sinalar neste punto que os proxectos de reforma administrativa débense apoiar, e polo tanto procurar un cambio na cultura administrativa que, a través da incorporación de novos valores, contribúa á consecución dos fins de modernización. Aínda sabendo que non é posible derivar prescripcións específicas para a acción partindo dun concepto tan vago como é o de "cultura", cómpre constata-lo impacto que os valores culturais teñen dentro da organización. O cambio non se pode

realizar de non ocupámonos das actitudes establecidas. O cambio cultural está relacionado coa revisión de actitudes e a transformación das prácticas. O papel das unidades de inspección excede, neste sentido, o tradicional rol sancionador das actuacións administrativas e convértese máis ben nunha instancia permanente que revisa e recomenda, tendo sempre presentes os obxectivos finais de eficacia e eficiencia.

A finalidade e métodos de traballo destas unidades revisáronse para introducir novas técnicas, supera-la visión tradicional do control dirixido a asegura-lo cumprimento da legalidade, para centra-la súa avaliación no grao de realización dos obxectivos programados e na eficiencia da xestión, utilizando os resultados do control para formular propostas que melloren a xestión.

O simple control de legalidade da actuación administrativa e o control financeiro, non satisfán as necesidades dunha moderna Administración, preocupada polos niveis de calidade na prestación de servicios. As administracións públicas buscan mecanismos de control nun sentido constructivo: avalia-los resultados para mellorar. A actividade convértese nunha función especializada dentro da función pública, o que facilita un certo distanciamento das responsabilidades cotiás de xestión e lles concede unha maior obxectividade ás análises.

Configúranse entón estas unidades como servicios especializados establecidos dentro das organizacións para asistir, aconsellar e proponer recomendacións para a introducción de melloras na xestión. Abrangue unha serie de especializacións que pretenden contribuír á consecución dos obxectivos dunha organización con maior grao de eficacia e eficiencia. Trátase dunha disciplina comprensiva que inclúe áreas diversas, como a organización, cargas de traballo e procedementos. A súa metodoloxía debe adaptalas técnicas de análise do sector privado á Administración.

A través dos estudos de estructuras, métodos, sistemas de información e control proporcionase asistencia práctica en materias especializadas. Os problemas reclaman solucións interdisciplinares e como consecuencia estos servicios integran unha serie de técnicas desde distintos ámbitos.

Un dos problemas ós que se enfrenta este tipo de unidades é o seu papel na organización, así como a súa responsabilidade nas recomendacións propostas. Malia unha maior implicación da inspección na aplicación das súas propostas, a última responsabilidade na execución corresponde a *staff* da organización. Na súa fase final os resultados das súas análises dan lugar a un informe coas recomendacións oportunas, e pode mesmo elaborar un plan de acción para a posta en práctica das recomendacións, pero é o centro directivo implicado o responsable final da súa posta en práctica.

Non existe unha resposta precisa para resolver esta cuestión. Unicamente dicir que cómpre asegurar que a aplicación das técnicas contribúa a perfecciona-los sistemas de xestión e proporcione unha axuda efectiva no desenvolvemento da organización.

Maioritariamente a efectividade das funcións de coordinación e control desde unidades especialidades depende de distintos factores:

■ En primeiro, lugar depende en grande parte do nivel de apoio desde o ámbito político e o nivel de aceptación no ámbito de xestión. O apoio político proporciona liberdade na análise dos problemas, e a aceptación dos xestores garante a aplicación das solucións propostas. É importante insistir neste punto, pois as solucións só son efectivas de aplicarse e as mellores análises son inútiles cando os seus resultados non teñen aplicación práctica.

■ A capacidade técnica do persoal que traballa nestas unidades contribúe tamén ó seu éxito. Son importantes a experiencia e a especialización nas funcións, que require unha formación específica.

■ A posición da unidade na organización determina tamén en parte o seu funcionamento, na medida en que garante unha certa independencia no exercicio das súas funcións.

■ Finalmente, a sona desta actividade, os seus niveis de éxito, serán os que garantan o seu futuro, pois só os bons resultados xustifican a utilidade destas unidades.

Estas tarefas de análise e coordinación orientánsense cara a unha mellor xestión de recursos para acada-los obxectivos previstos. No sector privado estes obxectivos fixanse en termos económicos. Non é posible no sector

público fixa-los obxectivos únicamente en termos económicos. O sector público presta servicios e non ten como fin o beneficio económico e opera á marxe dos mecanismos de mercado. Podemos utilizar en parte as técnicas de control típicas do sector privado para orientar mellor os recursos, pero necesariamente se deben introducir novos aspectos:

- As organizacións públicas deben deseña-los seus procedementos de xeito que se facilite o achegamento ós cidadáns.
- As estratexias da organización non se dirixen a fins competitivos, senón que expresan finalidades políticas, como reflexo das aspiracións públicas.
- Nunha Administración pública débese ter en conta a consecución de valores colectivos.
- Os resultados non se deben valorar só desde o punto de vista da eficacia e a eficiencia, senón que se deben ter en conta posibles impactos nunha política global.

Na xestión administrativa, ademais, os regulamentos e normas ordenan a asignación e o gasto dos recursos financeiros e a xestión dos recursos humanos. Aínda que non se debe reduci-la actividade administrativa á burocracia normativa, a regulamentación forma parte da esencia mesma das tecnoloxías administrativas, que consisten na maior parte dos casos en transforma-las decisións, establecidas en forma de regras e procedementos, en tarefas operativas.

Por outra banda, os obxectivos na xestión administrativa pública son difícilmente cuantificables e polo tanto resulta difícil valora-los resultados.

Todos estes aspectos tomados no seu conxunto, proponen un cambio cultural na organización, que introduce a participación dos cidadáns. Este novo deseño implica a necesidade de introducir novas técnicas de información e de dárles un novo enfoque ós mecanismos de coordinación e control.

Estes mecanismos contribúen a implantalos valores da organización e, deste xeito, fomentan a evolución da cultura administrativa na dirección que se desexa. Esta implantación debe ser gradual, pois de non ser así produciríase un rexacemento frontal e xeraríanse dentro da organización serios conflictos que farían imposible a im-

plantación de novos valores. A cultura incide sobre o comportamento das persoas, lexitima o modelo de funcionamento da organización e constitúe por si mesma un xeito de control.

As actitudes dos responsables administrativos cara a posibles inxerencias das unidades de coordinación/control poden ser más ou menos favorables. Pero para poder lograr unha efectividade no sistema requírese certa aceptabilidade, xa que non é posible formular estratexias discordantes respecto da cultura establecida. Por este motivo é importante o xeito en que se formula a actividade de inspección, cómo se explica e se difunde entre os xestores responsables. Unha actitude favorable asegura o triunfo da súa implantación dentro da Administración.

Os mecanismos de control deben analiza-las desviacións das actuacións administrativas. A organización administrativa é o instrumento dunha misión de servicio público. A actividade administrativa debe estar conforme coa súa función de interese xeral, debe actuar dentro dos límites da legalidade, respecta-la igualdade de todos os cidadáns e, aínda sen busca-la rendibilidade ou o beneficio, debe optimiza-la relación custo/beneficio social.

Neste panorama o control é o mecanismo que vén complementa-la intervención tradicional e dálle prioridade a un control *a posteriori* con posibilidade de retroacción.

Conclusións

As unidades de *Management Services* buscan mellora-la xestión. A solución ós problemas rutineiros da xestión pasa pola aplicación de técnicas específicas de análise a través de unidades especializadas que proporcionan unha reflexión sobre o funcionamento dos servicios desde unha perspectiva global da organización. As organizacións administrativas tratan de verifica-la súa eficacia e os efectos da súa actuación, comprobar que os recursos se utilizan correctamente e que os servicios funcionan ó gusto dos cidadáns, integrando o control dos medios e propoñendo, de se-lo caso, as recomendacións oportunas.

As normas de eficacia e eficiencia sitúan a organización administrativa nun contexto de orientación cara ó

éxito. Sen embargo, desde o control prevalece o realismo e trátase de evitar que se produzan fallos e errores nas accións administrativas. No ámbito concreto da acción de inspección débese esforzar por detectar errores e aprender deles. Deste xeito, o control exercido desde a análise, consiste en sinala-las desviacións que xorden na acción en relación cos procedementos teóricos.

No tocante ás funcións de coordinación, estas unidades especializadas configúranse con capacidade para iniciar, pola súa vez, mediante a formulación de propostas, o proceso de redefinición das estruturas, medios e procedementos. A xestión é un proceso de adaptación e a coordinación convértese nunha ferramenta que estimula a innovación e ofrece unha boa base para conseguir cambios na orientación da actividade administrativa.

Trátase dun rol innovador que pon a énfase no desenvolvemento de novos métodos para acadar máis facilmente os obxectivos existentes. Xoga un papel de integración que complementa a actividade das unidades de xestión e constitúe unha base de cooperación duradeira.

O exercicio das funcións destas unidades especializadas debe proporcionar solucións para os problemas diarios da xestión, propoñer áreas de análise nas que se estime que é posible introducir melloras e asisti-las unidades administrativas para contribuír á consecución dos seus obxectivos. Debe velar tamén polo correcto funcionamento dos servicios, corrixindo calquera posible desviación. Debe, finalmente, proximárlle-la Administración ós cidadáns e poñer ó seu servicio toda a información sobre o seu funcionamento, atendendo tanto as súas iniciativas coma as queixas.

A análise destas funcións define o papel destas unidades no contexto dunha organización administrativa en proceso de transformación. Se relacionámo-los obxectivos dos procesos de reforma administrativa coas funcións das unidades de coordinación/inspección/planificación, chegamos a establecer o seu rol no control de xestión e o seu carácter de garantía do correcto funcionamiento dos servicios da Administración. 

José Luis
Meilán
Gil

Catedrático de
dereito administrativo.
Rector da Universidade
da Coruña

Ética pública e formación de funcionarios

Presenta-lo libro *Ética pública e formación de funcionarios*, editado pola EGAP, que recolle os relatos presentados por profesores e expertos de diferentes nacionalidades ó “V Seminario europeo de centros de formación de persoal de entidades territoriais” que tivo lugar en Santiago, en abril do Ano xacobeo de 1993, é a ocasión –ou o pretexto– da miña comparecencia¹.

O libro, como se pode comprobar cunha lectura rápida do sumario, recolle aportacións fundamentalmente europeas do que, nunha división afortunadamente superada, se denominou durante demasiado tempo Europa occidental e Europa do leste. Están representadas Gran Bretaña, Dinamarca, Francia, Italia, Hungría e, por su-

¹ Intervención realizada polo prof. D. José Luis Meilán Gil na presentación do libro do prof. D. Xaime Rodríguez-Arana Muñoz, *Ética pública e formación de funcionarios*.

posto, España, e dentro dela especificamente Galicia, e bótase en falta, polo menos, unha representación alemana. O volume complétase cunha presentación a cargo do presidente da Xunta, na que se enlaza a experiencia do home público e do profesor universitario.

O título do libro e, obviamente, o seu contido chaman a atención cara a unha cuestión central na organización da vida pública e, en definitiva, sobre esa organización da convivencia que demos en chamar Estado.

Non lle quixera dar a esta intervención un ton erudi-to, acudindo a un fácil ensarillado de citas, nin de especialista en dereito público. Quizais sexa máis fecundo apelar en voz alta a algunha das súas propias vivencias nun intento de reflexión interactiva áinda que de desigual expresión.

Non parece que sexa necesario enredármonos demasiado en que se debe entender por ética. Perigoso síntoma sería que a expresión non dixese nada ou que expre-sase algo vago e arredado que só despois dun grande esforzo devolvese á actualidade o vello recordo de algo cheo de po amontoado no faiado da memoria ou da con-ciencia.

No mundo plural no que vivimos, como en calquera outra etapa da historia, a ética fai referencia a valores ob-xectivos que transcendan a persoa e que se refiren ó comportamento dos individuos. A *Ética a Nicomaco*, desde os comezos da historia do espírito na que nos movemos, si-nalou inequivocamente esa dirección, precisamente alén do estrictamente individual.

É algo permanente –áinda que teña as súas modula-cóns– a referencia ó que é bo ou malo, ó que se enten-de así individual e socialmente. Na historia da nosa ci-vilización existe o que se podería denominar avances e retrocesos desde un punto de vista ideal como demostra a experiencia. Un mundo intelectualmente ou xuridica-mente tan refinado como o grecolatino admitiu con to-da naturalidade –formaba parte dunha orde supostamente natural– a escravitude que en España, por exemplo, se aboliu formalmente ben entrado o século XIX. En Ale-maña, no mesmo solar de tantos progresos culturais e científicos, en pleno século XX, comprobámo-las tolerí-as do nacionalsocialismo. Para que seguir. Agora mesmo

Europa, que debería ser o campo natural da convivencia, exhibe o cancro dunha guerra tan angustiosa como a que asoma a súa cara sinistra cada día nos xornais e que golpea a nosa sensibilidade cubríndonos de vergoña.

A ética supón a existencia duns valores que van máis alá do derecho. E uns valores obxectivos que non dependen da creación individual. De ocorrer así, se lle faltase ó derecho esa **meta-referencia**, estaríase percorrendo o camiño cara ós totalitarismos, nos que o derecho positivo é a última regra de conducta que impón quen poida –o titular ou o posuidor do poder–, ou é un simple precipitado sociolóxico do que se vive nunha comunidade máis ou menos pechada.

Afortunadamente, os dereitos fundamentais da persoa abríronse paso nas constitucións e configuráronse como derecho obxectivo supranacional, xa que se han de interpretar de acordo coas declaracions e tratados internacionais e vinculan ó propio lexislador ordinario. Desde outra perspectiva son tamén valores con relevancia xurídica.

E é que a historia do derecho público que é, en boa medida, a historia do sometemento do poder a normas de xustiza, revela como as normas ou usos morais se foron transformando en normas e preceptos xurídicos. E, pola contra, tamén existen mostras de como estes se liberaron de elementos morais.

No libro que se presenta, o profesor DUFAU subliña esa dimensión xurídica ó insistir na importancia que os dereitos e deberes dos funcionarios teñen no ordenamento francés, contrapoñendo regras xurídicas e valores. Trátase, sen dúbida, dunha conquista do Estado de derecho conforme coa evolución dos acontecementos históricos e os cambios ideolóxicos rexistrados. Constitúe un anacrónico manter esquemas do antigo réxime, pero tamén o é **xulgar desde as categorías actuais**. Por exemplificar, o honor non xoga hoxe o mesmo papel social ca na España do barroco, nin se pode xulgar adecuadamente trasladándoo simplemente ós valores intelectuais ou sociais dos nosos días.

É un avance que se configure do modo más claro posible e co máximo de garantías o estatuto dos funcionarios públicos: os seus dereitos e os seus deberes. Que non

se confíe todo ós principios de "bo goberno" por citar só os benintencionados postulados da ciencia da policía do antigo réxime.

Ós funcionarios e ós cidadáns convenles que estean convenientemente tipificadas as faltas de servicio e que se distingan das faltas persoais, de acordo cunha longa tradición francesa, e que as infraccións e sancións se atopen sometidas ó principio de legalidade. Pero non todo na función pública –nín sequera na sociedade– se pode reducir a dereito, áinda sendo moi importante.

Convén delimita-los ámbitos respectivos do dereito e da ética, áinda que nunca serán compartimentos pechados, nin sequera no campo do derecho administrativo, dominado polo criterio obxectivo do principio de legalidade. Ou quizais por iso sexa máis necesaria aquela influencia, sen confusión.

No noso derecho estivo tipificada como infracción a "falta de probidade" e existiron tribunais de honor, hoxe proscritos polo artigo 26 da Constitución. Con esta nova perspectiva tratouse de depura-lo derecho de gangas extrajurídicas; de non someter a regulación xurídica a ética, o que non significa –e non debe significar– un empobrecemento na calidade da conducta do funcionario.

Unha vía para comprobalo podería se-la lectura en positivo da lista de faltas que se conteñen no vixente reglamento de réxime disciplinario de funcionarios do Estado: deber de fidelidade á Constitución, ausencia de discriminación, favorece-lo exercicio das liberdades, neutralidade ou independencia políticas, consideración cos superiores, compañeiros e subordinados ou cos administrados, gardar silencio sobre os asuntos que coñezan polo rango do seu cargo.

Quizais nun estadio anterior todo iso se podería considerar desde o punto de vista da ética: hoxe forma parte do estatuto xurídico do funcionario. Moral, ética ou usos sociais e derecho virían constituír dúas facetas que se alternan no establecemento de pautas de conducta. Para o control de actos discretionais nuns países utilizase o derecho e noutras, coma en Escandinavia, utilizase o *Ombudsman*.

Cando se produciu este avance do derecho, ¿ten sentido falar de ética pública na formación dos funcionarios?.

Esta é a pregunta que se formula o profesor Fraga Iribarne, presidente da Xunta de Galicia, á que responde positivamente, opinión que obviamente comparto ó ter aceptado esta intervención. Pregunta que conduce, pola súa vez, a pescuda-lo contido da pregunta ética sobre a sociedade e que tipo de incidencia se lle ha de asignar á cuestión ética en relación coa problemática social.

Como demostra a experiencia norteamericana, invocada en distintas pasaxes do libro, a preocupación polo estudio da ética pública en relación cos funcionarios non xurdiu como unha mera preocupación académica, senón como necesaria resposta a unha insatisfacción social provocada por feitos de significativa importancia ou reiteración.

Esa necesidade aparece agora como evidente. Se se bautizou Italia como Tangentopolis é porque **se detectou un número significativo** de comisións ilegais na Administración pública. Non toda a Administración pública é corrupta, nin tódolos funcionarios o son; pero a nota da corrupción deulle o ton á canción, de xeito que a acción da Administración pública nos países europeos desafina nese sentido, con perigo para algo tan necesario e delicado como é a confianza dos cidadáns no Estado en tódolos seus banzos.

Non é ucrónica –e non debe ser utópica– a aspiración a unha rexeneración da vida pública, do poder político e económico e, polo tanto, tamén da función pública que serve ós intereses xerais polos que se xustifica o Estado. O miolo da cuestión radica no que é propiamente colectivo. A existencia dun código penal, ou dun regulamento disciplinario, non constitúe ningún desdouro para ningún país. Non son a traducción dunha realidade sociolóxica. Nin tampouco o son os sucesos individuais negativos que teñen como última explicación a liberdade humana. O preocupante é a atmosfera, o medio ambiente en que se han de desenvolver las conductas individuais, xa que se ha de lexislar para “homes comúns” e non heroes. É nese medio ambiente onde debe opera-la ética pública.

¿E por que se ha de adxectiva-la ética dese modo? Por análoga razón –poderíase dicir– á que explica que se fale dunha deontoloxía médica, ou do avogado, que, ob-

viamente, non supoñen referencia a unha ética diferente, senón a especificacións ou intensificacións dos criterios e normas de conducta.

A razón, no caso da función pública, radica na específica natureza da función e na condición estatutaria dos funcionarios.

No libro insístese, con evidente acerto por diversos autores, na idea de servicio, que é o nome que se lle dá no Reino Unido ó conxunto dos funcionarios: **Civil service**. Esa nota de servicio ós intereses xerais é o que caracteriza á Administración pública no artigo 103 da CE. É a misión de servir, a satisfacción de seren útiles na actividade que se desempeña, a calidade da cal se mide precisamente polo fin da actividade: os intereses xerais, de toda a sociedade, tamén do entrañable –o país, a terra– en que se manifesta un valor un tanto desvirtuado como é o patriotismo. Do “todo pola patria” pasamos ó seu práctico esquecemento.

Servicio, lealdade, transparencia, son outras tantas ideas-forza que constitúen a trama da ética pública tal como se analiza no libro que estamos a comentar. Como o son a neutralidade, a imparcialidade, a independencia, sen prexuízos, sectarismos e *amiguismos*, sexan ideolóxicos ou económicos.

O dereito é insuficiente para cubrir toda a actuación do funcionario e para remedia-los prexuízos da que non está de acordo cos cánones de “bo goberno”. Os requirimentos da ética son más necesarios canto más complexa e de maior transcendencia social e económica é a actividade que desenvolven os funcionarios e que tanta influencia pode ter nas decisións a través das súas propostas ou na súa eficacia a través dunha execución diligente.

A complexidade que deriva do conveniente dereito de participación dos funcionários na engrenaxe das decisións a través en moitos casos da súa representación sindical aporta unha nova necesidade de respectar pautas éticas no uso correcto da información que se ten por razón do oficio. A tentación pode non ser pequena e a forza disuasoria do dereito non demasiado eficaz.

É preciso recupera ou reforza-la confianza dos cidadáns na Administración e os seus axentes e por parte destes o

orgullo de ser servidores. A vida pública é esencialmente fiduciaria. O incumprimento de promesas electorais non é tipificable como conducta contraria ó dereito; pero ten o seu correctivo social porque se quebrantase a relación implícita de confianza.

A privatización dos servicios públicos pode facer ganhar en eficacia; pero non garante sempre o sentido do “espírito de funcionario” do que no noso país temos memoria tanto en corpos de elite como en corpos tan eloxiados como o de Correos. Non é suficiente a eficacia; nin é xustificable a calquera prezo. Como tampouco o motor principal da función pública –de ningunha delas– pode ser la rendibilidade económica da actividade. O cumprimento dos postulados éticos que unha sociedade sa reclama é más fácil cando a actividade se desenvolve con sentido vocacional, de predisposición ou aptitude profundas.

Por todo iso entendo que este libro apunta á boa liña e sitúa as preocupacións en torno a Administración pública non só no terreo da eficacia –principio constitucional que obriga e define tamén á Administración– senón no dos valores e da ética sen o impulso dos cales o que-facer público devén cego, inxusto ou, cando menos, rutineiro. **C**

Carlos I.
Aymerich
Cano

O principio de solidariedade interterritorial e a política rexional

Profesor adxunto de
dereito administrativo

1. En xeral. Solidariedade e actividade estimuladora dos poderes públicos.

De acordo con Muñoz Machado¹, o concepto de solidariedade, recollido en varios preceptos constitucionais –art. 2, 138.1º e 156 CE– presenta no ordenamento constitucional español unha dobre faciana:

- Dunha banda, como límite das competencias das CCAA².
- E doutra, como un obxectivo que acadar, sendo deseito a solidariedade a xustificación da atribución de certas potestades a certas autoridades, sobre todo ó Estado.

Cinxíndonos ó eido económico, o principio de solidariedade recoñecido nos arts. 2³ e 138.1^a CE⁴ enténdese

como “o conxunto de técnicas ou mecanismos destinados a asegurar unha máis xusta distribución espacial ou territorial da riqueza nacional, corrixindo os seculares desequilibrios entre as zonas prósperas e as menos desenvolvidas do país”⁵. Técnicas ou mecanismos que no ordenamento español se concretan basicamente nos seguintes:

- O xa citado art. 138 CE⁶.
- O Fondo de Compensación Interterritorial (FCIT), previsto no art. 158.2º CE e mais na LOFCA, e regulado na LFCIT, que ten por obxectivo o de corixi-los desequilibrios interterritoriais e facer efectivo o principio de solidariedade, para o cal os seus recursos –destinados ó financiamento de gastos de investimento– son distribuídos polas CCXX entre as CCAA e as provincias⁷.
- O art. 156.1º CE, que ó recoñece-la autonomía financeira das CCAA, a enmarca dentro dos principios de coordinación coa facenda estatal e de solidariedade entre tódolos españois. Consecuencia lóxica desta aplicación no ámbito financeiro do principio de solidariedade, é a prohibición imposta ás CCAA no art. 157.2º CE, de adoptaren medidas tributarias sobre bens situados fóra do seu territorio ou que supoñan atrancos para a libre circulación de mercadorías ou servicios.
- Outro potencial instrumento para a solidariedade é o dos planos económicos, na medida en que o art. 131.1º CE establece como un dos obxectivos da planificación económica “equilibrar e harmoniza-lo desenvolvemento rexional”.

Loxicamente, se considerámo-la solidariedade coma un condicionamento máis para as políticas autonómicas no ámbito económico, haberemos de nos situar sobre o primeiro do sentidos expostos do principio –lembremos, como límite das competencias autonómicas máis ca como título xustificativo de determinadas función do Estado–, do mesmo xeito que, por outra banda, xa ten feito o TC español, a doutrina do cal, en especial a exposta na recente STC 64/1990, do 5 de abril, utilizaremos como fío conductor da nosa exposición do mencionado principio.

Debatíase nesta sentencia se o art. 16 do Decreto da Xunta de Galicia 151/84 do 13 de decembro , que con-

sideraba certas subvencións para o traslado de empresas a Galicia⁸, era constitucionalmente lexítimo desde o punto de vista da “orde económica constitucional” e especialmente do principio de solidariedade.

Para o avogado do Estado, o precepto impugnado, entendido como unha subvención para o traslado de empresas a Galicia desvinculada de calquera outra esixencia, aparecía como unha medida cuns efectos obxectivos que implicaban a aparición de atrancos para a libre circulación e establecemento de persoas en todo o territorio do Estado, que reborda a finalidade lícita constitucionalmente procurada polos demais preceptos do decreto, como era o fomento e promoción de empresas en Galicia.

Para o TC, aceptando basicamente as alegacións do representante do Goberno galego, dunha interpretación sistématica do art. 16 citado cos restantes preceptos da disposición, resulta que a subvención non se outorga sen máis polo simple traslado dunha industria a Galicia, senón que cómpre a máis que a industria que opte polo traslado se comprometa –pola natureza da súa actividade, polo nivel de emprego que crearía– cos obxectivos de desenvolvemento e promoción industrial que busca o decreto recorrido, como se demostra pola natureza compensatoria da subvención, que a fai acumulable con outras que se poidan conceder por novos investimentos e mesmo pola gradación que da mesma se prevé no art. 7, atendendo a determinadas circunstancias⁹.

En consecuencia desestima o recurso, pero non sen antes facer unha serie de consideracións sobre a Constitución económica en xeral e o principio de solidariedade en particular, de extraordinaria importancia:

■ O principio de solidariedade implica un deber de comportamento leal para tódolos poderes do Estado no uso das súas respectivas competencias¹⁰. No caso das medidas de fomento, este deber non se respectaría se ó incentivar, *v. gr.*, o traslado de industrias a unha parte determinada do territorio do Estado, este incentivo supuxese un estímulo negativo ó seu mantemento noutras, xa que o citado deber de comportamento leal atinxe tamén ás CCAA entre elas, e non só nas súas relacións co Estado, por imperativo do art. 2 CE (fundamento xurídico 7º).

■ “As limitacións que o principio de solidariedade lle

impón á acción de tódolos poderes públicos, obriga a examinar con maior detemento aquelas medidas que polo seu obxecto inmediato parecen dirixidas a asegurarlle a unha parte do territorio beneficios ou vantaxes a custa doutras”¹¹ (fundamento xurídico 8º).

■ Cando as axudas teñen como finalidade corrixi-las carencias que en materia de infraestructuras, etc., poida ter un determinado territorio e que loxicamente producen o efecto de desaconsellar ás empresas a súa elección como lugar de establecemento,...

■ “en nada se opón este proceder ó principio de solidariedade, pois nin a solidariedade, correctamente entendida é esixencia de uniformidade, nin como privilexio se pode proscribir toda diferencia ou mesmo mellora. É precisamente a constatación de notables desigualdades *de facto* económicas e sociais dunhas partes a outras do territorio nacional acentuadas en ocasións por circunstancias conxunturais, pero debidas tamén a elementos naturais –situación, recursos, etc.– difficilmente alterables, a que lexitima, a prol de e por imposición da solidariedade interterritorial, non só que zonas de maior capacidade económica asuman certos sacrificios ou custos de beneficio doutras menos favorecidas, senón tamén que estas promovan accións encamiñadas a lograr adecuarse, de xeito en todo caso equilibrado, á inevitable tendencia dos axentes económicos a operar alí onde as condicións para a produción sexan máis favorables” (fundamento xurídico 9º).

2. Solidariedade interterritorial e política rexional. A Lei 50/1985, de incentivos rexionais de 1985.

Como sinala a doutrina e recoñece a propia exp. mot. da Lei 50/1985, de incentivos económicos para a corrección dos desequilibrios económicos interterritoriais, (en diante, LIR), a nova regulación que esta contén da política rexional do Estado tenta responder á grande diversidade e dispersión ata ese momento existentes no Estado español, más alá de procurar tamén a adecuación da política rexional española ós “criterios vixentes nas comunidades europeas”, basicamente, e como apunta a exp.

mot. da LIR, no tocante á “necesidade de definir teitos de intensidade das axudas, cumplir co principio de especificidade rexional, dotar de transparencia o sistema, preve-las repercusíons sectoriais e instaurar un réxime eficaz de vixilancia”, a máis de “crear un marco de colaboración coas comunidades autónomas”¹².

Verbo do esparexemento e desorde dos instrumentos de política rexional no ordenamento español, á altura de 1984 existía unha heteroxénea e mesta morea de disposicións, pre e postconstitucionais que, como apuntan De Pablos Escobar e Valiño Castro¹³, ó supor que case a totalidade das provincias españolas gozasesen dalgún incentivo, impedía unha correcta aplicación da política rexional ó se contrarrestar uns ós outros. É por isto que, e malia a natural tendencia da política de desenvolvemento rexional cara á dispersión normativa, subliñada por Gómez Barahona, precisamente, urxía un labor de simplificación, labor certamente esixido pola CE –mais, subliñamos, sen facer indicación expresa do ente responsable– nos arts. 2, 40 e 138.

No tocante á competencia estatal en materia de política rexional, esta, tal e como comunmente se entende, é dicir, como a dimensión espacial da política económica estatal tendente á igualación do nivel de vida e de desenvolvemento económico entre as diferentes partes do Estado¹⁴, non aparece como unha das materias recollidas na dobre lista dos arts. 148 e 149 CE. A penas nalgúns estatutos de autonomía vén implicitamente recollida como materia de competencia estatal¹⁵. Ocorre pois coa materia de política rexional, o mesmo ca con outras que, achándose reflectidas na CE entre os principios rectores da política social e económica do cap. 3º do tít. I, non aparecen como tales recollidas nos arts. 148 e 149 –caso, sobre todo, da materia “defensa do consumidor e do usuario”¹⁶–, nas que cómpre realizar un exame individualizado dos preceptos controvertidos, para comprobar a que títulos de competencias concretos corresponden: no caso da política rexional, planificación económica, medio ambiente, lexislación laboral, ordenamento territorial, etc.

Na doutrina, é común considera-la LIR como un dos “instrumentos orientados a facer efectivo o principio socioeconómico e técnico de solidariedade interterritorial”

(17), e afirmase a competencia estatal en materia de política rexional a partir dos arts. 138.1º e 158.1º CE, interpretados como unha encomenda ó Estado para “a realización efectiva do principio de solidariedade, velando polo establecemento dun equilibrio económico axeitado e xusto entre as distintas partes do territorio español”¹⁸, na liña, como xa vimos, do anunciado pola propia exp. mot. da LIR.

Dedúcese do anterior que “na Constitución existe un mandato expreso de articular unha política rexional nacional, en tanto subsistan os desequilibrios económicos interterritoriais”, política que, polo menos, haberá de responder ás seguintes condicións:

- Te-lo obxectivo de equilibrar e harmoniza-lo desenvolvemento económico rexional, para acadar unha distribución da renda que permita un equilibrio axeitado e xusto entre as diferentes partes do territorio español.
- Tratarse dunha materia compartida ou concorrente entre o Estado e as comunidades autónomas.
- Te-lo Estado un poder de dirección, de coordinación e de integración de intereses que lle permita adoptar medidas aplicables a todo o territorio nacional e formular unha política rexional común ou xeral.
- Definición desa política de xeito respectuoso coa vontade constitucional de implantar un rexionalismo participativo e cooperativo.
- Ter no Estado o garante último da realización efectiva do principio de solidariedade interterritorial, debendo adopta-las medidas oportunas tendentes a acadar un desenvolvemento harmónico entre as diferentes partes do territorio español”¹⁹.

Xa que logo, partindo do principio de solidariedade, hai un grande consenso doutrinal á hora de aceptar unha competencia estatal para a formulación unitaria da política rexional. Cosa distinta xa é o xeito en que esta se articula e, fundamentalmente, a participación autonómica na súa elaboración e execución.

3. A STC 146/1993, do 16 de outubro.

Pola súa banda, o TC español tivo ocasión recentemente de se pronunciar a este respecto na STC 146/1992,

do 16 de outubro, que resolve o recurso presentado no seu día pola Xunta de Galicia contra a LIR, e dedica enteiro o fundamento xurídico 1º á afirmación da competencia do Estado en materia de política rexional.

Verbo da fundamentación do recurso, o letrado da Xunta de Galicia comeza as súas alegacións manifestando que

“... as competencias en materia de política rexional non constitúen un título xenérico abstracto e absoluto, senón que están incardinadas noutros títulos específicos sobre campos concretos cos que se relaciona a política rexional, como a ordenación do territorio, o medio ambiente ou o ordenamento económico, e formulase un claro suposto de competencias compartidas ou concorrentes, nas que se precisan mecanismos de coordinación das políticas rexionais estatal e autonómicas”.

Desde o punto de vista da concorrenza de competencias, engade o letrado que

“... para o cumprimento das súas tarefas institucionais a Comunidade (refírese á CAG) exerce competencias que implican o emprego de técnicas de planificación que os preceptos impugnados descoñecen (así, o art. 30 do EAG outorga competencia exclusiva para “o fomento e planificación da actividade económica en Galicia”). Por outra banda, e con independencia dos mecanismos de planificación utilizados polo Goberno (art. 131 ou art. 149.1º.13ª CE), a citada Comunidade Autónoma ha de ter reservada unha intervención para facer efectivas as competencias estatutariamente asumidas non só para a execución da planificación xeral senón tamén para o desenvolvemento e execución en Galicia dos planos establecidos polo Estado para a reestructuración dos sectores económicos, programas xenéricos para Galicia que estimulen a ampliación de actividades productivas e implantación de novas empresas (art. 30.1º.7ª EAG), potestade de emanación de lexislación básica e de desenvolvemento da básica do Estado en diversos sectores (art. 28 EAG) e a correspondente potestade regulamentaria, a administración e a inspección (art. 37.3º EAG) que como función executiva vai inserida nas competencias exclusivas asumidas nas materias cualificadas como tales. Por iso, as normas impugnadas vulneran os arts. 131 e 149.1º.13ª da Constitución, atentan contra as competencias asumidas pola Comunidade Autónoma e fan creba-lo sistema de competencias concorrentes establecido”.

Pola súa banda, o avogado estatal comeza aúa contestación ó recurso rexeitando a infracción alegada do art. 131 CE, porque a LIR,

“... non se pode cualificar como unha norma planificadora en sentido estrito. As previsións nela contidas regulan o xeito en que, no futuro, se haberán de conceder-las axudas ou incentivos destinados a compensa-los desequilibrios territoriais, axudas que se concederán de acordo coas directrices que fixe o Goberno e neste sentido poderanse enmarcar dentro dunha planificación por el marcada no tocante á determinación das zonas e sectores para potenciar. Sen embargo, será a ela e non á lei a quien se lle poderá imputar de se-lo caso minguas de poder de competencias”²⁰.

E, de seguido, diferencia dentro da lei recorrida os seguintes tres aspectos: a) concesión das axudas e o seu réxime xurídico, b) vixilancia estatal sobre a aplicación realizada polas CCAA dos incentivos que poidan conceder dentro das súas esferas de actuación²¹ e c) instrumentos que lle correspondan ó Estado para o caso de incumprimento polos beneficiarios das súas obrigas. Con base nesta diferenciación, afirma o avogado do Estado que precisamente a Xunta de Galicia foi centra-lo recurso de inconstitucionalidade no obxecto máis apartado do seu marco de competencias, como é o da

“... dedicación no outorgamento das axudas polo Estado e a armazón orgánica que para os efectos desa decisión de concesión se establece, e as correlativas atribucións de competencias con el relacionadas que, dentro da esfera estatal se prevén. (...) Nesta fase de concesión de axudas ou incentivos, ningunha incidencia teñen as competencias previstas nos arts. 28 e 30.1º.1ª e 7ª EAG”.

Xa dentro dos fundamentos xurídicos da sentencia, realizanxe, no fundamento xurídico 1º, unha serie de consideracións verbo da competencia estatal que abeire a LIR, partindo de normas constitucionais que non son realmente atributivas de competencias, como el mesmo reconece, desbotando a vía más dodata de xustifica-la citada lei no título estatal da regra 13ª do art. 149.1º CE²², ó que só se fai referencia, como comprobaremos, de pasada e para os efectos de complementar razoamentos que o propio TC reconece apoiados en normas constitucionais non atributivas de competencias. Neste esforzo de xustificación constitucional da LIR, considera o alto tribunal que

“a Lei 50/1985 ten por obxecto regula-lo réxime de concesión de incentivos rexionais destinados a compensar desequilibrios económicos entre as diversas partes do territorio nacional e neste sentido aspira, como proclama a súa exp. mot., a darlle efectividade ó principio de solidariedade (art.2 CE), do que son mostra especial, no que agora nos importa, as determinacións contidas nos arts. 40.1º e 138.1º da propia Constitución. Esta finalidade aparece expresamente formulada no art. 1º1: “Son incentivos rexionais para os efectos desta lei, as axudas financeiras que concede o Estado para fomenta-la actividade empresarial e orienta-la súa localización cara a zonas previamente determinadas, co obxecto de reduci-las diferencias de situación económica no territorio nacional, repartir dun xeito máis equilibrado as actividades económicas sobre o mesmo e reforza-lo potencial de desenvolvemento endóxeno das rexións”.

Partindo desta concepción exclusiva–no sentido de que a cita do art. 1 LIR supón, como desenvolveremos dunha maneira argumentada *infra*, deixar fóra do sistema de incentivos rexionais as actuacións autonómicas – e globalizadora– no sentido de que, no canto de procuralas competencias concretas que lle permitan ó Estado actuar por medio de incentivos en cada sector económico concreto (e como xa dixemos, foi o propio TC o que desbotou no propio fundamento xurídico 1º desta STC 146/1992 a posibilidade de xustifica-la materia “política rexional” como unha competencia *ex novo*, non recollida expresamente como tal no bloque de constitucionalidade nin, o que áinda é máis sorprendente, inferida de títulos de competencias concretos do Estado –da política rexional–, pode engadi-lo TC, no propio fundamento xurídico 1º, que:

“Trátase, pois, para os efectos desta lei, de axudas financeiras que concede precisamente o Estado e non as comunidades autónomas que puidesen invocar esta competencia en virtude de diferentes títulos de competencias. É, fundamentalmente, esta posibilidade de que o Estado poida conceder directamente axudas financeiras naqueles ámbitos materiais de competencia exclusiva das comunidades autónomas, a cuestión central formulada no presente recurso de inconstitucionalidade”.

Cuestión central resolvida polo TC a través da exclusión, en primeiro lugar, de calquera operatividade neste ámbito das competencias tituladas pola CAG no eido da planificación económica en xeral:

"Non cabe, en efecto, descoñecer que, concretamente a Comunidade Autónoma de Galicia exerce hoxe, no seu territorio, competencia exclusiva sobre fomento e planificación da actividade económica de Galicia" (art. 30.1º EAG), así como sobre o desenvolvemento e execución dos "planos establecidos polo Estado para a reestructuración de sectores económicos" (art. 30.1º.c EAG). Ben é certo que todas estas competencias as exerce Galicia "de acordo coas bases e o ordenamento da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado" e "no termos do disposto nos arts. 38, 131 e 149.1º.11ª e 13ª da Constitución".

Coñecemento ó que lle segue a exclusión da aplicación do art. 131 CE, tal e como pretendía o letrado da CAG. Así, e despois de o TC recoñecer unha

"primeira dificultade de axuste do obxecto da lei estatal recorrida con aquellas competencias autonómicas...",

advirte a continuación o alto tribunal que a devandita dificultade

"non é insuperable. A propia exposición de motivos da lei comeza por invoca-lo art. 40.1º da Constitución, que se ben non é unha norma atributiva de competencias, si introduce na súa maioría ("os poderes públicos"), un primeiro elemento de lexitimidade do lexislador estatal. Especificación moito maior pódese atopar no art. 138.1º CE cando dispón que "o Estado garante a realización efectiva do principio de solidariedade... velando polo establecemento dunha orde económica adecuada e xusta, entre as diversas partes do territorio español.." Tampouco este precepto se pode considerar en sentido estrito, como unha norma atributiva de competencia estatal, pero iso non a converte, de ningún xeito, nun precepto irrelevante para os efectos do presente recurso".

E, deste xeito, para deducir de dous preceptos constitucionais, que o TC recoñece como non atributivos de competencias, o título estatal que dea respaldo bastante á Lei 50/1985, a sentencia recolle un dobre razonamento que remata, en último termo, coa referencia á suprateritorialidade esencial –é dicir, o carácter esencialmente supraautonómico dos intereses que por medio da política rexional se procuran– á política rexional, como xustificación da competencia estatal exercida no establecemento da LIR.

O primeiro razonamento remite á diferencia de parámetro de control existente entre o conflicto de competencias e o recurso de inconstitucionalidade:

“Non cabe ignorar, en primeiro lugar, que a diferencia do que ocorre nos conflictos de competencia, as normas constitucionais que operan como canon ou criterio de control no recurso de inconstitucionalidade esténdense a todo o territorio constitucional, integren estas ou non o que se vén chamando o “bloque da constitucionalidade”, é dicir, o conxunto normativo do que resulta a distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas. O art. 138.1º CE, como ningunha outra disposición constitucional, non se pode reducir ó carácter dun precepto programático nin sequera ó do elemento interpretativo das normas de competencias. É, polo contrario, un precepto con peso e significado propios, que se debe interpretar, iso si, en coherencia coas normas de competencias que resultan da Constitución e dos estatutos”.

E o segundo lévanos, nin máis nin menos, á propia raíz da diferencia entre o Estado autonómico que deseña o CE de 1978 e os estados federais:

“En segundo lugar é preciso ter en conta que o fondo de competencias do Estado non resulta das atribucións específicas resultantes da Constitución e dos estatutos, como é o caso das comunidades autónomas, senón que resulta, a partir dun fondo xenérico das “subtraccións” ó mesmo operadas polos estatutos no marco da Constitución. Neste sentido, ben se pode decir que a competencia estatal non é senón competencia “residual”, se ben cun “núcleo duro” garantido pola Constitución. É aquí onde se debe situá-la lexitimidade da actuación do lexislador plasmada na lei obxecto de recurso e, máis en concreto, no art. 149.1º.13ª da CE”.

Deste xeito, o xuízo constitucional a prol da lexitimidade da LIR, considerada globalmente, é claro, pois

“...as comunidades autónomas non asumiron, nin pola propia natureza das cousas puideron asumir, unha competencia que responda ó sentido desta lei, é dicir, as actuacións que respondan a un obxectivo esencialmente supraautonómico, como é o de corixi-los desequilibrios territoriais, obxectivo este que, se ben atopa instrumentos expresos na Constitución, como é o caso do FCI, tam-pouco se pode entender que se esgote neles”.

4. Especial referencia á xestión dos plans estatais de reconversión ou reestructuración de sectores económicos.

1. Introducción. Doutrina xeral do TC: a xestión dos plans de reconversión como tarefa común do Estado e das CCAA.

Especiais problemas presentan as competencias autonómicas de execución, cando se refiren a medidas de fomento establecidas polo Estado no marco de plans de reconversión ou reestructuración de sectores económicos²³. Nestes casos o TC non afirma sen máis o principio xeral examinado *supra* da competencia autonómica de execución das medidas de fomento, establecidas polo Estado, senón o de que na execución dos plans o Estado non pode estar ausente ó supo-la mesma o exercicio de competencias indubidablemente estatais, especialmente cando parte das empresas para reconvertérse forman parte do sector público estatal e cando pola dimensión e características de certos sectores en reconversión, cómpre unha acción de conxunto que abranga tanto as CCAA con competencias para a execución dos plans como as CCAA que non teñen a mesma competencia, correspondéndolle logo esta, no seu territorio, ó Estado²⁴.

Así pois, de acordo con esta doutrina do TC²⁵, a execución dos plans de reconversión é unha "tarefa común" do Estado e mais das CCAA competentes, ó esixir unha "confluencia de competencias estatais e autonómicas, para acadar un obxectivo común". Máis concretamente, este carácter concorrente das competencias estatais e autonómicas de execución para seren exercidas en réxime de "responsabilidade común", determina a necesidade de recoñecer participación autonómica nos órganos xestores dos programas de reconversión. Pero, ¿cal é o mínimo desta participación autonómica?

■ En primeiro lugar, de acordo coa xurisprudencia do TC, cómpre que o propio lexislador estatal estableza expresamente esta participación autonómica e os criterios, ainda xerais, de articulación orgánica da mesma, xa que non abonda con dicir que a lei estatal, malia non regular esta participación autonómica, a permite implicitamente, pois

"non sempre é fácil deducir unha interpretación conforme coa CE e os EEAA. Neste sentido, xa que nin a CE nin os EEAA establecen criterios seguros para determinar cantas e que CCAA deben estar representadas e menos ánda, en que órganos e de que forma²⁶, ata o punto de que a ausencia de participación das CCAA "constitúe unha vulneración da orde constitucional e estatutaria de competencias"²⁷

■ Pero, afirmada polo TC español esta necesidade de participación autonómica nos órganos de execución dos plans de reconversión, o alto tribunal non sinala a medida precisa en que esta se debe dar para non incorrer na enriba sinalada vulneración do bloque de inconstitucionalidade. Conforme coa súa declaración de que o lexislador estatal ten que prever en todo caso a participación autonómica e maila articulación orgánicas da mesma, o TC entende que

"unha vez prevista legalmente aquela participación (...) non se pode asegurar *a priori*, agás que resulte do propio texto legal, que a representación autonómica no seu conxunto se concibe como marxinal, o que haberá que analizar en cada caso en relación cos RD de reconversión"²⁸.

2. O sistema da Lei 50/85, de incentivos rexionais.

O sistema inaugurado pola Lei de incentivos rexionais de 1985 –os programas de execución da cal podemos considerar como verdadeiros plans de reestructuración de sectores económicos– dános a medida de como o lexislador estatal prevé esta participación autonómica nos órganos xestores do devandito sistema, que vén substituí-lo conxunto de medidas de reconversión composto basicamente polo RDL 8/83 e a Lei 27/84:

■ En primeiro lugar, o Consello Rector –que de acordo co art. 4.1º da lei e 18 do regulamento “é o órgano encargado de promove-las actuacións estatais en materia de incentivos rexionais, de velar pola coordinación destes incentivos cos restantes instrumentos da política de desenvolvemento rexional, e para os efectos do establecido no art. 3.2º da presente lei, coas axudas sectoriais de incidencia rexional”– ten por membros permanentes só ós representantes da Administración do Estado, se ben se lle recoñece participación á Comunidade Autónoma afecta-

da na proposta de concesión de incentivos rexionais, proposta que pode facer directamente o Consello Rector ou por medio de grupos de traballo constituído no seu seo²⁹.

Ó mesmo tempo, o art. 19 do regulamento prevé a constitución de *comisións* no seo do Consello Rector³⁰, que atenderán a “aspectos singulares de áreas ou zonas determinadas”, asignándoseles representación ás CCAA “cando se analicen cuestións que as abrangan directamente”.

Máis alá do dito, os grupos de traballo están integrados por un presidente –o director xeral de incentivos rexionais ou a persoa na que este delegue– un número variable de vocais –representantes da CA e dos departamentos ministeriais competentes por razón da materia– e mais un secretario -un funcionario da DX de incentivos rexionais. Tanto estes coma as comisións creadas no seo do Consello Rector, están organizados pola DX de incentivos rexionais³¹.

Con estos datos podemos concluír que a participación que ás CCAA se lles recoñece no Consello Rector é ben limitada e non parece responder ó carácter de “tarefa común” co que o TC español cualifica a execución destes plans de reconversión, e nin sequera se cumpre con aquela finalidade declarada na exp. mot. da Lei 50/85 de considerar explicitamente “a nova organización territorial do Estado” no sistema de incentivos rexionais por ela inaugurado. Se reparamos en que tanto as comisións coma os grupos de traballo son órganos colexiados, a aplicación da LPA³² fará que a participación nos mesmos das CCAA -limitada só a un membro, non sexa nunca decisiva fronte ós varios representantes cos que a Administración do Estado conta nos mesmos.

■ No tocante ás funcións das CCAA ás que fai referencia o art. 23 do regulamento, tamén ningunha destas ten un carácter decisorio³³, agás polo que atinxe á “declaración do cumprimento de condicións e comezar e tramar, de se-lo caso, o expediente de incumprimento”. Verbo das zonas industriais en declive, as *comisións xestoras* –grupos de traballo específicos creados para as mesmas– haberán de outorga-lo seu acordo co nomeamento feito polas CCAA dos membros das “oficinas especializadas” radicadas no territorio da ZDI e dependerán organi-

camente da CA, se ben actuando como órgano executivo da Comisión Xestora no desenvolvemento das funcións que no art. 23.1º do regulamento se lles recoñecen ás CCAA.

Polo tanto, funcións simplemente administrativas, non decisorias ou que, en palabras do avogado representante do Goberno vasco na STC 186/1988, converten as CCAA en “simples caixas de correos, en xanelas ante as que presentar solicitudes en caso de delegación do ministerio”³⁴, tal e como ocorre no sistema de incentivos rexionais:

a) A concesión dos incentivos será efectuada polo Ministerio de Facenda ou pola Comisión Delegada para Asuntos Económicos –cando o investimento aprobado reborde o millón de pesetas–, se ben a presentación das solicitudes se fará ante o órgano competente da CA³⁵.

b) Verbo do pagamento e liquidación das subvencións, a presentación da documentación farase tamén ante o órgano competente da CA, pero a aprobación dos expedientes individualizados de gasto para cada un dos proxectos –aprobación á que se somete a concesión dos incentivos rexionais–, correspondelle ó Ministerio de Facenda ou á Comisión Delegada do Goberno de se-lo caso³⁶.

c) A comprobación da execución do proxecto conforme ás condicións esixidas será feita pola CA –sen prexuízo da vixilancia exercida pola DX de incentivos rexionais da axeitada aplicación das axudas–, remitindo o correspondente informe á devandita DX, que é a quen lle corresponde libera-los avales e demás garantías esixidas. Tamén é competencia da devandita DX a determinación –no caso de **incumprimento**– das causas e alcance do mesmo, instando de se-lo caso á CA a iniciación do expediente de incumprimento das súas obrigas por parte do beneficiario ou de modificación do proxecto no caso de que non lle fose imputable o incumprimento a aquel.

No tocante ó expediente de incumprimento, este será iniciado pola CA a instancias da DX de incentivos rexionais, e tralas alegacións do beneficiario ou transcorrido un prazo de 15 días sen se realizar, a CA enviará as actuacións xunto coa súa proposta ó Mº de Facenda para que adopte a resolución que proceda”³⁷.

d) A potestade sancionadora na materia exercerana

tamén órganos da Administración estatal, de acordo co art. 36 do regulamento.

Todas estas cuestiós foron tratadas polo TC na Sentencia nº 146/1992, do 16 de outubro, que resolve un recurso de constitucionalidade presentado pola Xunta de Galicia contra determinados preceptos da LIR de 1985.

En primeiro lugar, o TC realiza unha declaración de carácter xeral: para o TC, a lexitimidade da LIR deriva do art. 149.1º.13ª en relación co 138.1ª, ámbolos dous da CE, e polo tanto,

“desde este punto de vista, a lexitimidade constitucional da lei, coas inevitables facultades de xestión que dela derivan, está fóra de toda dúbida. As dificultades proceden da imperiosa necesidade de interpreta-lo seu sentido e, sobre todo, a súa aplicación e desenvolvemento, de xeito harmónico coa Constitución e, sinaladamente, co bloque da constitucionalidade. Neste sentido, resulta desde logo inevitable recoñecer que, en virtude desta lei, o Estado pode aparecer asumindo funcións de execución ou xestión que, doutro xeito, a partir dos estatutos, deixarían de ser propias. Pero estas facultades de xestión estatais, en certo modo excepcionais, atopan, como se dixo, asento constitucional no obxectivo e sentido da lei”³⁸.

En relación coas facultades de xestión concretas que no texto se lle conceden ó Estado, o recurso presentado polo Goberno galego dirixíase contra os arts. 4 e 5 da lei:

■ No tocante ó art. 5 LIR que, como vimos, lle atribúe ó ministro de Economía e Facenda ou á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos a potestade de concede-los incentivos rexionais considerados na LIR, e fronte á impugnación fundada na invasión de competencias executivas que á CAG lle corresponden conforme ó art. 37.3ª EAG, considera o TC que, en primeiro lugar, á hora de determina-la competencia para a concesión dos incentivos rexionais, cómpre atender á modalidade en que estes consistan:

■ No caso dos incentivos que consistan en bonificacións da cota empresarial da Seguridade Social, a súa concesión compétele ó Estado ó estar implicado nese caso o réxime económico da Seguridade Social, que é competencia exclusiva do Estado (STC 125/1989, f.x. 5º), sen invadir polo tanto esta previsión do art. 5 LIR as competencias autonómicas.

■ Pero, con relación á concesión das subvencións que o art. 3.1^a.a) LIR prevé tamén como incentivos rexionais, o TC recoñece que

"a decisión en torno á concesión constitúe, en efecto, unha competencia executiva que se podería incluir dentro das competencias de desenvolvemento e execución estatutariamente asumidas pola Comunidade Autónoma galega (art. 30.1º, 7^a e 37.3^a EAG)".

Sen embargo, o TC xustifica tamén neste caso as potestades executivas do Estado, lembrando a doutrina que xa coñecemos verbo das reservas de execución a prol do Estado e aplicándoa ó caso concreto das atribuídas na LIR ós órganos do Estado:

"No suposto dos incentivos rexionais aparece razoablemente xustificada do dedúcese sen esforzo da natureza e contido das medidas de fomento (...) que a necesidade de velar pola unificación dos criterios de outorgamento dos incentivos e a adecuada distribución duns fondos e axudas, actuando como mecanismos correctores de desequilibrios económicos interterritoriais, han de ser consideradas desde unha dimensión supraautonómica, correspondéndolle ó Estado a xestión destes incentivos, como elemento necesario da súa competencia en materia de política rexional.

En consecuencia, o art. 5 da Lei 50/1985 non invade as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia"³⁹.

■ E no tocante á falta de participación autonómica nos órganos previstos pola LIR para a xestión do sistema, fundamentalmente, no Consello Rector previsto no art. 4 da lei, entende o TC, no fundamento xurídico 4º desta sentencia, que a impugnación da Xunta de Galicia só se pode entender

"... como invocación do que aquí esixiría, segundo dixemos xa, o principio constitucional de cooperación, principio que, efectivamente, debe ser respectado polo dereito do Estado en regulamentos como o presente, quer dando entrada a representantes ou comisionados das comunidades autónomas nos órganos do Estado, quer integrando as comunidades autónomas no curso dos procedimentos públicos que executen a lexislación estatal".

Mais, malia esta afirmación de principio, que non é senón recordo do xa afirmado na STC 29/1986, o TC rexeita a impugnación do Goberno galego tamén neste punto, ó sinalar que o Consello Rector non é órgano no que

se integren representantes ou comisionados autonómicos, xa que a LIR o prevé a penas como integrado por representantes dos diferentes ministerios estatais. E isto por más que

"iso non impide, con todo, que a través del se poida realizar unha cooperación entre o Estado e as comunidades autónomas, pois a propia lei previu –con fórmulas dunha adecuación e eficacia que non cabe xulgar aquí-determinadas mostras de cooperación funcional: consideración das previsións das comunidades autónomas para a determinación de actividades que promocionar (art. 1.2^a), acordo coas comunidades afectadas para a determinación das chamadas "zonas prioritarias" (art.2.3^a) e asignación de "representación" ás comunidades en cada caso afectadas nos "grupos de traballo" que poidan, por delegación do Consello Rector, formular propostas de concesión de incentivos. Estas previsións legais (...) configuran pois un marco de colaboración que se pode cualificar de suficiente, e non corresponde a este tribunal, cabe reiterar, determinar, nin sequera suxerir, cales deben ser as técnicas e canles precisas para levar adiante esta necesaria cooperación entre o Estado e as comunidades autónomas".

5. Conclusións.

Con relación á competencia estatal executada para a elaboración da LIR, aínda estando claro que o Estado ten competencia para formular unha opción de política rexional como a formulada por medio desta lei, esta competencia é tamén obvio que non pode resultar dun mandato constitucional contido –como o propio TC recoñece!– en normas constitucionais de natureza non competencial, é dicir, que non son hábiles para producir atribución de competencias ningunhas a prol do Estado (art. 2.40 e 138 CE).

Verbo do principio de solidariedade interterritorial (art. 138.1^a CE), participa este da natureza e eficacia das normas que integran a que o propio TC denomina "Constitución económica territorial". Teñen estos principios da Constitución económica unha dobre funcionalidade afirmada na xurisprudencia constitucional:

■ Positiva: operando como obxectivos que acadar e orientando deste xeito o exercicio das súas competencias respectivas, tanto polo Estado coma polas CCAA.

■ Negativa: operando como límite tanto das competencias do Estado coma daquelas das CCAA, determinando, desde este punto de vista, un plus engadido á simple posesión de competencia para xulga-la lexitimidade dun determinado exercicio de competencias.

Así pois, que de acordo co art. 138.1^a CE o Estado sexa garante da realización efectiva do principio de solidariedade interterritorial supón para este dous obrigas, ningunha das cales se resolve nunha atribución de competencias:

■ Unha obriga de control das actuacións dos demais entes territoriais instando, de estimas contrarias ó devandito principio, as vías de control previstas, para as CCAA, no art. 153 CE ou, de se-lo caso, nos arts. 151 –coas prevencións establecidas na STC 76/1983, do 5 de agosto– e 155.

■ Unha orientación no exercicio das súas propias competencias materiais, é dicir, das que segundo o bloque de constitucionalidade lle correspondan, no sentido de procurar por medio delas a realización do mencionado principio.

En segundo lugar, tampouco a competencia en materia de política rexional se pode abeirar nunha norma como a contida no art. 40 CE. A moi relativa eficacia dos principios rectores da política social e económica establecese, con carácter xeral, no art. 53 CE, excepto un cambio na doutrina do TC español que ata o de agora, agás sinaladísimas excepcións, non os considera como “posicións xurídicas básicas” para os efectos do art. 149.1º.1^a CE⁴⁰. Consecuentemente, o mandato que estes preceptos, en conexión coa cláusula de Estado social do art. 1.1^a CE e o “mandato de acción” do art. 9.2^a CE, dirixen ós poderes públicos hai que entendelo sen prexuízo de cal deles resulte competente conforme ó sistema de distribución de competencias recollido no bloque de constitucionalidade. Noutras palabras, non introduce elemento de lexitimación ningunha da intervención estatal en materia de política rexional, se é que esta non se apoia nun título de competencias do Estado⁴¹. Conclusión que non se pode desvirtuar con argumentos procesuais do estilo dos utilizados pola sentencia, relativos ás diferencias entre o conflicto de competencias e o recurso de inconstitucionalidade⁴².

En segundo termo, a competencia estatal non se pode xustificar nun razoamento como o do carácter residual das competencias estatais,razoamento que pode levar, así utilizado, á propia destrucción do sistema de distribución de competencias simplemente pola vía de inventar novos *nomina* de materias distintos dos expresamente recollidos no bloque da constitucionalidade. Nunha materia como a política rexional, que non é senón o agregado resultante de diversas competencias estatais e autonómicas, cómpre operar do xeito que o TC ten operado noutras ocasións respecto doutras materias nas que, se ben se produce unha concorrencia sobre un mesmo espazo de competencias estatais e autonómicas –augas ou costas, *v.gr.*–, ainda que non aparezan con ese *nomen* concreto nos arts. 148 e 149 CE –caso da defensa do consumidor–, respecto da cal afirma a recente STC 2021992, do 23 de novembro:

“Por iso, e como a substancialidade ou especificidade da materia non é senón en liñas xerais resultado dunha amálgama de diversas normas sectoriais que se poden reconducir a outras tantas materiais, na medida en que o Estado exerza atribucións neses sectores materiais, o seu exercicio poderá incidir directamente nas competencias que sobre “defensa do consumidor e do usuario” lle corresponden a determinadas comunidades autónomas, que, nese caso, tamén poderán quedar vinculadas a previsións estatais (STC 15/1989, fundamento xurídico 1º)”⁴³.

Verbo das potestades executivas atribuídas na LIR e na STC 146/1993 á Administración estatal, cabería cuestionar se a cativa participación autonómica que aquela atribución correlativamente leva consigo é compatible coa *supra* citada xurisprudencia do TC relativa á execución dos plans de reconversión. Neste sentido:

■ En primeiro lugar, parece que se conciben as administracións autonómicas como administracións xerarquicamente dependentes da estatal: velá a súa actuación no caso de incumprimento do beneficiario: iniciación do expediente a instancia do órgano estatal xunto cunha proposta non vinculante de resolución.

■ En segundo lugar, a súa participación neses órganos de ejecución non chega nunca a ser decisiva. A referencia que dentro das “funcións da CCAA”(art. 23 do reglamento) se fai á “promoción no seu territorio dos in-

centivos rexionais”, semella limitarse á simple propaganda e non, como sería desexable e ten declarado o TC español⁴⁴, á integración das axudas reguladas polo Estado dentro da súa (das CCAA) política xeral no eido material de que se trate, con capacidade de abondo para *modalizar*, de se-lo caso, as regras xerais, co obxecto de acadar unha igualdade substancial de resultados.

Esta case total marxinación das CCAA da execución dos planos estatais esquece que, malia ter declarado o TC que

“a planificación, desde un punto de vista das competencias, máis que establecerse como un título de competencias propio, supón a determinación dun sector ou ámbito territorial determinado, sobre o que concorren unha pluralidade de competencias, de xeito que nestes supostos non hai tanto que funda-la respectiva competencia nos diferentes títulos de competencias afectados, coma no de *planificación xeral da actividade económica* (art. 149.1º.13ª CE) e concordantes dos estatutos de autonomía”⁴⁵,

a competencia estatal ex art. 149.1º.13ª CE, ou a suposta competencia estatal en materia de “política rexional”, non pode levar, nin sequera nos plans de ordenamento ou reestructuración de sectores económicos, á vulneración das competencias executivas que lles corresponden ás CCAA sobre materias abranguidas polos mesmos, e que no caso do RD 568/88 de delimitación da zona de promoción económica de Galicia considera, como sectores para a promoción, algúns sobre os que a CAG exerce competencias exclusivas⁴⁶.

Todo iso esixe unha maior presencia autonómica na execución do sistema de incentivos rexionais da Lei 50/85, recoñéendolle ás CCAA na elaboración dos plans sectoriais –articulados xuridicamente por medio das ZID ou ZPE– unha intervención superior á da simple proposta, especialmente se reparamos que a declaración dunha zona ou sector para a promoción no territorio dunha CA condiciona en grande medida as súas políticas de fomento verbo da zona ou sector incentivado, por canto o art. 3.2º da lei e o 14 do regulamento prohiben que os proxectos acollidos á mesma sexan obxecto doutras axudas públicas agás aquelas que o Ministerio de Economía e Facenda, a proposta do Consello Rector, acorde excluír dos

topes máximos de subvención expresados no citado art. 14 do regulamento para cada unha das zonas para promocionar. Intervención superior á da simple proposta e articulada en órganos permanentes onde a participación das CCAA e demais administracións territoriais abranguidas sexa realmente decisiva, esixencias que nos conducen a problemas de maior envergadura -a constitución verdadeira do Consello prevista no art. 131 CE-, que analizaremos noutra ocasión. **C**

COMENTARIOS

¹ Cfr. a súa obra *Derecho Público de las Comunidades Autónomas*, vol. 1, p. 184.

² E habería que dicir tamén das do Estado, posto que ten declarado reiteradamente a xurisprudencia do TC que estes principios da constitución económica e mais da organización territorial do Estado vinculan por igual a tódolos poderes públicos.

³ Para ALONSO DE ANTONIO, -cfr., *El estado autonómico y el principio de solidaridad como colaboración legislativa*, vol.1, Congreso dos Deputados, Madrid, 1985-, o principio de solidariedade recoñecido no art. 2 CE, é un "ben público común de tódolos españoles" e "vínculo de unidade" que, polo tanto -art. 138.1º CE- ten que ser garantido polo Estado (p. 377). Engade este autor que a idea dun "Estado autonómico baseado na solidariedade, non é predominio puro e simple dos intereses comunitarios; isto suporía a crise e mesmo o anquilosamento do principio de autonomía. Este esixe respecto ós intereses propios das CCAA, sen que a súa satisfacción poida supor a creba do marco unitario do Estado. A solidariedade vén así constituír un punto de equilibrio (...) entre as tendencias centrípetas que a unidade comporta, e as tendencias centrífugas a que poida conduci-la autonomía" (p. 379)

⁴ O texto do cal dispón que "o Estado garante a realización do principio de solidariedade consagrado no art. 2 CE, velando polo establecemento dun equilibrio económico axeitado e xusto entre as diversas partes do territorio español e atendendo, en particular, ás circunstancias do feito insular". Pola súa banda, a alínea 2ª do mesmo precepto engade que "as diferencias entre os estatutos das diferentes comunidades autónomas non poderán implicar, en ningún caso, privilexios económicos ou sociais". Para ÁLVAREZ CONDE -cfr., *Las Comunidades Autónomas*, p. 25, citado por ALONSO DE ANTONIO, *op. cit.*-, este precepto está pensado para o caso dos acordos económicos, para evita-la constitución de "paraísos fiscais" dentro do territorio do Estado. Neste sentido, o art. 41.f EAPB establece que "o réxime de acordos aplicarase de acordo co principio de solidariedade a que se refiren os arts. 138 e 156".

⁵ Cfr., *op. cit.*, p. 380.

⁶ Na STC 146/1992, do 16 de outubro, o alto tribunal xustifica a lexitimidade constitucional da Lei 50/1985, de incentivos rexionais, entre outros criticables argumentos, no art. 138 CE. Para o TC, o art. 138.1º CE,

"Tampouco se pode considerar (...), en sentido estricto, como unha norma atributiva de competencia estatal, pero non o converte, de ningún xeito, nun precepto irrelevante para os efectos do presente recurso".

A relevancia viría dada polo art. 138.1º CE porque:

"... en efecto, as comunidades autónomas non asumiron, nin pola propia natureza das cousas (*sic*) puideron asumir, unha competencia que responda ó sentido desta lei, é dicir, as actuacións que respondan a un obxectivo, esencialmente supraautonómico (*sic*), como é o de corrixi-los desequilibrios te-

rritoriais, obxectivo este que, se ben atopa instrumentos expresos na Constitución, como é o caso do FCI, tampouco se pode entender que se esgote neles".

⁷ Para a máis recente distribución dos recursos do FCIT, *vid.* o anexo I á Lei 20/1993, do 29 de decembro (BOE do 30 de decembro), de concesión de créditos extraordinarios ás seccións 32 e 33 dos orzamentos xerais do Estado para 1993, para aplíca-lo Acordo sobre o sistema de financiamento autonómico no período 1992-1996.

⁸ O artigo recorrido di: "subvencionarase ata o 100 por 100 do importe da carga, transporte e descarga dos bens de equipo das industrias que se trasladen a Galicia. Esta subvención acumularase á que lle pode corresponder con novos investimentos".

⁹ As circunstancias mencionadas no art. 7 son, entre outras, a natureza das actividades da empresa, con especial consideración daquelas que pechen un ciclo productivo en Galicia; a súa localización; a incorporación de tecnoloxías avanzadas no proceso productivo; o número de postos de traballo que orixina a execución do proxecto...

¹⁰ Deber de comportamento leal ou mutuo auxilio, reiteradamente proclamado na xurisprudencia do TC español. Ve-las SSTC citadas no propio fundamento xurídico 7º, parágrafo 2º da STC 64/90.

¹¹ O que como xa dixemos entende o TC que non ocorre no caso debatido na sentencia.

¹² Os estudos da Administración española previos á redacción da Lei –cfr., "Propuesta para racionalizar la política de incentivos regionales y compatibilizarla con la de los países de la CEE" en *Cuadernos económicos del Iice*, nº 20, 1982–, insistían xa nestes fins da nova regulación, sistematizados por UTRILLA DE LA HOZ –cfr., "Una nota sobre la regulación normativa de los incentivos regionales", en *RDFHP* nº 195-196, 1987, p.709– conforme a unha triple clasificación:

"1. Simplificar e racionaliza-la diversidade de figuras de estimulación rexional do investimento existente, abandonando o carácter asistencial e de axudas *a posteriori* a decisións de investir previamente adoptadas e dándolle pulo ó aproveitamento do potencial endóxeno e ás vantaxes comparativas da zona.

2. Sometelo ós criterios da Comisión das Comunidades Europeas sobre os réximes de axudas con finalidade rexional concretados na necesidade de definir teitos diferenciais de intensidade das axudas, cumpri-lo principio de especificidade rexional, dotar de transparencia o sistema, preve-las repercusións sectoriais e instaurar un sistema eficaz de vixilancia.

3. Considerar dun xeito explícito a nova organización territorial do Estado, incorporando as comunidades autónomas esencialmente, na xestión dos incentivos."

¹³ Cfr., "Características y evolución del nuevo sistema de incentivos regionales en España", en *PGP* nº 7, p. 140. No mesmo sentido, *vid.* SÁENZ DE BURUAGA, "La planificación nacional y regional en la España de las autonomías", en *Estudios Regionales* nº 13, 1985.

¹⁴ Neste sentido, *vid. SÁENZ DE BURUAGA*, “La planificación...”, cit., quen define a política rexional como “unha das funcións fiscais típicas do nivel central de Goberno, quer nun Estado unitario como era antes España, quer nun Estado case federal como o designan a nosa Constitución e os estatutos de autonomía. Esta función fiscal de redistribución da renda a escala espacial é tan importante nun Estado coma a redistribución persoal a través dun sistema fiscal progresivo, ou a redistribución sectorial que transfiere recursos públicos duns sectores a outros”. (p. 92)

¹⁵ Así, no art. 30.1º.7^a EAG, segundo o cal a CAG asume a competencia para o desenvolvemento e execución en Galicia dos plans establecidos polo estado para a reestructuración de sectores económicos, programas xenéricos para Galicia que estimulan a ampliación de actividades productivas e implantación de novas empresas. Sen embargo, é dubidoso que esta reserva estatutaria sexa quen de produci-lo efecto de asunción desa competencia polo Estado (*vid. LASAGABASTER HERRARTE*, “Planificación y ordenación de la economía: títulos competenciales y problemas específicos”, en *Estudios sobre el Estatuto de Autonomía del País Vasco*, vol. II, Oñati, 1991), máis alá de que, por outra banda, o estatuínte galego semellaba estar a pensar, como demostra a fórmula coa que o devandito art. 30 EAG comeza, na competencia estatal *ex art. 149.1º.13^a CE*, título que non foi, como veremos, o utilizado principalmente polo TC para xustifica-la lexitimidade constitucional da LIR.

¹⁶ Respecto da materia “defensa do consumidor”, a STC 202/1992, do 23 de novembro, sinala que:

“...desde a nosa primeira sentencia sobre o tema atopámolo a singularidade do título “defensa do consumidor”, que es un “concepto de tal amplitud e de contornos tan imprecisos que, con ser dificultosa por veces a operación cualificadora dunha norma o designio da cal puidese entenderse que é a protección do consumidor, a operación non resolvería o problema, pois a norma puidera estar comprendida en máis dunha das regras definidoras de competencias” (STC 71/1982, fundamento xurídico 2º). Por iso, e como queira que a substancialidade ou especificidade dunha materia non é, en liñas xerais, senón o resultado dunha amalgama de diversas normas sectoriais que se poden reconducir a outras tantas materiais, na medida en que o Estado posúa as atribucións neses sectores materiais, o seu exercicio poderá incidir directamente nas competencias que sobre “defensa do consumidor e usuario” lles corresponden a determinadas comunidades autónomas, as que, nese caso, tamén poderían estar vinculadas a previsões estatais (STC 15/1989, fundamento xurídico 1º)”.

¹⁷ Segundo expresión de SÁNCHEZ BLANCO, *El sistema económico de la Constitución española*, Universidade de Málaga- Civitas, Madrid, 1993, p. 459. A mesma consideración realizan outros autores como CORDERO MESTAZA -cfr., “La política regional en los Presupuestos de 1991”, en *PPG*, 1991, p. 171-, GÓMEZ BARAHONA -cfr., “La legislación sobre incentivos económicos regionales”, *REALA* nº 255-256, 1992, p.754- ou DE PABLOS ESCOBAR e VALIÑO CASTRO -“Características y evolución del nuevo siste-

ma de incentivos regionais en España", en *PGP* nº 7, 1992, 1992, p. 140- e PEMÁN GAVÍN -cfr., *Igualdad de los ciudadanos y autonomías territoriales*, Universidade de Zaragoza-Civitas, Madrid, 1992, pp. 285 e ss.

¹⁸ Cfr., GÓMEZ BARAHONA, *op. cit.*, p. 784. Acrecenta este autor que esta encomenda hai que interpretala sen prexuízo de que o art. 148.1º.18^a CE lles permita ás comunidades autónomas asumir competencias para o fomento do desenvolvemento económico no seu ámbito territorial, "e dentro dos obxectivos marcados pola política económica nacional".

¹⁹ Cfr., GÓMEZ BARAHONA, "La legislación...", *cit.*, p. 784 e 785.

²⁰ E, con todo, engade máis adiante o letrado estatal que

"se a problemática da Lei 50/1985 se ha de conectar co disposto no art. 149.1º.13^a CE, as competencias previstas nos arts. 30.1º.1^a e 7^a do EAG son, dentro dos límites constitucionais e nos termos nos que se asumiron, termos nos que non se inclúe participación ningunha no proceso de decisión de outorgamento das axudas rexionais".

²¹ Control estatal das axudas outorgadas polas CCAA que, cómpre entender, fai referencia ás outorgadas por aquelas non dentro do marco da LIR –posto que, como habemos de ver, o concepto de incentivos rexionais do art. 1 LIR a penas abrangue as axudas concedidas polo Estado–, senón as concedidas polas CCAA en virtude das súas competencias materiais, a un proxecto acollido ó sistema de LIR –integrado nunha ZPE ou ZID–, para os únicos efectos de controlar que non se reborden os topes de axuda establecidos para cadansúa zona.

²² Segundo neste punto a explicación do recurso do avogado do Estado, entende o TC , no fundamento xurídico 1º da sentencia, que,

"... a lei cuestionada non é en por si un instrumento de planificación económica xeral (art. 131 CE) senón o marco normativo, más ben, para unha programación sectorial ó servizo daqueles mandatos constitucionais –os contidos nos arts. 40.1º e 138.1º CE–, consideración que leva a descarta-los alegacións deducidas polo actor con cita do previsto no art. 131.2º CE, norma que dispón unhas especialidades de procedemento que non eran aquí, polo dito, de obrigada observación (por todas, SSTC 29/1986, fundamento xurídico 3º e 45/1991, fundamento xurídico 5º)".

²³ Subliñar que a reestructuración de sectores económicos, maña se realiza-las máis das veces por medio de medidas de fomento, é unha materia suxeita a un réxime de competencias diferente do "fomento do desenvolvemento económico da CA" ó que fai referencia o art. 148.1º.13^a CE. Así, na STC 33/1984, co gallo de varios conflictos de competencia presentados polo Goberno do Estado contra dúas ordes da Consellería de Comercio, Industria e Turismo do Goberno vasco que regulaban unha serie de axudas para a transformación de buques de pesca de baixura en conxeladores, omitindo calquera referencia á necesaria autorización estatal para a transformación, xa que a transformación do buque enmárcase na competencia do Estado de ordenación do sector pesqueiro,

o que a autoriza para adoptar medidas de transformación ou reestructuración de sectores económicos, dentro das cales se teñen que exercita-las correspondentes competencias autonómicas de desenvolvemento e execución. Sen embargo, a STC 33/84 introduce unha matización importante: no ejercicio da súa competencia, a CAPB podería autorizar ou non aqueles expedientes que "desde o punto de vista da competencia estatal puidesen selo".

Ós "plans e programas conxuntos entre o Estado e as comunidades autónomas" como instrumento de colaboración, fai referencia o MAP no seu *El Estado autonómico* (MAP, Madrid, 1993, pp. 139 e ss.). Segundo esta publicación, os requisitos destes plans ou programas conxuntos serían:

1. Existencia duns obxectivos definidos e previstos simultaneamente polas administracións estatal e autonómica.
2. A existencia dunhas actividades previstas e levadas a cabo simultaneamente por ámbalas dúas administracións.
3. A existencia dun financiamento conxunto a cargo do Estado e das comunidades autónomas.
4. A existencia duns mecanismos de seguimento e de avaliación nos que participen tanto a Administración do Estado coma a das comunidades autónomas.
5. Adopción dun acordo unilateral no que formalicen os compromisos de colaboración das partes. Estes acordos poden dar lugar á subscrición de convenios de colaboración.
6. Realización material, por parte de cada unha das administracións participantes, das actividades que lles corresponda realizar.
7. Mantemento de reunións periódicas de seguimento e avaliação dos obxectivos e actividades previstas, que permitan a modificación e adaptación do plan ás novas necesidades".

Os plans conxuntos que derivan destas esixencias teñen, como se ve, base negocial, non veñen unilateralmente impostos polo Estado –p. ex. os acordos e subseguintes convenios subscritos entre o Estado e as CCAA para a execución do Plan de vivendas-. Polo tanto, o caso dos plans de reconversión analizados pola STC 29/1986, ou dos derivados da execución da LIR de 1985 non se someten a este esquema. Con todo, o que si sería deseable é que a actuación conxunta en ámbitos materiais nos que o Estado e as CCAA repartan competencias, se ordene negocialmente e non unilateralmente polo Estado a través, como habemos de ver, do exercicio de títulos de competencias que, cando menos, son dubidosos. Este sería, para nós, unha das principais consecuencias da vontade de afondamento no principio de colaboración, afirmado polo TC como presuposto para o bo funcionamiento do Estado autonómico, reflectida nos acordos autonómicos do 28 de febreiro de 1992.

A inescusabilidade da colaboración neste eido da actuación conxunta entre o Estado e as CCAA, vén mesmo afirmada na STC 146/1992, do 16 de outubro, que resolve o recurso de inconstitucionalidade presentado polo Goberno galego contra determinados preceptos da LIR. En efecto, sinala o fundamento xurídico 1º desta sentencia que as competencias autonómicas de desenvolvemento

e execución das accións de fomento adoptadas polo Estado para lle dar cumprimento ó disposto no art. 138.1^a CE, só se poderán actualizar na medida en que non se arriske a orientación unitaria que debe presidi-lo outorgamento destas axudas, por máis que

"A inevitable limitación que así resulta para as competencias autonómicas de desenvolvemento e execución hase de equilibrar, non obstante cunha apertura dos órganos ou procedementos legalmente establecidos á cooperación entre o Estado e as comunidades autónomas, cooperación que constitúe o método conveniente de actuación no noso Estado composto en moitos casos (STC 13/1992, fundamento xurídico 2º) e que devén escusable, desde logo, na execución de regulacións do tipo das que aquí se axuizan"

²⁴ Razoamentos sacados da xa citada STC 29/86, fundamento xurídico 5º.

²⁵ A exposición do cal farémola seguindo a STC 29/1986.

²⁶ STC 29/1986, citada pola STC 199/1989.

²⁷ Ídem nota anterior. Na STC 199/89, fundamento xurídico 3º, dise que o que se discute "non se refire ó *quantum* da participación autonómica na tramitación da resolución impugnada", senón a determinar se, conforme ás competencias de execución da CAG, vén esixida a presencia das CCAA nos órganos establecidos para a execución do plan que o Estado estableza. Dicir que a devandita STC resolvía un conflicto positivo de competencias creado pola Xunta de Galicia contra a Resolución do 26 de novembro da Dirección Xeral de Industrias Siderometalúrxicas e Navais do Ministerio de Industria e Enerxía español, aprobando o programa de reconversión presentado pola E. N. Astano do Ferrol, con base na competencia da CAG en materia de execución dos plans de reestructuración establecidos polo Estado *ex art. 30.I.7º EAG*.

²⁸ Ídem nota anterior.

²⁹ E dentro deles é onde se lles recoñece ás comunidades autónomas afectadas aquela participación. Sen embargo, a propia constitución dos grupos de traballo semella ser unha decisión discrecional do propio Consello Rector.

³⁰ E, coma no caso dos grupos de traballo, tamén con carácter potestativo.

³¹ Ve-los arts. 21 e 22 do Regulamento da lei de incentivos rexionais.

³² Cfr. art. 12.

³³ Cómpre, sen embargo, termos en conta a relevancia que a participación orgánica das CCAA no procedemento, ten para os efectos de "modular" a decisión estatal: cando esta se afaste dos termos do informe da Administración autonómica, haberán de se expo-los motivos deste afastamento, conforme ó art. 43.1º LPA. Neste sentido, *vid.* E. Malaret, *Réxime xurídico administrativo da reconversión industrial*, pp. 327 e 328.

³⁴ No mesmo sentido maniféstase Alfonso Utrilla de la Hoz, no seu traballo "Una nota sobre la regulación normativa de los incentivos regionales", publicado na *RDF e HP* nº 195-196, na p. 720

do cal conclúe que "as competencias reservadas ás CCAA non van moito máis alá das funcións de consulta e administración dos proxectos de promoción, sen establecer canles de coordinación xeral da política de incentivos rexionais do conxunto das autonomías en foros de discusión e análise permanente, cunha maior utilización do Consello de Política Fiscal e Financeira ou outros órganos creados para este efecto.

É certo que a falta dun marco totalmente perfilado de competencias en materia de política rexional por parte da CEE, dificulta a coordinación coas CCAA, pero cómpre, para acadar unha maior eficacia na práctica das medidas estimuladoras, unha actuación más directa das mesmas".

³⁵ Ex art. 24 e 27 do regulamento.

³⁶ Cfr. art. 30 do regulamento.

³⁷ Cfr. art. 33, 34 e 35 do regulamento.

³⁸ Cfr. f.x. 1º.

³⁹ Cfr. f.x. 3º *in fine*.

⁴⁰ Vid. neste sentido o voto particular do maxistrado RUBIO LLORENTE á STC 152/1988 en materia de vivenda.

⁴¹ Vid., neste sentido, LINDE PANIAGUA, *Introducción al sistema económico de la Constitución española*, Valencia, 1987. Considera este autor, e nós concordamos plenamente, que "a cláusula do art. 9.2º, sen dúbida, crea unha ampla habilitación nos poderes públicos para a transformación política, social e económica do país, conforme ó conxunto de técnicas e sistemas de distribución de competencias entre os poderes públicos que ten lugar no texto constitucional" (p. 13).

⁴² O TC ten considerado en reiteradas ocasións que cando por medio dun recurso de inconstitucionalidade se valoren impugnacions de carácter competencial, as consideracions que na sentencias se realicen sobre do ordenamento de competencias no ámbito de que se trate, serán a penas as estritamente necesarias para decidir sobre as impugnacions deducidas (posto que "non é finalidade do recurso de inconstitucionalidade definir, en abstracto, a maneira de axuste entre as competencias estatais e autonómicas, senón axuiza-la conformidade ou desconformidade coa Constitución das disposicións legais impugnadas"). Pero en todo caso, engade o TC que o anterior non impide que "o axuizamento se deba levar a cabo (...) partindo, en boa medida, de regras constitucionais e estatutarias que teñen un contido de competencias" (cfr., SSTC 154/1988, f.x. 1º e 103/1989, f.x. 1º).

⁴³ Cfr. sent. cit., f.x. 5º.

⁴⁴ Ve-la STC 152/88, fundamento xurídico 4º, entre outras.

⁴⁵ Cfr. STC 144/85, fundamento xurídico 2º.

⁴⁶ Caso, *v. gr.*, do turismo. Ve-lo art.7.1º do RD 568/1988, do 6 de maio, de delimitación da ZPE de Galicia.

XURISPRUDENCIA

A propósito da Sentencia nº 173/1993, do 9 de marzo de 1993, da Sala do contencioso-administrativo do TSX de Canarias

Marta
García
Pérez

Profesora adxunta de
dereito administrativo

Aprobación definitiva das Normas subsidiarias de planeamento do Concello da Oliva (Fuerteventura) provocou no seu día a interposición dun recurso contencioso-administrativo promovido pola Administración do Estado fronte á Comunidade Autónoma de Canarias e o dito termo municipal, que foi resolto pola Sentencia 173/1993 do TSX de Canarias.

O panorama descrito nesta sentencia brinda a oportunidade de analiza-la extensión do título “dominio público marítimo-terrestre” e o seu significado no marco do Estado das autonomías, especialmente a partir das sentencias do Tribunal 149 e 198 de 1991, do 4 de xullo e 17 de outubro respectivamente.

Nos mesmos termos ca en conflictos anteriores¹, a xurisprudencia vese obrigada a confronta-la idea do dominio público elaborada no marco dun Estado unitario e centralista á nova realidade autonómica, facéndose eco dunha doutrina xa consolidada do Tribunal Constitucional que resultou determinante, como se verá, no ámbito do demanio marítimo.

1. O criterio xurisprudencial:

a) A STC 77/1984, do 3 de xullo

(Ponente: A. Latorre Segura):

Nesta sentencia resólvese o conflicto positivo de competencia nº 250/1982 promovido polo Goberno da nación fronte ó País Vasco respecto das resolucións do Departamento de Política Territorial e Obras Públicas daquela Comunidade Autónoma con data do 2 e 3 de marzo de 1982, pola que se aprobaba, respectivamente, con carácter definitivo o PXOU de Bilbao e a súa comarca, consistente na inclusión da infraestructura viaria pertencente á denominada solución Ugaldebieta e o plan especial para a execución desta última.

O principal argumento do avogado do Estado era o carácter exclusivo da competencia estatal sobre o porto de Bilbao (ex. artigo 149.1.20 CE), que tería un alcance total, e non deixaría fóra ningunha actuación imaxinable sobre o porto (por exemplo o trazado dunha estrada interior).

Non obstante, o TC rebateu a dita argumentación afirmando a existencia de *competencias concorrentes*:

“A atribución dunha competencia sobre un ámbito físico determinado non impide necesariamente que se exerzan outras competencias nese espacio como xa declarou este Tribunal (Sentencia nº 113/1983, f.x. 1). *Esa concurrencia é posible cando recaendo sobre o mesmo espacio físico as competencias concorrentes teñen distinto obxecto xurídico.* Así, no presente caso, a competencia exclusiva do Estado sobre portos de interese xeral ten por obxecto a propia realidade do porto e a actividade relativa ó mesmo, pero non calquera tipo de actividade que afecte ó espacio físico que abrangue un porto. A competencia de ordenación do territorio e urbanismo (sen que interese agora analiza-la relación entre ámbolos conceptos) ten

¹ Véxase por exemplo a Sentencia do Tribunal Supremo do 28 de xaneiro de 1992 (Az. 755, ponente: J. Barrio Iglesias) respecto da aprobación definitiva do PXOU de Nules (Castellón de la Plana).

por obxecto a actividade consistente na delimitación dos diversos usos a que se poida destina-lo solo ou espacio físico territorial.

Non cabe excluír, polo tanto, que nun caso concreto podan concorrer no espacio físico dun porto de interese xeral, neste caso o de Bilbao, o exercicio da competencia do Estado en materia de portos e o da Comunidade Autónoma en materia urbanística. Pero esta concorrenza só será posible cando o exercicio da competencia da Comunidade Autónoma non interfira no exercicio da competencia estatal nin o perturbe" (f.x. 2º).

A continuación, o TC fixo unha declaración fundamental respecto do alcance do título de dominio público e da natureza dos ditos bens, para facer fronte ó argumento do avogado do Estado que se valía da condición demanial do porto para negar calquera tipo de competencias autonómicas:

"Pero á parte de que *a condición de dominio público non é un criterio utilizado na nosa Constitución nin no EAPV (por cita-lo único que aquí interesa), para delimitar competencias,* é o certo que *o concepto de dominio público serve para cualificar unha categoría de bens, pero non para illar unha porción de territorio do seu contorno, e consideralo como unha zona exenta das competencias dos diversos entes públicos que as exerzan ...*" (f.x. 3º).

Finalmente, o TC decidiu que a titularidade da competencia controvertida lle correspondía á Comunidade Autónoma do País Vasco.

**b) A STC 227/1988, do 29 de novembro
(Ponente: J. Leguina Villa):**

Dictouse en relación coa Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, ante os recursos de inconstitucionalidade 824, 944, 977, 987 e 988/1985 e conflictos positivos de competencia 995/1986 e 512 e 1208/1987 (acumulados), promovidos os primeiros pola Xunta de Galicia, cincuenta e nove senadores, o Consello do Goberno vasco e de Cantabria en relación coa Lei 29/1985, e os dos segundos polo Goberno vasco en relación con diversas disposicións.

Nesta sentencia, praticamente coetánea da entrada en vigor da Lei 22/1988, estableceronse varios criterios que resultaron definitivos, nun primeiro momento para realiza-la primeira interpretación da recente lei de costas

e despois para determina-lo alcance da decisión do TC nas súas sentencias 149 e 198 de 1991, sobre o conxunto normativo costeiro.

O máis destacado da sentencia é o rexeitamento definitivo de calquera tendencia expansionista das competencias estatais con motivo da previa declaración como dominio público estatal do demanio hidráulico.

O Tribunal Constitucional matizou a visión patrimonialista do dominio público como punto de partida para desentraña-lo verdadeiro significado da técnica demanial:

“... a incorporación dun ben ou dominio público supón non tanto unha forma específica de apropiación por parte dos poderes públicos, senón unha *técnica dirixida primordialmente a excluí-lo ben afectado do tráfico xurídico privado*, protexéndoo desta exclusión mediante unha serie de regras exorbitantes das que son comúns no dito tráfico *iure privato*. O ben de dominio público é así ante todo *res extra commercium*, e a súa afectación, que ten esa eficacia esencial, pode perseguir distintos fins ...” (f.x. 14).

O feito de que esta incorporación dun ben ou dominio público non supoña “tanto unha forma específica de apropiación” por parte dos poderes públicos, como unha técnica para excluílos do tráfico xurídico privado, non é unha negación absoluta da posibilidade dun derecho de propiedade sobre o demanio. E diso foi consciente o TC, que, pese á posible existencia dunha propiedade pública sobre os bens demaniais, afirmou categoricamente:

“... son, en principio, separables a *propiedad pública* dun ben e o ejercicio de *competencias públicas* que o utilizan como soporte natural” (f.x. 14).

Afirmación fundamental, non só para impedir que a declaración de titularidade demanial en favor do Estado arrastre a atribución das competencias que recaian fisicamente sobre o dito ben, senón tamén o contrario, que a atribución de competencias sobre determinado espacio demanial leve consigo, sen máis, a declaración de titularidade en favor do titular das competencias².

Ámbolos argumentos foron defendidos polo TC:

“A titularidade estatal do dominio público hidráulico non predetermina, como se dixo, as competencias que o Estado e as CCAA teñen atribuídas en relación co mesmo. De ser certo, como alega o letrado do Estado, que do artigo 149.1.22 da Constitución non se deriva a titula-

² Vid. MEILÁN GIL, J.L., *La ordenación jurídica de las autonómias*, p. 113 e SALA ARQUER, J.M., “Comunidades Autónomas y Dominio Público” en *Organización Territorial del Estado*, 1984, p. 2811.

ridade dominical autonómica sobre as augas que, en virtude dese precepto, os recorrentes cualifican de intracomunitarias, pois iso responde a unha concepción patrimonial do dominio público que non se desprende do texto constitucional nin dos EEAA, tamén o é que non cabe servirse desa mesma concepción para sostener, sen máis, que ó Estado lle corresponden unha serie de potestades exclusivas sobre as augas públicas en concepto de dono das mesmas. Por iso, *o que importa é analiza-los preceptos constitucionais e estatutarios que regulan a distribución de competencias nesta materia ...*" (f.x. 15).

Isto último sinala o único camiño ou a ineludible vía de solución dos conflictos de competencias que recaen sobre un soporte físico demanial. Porque está claro que os bens de dominio público non son só bens respecto dos que é preciso establecer o réxime xurídico de dominio, xestión e aproveitamento en sentido estricto, que lle corresponderá ó seu titular, senón que

"constitúen ademais o soporte físico dunha pluralidade de actividades, públicas ou privadas, en relación coas cales a Constitución e os estatutos atribúen competencias tanto ó Estado como ás CCAA: concesións administrativas, protección do medio ambiente, vertidos industriais ou contaminantes, ordenación do territorio, obras públicas, réxime enerxético, pesca fluvial, entre outros" (f.x. 13)...

di o TC respecto dos recursos hídricos, nunha consideración ampliable a todo o dominio público.

c) A STC 103/1989, do 8 de xuño (Ponente: A. Rodríguez Bereijo):

Resolutoria dos recursos de inconstitucionalidade nº 682 e 683/1984, promovidos respectivamente pola Xunta de Galicia e o Parlamento de Galicia contra a Lei 23/1984, do 24 de xuño, de cultivos mariños, contén unha interesante doutrina na seu f.x. 6.a), baseado nalgúns argumentos dos que se valeu o avogado do Estado para opoñerse, concretamente, á impugnación do obxecto da lei, establecido no seu artigo 1, conforme co cal:

"A presente lei ten por obxecto a regulación e ordenación dos cultivos mariños no territorio nacional, zona marítima-terrestre, rías, esteiros, lagoas e albufeiras en comunicación permanente ou temporal co mar, mar territorial e zona económica exclusiva, tanto en bens de

dominio público como de propiedade privada, todo iso sen menoscabo das competencias e facultades asumidas polas CCAA".

Sobre iso, di o TC:

"Estima, en efecto, o representante do Goberno que a conformidade coa Constitución do precepto citado conformariase, á parte de por outras consideracións, en virtude da dobre advertencia de que a competencia de Galicia se estende só ás súas "augas interiores" e de que, por outro lado, os espacios físicos designados no impugnado artigo 1 son bens de dominio público (non cabe entender doutro xeito a súa invocación, a este propósito, dos artigos 1 e 2 da Lei 28/1969, de costas, vixente no tempo da interposición destes recursos. Estes argumentos non poden ser acollidos no que teñen, un e outro, de limitación da competencia sobre acuicultura e de afirmación de competencias do Estado. En canto ó primeiro deles, porque, como xa dixemos, nin a Constitución nin o Estatuto de autonomía de Galicia circunscriben a referida competencia ás "augas interiores" (arts. 148.1.11 e 27.15 respectivamente), precisón que, pola contra, si consta en ámbolos textos normativos no que se refire á "pesca", materia, esta última, respecto da cal tanto a Constitución como o Estatuto singularizaron o "marisqueo" e a "acuicultura", sen que caiba, por vía de interpretación, suprimir ou esvaecer esta distinción. *Tampouco, doutra banda, cabe afirmar unha competencia principal ou directa do Estado sobre os espacios físicos designados no artigo 1 da lei sobre a soa base do seu carácter de bens de dominio público,* abondando aquí con recordar que a condición de dominio público non é un criterio utilizado na Constitución nin nos EEAA para delimitar competencias, nin tampouco serve para illar unha porción de territorio do seu contorno e consideralo como unha zona exenta das competencias dos diversos entes públicos que as exerzan (STC 77/1984, f.x. 3º; en sentido análogo, STC 227/1988, f.x. 15)" (f.x. 6.a).

2. O dereito positivo:

O "dominio público" concíbese como un título de intervención dirixido primordialmente a acadar algún des tes fins:

- protexer física e xuridicamente categorías determinadas de bens que, por estaren destinadas a un uso público, deben permanecer fóra do tráfico xurídico ordinario;

³ Vid. GALLEGOS ANABÍTARTE E OUTROS, *Derecho de Aguas en España*, I, MO-PU, 1986, p. 399, para quem a declaración de dominio público se limitou a outorgarlle ó Estado un título de intervención sobre as augas, sen que este pretendese incorporalas ó seu patrimonio para beneficiarse delas. O que se pretende é, precisamente, a explotación ordenada da auga, e o seu fundamento radica no artigo 128 da Constitución, que lle permite reservar ó sector público "recursos" ou servicios esenciais. "Esta "reserva" pode ter varios graos, autorización con reserva de prohibición "discrecional"; prohibición con reserva de autorización ou concesión "discrecional"; declaración de que o ben ou recurso é de dominio público, regulándose o acceso dos particulares ó dito recurso por medio de autorizacóns, e en caso de maior intensidade por un título xurídico específico: a concesión". Un paso crecente na intervención estatal sería a previsión de que a explotación do ben ou recurso só se fará por un concesionario en monopolio ...; por último, a plena asunción polo Estado da explotación de recursos ou servicios a través dun órgano con ou sen personalidade xurídica diferente ...". Cfr. *Derecho de Aguas* ..., cit., p. 404 ss.

⁴ Cfr. op. cit., p. 75 e ss.

- garantir determinados servicios esenciais que teñen soporte físico demanial, como é o caso das telecomunicacións a través do dominio público radioeléctrico;
- reservar e ordena-la explotación de recursos naturais escasos, no sentido do artigo 128 da Constitución.

En contra da opinión dos que botan en falta o apoio do dereito positivo a esta particular concepción do dominio público, existen recentes normas que autorizan esta tese.

a) É o caso da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, que supera a clásica concepción patrimonialista que podería ver no título preliminar da norma unha forma específica de apropiación³.

Como xa se expuxo *supra*, así o recoñeceu o TC na Sentencia 227/1988, ó defini-lo dominio público hidráulico como unha técnica dirixida primordialmente a excluí-lo ben afectado do tráfico xurídico privado, protexéndoo desta exclusión mediante unha serie de regras exorbitantes das que son comúns no dito tráfico *iure privato*, "coa finalidade de garanti-la xestión controlada e equilibrada dun recurso esencial" (f.x. 14).

Este xeito de entende-lo dominio público facilita a comprensión de diferentes aplicacóns da técnica demanial ata o de agora elaboradas con base na relación de propiedade que caracterizaba o binomio *dominio público-titular*. É o caso da "reserva", sobre a que afirmaba BALLBE en 1951 que "si bien antiguamente, cuando aún no se había llegado a la concepción del Estado como personalidad, ante el correlativo imposible de atribuir una titulidad a las cosas dominicales, éstas se consideraban *res nullius* o *res communes omnium* y, por consiguiente, sólo se asignaban al poder público meras facultades de conservación y policía, lo cierto es que en la actualidad, con el reconocimiento de la personalidad jurídica del Estado y desaparecida, por ende, aquella antigua incompatibilidad dogmática, es unánime doctrina que la Administración ejerce sobre los bienes públicos, no simples facultades de *imperium*, sino las potestades inherentes al *dominium* ..."⁴.

En consecuencia –continuaba o seu razonamento– sendo a Administración titular do dominio das cousas públicas, pode, en principio, como todo dono e por deriva-

ción natural do derecho de propiedad (pública ou privada), exerce-las facultades de goce inherentes ó dominio de dúas maneiras: en por si, directamente ou a través dun dos membros que integran a organización administrativa; ou de xeito mediato, autorizándolle os administrados o goce baixo calquera dos xeitos que permite o derecho público, principalmente a concesión. E do mesmo modo que os propietarios privados poden exerce-las súas facultades de goce directamente (persoalmente ou a través dos seus dependentes), ou ben arrendando a explotación, así tamén a Administración pode utilizar-as cousas de dominio público, non só por concesión, senón en por si: iso é inmanente á propiedade. O fundamento xurídico da reserva estriba, pois, na titularidade "dominal" que lle corresponde á Administración sobre os bens de dominio público.

Na actualidade, o establecemento de reservas débese concibir como unha manifestación máis do feixe de potestades que confire a atribución da cualidade do dominio público, neste caso hidráulico. O Estado pode establecer reservas (de auga e de terreos) necesarias para as actuacións e obras previstas nos plans hidrolóxicos, por exemplo (art. 41.1). Pero non é admisible fundamentala potestate no carácter de dono do demanio. A reserva fundáméntase, como toda a actividade da Administración, no servicio ó interese xeral; será este, e non un suposto derecho de propiedad pública, o que lexitime a reserva de recursos hídricos en favor do Estado⁵.

A propia Lei de augas permite afirmar que polo menos algunha das augas incluídas no dominio público hidráulico do Estado non é "da súa propiedade". No seu título primeiro, "Do dominio público hidráulico do Estado" inclúense, como bens de dominio público, "os acuíferos subterráneos, para os efectos dos actos de disposición ou de afección dos recursos hidráulicos" (art. 2.d), afirmación matizada logo no art. 12:

"O dominio público dos acuíferos ou formacións xeológicas polas que circulan augas subterráneas, enténdese sen prexuízo de que o propietario do fondo poida realizar calquera outra que non teña por finalidade a extracción ou aproveitamento da auga, nin perturbe o seu réxime nin deteriore a súa calidade, coa excepción prevista no apartado 2 do art. 52".

⁵ Vid. MENÉNDEZ REXACH, A. e outros, *Derecho de Aguas ...*, cit., p. 595 ss. e MORILLO VELARDE, op. cit., p. 140.

⁶ No mesmo sentido, MENÉNDEZ REXACH, A., *Derecho de Aguas ...*, op. cit., p. 522, nota 6. Vid. tamén as reflexións acerca do artigo 1.2 da Lei de augas, que declara que as aguas superficiais e as subterráneas renovables constitúen un "recurso unitario, subordinado ó interese xeral". Este precepto é moi fácil de xustificar á luz da teoría tradicional: as augas superficiais e subterráneas mencionadas son propiedade do Estado, o que no impide que as CCAA exerzan competencias sobre as mesmas (art. 16 lei). Agora ben, de considerar que o característico do dominio público non é a relación de propiedade sobre determinados bens, senón un título

xurídico para regulalos e intervir na súa administración e explotación, a configuración do dominio público hidráulico estatal que aparece na Lei de augas ten o se apoio no art. 128 CE, que lle permite reservar ó sector público recursos ou servicios esenciais. A lei resérvalle ó Estado a regulación e control do uso dos ditos bens; o interese xeral que xustifica a reserva para o Estado do recurso hidráulico unitario con base no art. 128 CE transcende as demarcacións territoriais autonómicas e locais e, por iso, o dominio público deses recursos configúrase como estatal. Cfr. *op. cit.*, p. 579 ss.

⁷ Vid. GALLEGOS ANABITARTE, A., *Derecho de Aguas*..., cit., p. 399 ss. e GONZÁLEZ-BERENGUER URRUTIA, J. L., *Comentarios a la Ley de Aguas*, Madrid, 1985, p. 20 ss.

⁸ Vid. DEL SAZ, S., *Aguas subterráneas, aguas públicas (El nuevo Derecho de Aguas)*, Marcial Pons, 1990, p. 63 ss. Para a autora, o mesmo ocorreu no sector mineiro, onde a declaración de dominio público dos recursos minerais conviviu tradicionalmente co seu aproveitamento polos particulares, que gozaron dunha posición bastante consolidada moi similar á do verdadeiro propietario.

É dicir, a cualificación dos acuíferos como dominio público non entraña “propiedade” estatal no sentido do CC, senón a atribución dun título de intervención. Conforme ó art. 350 CC, o propietario dun terreo é o dono da súa superficie e do que está debaixo dela, e pode facer nel as obras, plantacións e escavacións que lle conveñan, excepto as servidumes e con suxeición ó disposto nas leis sobre minas e augas e nos regulamentos da policía. É dicir, a declaración de dominio público dos acuíferos non implica que pasen a ser “propiedade do Estado” por conta do propietario do fundo correspondente, senón que o Estado, en canto titular do demanio, pode realizar unha intensa intervención sobre o dito dereito de propiedade, limitándoo (por exemplo, limitando o seu aproveitamento ata un volume total anual de sete mil metros cúbicos, art. 52.2) pero non baleirándoo de contido⁶.

Así entendida a cuestión, non sería necesario acudir á idea da “nacionalización” das augas subterráneas para xustifica-la intervención estatal sobre determinados bens ata o de agora pertencentes ós propietarios dos terreos nos que se atopan⁷. A declaración de demanialidade das augas subterráneas, lonxe de pretende-la conversión en patrimonio do Estado dos recursos hidráulicos, persegue a atribución ó Estado dun título máximo de intervención e control que lle permita garanti-la súa explotación racional e distribuí-los aproveitamentos⁸.

b) A Lei 31/1987, do 18 de decembro, de ordenación das telecomunicacións é outra manifestación máis da concepción que se defende. O artigo 5 do regulamento e o anexo á Lei nº 13 definen o dominio público radioeléctrico como “o espacio polo que se poden propagar las ondas radioeléctricas”. Non é preciso indicar que neste caso está de máis a fixación dun “titular” do dominio público radioeléctrico, moito más se considerámo-lo titular do dominio público desde unha concepción patrimonialista clásica. Como moito, a citada lei chega a dicir:

“Correspónelle ó Estado a xestión, coas súas facultades inherentes de administración e control, do dominio público radioeléctrico, que se exercerá con suxeición ó establecido nos tratados e acordos internacionais e atendendo ás instruccións e recomendacións da Unión Internacional de Comunicacións” (art. 7.1 lei).

Como se ve, as facultades de xestión, administración e control deste ben atribúenselle á Administración estatal sen necesidade de vincular esta atribución á idea da titularidade. En calquera caso, unha vez máis a idea do título de intervención consagrarse no dereito positivo. Neste suposto, o réxime xurídico especial destes bens ten a súa causa, non nun suposto dereito de propiedade do titular sobre os mesmos⁹, senón no mantemento dun servicio esencial (as telecomunicacións) directamente vinculado á "satisfacción das necesidades públicas e privadas de telecomunicación" (art. 1.2 lei)¹⁰.

c) O artigo 44 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español confirma, unha vez máis, que a concepción clásica do dominio público está a ser sometida a revisión:

"1. Son bens de dominio público tódolos obxectos e restos materiais que posúan os valores que son propios do patrimonio histórico español e sexan descubertos como consecuencia de escavacións, remocións de terra ou obras de calquera índole ou por azar. O descubridor deberá comunicarlle á Administración competente o seu descubrimiento no prazo máximo de 30 días e inmediatamente cando se trate de achados casuais. *En ningún caso lles será de aplicación a tales obxectos o disposto no artigo 351 Cc*".

Neste caso máis ca en ningún outro, pola claridade da norma, a declaración demanial significa a exclusión do réxime común do tráfico xurídico privado dos bens¹¹ e a aplicación dun réxime xurídico exorbitante encamiñado á protección do destino dos bens:

ARTIGO 1.1. "Son obxecto da presente lei a protección, acrecentamento e transmisión ás xeracións futuras do patrimonio histórico español".

E iso sen necesidade de declarar a quen lle corresponde a titularidade destes bens. A norma limitase a facer unha expresa atribución de poderes, deberes e atribucións á Administración do Estado que deberá exercitar dentro do marco de competencias que lle corresponde en virtude do reparto establecido na CE:

ARTIGO 2.1. "Sen prexuízo das competencias que lles correspondan ós demais poderes públicos, son deberes e atribucións esenciais da Administración do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 46 e 44, 149.1.1 e 149.2 da Constitución, garantí-la conservación do patrimonio histórico artístico, así como promove-lo enri-

⁹ Atopámonos ante o emprego da técnica demanial de forma absolutamente flexible, ignorando non só o concepto de "cousa" (léase "apropiación") senón mesmo o de "ben" ("utilidade"). A xustificación do réxime exorbitante do dominio público radioeléctrico atópase no intenso interese xeral que envolve a actividade que se realiza nese "espectro".

¹⁰ Vid. DE LA CUÉTARA MARTÍNEZ, J.M., no prólogo á obra de VILLAR ROJAS, F.J., *Privatización de servicios públicos*, Tecnos, 1993, p. 1: "El concepto de dominio público radioeléctrico, dominio del espectro radioeléctrico, el dominio de las ondas hertzianas, como se prefiera, parte del hecho de que los canales utilizables para la radiodifusión de ondas son limitados, para que las emisiones no se interfieran entre sí. Organizaciones internacionales atribuyen a cada país las frecuencias que este puede utilizar, y sus autoridades se vinculan a los distintos usos y se otorgan a los interesados. Pero el espectro radioeléctrico no es una "cosa", al estar conformado tan solo por cifras que identifican frecuencias y longitudes de onda. Se puede emitir en una frecuencia, pero no se puede ser propietario de la misma, en cuanto que la propiedad sólo afecta a cosas (cabe poseer el dere-

quecimiento do mesmo e fomentar e tutela-lo acceso de tódolos cidadáns ós bens comprendidos nel. Así mesmo, de acordo co disposto no *artigo 149.1.28 da Constitución*, a Administración do Estado protexerá os ditos bens fronte á exportación ilícita e á espoliación”.

d) O lexislador autonómico parece ser consciente de todo este proceso de redefinición do dominio público, como mostra a Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega, que define o demanio tendo en conta a “directa vinculación dos bens ou titularidades cunha función ou servicio público propio, ou ben con outros fins cunha relevancia que fora tipificada por unha norma con rango de lei”. Neste marco afírmase que:

“A delimitación dos bens ou titularidades que poidan posuír carácter demanial esixe supera-lo tradicional criterio que consistía en fundamentar toda a regulación sobre a base do “dereito real de dominio sobre bens inmobilés”, concibindo o dominio público como unha “relación de propiedade”.

En realidade, a esencia da regulación demanial radica nun *especial réxime xurídico de utilización e protección que se impón como consecuencia da directa conexión (afectación) dun ben a unha función ou servicio de relevancia legalmente definida*”.

3. A ordenación do litoral:

a) O contido da titularidade demanial:

Probablemente, un dos títulos que máis incidencias provoca sobre o dominio público marítimo-terrestre é o recollido no artigo 148.1.3 CE:

“As CCAA poderán asumir competencias nas seguintes materias: ... ordenación do territorio, urbanismo e vivenda”.

Esto é o que fixeron a maioría das CCAA¹². Tódalas costeiras excepto Cantabria e Asturias, mencionan a competencia para ordenación do litoral como distinta á anterior. Esta realidade foi tida en conta polo TC na Sentencia 149/1991, nunha primeira operación xurídica de cualificación das competencias implicadas, co fin de determinar “a categoría xenérica, de entre as referidas na

cho a emitir, pero ésta es otra cuestión); y, si no cabe hablar de propiedad, tampoco se debe hablar de dominio, pues ambas nociones tienen el mismo referente: los bienes. En fin, aunque el concepto de dominio público radioeléctrico fue ya consagrado en nuestro derecho legal y jurisprudencialmente, parece haber nacido de una extrapolación innecesaria, a suya vez motivada por un afán de acumular cuantos más títulos jurídicos mejor para controlar el derecho a emitir señales radioeléctricas, sobre todo de televisión”.

¹¹ Artigo 351 CC: “O tesouro oculto perténcelle ó dono do terreo no que estea. Sen embargo, cando o descubrimento se faga en propiedade allea ou do Estado e por casualidade, a metade corresponderalle ó descubridor ...”.

¹² Artigo 27.3 do Estatuto de autonomía (EA) para Galicia, 10.31 EA País vasco, 9.9 EA Cataluña, 13.8 EA Andalucía, 10.1.b) EA Asturias, 22.3 EA Cantabria, 8.8. EA Rioxa, 10.1.b), EA Murcia, 31.9 EA Valencia, 35.1.b), EA Aragón, 31.1b) EA Castela-A Mancha, 29.11 EA Canarias, 44.1 EA Navarra, 7.2 EA Extremadura, 10.3 EA Illas Baleares, 26.3 EA Madrid e 24.2 EA Castela-León. Trátase dunha competencia exclusiva de primeiro grao.

Constitución e nos EEAA, á que primordialmente se conducen as competencias controvertidas”¹³:

■ Tódalas CCAA costeiras competentes para a ordenación do territorio son tamén para a do litoral, independentemente de que así o especificaran nos seus respectivos EEAA¹⁴.

■ A ordenación do territorio ten por obxecto a actividade consistente na delimitación dos diversos usos a que se poida destina-lo solo ou espacio físico territorial¹⁵, e constitúe a expresión espacial da política económica, social, cultural e ecolóxica de toda sociedade¹⁶.

■ Esta significación da ordenación do territorio supón a actuación de poderes distintos, dotados de competencias propias. A Administración territorial que asume como competencia propia a ordenación do territorio (Comunidade Autónoma) ha de ter en conta, para levala a cabo, a incidencia territorial de tódalas actuacións dos poderes públicos no exercicio das súas respectivas competencias exclusivas, co fin de garanti-lo mellor uso dos recursos do solo e subsolo, do aire e da auga e o equilibrio entre as distintas partes do territorio mesmo¹⁷.

■ Esta realidade esixe que o exercicio das distintas competencias se manteña dentro dos seus límites propios, co fin de evitar calquera usurpación ilexítima de competencias. A necesidade de coordinar ou harmonizar, desde o punto de vista da súa proxección territorial, os plans de actuación das distintas administracións é inherente á idea mesma de “ordenación” do territorio¹⁸.

Pese ó recoñecemento constitucional da incorporación do litoral ou título de competencias das CCAA sobre a ordenación do territorio, a falta de criterios ordenadores das costas foi a tónica xeral da nosa lexislación urbanística desde os seus comezos¹⁹. Realidade que se pon de manifesto na exposición de motivos da Lei 22/1988, de costas:

“A esta situación chegouse, en xeral, en actuacións inconexas, sen a necesaria coordinación entre a lexislación do dominio público marítimo e a do solo, sen ter en conta a interacción terra-mar, nin a necesidade de establecer medidas que garantan a conservación destes espacios singularmente sensibles ó deterioro, nin os custos externos á propia acción nin a rendibilidade ou valor social do medio” (exposición de motivos I, parágrafo 5º).

¹³ STC 80/1985, do 4 de xullo.

¹⁴ STC 149/1991, do 4 de xullo, f.x. 1.A.

¹⁵ STC 149/1991, f.x. 1.B e 77/1984, f.x. 2.

¹⁶ STC 149/1991, f.x. 1.B, citando a Carta europea de ordenación do territorio, aprobada pola CEMAT o 23 de maio de 1983. Neste sentido BASSOLS COMA, “Sobre la colisión entre el destino urbanístico del suelo y su aprovechamiento minero”, REDA nº 20, 1979, p. 105 ss., fala da “progresiva vocación de xeneralidade da norma urbanística”, porque aspira a proxectar unha ordenación integral sobre o territorio, desde un banzo municipal ata unha dimensión nacional, chegando a través do planeamento urbanístico á aparición do protagonismo do territorio en tódalas súas ordes (económica, política, social, ambiental, ecolóxica, etc., mesmo a ordenación do ocio). Así se explica que a normativa urbanística xogase historicamente

Para facer fronte a esta situación, o lexislador de 1988 optou por incluír na normativa estatal unha serie de disposicións que exceden, con moito, a regulación do réxime xurídico do dominio público marítimo-terrestre; disposicións de marcado carácter ordenador que foron a causa de unánimes impugnacións por parte das CCAA costeiras, dirixidas preferentemente contra os artigos 22 e 34 da Lei de costas, por permitirlle á Administración estatal dictar normas para a protección de determinados tramos de costa, e contra o sistema de informes establecido como elemento coordinador nos seus artigos 112 e 117 especialmente.

Na Sentencia 149/1991, o TC parte dun razoamento xa obrigado:

“É sabido que, segundo unha doutrina que moi reiteradamente sostivemos [SSTC 77/1984, f.x. 3; 227/1988, f.x. 14 e 103/1989, f.x. 6.a)] a titularidade do dominio público non é, en si mesma, un criterio de delimitación de competencias e que, como consecuencia, a natureza demanial non illa a porción do territorio así caracterizado do seu contorno, nin a subtrae das competencias que sobre ese espacio lles corresponden a outros entes públicos que non exerzan esa titularidade ...” (f.x. 1.c STC 149/1991).

Ó mesmo tempo, recoñécese que da titularidade demanial derivan en favor da Administración estatal unha serie de facultades necesarias para preserva-las súas características propias e cumpri-las finalidades ou a función social que desempeña o litoral:

“Esta natureza e estas características da zona marítimo-terrestre non se reducen, como é ben sabido, ó simple feito físico de ser esa zona ou espacio no que entran en contacto o mar e a terra. Desa situación derivan unha serie de funcións sociais que a Carta europea do litoral resume, no primeiro dos seus apartados, sinalando que é esencial para o mantemento dos equilibrios naturais que condicionan a vida humana, ocupa un lugar estratégico no desenvolvemento económico e na reestruturación da economía mundial, é soporte das actividades económicas e sociais que crean emprego para a poboación residente, é indispensable para o recreo físico e psíquico das poboacións sometidas á presión crecente da vida urbana e ocupa un lugar esencial nas satisfaccións estéticas e culturais da persoa humana. Para servir a estas funcións o lexislador estatal non só está fa-

o papel de punto de referencia para a incorporación de obxectos institucionais que tiñan recoñecida unha sede clara no ordenamento xurídico: protección da paisaxe, ordenación do medio ambiente, defensa de recursos naturais, desenvolvemento económico a escala territorial ...

¹⁷ Vid. STC 149/1991, f.x. 1.B.

¹⁸ Ibid.

¹⁹ Vid. entre a nosa doutrina VERA-FERNÁNDEZ SANZ, A., “La ordenación de las playas y otros espacios costeros”, REDA nº 27, 1980, p. 588 ss.; PÉREZ MORENO, A., “La Ley de Costas y el planeamiento urbanístico”, RDU nº 117, 1990, p. 15 ss; MENÉNDEZ REXACH, A., “La ordenación de las playas y sus problemas jurídicos. En especial el tema de las competencias concurrentes”, RDU, p. 27 ss.; POVEDA DÍAZ, M.T., “La Ley de Costas de 28 de julio de 1988 y la planificación territorial y urbanística”, RDU nº 115, 1990, p. 73 ss.

cultado, senón obrigado, a protexe-lo demanio marítimo-terrestre co fin de asegurar tanto o mantemento da súa integridade física e xurídica, como o seu uso público e os seus valores paisaxísticos.

Estas finalidades que ampara o art. 45 CE non se poden acadar, sen embargo, sen limitar ou condicionar dalgún xeito as utilizacións do demanio e o uso que os seus propietarios poden facer dos terreos lindeiros con el e, en consecuencia, tam pouco sen incidir sobre a competencia que para a ordenación do territorio exercen as comunidades autónomas costeiras. Esta incidencia está lexitimada, no tocante ó espacio demanial, pola titularidade estatal do mesmo. No que se refire ós terreos lindeiros está claro, sen embargo, que esta titularidade non existe e que a articulación entre a obriga estatal de protexe-las características propias do dominio público marítimo-terrestre e asegura-lo seu libre uso público, dunha parte, e a competencia autonómica sobre a ordenación territorial, da outra, hase de facer por outra vía, apoiándose noutras competencias reservadas ó Estado en exclusiva polo art. 149.1 da CE ..." (f.x. 1.D)²⁰.

A titularidade demanial opera, pois, xustificadamente coma un *límite* para as competencias autonómicas de ordenación do territorio, límite que ha de te-la súa causa na necesidade de protexe-lo dominio público marítimo-terrestre (ex. art. 2 LC). Pero só nesa medida a implicación do título demanial no ámbito de competencias exclusivas será lexitima²¹.

A competencia estatal para regula-lo DPMT (determinación, protección e defensa) esgótase en garanti-la súa conservación e a súa utilización “libre, pública e gratuita para os usos comúns e acordes coa natureza daquel”. Con base niso, o Estado pode limita-las competencias urbanísticas das CCAA sen que supoña subtracción de competencias nin usurpación ilexítima de atribucións. Pero calquera limitación que non garde relación directa con eses fins non se poderá amparar no título demanial²². A “natureza das cousas” constituirá un límite para o exercicio da competencia autonómica, xa que non se poderán regular usos que sexan incompatibles coa natureza do dominio público marítimo-terrestre. Ó mesmo tempo, o límite que para aquela constitúe este, debe comprender soamente o que é específico do título estatal sobre o dominio público. Esta é a doutrina que, polo menos teoricamente, resume a STC 149/1991:

²⁰ A cursiva é da autora.

²¹ Vid. MEILÁN GIL, J.L., “La Ley de Costas y las competencias de las Comunidades Autónomas”, en *Ley de Costas: legislación y jurisprudencia constitucional*, 1992, p. 138 ss. Desde esta perspectiva xustifica a servidume de tránsito, por exemplo, que recae sobre unha franxa de seis metros, porque cómpre que quede expedita para os concretos fins de vixilancia e salvamento; e os primeiros vinte metros de servidume de protección, para depósitos temporais de obxectos ou materiais traídos polo mar ou para operacións de salvamento; pero maior dificultade presenta, para o autor, a protección dos restantes metros a regulación dos cales é característica dos plans de urbanismo. Cfr. p. 138.

²² Para MEILÁN GIL a protección da utilización dunha praia impedindo, por exemplo, que os edificios próximos proxecten a súa sombra na mesma, cae dentro das atribucións estatais en virtude do título demanial, porque a adecuada utilización dunha praia requiere que lle dea o sol; pero outro tipo de medidas para asegura-lo uso común é materia urbanística e non se poderá amparar naquel título; a este respecto, o autor considera extralimitada a disposición contida no artigo 33.4 LC (“a ocupación da

praia por instalacións de calquera tipo... non poderá exceder, no seu conxunto, da metade da superficie daquela en preamar e distribuise de forma homoxénea ó longo da mesma"), consideración en parte ratificada pola STC 149/1991 ó declarar inconstitucional aúa última parte por entender que a distribución das instalacións nunha praia debe ser feita pola Administración competente para a ordenación do territorio, ainda que no seu defecto poida valer como supletoria a norma legal que establece a distribución homoxénea (f.x. 4.B.c); e tamén declara inconstitucional a última parte do precepto ("solicitarase da Administración do Estado a distribución cando se estime que existen condicións especiais") pola mesma razón, pois trátase dunha tarefa que lle corresponde á Administración competente para a ordenación do territorio, ainda que poida a Administración estatal denegar as solicitudes de autorización ou concesión, ainda acomodadas á distribución prevista na ordenación do territorio, por razóns de interese público, de acordo co previsto no artigo 35, que examinaremos noutro lugar. *Vid. MEILÁN GIL, J.L., Comunidades Autónomas..., cit., pp. 142 e ss.*

²³ *Vid. f.x. 1.D STC 149/1991.*

"Aínda a risco de incorrer en reiteracións, non é superfluo advertir, tamén neste punto, que *esas facultades dominicais só poden ser lexitimamente utilizadas en atención ós fins públicos que xustifican a existencia do dominio público, isto é, para asegura-la protección da integridade do demanio, a preservación das súas características naturais e a libre utilización pública e gratuíta, non para condicionar abusivamente a utilización de competencias alleas e no que aquí máis directamente nos ocupa, a competencia autonómica para a ordenación territorial ...*" (f.x. 4.A).

En varias ocasións, o TC prescinde de encadrar unha determinada materia dentro das competencias propias que confire o título de dominio público e busca un título de competencias externo, alleo ó contido inicial ou normal da titularidade demanial. Este é o caso da invocación de dous títulos do artigo 149 CE:

a) O TC invoca a "igualdade de tódolos españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais" (art. 149.1.1 CE), que opera en dous planos distintos:

■ En primeiro lugar, para asegurar unha igualdade básica no exercicio do dereito a gozar dun medio ambiente adecuado ó desenvolvemento da persoa (art. 45 CE) en relación co dominio público marítimo-terrestre, o que fundamenta a lexitimidade de tódalas normas destinadas a garantir, en condicións basicamente iguais, a utilización libre, pública e gratuíta do demanio para os usos comúns e a establecer correlativamente o réxime xurídico dos usos e ocupacións que non o son.

■ En segundo lugar, para asegura-la integridade física e as características propias da zona marítimo-terrestre e para garanti-la súa accesibilidade, o que esixe impoñer servidumes sobre os terreos lindeiros e limita-las facultades dominicais dos seus propietarios, afectando directamente ó dereito de propiedade garantido na CE (art. 33).

b) O TC invoca así mesmo a competencia exclusiva do Estado para a "lexislación básica sobre protección do medio ambiente", sen prexuízo das facultades das CCAA de establecer normas adicionais de protección (art. 149.1.23 CE), xustificando as limitacións no uso dos terreos lindeiros co fin de preserva-las características propias da zona marítimo-terrestre²³.

Se acudimos a estes títulos, o ámbito da protección física e xurídica do dominio público marítimo-terrestre aparece excesivamente ampliado en favor dunha das administracións territoriais, neste caso a estatal, áinda que non é a súa cualidade de titular a que lexitima a súa actuación, e, loxicamente, en prexuízo doutra, a autonómica, que ve subtraídas da súa competencia sobre ordenación do territorio determinadas facultades encadradas polo TC nalgún dos títulos citados.

A procura da competencia prevalecente debería ter levado ó TC a relegar a un segundo plano os títulos do artigo 149.1.1 e 149.1.23 respecto do que consideramos “específico” da materia de que se trata, o contido no artigo 148.1.3 sobre ordenación do territorio, se ben coas limitacións que leva consigo a existencia de competencias concorrentes²⁴.

Un exemplo deste efecto atopámolo no artigo 25 LC, que prohíbe determinadas actividades na zona de servidume de protección.

As que “impliquen a destrucción de depósitos de áridos” (letra c) aparece plenamente xustificada porque se integra directamente dentro das facultades que a protección do dominio público marítimo-terrestre lle confiere ó seu titular. Distinta é a conclusión respecto doutras prohibicións: o TC xustifica as prohibicións das letras a, b, d e f por se tratar de normas dirixidas a protexer valores naturais e paisaxísticos, encadradas dentro da competencia estatal para establecer la legislación básica para a protección do medio ambiente (f.x. 3.D.c STC 149/1991). Ó noso xuízo, sen embargo, é discutible que todos estes supostos se deban circunscribir á materia de medio ambiente, por exemplo, a prohibición das “edificacións destinadas a residencia ou habitación” (letra a), que é unha materia fundamentalmente urbanística.

O título do artigo 149.1.23 supuxo, polo tanto, unha vía ampliadora das competencias estatais no espacio físico do dominio público marítimo-terrestre e fóra del (propiedades lindeiras), e esqueceu a necesaria presencia das competencias urbanísticas das CCAA, o contido das cales podería garantir, sen necesidade de articula-las técnicas xurídicas expostas, a protección da paisaxe cando iso non formase parte da estricta protección demanial²⁵.

²⁴ Vid. STC 32/1983, 80/1985, 227/1988, 137/1989, etc.

²⁵ No fondo está, para MEILÁN GIL, o prexuízo de que o Estado é mellor garantía do interese xeral, neste ámbito, cás CCAA. Crenza moito más paradoxal se pensamos que a degradación do litoral se produciu nun Estado centralizado. En principio non hai por que suponer que a Comunidade Autónoma ha de estar menos interesada có Estado na conservación do medio ambiente que lle afecta. Cfr. *La Ley de Costas ...*, cit., p. 140.

²⁶ A cursiva é da autora.

En sentido semellante invoca o TC o título de competencias comprendido no artigo 149.1.23 CE. Por exemplo, para lexitima-la disposición transitoria terceira da lei, referente á aplicación das normas sobre limitacións de predios lindeiros cos terreos clasificados desde o punto de vista urbanístico antes da entrada en vigor da Lei 22/1988. Di o TC:

“Cabe engadir que este réxime transitorio encontra ade-mais complementaria cobertura na competencia que ó Estado lle reserva o artigo 149.1.1 da CE, xa que con el se garante que as limitacións e servidumes que establece a lei non teñan unha proxección desigual sobre as facultades dos propietarios segundo as diversas situacións urbanísticas dos terreos e inmóbiles da súa titularidade. É dicir, se a necesidade de asegura-la igualdade de tódolos españois no exercicio do dereito que garante o art. 33.1 da C.E. non quedase plenamente asegurada se o Estado non regulase as condicións básicas da propiedade sobre os terreos lindeiros do dominio público marítimo-terrestre suxeitos ás limitacións xa coñecidas, tampouco quedaría se non procedese a fixa-los criterios ós que transitoriamente, en atención ó planeamento e circunstancias urbanísticas preexistentes en cada caso, se deba acomodar e axusta-la aplicación das ditas limitacións” (f.x. 8.D STC 149/1991)²⁶.

b) Os artigos 112 e 117 da Lei de costas:

O artigo 112 LC establece a competencia estatal para emitir informe preceptivo e vinculante en determinados supostos e concretamente respecto dos “plans e normas de ordenación territorial ou urbanística e a súa modificación ou revisión, no tocante ó cumprimento das disposicións desta lei e das normas que se dicten para o seu desenvolvimento e aplicación” (apartado a).

Sempre e cando estes supostos se circunscribisen estritamente á finalidade de protección e uso do dominio público marítimo-terrestre, non se lle debería pór tacha ningunha ó precepto. O problema radica de novo na visión ampliadora da noción “protección do dominio público marítimo-terrestre” que ó incluír, a máis da integridade física, a preservación medioambiental e paisaxística, lle atribúe ó Estado determinadas competencias en principio encadrables na ordenación do territorio ou urbanismo. Este informe aparece detalladamente regulado no artigo 117 LC, que distingue dúas fases:

a) Informe "inicial", que comprende suxestións e observacións e que se emite antes da aprobación inicial do plan²⁷;

b) Informe "definitivo", preceptivo e vinculante, emitido pola Administración estatal unha vez concluída a tramitación do plan e inmediatamente antes da aprobación definitiva.

No caso de que o informe non sexa favorable, o parágrafo 2º *in fine* do artigo 117 dispón un período de consultas co fin de chegar a un acordo. Se como resultado do mesmo se modifícase substancialmente o contido do plan, deberase someter de novo á información pública e audiencia dos organismos que interviñesen preceptivamente na elaboración.

A xuízo do TC, a forza vinculante do informe previsto no artigo 112 resulta debilitada polo disposto neste artigo 117:

"Nel, en efecto, e en contra do que as comunidades autónomas recorrentes parecen supor, *non se subordina a aprobación dos correspondentes instrumentos de ordenación* (ou da súa revisión ou modificación) sempre e en todo caso á concorrencia de ámbalas vontades, senón só *naqueles supostos nos que o informe desfavorable da Administración estatal verse sobre materias da súa competencia*, é dicir, sobre un ámbito limitado na forma que xa expuxemos ó analiza-lo art. 112. a). Só neses casos será indispensable abri-lo período de consultas para chegar ó acordo. Cando non sexa así, é dicir, *cando o informe negativo verse sobre materias que a xuízo da Comunidade Autónoma excedan a competencia estatal, a procura do acordo non é xuridicamente indispensable e, en consecuencia, poderá a Administración competente para a ordenación territorial e urbanística adopta-la decisión que proceda*, sen prexuízo, claro está, da posibilidade que á Administración estatal, se lle ofrece sempre, de atacar esa decisión por razóns de constitucionalidade ou de legalidade" (STC 149/ 1991, f.x. 7.D.a)²⁸.

Orazoamento parece axeitado: novamente a intervención estatal se limita á súa esfera de titular do dominio público marítimo-terrestre e, polo tanto, ó ámbito da protección do demanio. Sen embargo, o problema presentarase unha vez máis pola excesiva ampliación do termo "protección xurídica" do dominio público marítimo-terrestre que ó incluir medidas de suposto contido

²⁷ Algún autor criticou que este informe se pida antes da aprobación inicial do plan, sobre todo tendo en conta que é a través do acto de aprobación inicial cando a Administración urbanística actuante fai seu o proxecto sometido á súa aprobación. *Vid. POVEDA DÍAZ, M.T., "La ley de Costas de 28 de julio de 1988 y la planificación territorial y urbanística, RDU nº 115, 1990, p. 87.*

²⁸ A cursiva é da autora.

medioambiental subráelle competencias de ordenación do territorio ás CCAA. A pesar diso, a postura do TC é talante:

"O artigo 112 que lle atribúe á Administración estatal a facultade de emitir un informe preceptivo e vinculante sobre os plans e proxectos das comunidades autónomas, foi impugnado pola obvia razón de que este informemediatiza o exercicio por parte destas das súas competencias propias sobre a ordenación do territorio, vertidos, portos e vías de transporte e acuicultura.

Que a mediatización se produce é, desde logo, cousa innegable. Tamén o é, non obstante, que a emisión do informe se prevé para plans e proxectos, a posta en práctica dos cales require decisións da Administración do Estado (adscricións, concesións e autorizacións no caso dos apartados b, c e d, áinda que non necesariamente no caso a) que esta non pode ser forzada a adoptar cando as entende contrarias ás disposicións legais relativas á protección, preservación e uso público do demanio. A existencia dun informe previo, e preceptivo, nestes casos, é así un medio razonable para asegurar que a realización dos plans e proxectos non atope ó final un obstáculo insalvable. Cousa distinta é, naturalmente, o carácter vinculante que a estos informes preceptivos se lles outorga e que, como máis tarde veremos, se atopa considerablemente atenuado, no tocante ós plans e normas de ordenación territorial ou urbana, polo dispuesto no art. 117 da propia lei, pois *a forza que así adquieren esos informes converte de feito a aprobación final do plan ou proxecto nun acto complexo no que han de concorrer dúas vontades distintas e esa concorrenza necesaria só é constitucionalmente admisible cando ámbalas vontades resolven sobre asuntos da súa propia competencia*. A posibilidade de admisión desta esixencia legal de informe vinculante ha de ser considerada por iso en relación con cada un dos supostos, de acordo con esta doutrina, que xa deixamos sentada na STC 103/1989 (f.x. 8).

Segundo se considera no parágrafo a), a competencia exercida, mediata ou inmediatamente, polas comunidades autónomas que han de aproba-los plans ou normas de ordenación territorial é a que, con carácter exclusivo, lles conceden os respectivos estatutos sobre a materia, mentres que a *competencia estatal* (máis precisamente facultade inherente na titularidade estatal) é a que *ten por obxecto a protección física do demanio e a garantía da súa utilización* e non é só a estas tarefas ás que o precepto se refire ó mencionar tódalas disposicións da lei e das normas dictadas para o seu desenvolvemento e aplicación.

Prescindindo de que, verbo desta última referencia se entenda incluídas as normas dictadas ó abeiro do art. 34, débese ter por nula, é obvio que entre as disposicións da lei se atopan, por exemplo, as que prohíben determinadas actuacións na zona de protección ou as limitan na zona de influencia, que consideramos lexítimas como normas de protección do medio ambiente costeiro, a execución das cales lles corresponde, por esta razón, ás comunidades autónomas. *Cando entenda que os plans ou normas de ordenación territorial infrinxen estas normas, a Administración estatal poderá sen dúbida obxectalas, pero a súa obxección non resulta vinculante, pois non é á Administración estatal, senón ós tribunais de xustiza a quen lles corresponde o control de legalidade das administracións autónomas e a estes deberá recorrer aquela para asegura-lo respecto da lei cando non é a competente para executala.* Cando, pola contra, o informe da Administración estatal propoña obxeccións baseadas no exercicio de facultades propias, incluída a de outorgar títulos para a ocupación ou utilización do demanio ou preserva-las servidumes de tránsito ou acceso, para referirnos só ás derivadas da titularidade demanial, ás que como sectoriais (defensa, iluminación de costas, portos de interese xeral, etc.) a súa vontade vinculará sen dúbida á Administración autonómica, que haberá de modificar en concordancia os plans ou normas de ordenación territorial ou urbanística" (f.x. 7.a.c STC 149/1991)²⁹.

A cuestión recondúcese unha vez máis á mesma idea, a de determina-lo significado da protección do demanio; e como vimos, unha visión excesivamente ampliadora do TC serviu para aumenta-las competencias estatais en detrimento das autonómicas. A competencia autonómica de ordenación do territorio non pode obvia-las esixencias do dominio público marítimo-terrestre e, polo tanto, o exercicio daquela atópase limitado pola competencia estatal correspondente, competencia que excede, con moito, a idea tradicional de protección do dominio público, ó incluir tamén medidas medioambientais que, na súa maioría, poderían terse reconducido ó título de ordenación do territorio ou urbanismo.

c) A declaración de inconstitucionalidade do artigo 34 da Lei de costas:

O pronunciamento do TC sobre o artigo 34 LC proporcionalle claridade á cuestión que analizamos. Segun-

²⁹ A cursiva é da autora.

do o seu teor literal, atribuíalle á Administración do Estado, coa cláusula xenérica “sen prexuízo das competencias de comunidades autónomas ou concellos”, a competencia para dictar normas xerais e as específicas para tramos de costas determinados sobre protección e utilización do dominio público marítimo-terrestre, debendo someterse a informe da Comunidade Autónoma e do concello correspondente con carácter previo á súa aprobación. Estas normas incluirían directrices sobre as seguintes materias:

- a) Realización de actuacións de defensa, rexeneración, recuperación, mellora e conservación do dominio público.
- b) Prioridades para atende-las demandas de utilización, existentes e previsibles, especialmente sobre servicios de tempada en praias, vertidos, e extraccións de áridos na ribeira do mar e nos terreos cualificados de dominio público en virtude dos artigos 4 e 5.
- c) Localización no dominio público das infraestruturas e instalacións, incluíndo as de eliminación de augas residuais e vertidos ó mar.
- d) Outorgamento de concesións e autorizacións.
- e) Réxime de utilización das praias, seguridade humana nos lugares de baño e demais condicións xerais sobre uso daquelas e as súas instalacións.
- f) Adquisición, afectación e desafectación de terreos.

O TC apunta o que podemos entender como a correcta articulación de competencias estatais e autonómicas: a competencia prevalecente, en caso de concorrenza, será a autonómica sobre a ordenación do territorio e do litoral e sobre urbanismo; as limitacións ó seu exercicio virán da existencia e funcionalidade do dominio público, con base nas cales o Estado pode establecer os criterios que debe ter en conta a Comunidade Autónoma:

“A eficacia que a estas normas se lles atribúe é, en definitiva, tal que son elas e non os instrumentos de ordenación do litoral producidos pola CCAA (instrumentos para a aprobación dos cales se require, polo demais, o informe previo e vinculante da Administración estatal segundo o art. 112), ou as medidas que estas adopten en execución da lexislación estatal sobre vertidos industriais e contaminantes ó mar (tamén requeridas de informe pre-

vio e vinculante: art. 112.b) as que determinen cal debe de se-la utilización e ocupación do demanio marítimo-terrestre, que realmente veñen ordenar. Non se trata, pois, nin de simples instruccións de servicio, nin de normas, que, dictadas en virtude de competencias específicas do Estado illadamente consideradas ou en conexión coas funcións que a este lle impón inescusablemente o art. 132.2, veñen a condiciona-la competencia asumida polas comunidades autónomas para a ordenación do seu propio territorio, senón de normas que proceden directamente a ordenalo e que, en consecuencia, invaden as competencias autonómicas.

Esta evidencia, que conduce inescusablemente a considerar inconstitucional o precepto que habilita á Administración do Estado para dictar estas normas, presenta, sen embargo, un problema que non podemos ignorar e esixe unha aclaración necesaria.

No tocante a esta última, convén subliñar aquí que a declaración de inconstitucionalidade do precepto non implica de ningún xeito que a Administración do Estado, á que lle incumbe a protección e utilización do demanio, non poida levar a cabo as actuacións de defensa, rexeneración, mellora e conservación do dominio público [apartado 1.a)], ou prever prioridades para atende-las demandas de extraccións de áridos (1.b), ou determinar cal é a localización nel das infraestructuras e instalacións (1.c), ou regula-lo procedemento para o outorgamento de concesións e autorizacións (1.d), ou resolve-lo necesario sobre a adquisición, afectación e desafectación de terreos (1.f), nin, en xeral, desempeña-las súas funcións propias sen outra orientación cá do interese público, de maneira que non poida negar, por exemplo, as autorizacións e concesións que se lle soliciten, áinda estando axustadas esas solicitudes ós correspondentes instrumentos de ordenación territorial, cando estime que o seu outorgamento sería prexudicial para a integridade do dominio público ou a súa utilización. Tampouco significa que os órganos centrais da estructura administrativa correspondente non poidan establecer, cando o estimen oportuno, os criterios ós que, con carácter xeral ou respecto de tramos específicos, se haberá de axusta-la actuación dos órganos periféricos impartindo instruccións ou directrices sobre as materias ou facendo uso da habilitación xeral que lles concede a disposición final 2^a.2. Unha cousa é, sen embargo, que en virtude da aplicación destes criterios se deneguen en un ou máis casos solicitudes de autorización ou concesión admisibles de acordo coa ordenación territorial ou urbanística, e outra ben

distinta que esas instruccions ou directrices, convertidas en normas veñan a substituila, de maneira que a negativa se poida fundar exclusivamente na non conformidade da solicitude co previsto nelas. *A denegación dunha solicitude tramitada de acordo coas previsións establecidas pola Administración competente para a ordenación do territorio e do litoral só se poderá fundar no dano que o seu outorgamento implicaría para a preservación do dominio público ou para a súa utilización, non por contravir normas emanadas dunha Administración que carece de competencias propias nesta materia"* (f.x. 4.B.d STC 149/1991)³⁰.

4. A Sentencia 173/1993, do TSX de Canarias, do 9 de marzo de 1993:

Con esa data, o TSX de Canarias resolveu o Recurso nº 360/1991 promovido pola Administración do Estado fronte á Comunidade Autónoma de Canarias e o Concello da Oliva contra a aprobación definitiva das Normas subsidiarias de planeamento (NSP) do dito término municipal.

Con data do 6 de xullo, 17 de outubro de 1989 e 9 de xaneiro de 1990, o MOP emitiu informes desfavorables ás NSP do término municipal da Oliva, nos que se señalaban “deficiencias substanciais” que se debían corrixir antes da súa aprobación definitiva.

Polo Acordo do 4 de xullo de 1990 (BO Canarias 7/11/90), apróbanse definitivamente as NSP e introdúcese respecto do contido daqueles informes o seguinte:

“Apartado 5: COSTAS: “Analizando o informe desfavorable emitido pola Dirección Xeral de Portos e Costas en relación coas NS do 6 de xullo e 17 de outubro de 1989, unicamente nos aspectos da súa competencia (excluídos os apartados 3.b. do informe do 6 de xullo e apartados 1 e 2 do informe do 17 de xullo) deberase corrixir previamente á súa entrada en vigor a normativa para a súa adaptación á LC, no seguinte sentido:

- Os usos na zona de servidume de protección estarán suxeitos ó disposto nos artigos 24, 25 e 26 LC.
- Deberase xustifica-lo cumprimento do disposto no artigo 30 LC en relación coa zona de influencia.
- As obras e instalacións existentes no dominio público e nas zonas sobre as que recae a servidume de protección estarán suxeitas ó establecido na disposición transitoria 4^a da LC e así se fará constar.

³⁰ A cursiva é da autora.

■ Deberase acredita-lo cumplimento do disposto no artigo 44.6 LC en relación coas instalacións de tratamento de augas residuais e colectores.

■ Da corrección destas deficiencias deberase solicitar novo informe á Dirección Xeral de Portos e Costas."

No informe do 9 de xaneiro de 1990, a Dirección Xeral de Portos e Costas reitera a súa desconformidade e formula un informe desfavorable, tralo cal se producen algúnsas correccións ó Acordo da CUMAC. Ó resultar insuficientes para o MOP, opta por impugna-lo acordo con base nas seguintes consideracións:

1^a A clasificación como urbanos de terreos que non o eran a entrada en vigor da LC, coa consecuencia substancial para os efectos de aplicar esta lei, de reduci-la servidume de protección de 100 metros prevista no artigo 23 a 20 metros, en virtude do establecido na disposición transitoria 3. Chégase a afirmar que as NS, neste punto concreto, trataron de eludi-la aplicación correcta da norma, dando lugar a unha fraude de lei.

2^a A non xustificación nas NS da vixencia do planeamento respecto de núcleos turísticos con plans parciais aprobados pero sen executar, por esixencia do parágrafo último da disposición transitoria 3^a.2.b. da LC, que establece que os plans que non se levasen a cabo no prazo previsto por causas non imputables á Administración deberán ser revisados para adaptarse á LC.

3^a A defectuosa sinalización das afeccións e limitacións que implican as servidumes establecidas na LC, como consecuencia de facer constar deslindes erróneos unhas veces, ou de non incluír no dominio público marítimo-terrestre bens que si debían integralo, outras.

4^a A diminución efectiva, real e transcendente das competencias que o Estado exerce para garantir a protección do dominio público ou aprobar las NS descoñecendo os informes iniciais e sen solicita-lo informe preceptivo definitivo que prevén os artigos 112.a) e 117 da LC configurados como un instrumento a través do cal o Estado leva a cabo a tutela e protección dos bens de DPMT definido na propia lei e ordenados a través do planeamiento territorial ou urbanístico.

Por todo iso, pídense a anulación do acordo da CUMAC, que aproba definitivamente as NSP do término municipal

pal da Oliva e a retroacción das actuacións ó momento procedemental que permita introduci-las determinacións contidas nos informes emitidos ó concello.

O TSX de Canarias limitase a aproximarse de forma xenérica ó fondo do asunto servíndose de varias sentencias do TS sobre temas distintos relacionados co urbanismo:

■ STS do 23 de xuño de 1992:

"Importa recordar que esta sala puxo reiteradamente de relevo que a diversidade de intereses presentes no campo do urbanismo fan da de planeamento unha potestade de titularidade compartida polo municipio e a Comunidade Autónoma –ss. do 20 de marzo, 10 de abril e 2 de outubro de 1990; 30 de xaneiro, 12 de febreiro e 25 de abril de 1991; 13 de febreiro, 18 de maio e 17 de xuño de 1992, etc.– e sobre esta base, superando unha interpretación puramente literal do artigo 132.3.b) do Regulamento de planeamento, vénse admitindo a posibilidade de que a Comunidade Autónoma introduza directamente modificacións no momento da aprobación definitiva dentro de certos límites –ss. do 22 e 24 de decembro de 1990 e 30 de xaneiro e 12 de febreiro de 1991– que foron concretados recentemente na S. do 18 de maio de 1992" (STS do 23 de xuño de 1992).

■ STS do 11 de xuño de 1992:

"A discrecionalidade característica do planeamento maniféstase claramente á hora de configura-lo solo urbanizable e o non urbanizable. Pero esta discrecionalidade opera dentro dun conxunto de límites de entre os cales é de destacar agora o que deriva do carácter regrado do solo urbano. A definición con rango legal do solo urbano constitúe un límite á potestade de planeamento pois o artigo 78.a) TRLS determina que a clasificación dun terreo como tal solo urbano depende do feito físico da urbanización ou consolidación da edificación, de xeito que a Administración queda vinculada por unha realidade que ha de reflectir nas súas determinacións clasificadoras. Así o vén declarando reiteradamente a xurisprudencia –ss. do 27 do xaneiro e 30 de decembro de 1986; 27 de xaneiro e 21 de setembro de 1987; 8 de marzo de 1988; 20 de marzo e 17 de xuño de 1989; 5 e 19 de febreiro de 1990; 8 de xullo e 29 de novembro de 1991, 24 de marzo e 18 de maio de 1992, etc.– que subliña que a clasificación dun solo como urbano constitúe un imperativo legal que non queda á vontade do planificador que ha de definilo en función da realidade dos feitos. E hase de advertir que o artigo 78.a) do TR utiliza dous criterios –urbanización ou consolidación da edifi-

cación- que ó se articular nun sistema alternativo determinan a consecuencia de que basta con que resulte aplicable un só deles para impo-la clasificación urbanística establecida no dito precepto”.

■ STS do 25 de marzo de 1992:

“O planificador non pode cualificar un solo urbano á súa vontade senón que a clasificación se debe axustar, por imperativo legal, a datos obxectivos, isto é, a definirse así en función da realidade dos feitos: terreos que contén cos servicios mínimos do apartado a), ou os que están comprendidos en áreas consolidadas pola edificación ou cando menos das dúas terceiras partes da superficie (artigo 78 LS) ... confirmado o terreo como non urbanizable, esta segunda categoría é obra da libre vontade do técnico deseñador con base no feito de que este solo se debe preservar de todo xénero de urbanización. A extensión queda prefigurada mediante a fixación dun contorno inequívoco froito da ríxida aplicación das diferentes especies de solo, e aparece o solo non urbanizable na lei baixo a idea dominante non só de preservalo de toda urbanización, senón que se busca evitar toda contaminación urbana, no sentido máis amplo, é dicir, evitar que se parcele ou urbanice o campo, de tal maneira que se configura na lei non como simplemente residual ou negativo, senón positivo con respecto ó seu aproveitamento agrícola, e remítese neste aspecto á lexislación agraria, sen que sexa necesario que actualmente estea explotado para a agricultura abondando a súa disposición para a súa explotación posterior nese sentido”.

■ STS do 28 de xaneiro de 1992:

“O carácter demanial da zona marítimo-terrestre non é obstáculo para o recoñecemento da competencia urbanística que lles corresponde ós concellos, tanto no que se refire ó planeamento como á execución do mesmo, sen prexuízo por outra banda da competencia que con respecto á tutela e xestión do dominio público marítimo-terrestre lle corresponda ó MOP, en función do disposto polo Regulamento de execución da LC ... Como declarou a importante Sentencia do TS, sala 3^a, con data do 19 de xuño de 1987, “o concepto de dominio público serve para cualificar unha categoría de bens pero non para illar unha porción de territorio do seu contorno e considerala unha zona exenta das competencias dos diversos entes públicos que os posúen”, neste caso o concello ou a Comisión Territorial de Urbanismo”.

■ STS do 14 de abril de 1992:

“A resolución de aprobación definitiva do plan ou, o que é o mesmo a este respecto, das NSP, non é un simple

acto de fiscalización ou tutela da decisión municipal, senón unha resolución substantiva, creadora e innovadora, mediante a que se exerce un dobre control de legalidade e de oportunidade, de xeito que as precedentes aprobación inicial e provisional municipais son simples actos de trámite previos ó acto do órgano administrativo competente para configurar definitivamente o instrumento urbanístico”.

■ STS do 23 de xuño de 1992:

“Obxectivamente, os PXOU implican un modelo territorial coherente cunha estructura fundamental que queda definida por un conxunto de elementos –arts. 10, 11 e 12 TR e 15, 17 e especialmente 25 do Regulamento de planeamento– que se fixan en atención á poboación prevista no plan no seu conxunto. Cando os obstáculos que impiden a aprobación definitiva non afectan a ese modelo territorial fundamental, que subsiste nas súas liñas definidoras, caberá unha aprobación definitiva parcial. Resultará, así, viable esta sempre que a solución resultante manteña coherencia, calquera que sexa a decisión que se adopte respecto daqueles extremos que non se aproban. Subxectivamente, a coherencia do PX forma parte do querido pola vontade municipal. Habérá que preguntarse se esta querería tamén o que en definitiva se aproba sen o que se rexeita. Trátase, en último termo, unha vez máis, de aplica-lo principio *utile per inutile non vitiatur* que ten manifestación clara na doutrina das nulidades parciais recollida nos artigos 50.2 e 52 da LPA. Existe, desde logo, unha vizosa xurisprudencia no sentido de admitir, cos límites sinalados, a viabilidade da aprobación definitiva parcial”.

A partir de todas estas declaracions relativas á xurisprudencia, o TSX examina o fondo do asunto. No ensaillado fundamento xurídico 5º da sentencia, que recolle a modo de caixón de xastre argumentos de moi variada índole, son salientables as seguintes ideas:

1º Carece de relevancia constitucional a distinción entre territorio e litoral para os efectos de delimita-las competencias do Estado e as CCAA.

2º O valor dos informes que lle corresponde emitir á Administración do Estado atópase atenuado respecto dos plans e normas de ordenación territorial cando se refiran a aspectos propios das competencias autonómicas.

3º O planeamento é unha potestade de titularidade compartida entre o municipio e a Comunidade Autónoma.

4º O planificador non pode cualifica-lo solo como urbano de forma arbitraria, e débese axustar esta declaración a datos obxectivos.

5º O carácter demanial da zona marítimo-terrestre non constitúe un obstáculo para a competencia urbanística que lles corresponde ós concellos, tanto no que se refire ó planeamento como á execución do mesmo.

6º A xurisprudencia vén admitindo maioritariamente a viabilidade da aprobación definitiva parcial, como manifestación clara do principio *utile per inutile non vitatur*.

Por todo isto declarase que:

"O exame da Resolución do 17 de outubro de 1990 da Dirección Xeral de Urbanismo pola que se fai público o Acordo da Comisión de Urbanismo e Medio Ambiente de Canarias (CUMAC) do 4 de xullo de 1990, que aproba definitivamente as NSP do término municipal da Oliva (Fuerteventura), non evidencia que inclúa no seu ámbito de competencia aspectos nos que os informes da Administración do Estado teñan carácter vinculante, e considérase que o apartado 5, destinado a COSTAS, deixa a salvo as materias nas que o seu dictame toma esta natureza, resultando por iso correcto que se lle ordene ó concello "recolellas rectificacións emanadas do presente acordo incorporándoas ás normas de forma que conclúan un TR" previa a corrección das deficiencias sinaladas, das que lle deberán solicitar novo informe á Dirección Xeral de Portos e Costas; e finalmente, como vén pondo de relevo unha reiterada xurisprudencia "a presunción de legalidade do acto administrativo trasladada para o administrado a cargo de accionar (neste caso á Administración xeral do Estado) para impedir que se produza a figura do acto consentido pero non afecta á carga da proba que se ha de axustar ás regras xerais -ss. do 29 de xaneiro e 13 e 19 de febreiro de 1990 e 1322 do 29-11-1991, etc.- A doutrina xeral sobre a carga da proba, elaborada por inducción sobre a base do artigo 1214 do Código civil, pódese resumir indicando que cada parte ha de proba-lo suposto *de facto* da norma, as consecuencias xurídicas da cal invoca no seu favor" (STS do TS do 23.6.1992); sendo patente que a Administración actuante, non acreditou que na aprobación do plan se incorrese nas ilegalidades urbanísticas que denuncia".

Polo tanto, o TSX de Canarias desestima o recurso interposto pola Administración do Estado contra a aprobación definitiva das NSP do Concello da Oliva por entender:

1º Que a inclusión do “apartado 5º: Costas” no Acordo do 4 de xullo de 1990 deixa a salvo as competencias estatais sobre o DPMT en materia de servidumes, zona de influencia e instalacións de tratamiento de augas residuais e colectores (arts. 24 a 26, 30, 44.6 e disposición transitoria 4ª da LC).

2º Que tódolos demais extremos invocados polo demandante non resultaron probados e polo tanto non se deben ter en conta.

En atención ó exposto, a sala decidiu:

“PRIMEIRO. Desestima-lo recurso interposto polo representante legal da Administración xeral do Estado, contra as resolucións, expresa unha e presunta outra, dos que se fai mención nos antecedentes *de facto* primeiro e segundo desta sentencia, por estimalos axustados ó dereito.

SEGUNDO. Non facer especial pronunciamento sobre costas”. 

Normas para a presentación de orixinais

1. Os traballos serán orixinais non publicados total ou parcialmente, nin enviados a outros medios de publicación.
2. Presentaranse en follas DIN-A4 mecanografadas a dobre espacio nunha soa cara e numeradas, incluíndo de se-lo caso e como máximo, 15 gráficos ou táboas.
3. As ilustracións serán numeradas segundo a súa orde de aparición no texto, co seu listado e lenda ou pé en folla á parte.
4. O título do traballo será breve (como máximo oito palabras) e poderáselle engadir un subtítulo. Non conterá abreviaturas nin notas.
5. Incluiranse co título do artigo cuatro ou cinco descriptores polos que se poida clasifica-lo artigo.
6. Baixo o título colocarase o nome do autor ou autores, incluíndose ó pé da páxina a profesión ou cargo principal co que desexan ser presentados.
7. O traballo irá precedido obrigatoriamente dun sumario ou resumo inferior a 150 palabras, sobre o contenido e conclusóns, sen notas ó pé. Acompañaranse á versión inglesa do sumario.
8. Os traballos completos enviaranse por tripulado.
9. A numeración dos apartados farase só con caracteres arábigos ata tres díxitos.
10. As notas a pé de páxina recolleránse ó final do manuscrito en folla á parte.

11. As referencias bibliográficas (e sólamente as citadas no texto e nas notas) situaranse ó final do traballo e en orde alfabética de apelidos, do seguinte xeito:

Libros:

AUTOR (ano): Título do libro, número de edición, editorial, lugar.

Artigos:

AUTOR (ano): Título do artigo, en título do libro ou nome da revista, volume e número, paxinación, editorial, lugar.

Nos casos de máis de un traballo do mesmo autor e ano, a este engadiráselle unha letra ordinal (1986, a; 1986, b; etc.).

As citas, nas notas de páxina, remitiranse á bibliografía final indicando o autor, ano (con a, b, etc.), volume e páxinas interesadas.

12. Se se utilizan abreviaturas ou siglas (organismo, revistas, etcétera), incluirase o seu listado detrás da bibliografía.

13. Achegarase o enderezo postal e teléfono dos autores e a data de remisión do orixinal.


14. Os traballos asinados expresan a opinión dos autores e son da súa exclusiva responsabilidade, a todos efectos.

15. Os autores comprométense a corrixi-las probas de imprenta nun prazo de sete días, entendéndose que, noutro caso, se outorga a conformidade co texto que aparece nelas. Non se poderá modificar substancialmente o texto orixinal a través desta corrección de probas.

16. Os traballos enviaranse a:

**Revista Galega de
Administración Pública**

EGAP. Fontiñas, s/n
15703 Santiago de Compostela.
Galicia. España.



CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA



ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA